





**termigal**  
SERVICIO DE  
TERMINOLOGÍA  
GALEGA



# DICIONARIO GALEGO DE TELEVISIÓN

EDITH PAZÓ FERNÁNDEZ

*Revisión especializada:*

MANUEL VIDEIRA (son)

MARÍA VARELA (realización)

JORGE MUÑOZ (edición)

ALBERTO GOITIA (iluminación)

VÍTOR ESTÉVEZ (telecomunicacíons)

2005

**Edita:** Xunta de Galicia  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades  
*Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*  
Celso Currás Fernández  
*Director Xeral de Política Lingüística*  
Xesús P. González Moreiras  
*Coordinador Científico*  
Manuel González González  
*Director Técnico de Lingüística*  
Guillermo Rojo Sánchez  
*Director de Termigal*  
Manuel González González  
Compañía de Radiotelevisión de Galicia  
*Director Xeral da CRTVG*  
Francisco Campos Freire  
*Director-Xerente da TVG*  
Anxo Quintanilla Louzao

© Edith Pazó Fernández  
© Termigal. Xunta de Galicia. Real Academia Galega  
© Compañía de Radiotelevisión de Galicia

**ISBN:** 84-453-4062-X

**Depósito Legal:** C. 1.542-2005

## PRESENTACIÓN

Nestes anos de traballo na análise da calidade lingüística das emisións da Televisión de Galicia, baixo a dirección de Manuel González, Constantino García e Xesús Ferro, da Real Academia Galega, fomos percibindo a enorme influencia que exercen a totalidade das fases de traballo no resultado final da comunicación televisiva. Foi así como naceu o meu interese polo que acontece coa comunicación detrás das cámaras e por axeitar á nosa lingua a terminoloxía técnica empregada nese ámbito que, en teoría, non percibe o telespectador. En realidade, o produto audiovisual que chega ás casas é sempre o resultado dun traballo de equipo; e a dedicación que se poña en cada fase do proceso transcende inevitablemente á pantalla determinando a calidade do produto final. Tamén no aspecto lingüístico, naturalmente.

O **Dicionario galego de televisión** é unha proposta que nace desa necesidade urxente de lle procurar un nome galego a cada elemento da producción televisiva, que nos permita comprender e identificar a que nos estamos a referir en cada momento desde as distintas especialidades que interveñen nela: a telecomunicación, a iluminación, a edición, a preproducción, a redacción xornalística, a programación, a análise de audiencias, a deontoloxía, a teoría da comunicación, a xestión de medios, etc.

Segundo o ronsel do pioneiro Vocabulario Galego da Comunicación que no ano 1996 elaboraran Paulino Novo, Xosé López e Francisco Campos, desde que abordei a realización do dicionario tiven a vontade de ofrecer a través del algo máis ca un compendio de termos e procurei ir trazando un deseño básico do funcionamento da televisión mediante a explicación das palabras coas que os técnicos se refiren cada día aos distintos aspectos do seu traballo.

Así, a escolla da relación de lemas desta obra foi baseada non só en obras terminolóxicas, senón, e sobre todo, en textos de uso profesional, en documentación de empresas de servizos televisivos, editados ou de circulación electrónica, e en fontes orais. Ao pé dos termos más usuais do medio, incorporei nomes de estándares, de organismos reguladores, dos principais operadores, nun formato lexicográfico aberto, de certo carácter enciclopédico, que procura, a través de algo máis de 3000 definicións, introducir o lector no mundo da televisión.

Respondendo a esa mesma concepción, boa parte das entradas complementan as definicións con anotacións de uso e outros datos de carácter técnico, etimolóxico ou mesmo interpretativo (destacados todos eles graficamente cun corpo de letra menor) que contribúen

á comprensión do termo. A través dun sistema de remisións pónense en relación as diferentes entradas, de maneira que o lector poida facer unha lectura máis ampla nas súas buscas. Os lemas principais ofrecen, ademais, as súas equivalencias noutras catro linguas (inglés, francés, castelán e portugués), obtidas tamén da consulta de documentación especializada en televisión neses idiomas. No caso dos nomes de organismos e institucións, incorpórarse o seu enderezo web.

A riqueza que creo que lle confire esta concepción ao produto final, suponlle, ao mesmo tempo, unha caducidade que considero que é parte do propio medio na súa forma actual. O certo é que as innovacións tecnolóxicas mudan a cada pouco os modos de facer televisión e a ese ritmo terá que se adaptar a revisión de calquera obra que aborde un campo tan cambiante. Nese camiño apurado, a reflexión e o coñecemento a través da palabra seguen a ser, así e todo, indispensables se queremos albiscar e mesmo trazar en que dirección o andamos.

De aí nace tamén o esforzo de non nos resignarmos á asimilación de termos procedentes doutras linguas, fundamentalmente do inglés, incorporados con premura a través dos manuais de instrucións das ferramentas, dos proxectos dos novos formatos de programas e doutros textos explicativos elaborados noutros países. Nese sentido, o **Dicionario galego de televisión** pretende ser tamén unha apostila pola palabra galega para cada elemento da televisión. En moitos casos, a dificultade de atopar a equivalencia exacta a unha idea bautizada inicialmente por outras comunidades lingüísticas é notable. Mesmo así, -e sen deixar de recoller (graficamente diferenciado) o neoloxismo estranxeiro de uso documentado- optei por procurar sempre unha proposta galega a cada termo foráneo que, en calquera caso, deberá someterse á análise crítica dos usuarios, que son os que teñen a decisión final do seu éxito. Eles acordarán se optan pola opacidade de estranxeirismos como *zapping*, *clip*, *pinganillo*, *talk-show*, *tertulia* ou *attrezzo*, ou se, pola contra, introducen na comunicación as correspondencias galegas *peteirada*, *corte*, *auricular*, *testemuños*, *faladoiro* ou *parladoiro* e *aderezos*, ou outras más atinadas que traballos posteriores poidan achegar.

Entendo que é esa lectura a que completa esta obra. O meu desexo é que tanto o especialista, profesional ou estudiante, como calquera persoa con ansia de coñecer *as cociñas* da televisión atope nela unha utilidade; ou, cando menos, algúns aspectos entre as súas páxinas que lle descubra un interese novo.

Quero agradecerllles á Compañía de Radiotelevisión de Galicia e a Termigal que acollesen a publicación deste dicionario. A miña gratitud a todas as persoas que me axudaron dalgunha maneira, con alento e con comentarios críticos, a lle dar forma, particularmente a Xesús Ferro, a Manuel González e a Constantino García, que guiaron de preto a súa elaboración; a Francisco Campos, polo compromiso con esta procura dun nome galego para cada elemento do proceso televisivo; aos profesionais da Televisión de Galicia Jorge Muñoz, María Varela, Alberto Goitia e Manuel Videira, que achegaron valiosas apreciacións ao texto nas entradas técnicas, e a Paulino Novo, que estableceu pontes para que esa revisión fose posible; a Ana Fachal e aos compañeiros do seminario compostelán da Real Academia Galega, que atenderon con paciencia as miñas preguntas; a Fernando Pazó, que me ofreceu a súa axuda coas equivalencias inglesas; e de maneira especial a Vítor, que realizou a corrección das entradas de telecomunicacións e que me acompañou na elaboración do dicionario.

# ESTRUTURA DO DICIONARIO

O **Dicionario galego de televisión** está composto por aproximadamente 2.500 entradas pertencentes aos distintos campos específicos do medio televisivo (teoría da comunicación, deontoloxía, xestión de medios audiovisuais, creación de contidos, programación, telecomunicación, producción, edición, iluminación, realización, análise de audiencias, etc.), ordenadas alfabeticamente.

Todos os termos e expresións incluídos no dicionario procuran adaptarse ao actual vocabulario galego normativo. Cando cómpre introducir outras de uso corrente no medio televisivo que non se axustan ao patrón léxico da norma, destácanse graficamente. Así, estranxeirismos como *spot*, *timing* ou mesmo adaptacións do tipo *etalonar* aparecen como entradas en cursiva. Ao optar por esta diferenciación gráfica, dunha banda, evidénciase a primeira vista que se trata de formas alleas á nosa lingua e, por outra, evítase a aplicación de pronuncias desaxeitadas no caso das vogais acentuadas.

Para estes termos ofrécese a correspondencia ou proposta galega, precedida do símbolo > e tamén en formato negra. Ex. **ráfaga s.cast. > indicativo**.

Existen, así e todo, estranxeirismos, como **láser**, **flash** ou **escáner**, tan asentados na lingua común que xa se consideran parte do léxico galego e difficilmente substituíbles por outros. Estes non se marcan en cursiva e, en xeral, adáptanse total ou parcialmente á grafía galega. Neses casos procúrase incluír no corpo explicativo unha referencia á procedencia da palabra.

A estrutura das entradas é a seguinte:

## Termo:

- Todos os termos van en minúscula (**franxa horaria**), agás os nomes propios, como **Abekas** (marca rexistrada dun equipamento), que levan a inicial en maiúscula. As siglas van tamén en maiúsculas e sen puntos. Exemplo: **GMT**
- No caso de nomes propios compostos, as iniciais das palabras principais van tamén en maiúscula e os nexos en minúscula. Así: **Academia de Televisión**
- As locucións ordenadas polo termo principal e coa orde dos elementos alterada sinalan este feito mediante coma. Así: **espera, á**  
Co fin de facilitar as buscas no dicionario, dóbranse estas entradas aínda que só se defina nunha delas. Por exemplo: **directo, en V. en directo** (e defínese en **en directo**).
- Os termos de dobre xénero, introducen primeiro a forma masculina, seguido do sufijo feminino precedido de trazo: **spectador -ora**. Respéctase este formato de levar a forma feminina á entrada aínda que esta sexa irregular, separada da masculina mediante unha barra. Así: **actor/actriz** ou **home/muller do tempo**

- Os lemas compostos trátanse como entradas independentes aínda que o seu elemento principal estea recollido e definido no dicionario. Desta maneira, **transición e transición por corte** constitúen dúas entradas diferentes.
- No caso de termos sinónimos cunha forma moi similar, só se converten en dúas entradas se na ordenación alfabética cadran afastados.  
Por exemplo, **cor** é unha entrada e **color**, outra na que se remite a **cor** (e alí márcase color como sinónimo); pero no caso de **dura** e **duración**, ao iren contiguas, faise unha única entrada principal (**duración**) e dáse **dura** como sinónimo.
- Un mesmo termo con distintas acepcións recóllese baixo a forma dunha única entrada. Cos adjetivos e substantivos que presentan variación de xénero ou de número para as distintas acepcións tamén se segue este procedemento organizativo, marcando a súa particularidade coa etiqueta gramatical precedendo cada acepción.
- As formas verbais recóllense en infinitivo. Ex: **transmitir**  
Só no caso de ordes estandarizadas se recollen na súa forma imperativa. Ex: **corten!**

#### Categoría grammatical:

- Todas as entradas levan categoría grammatical, agás os nomes propios. Exprésase coa correspondente abreviatura e, graficamente, márcase en cursiva cun corpo menor.  
Exemplo:  
**aceptación** *s.f.*
- Nos lemas pluriverbais aplicamos en todos os casos a etiqueta grammatical *u.f.* (unidad fraseolóxica), englobando nela locucións de toda clase, ademais de substantivos compostos e colocacións.

#### Definición:

- Cada lema incorpora a súa definición. Exemplo:  
**acción continuada** *u.f.* Argumento que se desenvolve segundo a orde cronolóxica dos acontecementos.
- As definicións dos lemas que se recollen neste dicionario refírense ao campo da televisión e poden ter un significado máis amplio ou distinto no uso xeral e outros campos especializados.  
**aberración** *s.f.* Defecto ou imperfección na formación de imaxes provocado por unha deficiencia do sistema óptico.
- Nas definicións preséntase de marcas de especialidade, dado que moitos dos lemas son aplicables a varias áreas profesionais. Cando se limita a un campo de uso concreto, faise explícito na redacción da definición.  
**montaxe** *s.f.* Etapa da edición dunha obra audiovisual que consiste en seleccionar, ordenar e axustar os planos gravados segundo unha orde.
- As diferentes acepcións dun termo, cando as hai, van ordenadas mediante un número, precedido da súa correspondente categoría grammatical.  
En determinadas palabras, por cuestións de economía, establecense relacións de dependencia entre as súas definicións, que por norma xeral son independentes. É o caso de termos que designan xénero televisivo e programa dese xénero, ou

actividade ou conxunto e local, que non se unifican nunha definición para poder diferenciar as equivalencias noutrous idiomas.

**mediateca** *s.f.* 1.- Colección de diversos materiais relacionados cos novos medios tecnolóxicos.

Ing. 1.- *media collection* Fr. 1.- *médiathèque* Cast. 1.- *mediateca* Pt. 1.- *mediateca*

*s.f.* 2.- Lugar no que se almacenan eses materiais.

Ing. 2.- *media library* Fr. 2.- *médiathèque* Cast. 2.- *mediateca* Pt. 2.- *mediateca*

#### **Sinónimo:**

- Nos casos nos que se ofrece un ou varios sinónimos, estes van precedidos da marca SIN. separados por comas e en formato de letra negra:

**comprobar** *v.t.* Examinar se unha información ou un dato é exacto. SIN. **verificar**.

#### **Información complementaria:**

- Algunhas entradas incorporan unha breve información que complementa a definición estrita, destacada cun formato de letra distinto.

**bloque publicitario** *u.f.* Emisión dun conxunto de anuncios, que interrompe a programación.

A distribución en bloques é o modo de presentar a publicidade recomendado pola lexislación.

- Nun corpo de letra menor, incorpóransen tamén observacións de uso precedidas da marca OBS.

**evento** *s.m.* Acontecemento imprevisto.

OBS. Aparece adoito empregado incorrectamente nos medios co significado de acto programado.

- Nos termos de plural pouco habitual ou irregular, este márcase entre corchetes, sen negra e precedendo a definición: **canon** [pl. canons]
- Naquellos entradas que se refiren a organismos e institucións facilitáse o seu enderezo *web*.

#### **Equivalencias noutras linguas:**

- Os principais lemas do diccionario ofrecen as súas equivalencias en inglés, en francés, en castelán e mais en portugués. Empregouse para todas estas linguas a variante europea (inglés de Inglaterra, francés de Francia, castelán de España e portugués de Portugal), malia que en xeral é más abundante a producción de publicacións nas variantes americanas.

**xirafa** *s.f.* Soporte de micrófono en forma de vara extensible montada sobre un trípode ou un guindastre, que se emprega para recoller o son sen entrar no encadramento da cámara.

Ing. *boom* Fr. *girafe* Cast. *jirafa* Pt. *girafa*

- Os lemas variables (con masculino e feminino) ofrecen a súa equivalencia na forma masculina. No caso de entradas con varias acepcións, distínguense as equivalencias para cada unha delas.

**produtor -ora** *s.* 1.- Profesional encargado do proceso de preproducción e desenvolvemento material dunha emisión.

Ing. 1.- *producer* Fr. 1.- *producteur* Cast. 1.- *productor* Pt. 1.- *produtor*  
s. 2.- Persoa ou organismo que asume a produción e financiamento dunha obra audiovisual.

Ing. 2.- *producer* Fr. 2.- *producteur* Cast. 2.- *productor* Pt. 2.- *produtor*  
s.f. 3.- Empresa que idea e realiza, total ou parcialmente, programas ou obras televisivas.

Ing. 3.- *production company, producer* Fr. 3.- *productrice* Cast. 3.-  
*productora* Pt. 3.- *produtora*

- En casos concretos, engádese marca de xénero por diferir do do termo galego.  
**polgada** s.f. Medida de lonxitude equivalente a 2.54 cm, empregada para os formatos (...)  
Ing. *inch* Fr. *pouce [m.]* Cast. *pulgada [f.]* Pt. *polegada [f.]*

#### Remisións:

Coa intención de facilitar un resultado máis completo das distintas buscas por parte do lector, establécense relacóns entre os distintos termos recollidos, mediante un sistema de remisións.

- V. (véxase), empregada para evitar a duplicidade de definicións de entradas semellantes ou moi estreitamente relacionadas.

**noticia bomba** u.f. V. bomba informativa.

No caso de sinonimia, omítese.

**intriga** s.f. Suspense.

- símbolo > tras unha entrada estranxeira, para indicar o correspondente termo en galego incluído no diccionario como lema.

**aliasing** s.ing. > **superposición de espectro**.

- símbolo →, que suxire a lectura doutras entradas que complementan ou facilitan a comprensión desa.

**cátodo** s.m. Electrodo negativo que emite electróns cara aos ánodos, no tubo ao baleiro do sistema de televisión.

Ing. *cathode* Fr. *cathode* Cast. *cátodo* Pt. *cátodo*

→tubo de raios catódicos

## ABREVIATURAS EMPREGADAS

<b>s.</b>	substantivo
<b>f.</b>	feminino
<b>m.</b>	masculino
<b>pl.</b>	plural
<b>adx.</b>	adxectivo
<b>v.t.</b>	verbo transitivo
<b>v.i.</b>	verbo intransitivo
<b>v.p.</b>	verbo pronominal
<b>pron.</b>	pronomé
<b>u.f.</b>	unidade fraseolóxica
<b>lat.</b>	latina
<b>ital.</b>	italiano
<b>alem.</b>	alemán
<b>ing.</b>	inglés
<b>fr.</b>	francés
<b>cast.</b>	castelán
<b>pt.</b>	portugués
<b>coloq.</b>	coloquial
<b>SIN.</b>	sinónimos
<b>V.</b>	véxase
<b>OBS.</b>	observacíons



# ÁRBORE DE CAMPOS- ESTRUTURACIÓN DAS ÁREAS TEMÁTICAS

1. TEORÍA DA COMUNICACIÓN DE MASAS
2. XURISPRUDENCIA DO AUDIOVISUAL. DEONTOLOXÍA
3. XESTIÓN, RELACIÓN S E ORGANIZACIÓN DOS MEDIOS
  - 3.1. INTERNAS
    - 3.1.1. Categorías e relacións laborais
    - 3.1.2. Espazos físicos
  - 3.2. EXTERNAS
    - 3.2.1. Xestión de producción audiovisual
    - 3.2.2. Servizos
  - 3.3. PUBLICIDADE E IMAXE CORPORATIVA
4. CONTIDOS
  - 4.1. PREPRODUCCIÓN. FONTES E DOCUMENTACIÓN
  - 4.2. PRODUCCIÓN DE CONTIDOS
    - 4.2.1. Linguaxe: lingüística, figuras retóricas e construcción do relato
    - 4.2.2. Xéneros (xornalísticos e de ficción) audiovisuais
    - 4.2.3. Procesos e criterios na producción de contidos
  - 4.3. DESENVOLVEMENTO DO PRODUTO TELEVISIVO
  - 4.4. PROGRAMACIÓN. FORMATOS DE PROGRAMAS
5. ESTILISMO
  - 5.1. DECORACIÓN E TREMOIA
  - 5.2. VESTIARIO, MAQUILLAXE E PEITEADO
6. ASPECTOS TÉCNICOS
  - 6.1. BASES DO SISTEMA DE TELEVISIÓN
    - 6.1.1. Características da natureza humana
    - 6.1.2. Fundamentos técnicos da imaxe e do son. Electrónica
  - 6.2. TELECOMUNICACIÓN. TRANSMISIÓN E RECEPCIÓN DO SINAL
  - 6.3. TRATAMIENTO DA IMAXE E DO SON. CAPTACIÓN, EDICIÓN E REALIZACIÓN
    - 6.3.1. Captación da imaxe e do son
    - 6.3.2. Posproducción. Edición. Efectos. Soportes e formatos
    - 6.3.3. Realización. Continuidade
  - 6.4. ILUMINACIÓN
  - 6.5. INFORMÁTICA
7. AUDIENCIA
  - 7.1. MEDICIÓN E ANÁLISE DE AUDIENCIAS
  - 7.2. REACCIÓN S. PARTICIPACIÓN E COMPORTAMENTOS
8. INSTITUCIÓN S
  - 8.1. CADEAS DE TELEVISIÓN, AXENCIAS DE NOTICIAS E OUTRAS EMPRESAS DA COMUNICACIÓN
  - 8.2. SOCIEDADES E ENTIDADES REGULADORAS



## DICIONARIO



## 0-9

**16:9** V. relación de aspecto.

**4:2:2** Forma de mostraxe empregada para a posproducción en equipos de vídeo dixital que expresa a relación luminancia-croma: por cada catro mostras de luminancia toma dúas mostras de cada componente de croma. Outras formas de mostraxe de calidade menor son 4:2:0 e 4:1:1.

**4:3** V. relación de aspecto.

## a

**A** Símbolo de ampere.

**A/A roll** *u.f.ing.* Sistema de edición analóxico cunha única fonte de vídeo, que opera na montaxe conxelando na memoria a última imaxe para enlazala co seguinte plano seleccionado. > **edición A/A.**

**A/B roll** *u.f.ing.* Modo de edición analóxico que se serve de dous magnetoscopios reprodutores e un magnetoscopio editor controlados por unha consola de edición que marca entradas e saídas en ambos. > **edición A/B.**

**A/D** *sigla Analóxico/Dixital.* Conversión de analóxico a dixital.

**AACS** *Alta Autoridade para a Comunicación Social.* Alta autoridade para a comunicación social (Portugal), creada en Lisboa como órgano independente

para asegurar o dereito á información e á liberdade de prensa, mais o rigor no exercicio xornalístico.

Web: <http://www.aacs.pt>

**AADTEG** *Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia,* con sede en Santiago, creada en 1984 para defender os intereses dos profesionais galegos do espectáculo e para impulsar o sector teatral e audiovisual en Galicia.

Web: <http://www.aadteg.org>

**abanear** *v.t.* Oscilar a cámara sobre o trípode ou o ombreiro. SIN. **abalar**.

Ing. *to oscillate, to shake* Fr. *branler, osciller*  
Cast. *moverse, oscilar* Pt. *abalar, oscilar*

**abater** *v.t.* Retirar un rótulo, unha fotografía ou calquera elemento gráfico dun atril despois de ser captado e/ou emitido, para lle dar paso a outro.

OBS. No caso da inserción electrónica de grafismos úsase **cambiar**.

Ing. *to take down* Fr. *abattre* Cast. *abatir* Pt. *abater*

**ABC** *American Broadcasting Company.* Compañía americana de televisión, con sede nos Estados Unidos, que comezou a emitir regularmente en 1948, asociada primeiro á United Paramount Theatres e desde os anos cincuenta á Walt Disney.

Web: <http://www.abc.com>

**Abekas** Marca rexistrada dun equipamento de visionamento e edición lineal de imaxes, que ofrece amplas posibilidades de efectos de vídeo dixital.

→ **xerador de efectos**

**aberración** *s.f.* Defecto ou imperfección na formación de imaxes provocado por unha deficiencia do sistema óptico.  
Ing. *aberration* Fr. *aberration* Cast. *aberración* Pt. *aberração*

**aberración cromática** *u.f.* Imperfección da imaxe que presenta as beiras coloreadas como resultado dos diferentes ángulos de refracción de luz de distintas cores ao atravesar unha lente.  
Ing. *chromatic aberration* Fr. *aberration chromatique* Cast. *aberración cromática* Pt. *aberração cromática*

**aberración esférica** *u.f.* Defecto da imaxe provocado polos raios procedentes do obxecto que se enfocan en diferentes posicións segundo a curvatura da lente.  
Ing. *spherical aberration* Fr. *aberration sphérique* Cast. *aberración esférica* Pt. *aberração esférica*

**ABERT** *Associação Brasileira de Emissoras de Rádio e Televisão.* Asociación brasileira de emisoras de radio e televisión, fundada no 1962, que ofrece aos seus asociados servizos e informacóns en materia xurídica, parlamentaria e técnica.

Web: <http://www.abert.org.br>

**aberto, en** *u.f.* 1.- Modo de difusión de programas dunha cadea sen codificar.  
Ing. 1.- *clear, free tv* Fr. 1.- *en claire* Cast. 1.- *en abierto* Pt. 1.- *em aberto*

*u.f.* 2.- Parte da programación dunha canle codificada de pago que se emite sen codificar e á que, por tanto, poden ter acceso tamén os non abonados. SIN. **de libre acceso, aberta.**

Ing. 2.- *free, non-scrambled* Fr. 2.- *en claire* Cast. 2.- *en abierto* Pt. 2.- *em aberto, de livre acesso*  
→ acceso condicional

**abertura** *s.f.* 1.- Acción e efecto de abrirse ou de ampliarse un plano.  
Ing. 1.- *aperture* Fr. 1.- *ouverture* Cast. 1.- *abertura* Pt. 1.- *abertura*  
→ apertura

*s.f.* 2.- Área de separación entre dous elementos.

Ing. 2.- *aperture* Fr. 2.- *ouverture* Cast. 2.- *abertura* Pt. 2.- *abertura*

**abertura angular** *u.f.* Ángulo que abrangue un obxectivo determinado polo seu sistema de lentes.  
Ing. *angular aperture* Fr. *ouverture angulaire* Cast. *abertura angular* Pt. *abertura angular*

**abertura relativa** *u.f.* Relación entre a distancia focal e o diámetro real da lente. Exprésase habitualmente en números f.

Ing. *relative aperture* Fr. *ouverture relative* Cast. *abertura relativa* Pt. *abertura relativa*  
→ escala de números f

**abeyance order** *u.f.ing.* Orde pendente de aplicación. Demanda de compra de espazos publicitarios en televisión que non ten carácter definitivo. > **orde provisional**.

**aboar** *v.t.* Pagar unha cantidade de diñeiro.

Ing. *to pay* Fr. *verser* Cast. *abonar* Pt. *pagar*

**abonado -a** *s. e adj.* Persoa que adquire mediante pagamento o dereito a recibir un servizo determinado.

Os abonados asegúranles ás canles de televisión que funcionan con ese sistema unha fidelización cara ás emisións dunha temática ou a unha concreta grella de programas.

Ing. *subscriber* Fr. *abonné* Cast. *abonado* Pt. *assinante*

**abonar** *v.t. e v.p.* Inscribir(se) alguén para recibir un servizo.

Ing. *to subscribe* Fr. (*s'*) *abonner* Cast. *abonar(se)* Pt. *assinar*

**abono** *s.m.* V. sistema de abono.

**abordar** *v.t.* 1.- Achegarse a alguén co fin de obter unha información.

Ing. 1.- *to accost* Fr. 1.- *aborder* Cast. 1.- *abordar* Pt. 1.- *abordar*

*v.t.* 2.- Tratar un tema determinado.

Ing. 2.- *to tackle* Fr. 2.- *aborder* Cast. 2.- *abordar* Pt. 2.- *abordar*

**abouzar** *v.t.* Bombardear a alguén con preguntas, atordándoo.

Ing. *to pester* Fr. *assaillir* Cast. *acribillar* Pt. *bombardear*

**above the line** *u.f.ing.* Parte do orzamento dunha produción audiovisual que corresponde aos gastos de persoal, como o salario dos actores, produtores, realizadores, ou os dereitos de autor. > **por riba da liña.**

**abrir** *v.t.* 1.- Comezar un programa, unha entrevista, etc.

Ing. *I. - to start* Fr. *I. - ouvrir* Cast. *I. - abrir* Pt. *I. - abrir*

*v.t.* 2.- Ampliar un plano.

Ing. *2.- fade in* Fr. *2.- ouvrir* Cast. *2.- abrir* Pt. *2.- abrir*

**abrir de negro** *u.f.* Facer aparecer a primeira imaxe dunha secuencia desde a pantalla en negro, no proceso de edición ou na gravación da mesma.

Ing. *black fade in* Fr. *ouverture en fondu* Cast. *abrir de negro* Pt. *abrir do preto*

**abrir o diafragma** *u.f.* Aumentar o diámetro do diafragma do obxectivo para permitir unha meirande entrada de luz na toma de imaxes.

Ing. *open diaphragm* Fr. *ouvrir le diaphragme* Cast. *abrir diafragma* Pt. *abrir o diafragma*

**abrir o micro** *u.f.* Activar desde o control un micrófono.

Ing. *go sound* Fr. *ouvrir le microphone* Cast. *abrir micro* Pt. *abrir o microfone*

**absorción** *s.f.* Efecto de ganancia de enerxía producido nos corpos (sexan líquidos, sólidos ou gasosos) ao seren atravesados por unha onda sonora, luminosa ou de calquera outra natureza electromagnética.

Ing. *absorption* Fr. *absorption* Cast. *absorción* Pt. *absorção*

**Academia de Televisión** Institución creada en 1997 para promover o prestixio e a reflexión global dos profesionais do sector televisivo español e o desenvolvemento das distintas especialidades do medio.

Web: <http://academiatv.es>

## **Academia Galega do Audiovisual**

Organización creada en Galicia no 2002, con sede na Coruña, para o impulso das producións audiovisuais e para a defensa dos intereses da globalidade dos profesionais do sector (maquilladores, técnicos, actores, produtores, etc.).

Web: <http://www.academiagalegodoaudiovisual.com>

**ACAN-EFE Agencia Centroamericana de Noticias.** Axencia centroamericana de noticias, creada por EFE en 1973 con medios informativos de Costa Rica, de Guatemala, de Honduras, de Panamá, de Nicaragua e do Salvador.

Web: <http://www.efe.es/iberoamerica/>

**ACC** sigla *Automatic Chrominance Control.* Regulación automática da crominancia.

→crominancia

**acceso condicional** *u.f.* Modo de distribución de televisión no que se trata o sinal de maneira que o receptor só poida descodificalo mediante a súa correspondente chave.

Ing. *conditional access* Fr. *accès conditionnel* Cast. *acceso condicional* Pt. *acesso condicionado*

→televisión de peaxe

**accesorio** *s.m.* 1.- Obxecto que forma parte da ambientación escenográfica dun estudio de televisión ou dun espazo de gravación.

Ing. *I. - accessory, prop* Fr. *I. - accessoire* Cast. *I. - accesorio* Pt. *I. - acessório*

→aderezos

*s.m.* 2.- Peza secundaria que completa un equipo técnico.

Ing. *2.- accessory* Fr. *2.- accessoire* Cast. *2.- accesario* Pt. *2.- acessório*

**accesorista** *s.* Profesional encargado de conseguir e organizar os elementos móbiles do decorado nunha gravación audiovisual, seguindo as instrucións do realizador.

Ing. *property man, accesoryst* Fr. *accessoiriste* Cast. *accesorista* Pt. *acessorista*

**access primetime** *u.f.ing.* Previo ao horario de máxima audiencia. Franxa horaria que precede á de máxima audiencia (*primetime*) na grella de programación dunha cadea, que en Galicia abrangue das 19:30 ás 20:30h, aproximadamente.  
→ **pre-máxima audiencia.**

→ franxa horaria

**acción** *s.f.* 1.- Sucesión de acontecementos dunha secuencia ou dunha obra para televisión. SIN. **acción dramática**.

Ing. *1.- action* Fr. *1.- action* Cast. *1.- acción* Pt. *1.- acção*

*s.f.* 2.- Xénero de ficción audiovisual caracterizado polo ritmo intenso da trama, acompañado frecuentemente de certa carga de violencia.

Ing. *2.- action* Fr. *2.- action* Cast. *2.- acción* Pt. *2.- acção*

**acción!** *interx.* Orde que indica aos actores e mais aos técnicos o inicio dunha toma durante unha sesión de gravación.

OBS. É más propia do cine que da televisión.

Ing. *action!, roll!* Fr. *partez!, allez-y!* Cast. *acción!* Pt. *pronto!, acção!*

**acción continuada** *u.f.* Argumento que se desenvolve seguindo a orde cronolóxica dos acontecementos.

Ing. *continued action* Fr. *action continue* Cast. *acción continuada* Pt. *acção continuada*

**acción paralela** *u.f.* Trama secundaria que alterna co desenvolvemento da principal.

Ing. *parallel action* Fr. *action parallèle* Cast. *acción paralela* Pt. *acção paralela*

**acenar** *v.i.* Facer xestos para advertir dalgunha cousa.

Existe un código de acenos básicos en televisión para expresar ordes entre profesionais que só teñen conexión visual entre eles (por exemplo, contar cos dedos os segundos previos á emisión ou baixar o brazo estirado para indicar a entrada en antena).

Ing. *to give cues* Fr. *faire des gestes* Cast. *hacer gestos* Pt. *acenar*

**aceptación** *s.f.* Estimación do número de espectadores dun programa.

Ing. *success* Fr. *succès* Cast. *aceptación* Pt. *aceitação*

**acimut** *s.m.* [pl. acimuts] 1.- Ángulo formado entre as cabezas dun gravador ou reprodutor e a perpendicular da dirección de avance da fita magnética, co fin de obter o máximo rendemento da calidade do aparato.

Ing. *1.- azimuth* Fr. *1.- azimut* Cast. *1.- acimut* Pt. *1.- azimute*

*s.m.* 2.- Ángulo formado pola dirección de apuntamento dunha antena e o norte. Ing. *2.- azimuth* Fr. *2.- azimut* Cast. *2.- acimut* Pt. *2.- azimute*

**acirrar** *v.t.* Incitar os participantes nun debate para que discutan. SIN. **encirrar**.

Ing. *to urge* Fr. *pousser* Cast. *azuzar* Pt. *açular, acirrar*

**acontecemento** *s.m.* Feito que polo seu interese é susceptible de se converter en noticia.

Ing. *event* Fr. *événement* Cast. *acontecimiento* Pt. *acontecimento*

→ noticia

**acoplar** *v.t. e v.p.* 1.- Adaptar(se) unha peza a un aparello ou varios aparellos entre si para lograr o funcionamento conxunto desexado.

Ing. *1.- to couple* Fr. *1.- accoupler* Cast. *1.- acoplar* Pt. *1.- acoplar*

*v.t. e v.p.* 2.- Superpoñer(se) dous sinais provocando un ruído.

Ing. *2.- to cause feedback*

**acoplaxe** *s.f.* 1.- Interacción entre dúas partes dun sistema ou entre dous sistemas diferentes. SIN. **acoplamento**.

Ing. *1.- coupling* Fr. *1.- accouplement* Cast. *1.- acople, acoplamiento* Pt. *1.- acoplamento*

*s.f.* 2.- Distorsión sonora producida pola realimentación dos circuitos eléctricos dun equipo de audio ao recoller o micrófono os sons emitidos polo

altofalante e reamplificalos. SIN.  
**acoplamento.**

→retroalimentación

**acordo** *s.m.* 1.- Pacto, resolución tomada entre varias persoas durante a producción dunha emisión, a discusión de condicións de traballo, etc.  
Ing. *1.- agreement* Fr. *1.- accord* Cast. *1.- acuerdo* Pt. *1.- acordo*

→trasacordo

*s.m.* 2.- Circunstancia de coincidiren en sentimientos ou en ideas varias persoas.

Ing. *2.- agreement* Fr. *2.- accord* Cast. *2.- acuerdo* Pt. *2.- acordo*

→debate

**ACPE** *Asociación de Corresponsales de Prensa Extranjera.* Asociación de correspondentes de prensa estranxeira (España), con sede en Madrid, fundada en 1923 para a defensa dos intereses dos profesionais das cabeceiras foráneas en España e da liberdade de prensa.

Web: <http://www.acpecorresponsales.com>

**acreditación** *s.f.* Identificación que autoriza un informador a acceder a un lugar restrinxido ao público, como representante dun medio. SIN. **credencial.**  
Ing. *media accreditation* Fr. *accréditation* Cast. *acreditación* Pt. *credencial, acreditação*

**acreditado -a** *advx.* Que está autorizado para cubrir un evento, o cal lle permite beneficiarse de facilidades de acceso á información relativa ao mesmo.

Ing. *accredited* Fr. *accrédité* Cast. *acreditado* Pt. *autorizado, credenciado*

**actor/actriz** *s.* Artista que interpreta un papel nunha producción audiovisual ou nunha obra teatral.

Ing. *actor* Fr. *acteur, comédien* Cast. *actor* Pt. *actor*

→elenco de actores

**actor/actriz invitado -a** *u.f.* Actor que, sen pertencer ao elenco, participa nunha producción audiovisual cunha breve intervención dramática co fin de engadirlle prestixio ao produto.

Ing. *guess star* Fr. *vedette invitée* Cast. *actor invitado* Pt. *actor convidado*

**actor/actriz de dobraxe** *u.f.* Dobrador.

**actor/actriz figurante** *u.f.* Figurante, extra.

**actor/actriz principal** *u.f.* Artista que interpreta o papel protagonista.

Ing. *star, first lead* Fr. *acteur principal* Cast. *actor principal* Pt. *actor principal*

**actor/actriz secundario -a** *u.f.* Artista que interpreta un papel de menor importancia.

Ing. *actor in a supporting role* Fr. *acteur secondaire* Cast. *actor de reparto, secundario* Pt. *actor secundário*

**actuación** *s.f.* Intervención artística dun actor, cantante, músico, contacontos, humorista, etc. nun programa de televisión.

Ing. *performance* Fr. *jeu* Cast. *actuación* Pt. *actuação*

**actualidade** *s.f.* 1.- Calidade do que é actual, do que pertence ao presente.

A actualidade é o primeiro elemento que converte un feito en noticia, en convivencia con outros criterios de selección como o interese xeral, expectativas do público, natureza do propio medio, proximidade xeográfica, etc.

Ing. *1.- current (topic)* Fr. *1.- actualité* Cast. *1.- actualidad* Pt. *1.- actualidade*

*s.f.* 2.- Conxunto de acontecementos en curso que os medios presentan en forma de noticias.

Ing. *2.- news* Fr. *2.- actualité* Cast. *2.- actualidad* Pt. *2.- actualidade*

**actualidade permanente** *u.f.* Cuestión que mantén a súa vixencia no tempo.

Ing. *permanent topic* Fr. *actualité permanente* Cast. *actualidad permanente* Pt. *actualidade permanente*

**actualidade rabiosa** *u.f.* Actualidade inmediata e efémera.

Ing. *hot news* Fr. *actualité brûlante* Cast. *rabiosa actualidad* Pt. *actualidade espantosa*

**ACTV** sigla *Advanced Compatible Television.* Sistema avanzado de transmisión televisiva interactiva

desenvolvido por Sarnoff Corporation, e compatible co estándar americano NTSC, que lle permite ao usuario exercer de realizador, seleccionando as imaxes, escollendo outros ángulos complementarios ou repetindo unha acción.

**acumulación de audiencia** *u.f.* Cuantificación do aumento do público durante unha emisión ou a medida que avanzan os capítulos dunha serie.

Ing. *audience accumulation* Fr. *accumulation d'audience* Cast. *acumulación de audiencia* Pt. *acumulação de audiência*  
—índice de audiencia, cota de pantalla

**acumulador** *s.m.* Dispositivo de almacenaxe de enerxía, que a libera cando se precisa.

Ing. *accumulator* Fr. *acumulateur* Cast. *acumulador* Pt. *acumulador*  
—batería

**acortar** *v.t.* Diminuir a extensión dun texto, dunha presentación, dun programa, etc.

SIN. **abreviar, reducir.**

Ing. *to shorten* Fr. *abréger* Cast. *acortar* Pt. *encurtar, reduzir*

**acústico -a** *adj.* 1.- Que se refire ao sentido do oído e mais aos sons.

Ing. *1.- acoustic* Fr. *1.- acoustique* Cast. *1.- acústico* Pt. *1.- acústico*

s.f. 2.- Parte da física que estuda as propiedades do son e a maneira de reaccionar o oído ante el.

Ing. *2.- acoustics* Fr. *2.- acoustique* Cast. *2.- acústica* Pt. *2.- acústica*

s.f. 3.- Calidade dun determinado lugar que permite unha audición clara dos sons.

Ing. *3.- acoustics* Fr. *3.- acoustique* Cast. *3.- acústica* Pt. *3.- acústica*

**AD** sigla Antena Direccional. V. direccional.

**ad litteram** *u.f.* Ao pé da letra, literalmente.

OBS. Locución latina, de uso culto.

**adaptación** *s.f.* 1.- Transformación dunha obra para convertela nun xénero axeitado ao medio audiovisual.

Ing. *1.- adaptation* Fr. *1.- adaptation* Cast. *1.- adaptación* Pt. *1.- adaptação*

s.f. 2.- Axeitamento dos distintos medios (antena, cable, etc.) dun sistema de telecomunicación polos que debe circular un sinal para suprimir a parte de enerxía reflectida ao pasar dun medio ao outro.

Ing. *2.- adaptation* Fr. *2.- adaptation* Cast. *2.- adaptación* Pt. *2.- adaptação*

**adaptador -ora** *s.* 1.- Persoa encargada de transformar unha obra existente para crear unha nova versión axeitada ao medio audiovisual.

Ing. *1.- screenwriter; adapter* Fr. *1.- adaptateur* Cast. *1.- adaptador* Pt. *1.- adaptador*

*s.m.* 2.- Accesorio que permite que un aparello funcione nunhas determinadas condicións de uso.

Ing. *2.- adapter* Fr. *2.- adaptateur* Cast. *2.- adaptador* Pt. *2.- adaptador*

*s.m.* 3.- Elemento que permite a transición entre interfaces diferentes.

Ing. *3.- adapter* Fr. *3.- adaptateur* Cast. *3.- adaptador* Pt. *3.- adaptador*

**aderecista** *s.* Profesional que procura todos os elementos do decorado.

Emprégase adoito a forma italiana *attrezzista*.

Ing. *property manager* Fr. *accessoiriste* Cast. *atrecista* Pt. *aderecista*

**aderezo** *s.m.* 1.- Peza ou obxecto que engalana unha persoa ou unha cousa.

SIN. **adobío, adorno.**

Ing. *adornment* Fr. *accessoire* Cast. *aderezo* Pt. *adereço*

→ vestiario, decorado

*s.m.pl.* 2.- Conxunto de elementos que conforman a decoración ou a ambientación dunha escena.

Tamén se emprega a forma *attrezzo*.

Ing. *properties, props* Fr. *accessoires* Cast. *atrezo* Pt. *adereços*

→ accesorio

**ADI** sigla *Area of Dominant Influence*. Área de influencia dominante. Superficie de cobertura dunha emisora.

→ cobertura

**adiamento** *s.m.* Acción e efecto de adiar.

SIN. **aprazamento**.

Ing. *adjournement, postponement* Fr. *dépassement* Cast. *aplazamiento* Pt. *adiamento*

**adiar** *v.t.* Pospoñer para outro día unha emisión ou unha actividade prevista.

SIN. **aprazar**.

Ing. *to adjourn* Fr. *dépasser* Cast. *aplazar* Pt. *adiar*

**adiante!** *interx.* Voz usada para lle indicar a alguém que pode intervir, ou para dar paso a outros contidos.

Ing. *go on!* Fr. *en avant!* Cast. *adelante!* Pt. *adante!*

**adianto** *s.m.* 1.- Anticipación dos contidos dun programa. SIN. **avance**.

Ing. *1.- preview* Fr. *1.- sélection* Cast. *1.- avance* Pt. *1.- resumo*

*s.m.* 2.- Acción e efecto de anticipar diñeiro dunha paga.

Ing. *2.- advance payement* Fr. *2.- avance* Cast. *2.- adelanto, anticipo* Pt. *2.- adiantamento, antecipação*

**adianto informativo** *u.f.* Avance breve da actualidade do día que se desenvolverá no telexornal, coa intención de crear un estado de expectación na audiencia.

Ing. *news preview* Fr. *sélection* Cast. *avance informativo* Pt. *chamada*

**adición de cores** *u.f.* Proceso de formación de cores empregado en televisión, consistente en realizar combinacións que son a suma ponderada de varios compoñentes espectrais, xeralmente as cores primarias ou puras.

Ing. *color addition* Fr. *addition de couleurs* Cast. *adición de colores* Pt. *adição de cores*

→cor, substracción de cores

**aditivo** *s.m.* Cor que se engade a outra para modificala.

Ing. *additive* Fr. *additif* Cast. *aditivo* Pt. *aditivo*

**administración** *s.f.* 1.- Actividade de xestión dos asuntos comerciais e financeiros dunha empresa de comunicación.

Ing. *1.- administration, management* Fr. *1.- administration* Cast. *1.- administración* Pt. *1.- administração*

*s.f.* 2.- Departamento no que se desenvolve esa actividade.

Ing. *2.- manager's office* Fr. *2.- administration* Cast. *2.- administración* Pt. *2.- administração*

**administrador -ora do sistema** *u.f.*

Profesional responsable do mantemento diario dos equipos, dos servidores e das redes dixitais da redacción dun medio. É unha función de recente aparición, que contribúe a prestarles asistencia tecnoloxica aos redactores e mais aos documentalistas, en fase de familiarización cos programas de edición dixital. Ing. *system manager* Fr. *administrateur de réseau* Cast. *administrador del sistema* Pt. *administrador do sistema*

→responsable de medios

**ADO** *Ampex Digital Optics.* Equipamento de posproducción fabricado por Ampex para a realización de efectos especiais mediante tecnoloxía dixital.

**adquisición** *s.f.* Compra dun produto material, dunha idea ou dos dereitos de adaptación ou emisión dunha obra.

Nos contratos de adquisición estipúlanse aspectos como o grao de exclusividade, a duración da explotación ou o territorio de difusión da obra.

Ing. *purchase* Fr. *achat* Cast. *adquisición* Pt. *compra*

→compra dun espazo

**ADSL** *sigla Asymmetric Digital Subscriber Line.*

Liña de abonado dixital asimétrica. Modo de transmisión dixital que, aplicado sobre os bucles de abonado da rede telefónica, permite a transmisión de datos a alta velocidade. Para esa transmisión emprega frecuencias más altas ca as do servizo de telefonía, co que non impide o uso da liña telefónica ao tempo que se accede a outros servizos. Ao ser asimétrica, a velocidade de transferencia de datos no enlace descendente (da rede de telecomunicación ao usuario) é maior

que no enlace ascendente (do usuario á rede de telecomunicación). A través da ADSL é posible transmitir simultaneamente varios programas de televisión cunha calidade de alta definición.

OBS. Se, no canto de liña de abonado, se traduce por bucle, débese empregar en masculino.

→xDSL

**adxacencia** *s.f.* Disposición consecutiva de dous programas na grella de programación, co fin de que un lle ceda ao outro parte da súa audiencia.

Ing. *adjacency* Fr. *contiguité* Cast. *adyacencia* Pt. *adjacência, efeito de arrastamento*

→programa locomotora

**adxudicar** *v.t.* 1.- Asignar, atribuír un labor, un cargo de responsabilidade, un espazo de traballo, etc.

Ing. *1.- to award* Fr. *1.- adjuger* Cast. *1.- adjudicar* Pt. *1.- adjudicar*

v.t. 2.- Concederlle a unha entidade a explotación dunha canle ou dun soporte audiovisual determinado.

Ing. *2.- to award* Fr. *2.- adjuger* Cast. *2.- adjudicar* Pt. *2.- adjudicar*

**AEE** *Axencia Espacial Europea.* V. ESA.

**AEGA** *Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual.* Creada no 2001, con sede en Santiago de Compostela, para velar polos intereses das empresas do sector e promover a súa internacionalización.

Web: <http://www.aega.tv>

**afogar** *v.i.* Quedar sen alento un locutor.

Trátase dun defecto do locutor de textos que realiza unha lectura excesivamente rápida, sen pausas, desaxeitada ao ritmo propio das frases e das imaxes.

Ing. *to lose breath* Fr. *étouffer* Cast. *ahogarse* Pt. *afogar*

**AFP** *Agence France Presse.* Axencia de prensa francesa, que ofrece unha cobertura mundial da actualidade en tempo real. Ten oficinas nuns cento sesenta países dos cinco continentes e difunde, en sete linguas, as 24 horas, a través das redes terrestres e do satélite.

Web: <http://www.afp.com>

**AGAG** *Asociación GAlega de Guionistas* de cine, vídeo e televisión, creada para servir de punto de encontro entre os profesionais do guión e para defender os seus intereses.

Web: <http://www.esferobite.com/agag/>

**AGAPI** *Asociación GAlega de Produtoras Independentes.* Congregación de empresas de producción audiovisual e multimedia constituída no 1994.

Web: <http://www.agapi.org>

**agenda setting** *u.f.ing.* > **construcción da axenda.**

**AGN** *Axencia Galega de Noticias.* Axencia de prensa nacida en 1986, con sede en Santiago, que ofrece a xornais e medios audiovisuais servizos de noticias, meteoroloxía, reportaxes de actualidade, agricultura, economía, entrevistas, fotografías, etc.

Web: <http://www.axencia.com>

**agudos** *s.m.pl.* Intervalo de frecuencias que se adoita catalogar entre os 5.000 e os 20.000 Hz, as máis altas dentro do espectro da audibilidade humana.

Ing. *treble* Fr. *aigus* Cast. *agudos* Pt. *agudos*

**agulla** *s.f.* 1.- Barra fina de metal que marca os hertzs, niveis de intensidade, etc. nun instrumento de precisión.

Ing. *1.- hand* Fr. *1.- aiguille* Cast. *1.- aguja* Pt. *1.- agulha*

s.f. 2.- Barra fina que, seguindo o suco dun disco de vinilo, permite a reproducción das vibracións inscritas nel.

Ing. *2.- stylus* Fr. *2.- aiguille* Cast. *2.- aguja* Pt. *2.- agulha*

**AIERI-IAMCR** *Association Internationale des Études et Recherches sur l'Information-* International Association for Media and Communication Research.

Asociación internacional de estudos e investigacións sobre información. Creada en 1957 para establecer foros de investigación en comunicación e estimular o interese pola mesma, ten na actualidade máis de dous mil membros duns setenta países.

Web: <http://www.humfak.auc.dk/iamcr>

**AIMC** *Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación.* Asociación para a investigación de medios de comunicación (España), creada como reestruturação de EGM. Realiza o informe das audiencias, cun estudo de poboación que investiga o comportamento dos individuos ante os diferentes medios de comunicación.

Web: <http://www.aimc.es>

**aire** *s.m.* Ar.

**alcance, de** *u.f.* V. crónica de alcance.

**aldea global** *u.f.* Sociedade mundial integrada polos sistemas de comunicación masivos de carácter inmediato.

Trátase dunha expresión de Teoría da Comunicación creada polo comunicólogo canadense Marshall McLuhan nos anos sesenta, que se refire á concepción do planeta como un vilar, aglutinado e intercomunicado grazas aos medios de comunicación de masas, en particular, a televisión.

Ing. *global village* Fr. *village global* Cast. *aldea global* Pt. *aldeia global*

→ sociedade da información

**aldraxe** *s.f.* Maltrato moral, ofensa. SIN. **agravio**.

Ing. *outrage, insult* Fr. *outrage [m.]* Cast. *ultraje [m.]* Pt. *ultraje [m.]*

→ dereito á honra

**alfaiate** *s.m.* Xastre.

**aliasing** *s.ing.* Imperfección ou perda de calidade do sinal de audio ou de vídeo cando se dixitaliza cunha frecuencia de mostraxe baixa, isto é, menor ca a frecuencia de Nyquist. >**superposición de espectro.**

É esa falsa (alias) frecuencia a que deu lugar á creación do substantivo.

→ frecuencia de mostraxe

**alixeirar** *v.t.* Facer un texto menos denso, eliminando aquilo que é superfluo ou pouco claro.

Ing. *to lighten* Fr. *alléger, aérer* Cast. *aligerar* Pt. *aligeirar, enxugar*

→ barroco, amazocado

**ALMA** *Autores Literarios de Medios Audiovisuales.* Autores literarios de medios audiovisuais (España). Agrupación profesional fundada en 1989 para defender os intereses xurídicos e salariais dos guionistas.

Web: <http://www.asociacionalma.es>  
→ SGAE

**almacenamento** *s.m.* 1.- Acción e efecto de amorear produtos nun local ou almacén. SIN. **almacenaxe**.

Ing. *1.- storage* Fr. *1.- stockage* Cast. *1.- almacenamiento* Pt. *1.- armazenamento*  
s.m. 2.- Acción e efecto de gardar información nun arquivo informático. SIN. **almacenaxe**.

Ing. *2.- data storage* Fr. *2.- mise en mémoire, stockage* Cast. *2.- almacenamiento* Pt. *2.- armazenamento*

**alocución** *s.f.* Discurso breve dunha autoridade dirixido ao público.

Ing. *speech* Fr. *allocation* Cast. *alocución* Pt. *alocução*

**alta definición** *u.f.* Resolución da imaxe de calidade superior á convencional.

Ing. *high definition* Fr. *haute définition* Cast. *alta definición* Pt. *alta definição*

**alta definición, televisión de** *u.f.* V. televisión de alta definición.

**alta fidelidade (HI-FI)** *u.f.* Reprodución dun sinal coa mesma calidade coa que foi recollido.

Ing. *high fidelity* Fr. *haute fidélité* Cast. *alta fidelidad* Pt. *alta fidelidade*

→ fidelidade

**alta frecuencia** *u.f.* V. frecuencia alta.

**alternativo -a** *adv.* Que está fóra dos modelos ou dos circuitos de comercialización establecidos, polo seu carácter vanguardista, experimental ou subversivo.

Ing. *underground*

**altofalante** *s.m.* Dispositivo que transforma os sinais eléctricos en acústicos para producir ondas sonoras.

Ing. *loudspeaker* Fr. *haut-parleur* Cast. *altavoz* Pt. *altifalante*

**altofalante de agudos** *u.f.* Altofalante adaptado para a producción de ondas sonoras de frecuencias altas a partir de sinais eléctricos.  
Ing. tweeter Fr. haut-parleur d'aigus Cast. *altavoz de agudos* Pt. *altifalante de agudos*

**altofalante de graves** *u.f.* Altofalante adaptado para a producción de ondas sonoras de baixas frecuencias.  
Ing. woofer Fr. haut-parleur de graves Cast. *altavoz de graves* Pt. *altifalante de graves*

**alusión** *s.f.* Evocación dunha cousa sen dicila claramente.  
Ing. reference, allusion Fr. allusion Cast. *alusión* Pt. *alusão*

**AM** *sigla Amplitude Modulation.* Modulación da amplitude.

**amañar** *v.t.* 1.- Arranxar, corrixir, axeitar.  
Ing. 1.- to arrange Fr. 1.- arranger Cast. 1.- arreglar Pt. 1.- amanhar  
v.t. 2.- Manipular, alterar unha información ou unha imaxe para que pareza verdade.  
Ing. 2.- to manipulate, to fiddle Fr. 2.- truquer Cast. 2.- amañar Pt. 2.- manipular

**amaño** *s.m.* 1.- Adaptación ou transformación dun texto ou dunha imaxe. SIN. **arranxo**.  
Ing. 1.- arrangement Fr. 1.- arrangement Cast. 1.- arreglo Pt. 1.- arranjo  
s.m. 2.- Manipulación dunha información para conseguir un fin determinado, de maneira que pareza real o que non o é.  
Ing. 2.- manipulation Fr. 2.- ruse Cast. 2.- amoño Pt. 2.- manipulação  
→ manipulación

**amarelo** *s.m.* Cor secundaria no sistema de televisión a cores, que resulta da mestura de vermello mais verde.  
Ing. yellow Fr. jaune Cast. amarillo Pt. amarelo  
→ xornalismo amarelo, cor

**amazoncado -a** *adv.* Denso, compacto de máis, pesado (un texto, un discurso).  
Ing. stodgy Fr. indigeste Cast. amazacotado Pt. *pesado, carregado*  
→ alixeirar

**ambientación** *s.f.* Conxunto de elementos que sitúan a obra nun contorno espacial e temporal ou no clima axeitado, mediante os decorados, a iluminación, o vestiario, a maquillaxe, a música, etc.  
Ing. setting Fr. ambiance Cast. ambientación Pt. ambiente  
→ decorado, escenografía

**ambientación, iluminación de** *u.f.* V. luz de ambientación.

**ambientación sonora** *u.f.* Recollida ou recreación dos sons que envolven unha escena.  
Ing. setting sound Fr. ambience sonore Cast. ambientación sonora Pt. ambiente sonoro

**ambientar** *v.t.* Crear ou recrear un ambiente espacial e temporal para un programa ou unha obra.  
Ing. to set, to give atmosphere Fr. créer l'ambiance Cast. ambientar Pt. *criar ambiente*

**ambiente** *s.m.* 1.- Conxunto de condicións sociais nas que se desenvolve unha noticia ou un feito.  
Ing. 1.- background Fr. 1.- ambience Cast. 1.- ambiente Pt. 1.- ambiente  
s.m. 2.- Conxunto de elementos que conforman a atmosfera visual e sonora dunha obra audiovisual.  
Ing. 2.- background, setting Fr. 2.- ambience Cast. 2.- ambiente Pt. 2.- ambiente  
→ son ambiental

**ambigüidade** *s.f.* Calidade do que se pode interpretar de diversas maneiras (xestos, palabras, imaxes, etc.).  
Ing. ambiguity Fr. ambiguïté Cast. ambigüedad Pt. ambiguidade  
→ claridade

**ameno -a** *adv.* Que entretén, que fai pasar o tempo de maneira agradable.  
Ing. lively Fr. charmant, agréable Cast. ameno Pt. ameno  
→ entretemento

**AMI** *Acordo Multilateral sobre Investimento.* Tratado elaborado desde 1994 dentro da Organización de Cooperación

e Desenvolvemento Económico que agrupa uns trinta países do mundo desenvolvido, e que ten como obxectivo facilitar os procesos de circulación de capitais na globalización da economía. No terreo audiovisual, recolle mecanismos de protección e sistemas de axuda.

Web: <http://www.oecd.org>

**amortecemento** *s.m.* 1.- Supresión dunha vibración non desexada, mediante un impedimento físico.

Ing. *1.- cushioning* Fr. *1.- amortissement* Cast. *1.- amortiguación* Pt. *1.- amortecimento*

*s.m.* 2.- Diminución da amplitud de oscilación dun sistema por causa da subtracción de enerxía por friccións ou outras forzas.

Ing. *2.- cushioning* Fr. *2.- amortissement* Cast. *2.- amortiguación, amortiguamiento* Pt. *2.- amortecimento*

**ampere (A)** *s.m.* Unidade de intensidade de corrente eléctrica.

Recibe o seu nome do físico francés André-Marie Ampère (1775-1836), que estudiou a relación entre o campo magnético e o campo eléctrico.

Ing. *ampere* Fr. *ampère* Cast. *amperio, ampere* Pt. *ampere*

**Ampex** Nome comercial do primeiro equipo de gravación de imaxe e son (do ano 1956), que foi o estándar da industria nas primeiras décadas.

Por extensión, calquera magnetoscopio.  
→DCT

**ampliación** *s.f.* Acción e efecto de ampliar.

Ing. *enlargement, blow up* Fr. *agrandissement* Cast. *ampliación* Pt. *ampliação*

**ampliar** *v.t.* Aumentar a extensión ou o alcance dunha imaxe ou dun texto.

Ing. *to develop, to blow up* Fr. *agrandir* Cast. *ampliar* Pt. *ampliar*

**amplificador** *s.m.* Dispositivo electrónico que aumenta a potencia de entrada dun sinal eléctrico, acústico ou electromagnético, empregando enerxía procedente doutra fonte.

A relación da amplitud saínte e a de entrada define a ganancia do amplificador.

Ing. *amplifier* Fr. *amplificateur* Cast. *amplificador* Pt. *amplificador*

**amplitude** *s.f.* Distancia máxima dun movemento oscilatorio con relación ao seu punto de equilibrio.

A súa unidade de medida está en relación coa propia natureza do axente que produce a onda: se é eléctrico, pódese medir en volts, en amperes ou en decibeis; se for mecánico, en unidades de distancia, etc.

Ing. *amplitude* Fr. *amplitude* Cast. *amplitud* Pt. *amplitude*

→modulación da amplitude (AM)

**anáglifo** *s.m.* Superposición de dúas imaxes, unha encarnada e outra verde ou azul, que producen a impresión de relevo ao miralas a través de lentes.

Ing. *anaglyph* Fr. *anaglyphe* Cast. *anáglifo* Pt. *anáglio*

→tres dimensóns

**anagrama** *s.m.* Palabra que se forma a partir da combinación das letras doutras, converténdose en marca identificadora dunha empresa ou dunha persoa.

Ing. *anagram* Fr. *anagramme* Cast. *anagramma* Pt. *anagrama*

→sigla, logotipo

**anais** *s.m.pl.* Relación ordenada de noticias ano por ano.

Ing. *annals* Fr. *annales* Cast. *anales* Pt. *anais*

→documentación

**analepse** *s.f.* Figura expresiva consistente en romper a narración lineal para retroceder a unha imaxe do pasado.

SIN. **salto atrás, salto retrospectivo**.

Con frecuencia enmárcase con outro recurso expresivo, por exemplo un fundido ou un desenfoque, para facelo destacar no contexto narrativo.

Ing. *flashback* Fr. *analepse, retour en arrière* Cast. *analepsis* Pt. *analepse*

→prolepe

**análise** *s.f.* Exame pormenorizado dunhas imaxes, dun tema, dun produto, etc.  
Ing. *analysis* Fr. *analyse* Cast. *análisis* Pt. *análise*

**análise de guión** *u.f.* Exame detallado do conxunto de elementos materiais, humanos e técnicos suxeidos nun guión, estruturado por campos de traballo (por exemplo, a análise de guión por decorados, análise de guión por personaxes, etc.).  
Ing. *breakdown* Fr. *depouillement* Cast. *desglose, análisis de guión* Pt. *análise de roteiro*

**análise de programación** *u.f.* Conxunto de técnicas para examinar e describir os formatos, os contidos e mais a estética dos programas de televisión.

**análise documental de imaxes** *u.f.* Conxunto de técnicas destinadas á representación textual sintetizada do contido das obras audiovisuais, co fin de organizalas para a súa posterior recuperación.

→documentalista

**analista de programación** *u.f.* Profesional encargado de examinar as emisións televisivas propias e alleas para elaborar informes sobre a súa forma e os seus contidos.

**analóxico -a** *adv.* Que responde a un sistema de comunicación onde a información está contida nas infindas variacións dalgún parámetro continuo, que xeralmente é eléctrico, como a tensión dun cable ou a intensidade dun fluxo magnético.

Nas transmisións de sinais analóxicos unha das características principais é a degradación progresiva da información inicial ao longo de todas as etapas do percorrido dese sinal.

Ing. *analog, analogue* Fr. *analogique* Cast. *analógico* Pt. *análogo*  
→dixital

**ancho de banda** *u.f.* Largo de banda.

**anécdota** *s.f.* Breve narración dun feito curioso, que se introduce no discurso televisivo para ilustrar de forma amena algún aspecto.

Ing. *anecdote* Fr. *anecdote* Cast. *anécdota*  
Pt. *episódio*

**anecoico -a** *adv.* Que ten un baixo nivel de reverberación.

Refírese aos espazos construídos para que non se produza reflexión ningunha do son, recubrindo, por exemplo, as súas paredes cun material absorbente con pequenas pirámides que evitan a formación de ondas estacionarias.

Ing. *anechoic* Fr. *anéchoïque* Cast. *anecoico*  
Pt. *aneocoico*

**aneis de dispersión** *u.f.pl.* Serie de cilindros concéntricos pouco fondos que se suxeitan a unha fonte de luz dura para diseminala.

Ing. *rings* Fr. *anneaux* Cast. *anillos* Pt. *aneis*

**anglicismo** *s.m.* Vocábulo inglés introducido noutra lingua.

Ing. *angicism* Fr. *anglicisme* Cast. *anglicismo* Pt. *anglicismo*

**ángulo** *s.m.* 1.- Posición da cámara en relación ao suxeito ou obxecto da toma, que pode ser aérea, frontal, de perfil ou virada tres cuartos, picado ou contrapicado. SIN. **punto de vista**.  
Ing. 1.- *angle* Fr. 1.- *angle, point de vue* Cast. 1.- *ángulo* Pt. 1.- *ângulo*

*s.m.* 2.- Posición da toma, que ten de referencia o ollo humano.  
Ing. 2.- *angle* Fr. 2.- *angle* Cast. 2.- **ángulo**  
Pt. 2.- *ângulo*  
→toma

**ángulo de cobertura** *u.f.* V. abertura angular.  
**ANIGP-TV** *Asociación Nacional de Informadores Gráficos de Prensa y Televisión.* Asociación nacional de informadores gráficos de prensa e televisión (España), creada para a promoción e a defensa dos intereses dos profesionais das cámaras.

Web: <http://www.anigp-tv.com>

**animación** *s.f.* 1.- Tratamento das imaxes que permite poñer en movemento planos fixos.

O proceso tradicional de animación consiste na gravación imaxe por imaxe dunha serie de representacións gráficas fixas, pero na actualidade existen técnicas para dar vida a imaxes fixas mediante sistemas informáticos. O termo animación agrupa, así, distintos tipos de producción: monicreques, figuras de pasta ou de plastilina, ou mesmo imaxes de síntese creadas por ordenador.

Ing. *1.- animation* Fr. *1.- animation* Cast. *1.- animación* Pt. *1.- animação*

→debuxos animados

*s.f.* 2.- Alegría e dinamismo dun programa.

Ing. *2.- liveliness* Fr. *2.- animation* Cast. *2.- animación* Pt. *2.- animação*

**animador -ora** *s.* Presentador dun espazo televisivo de entretemento que, ademais de desenvolver tarefas diversas na condución de contidos, engádelle ás presentacións facetas artísticas que, con frecuencia, son o interese mesmo do programa.

Ing. *showman* Fr. *animateur* Cast. *animador* Pt. *animador*

**ANL** *sigla Automatic Noise Limiter.* Limitador automático de ruído, que rectifica os sinais entrantes filtrando as frecuencias de audio.

**ánodo** *s.m.* Eléctrodo positivo de onde flúen os electróns no canón dun tubo de raios catódicos.

Ing. *anode* Fr. *anode* Cast. *ánodo* Pt. *ânode*

**anónimo -a** *adv.* 1.- Sen asinar, sen autor coñecido (unha información, un texto).  
Ing. *1.- anonymous* Fr. *1.- anonyme* Cast. *1.- anónimo* Pt. *1.- anônimo*

*s.m.* 2.- Escrito no que non consta o nome do autor.

Ing. *2.- anonymous work* Fr. *2.- écrit anonyme* Cast. *2.- anónimo* Pt. *2.- escrito anônimo*

→sinatura

**anotación** *s.f.* Aclaración que aparece ao pé ou á marxe dun texto.

Ing. *marginal note* Fr. *annotation, notes*

Cast. *anotación* Pt. *anotação*

→indicación escénica

**anotador -ora** *s.* Profesional que durante a rodaxe leva conta escrita das incidencias e detalles da gravación.  
SIN. **secretario de rodaxe**.

Ing. *script* Fr. *scripte, secrétaire de plateau*

Cast. *anotador* Pt. *anotador*

**anotar** *v.t.* Plasmar por escrito unha aclaración, datos para a elaboración dunha noticia, etc. SIN. **tomar notas**.  
Ing. *to take down* Fr. *noter* Cast. *anotar* Pt. *anotar*

**antecedentes** *s.m.pl.* Conxunto de datos anteriores á noticia que a condicionan e que axudan a contextualizala e comprendela.

Sen prexuízo da actualidade e da novidade da información, considérase necesario lembrar en cada novo suceso os antecedentes dun feito que é noticia, para asegurar unha correcta interpretación do mesmo.

Ing. *background* Fr. *antécédents* Cast. *antecedentes* Pt. *antecedentes*

**antena** *s.f.* Dispositivo técnico composto por un sistema de condutores aptos para irradiaren (**antena emisora**) e/ou para recibiren ondas electromagnéticas (**antena receptora**).

As antenas emisoras radian ondas que proveñen de sinais eléctricos, e as antenas receptoras converten as ondas captadas en sinais eléctricos.

Ing. *antenna* Fr. *antenne* Cast. *antena* Pt. *antena*

**antena, en** *u.f.* V. en antena.

**Antena 3 Televisión** Cadea de radiotelevisión privada española, de carácter xeneralista, que comezou a emitir regularmente en 1990. Conta cun centro territorial propio en Galicia.

Web: <http://www.antena3tv.com>

**antena colectiva** *u.f.* Antena que serve a unha comunidade de veciños. SIN. **antena comunitaria**.

Ing. *community antenna* Fr. *antenne collective* Cast. *antena colectiva* Pt. *antena colectiva*

**antena direccional** *u.f.* Antena que transmite e/ou recibe a maior parte da enerxía nunha dirección determinada.  
Ing. *directional antenna* Fr. *antenne directionnelle* Cast. *antena direccional* Pt. *antena direccional*

**antena individual** *u.f.* Antena que serve a un receptor particular.  
Ing. *individual antenna* Fr. *antenne individuelle* Cast. *antena individual* Pt. *antena individual*

**antena omnidireccional** *u.f.* Antena que transmite e/ou recibe de forma efectiva en todas as direccións.

Ing. *omnidirectional antenna* Fr. *antenne omnidirectionnelle* Cast. *antena omnidireccional* Pt. *antena omnidireccional*

**antena parabólica** *u.f.* Antena que consta dun prato (disco de corte) en forma de parábola no que se reflecten os sinais de radio.

Ing. *satellite dish* Fr. *antenne parabolique, parabole* Cast. *antena parabólica* Pt. *antena parabólica*

**anticipación** *s.f.* Figura expresiva que consiste en adiantar explicitamente imaxes do que vai acontecer máis tarde na narración. SIN. **prolepsie, salto adiante**.

Ing. *flashforward* Fr. *anticipation* Cast. *anticipación, prolepsis* Pt. *antecipaçao, prolepsse*

**anticipar** *v.t.* 1.- Adiantar unha información.

Ing. *1.- to anticipate, to bring forward* Fr. *1.- avancer, anticiper* Cast. *1.- anticipar* Pt. *1.- antecipar*

v.p. 2.- Dar unha noticia antes ca outras cadeas ou mesmo antes de que aconteza.

Ing. *2.- to beat to it* Fr. *2.- devancer* Cast. *2.- anticiparse* Pt. *2.- antecipar-se*

→ primicia, exclusiva

**antitelevisivo -a** *advx.* Que non se axeita ás características propias da televisión.

Ing. *(look) bad on television* Fr. *pas télévisuel* Cast. *antitelevisivo* Pt. *antitelevisivo*

→ telexenia

**antítese** *s.f.* Figura expresiva que consiste na contraposición de imaxes. SIN. **contraste**.

Ing. *antithesis* Fr. *antithèse* Cast. *antítesis* Pt. *antítese, contraste*

**anuario** *s.m.* Publicación especializada que ofrece o repertorio dos acontecementos do ano vencido.

Ing. *yearbook* Fr. *annuaire* Cast. *anuario* Pt. *anuário*

**anunciante** *adx.* 1.- Que anuncia un produto, un servizo, un acontecemento, etc. SIN. **anunciador**.

Ing. *1.- announcing* Fr. *1.- annonceur* Cast. *1.- anunciante* Pt. *1.- anunciante, anunciador*

→ panel anunciador

s. 2.- Persoa natural ou xurídica que financia unha mensaxe publicitaria dos seus produtos ou servizos.

Ing. *2.- announcer* Fr. *2.- annonceur* Cast. *2.- anunciante* Pt. *2.- anunciante*

→ publicidade

**anuncio** *s.m.* 1.- Acción e efecto de anunciar a través dun medio. SIN. **comunicación**.

Ing. *1.- announcement* Fr. *1.- annonce* Cast. *1.- anuncio* Pt. *1.- anúncio*

*s.m.* 2.- Mensaxe publicitaria dunha marca, dun produto ou dun servizo, dirixido ao público.

Ing. *2.- ad spot* Fr. *2.- annonce* Cast. *2.- anuncio* Pt. *2.- anúncio*

→ publicidade

**AOD** sigla *Advanced Optical Disc*. Disco óptico avanzado, presentado por Toshiba e NEC como alternativa ao DVD.

→ BD

**AP** *Associated Press*. Prensa Asociada. Axencia norteamericana de noticias, establecida en Nova York cara ao 1950, que fornece de informacións escritas e material audiovisual máis de quince mil

organismos de comunicación de todo o mundo.

Web: <http://www.ap.org>

→APTN

**apagado analóxico** *u.f.* V. peche analóxico.

**aparcadoiro** *s.m.* Espazo destinado a aparcar as unidades móbiles ou os coches particulares dos traballadores da emisora.

OBS. É distinto de aparcamento, que é a acción de aparcar.

Ing. *parking* Fr. *parc de stationnement*, *parking* Cast. *aparcamiento* Pt. *parque de estacionamento*

→unidade móvil

**aparello** *s.m.* Máquina ou instrumento técnico que executa unha función. SIN.

**aparato.**

Ing. *set, device* Fr. *appareil* Cast. *aparato* Pt. *aparelho*

→accesorio

**aparencia** *s.f.* Aspecto exterior.

Ing. *appearance, aspect* Fr. *apparence* Cast. *apariencia* Pt. *aparência*

**apertura** *s.f.* Inicio dunha emisión televisiva.

Ing. *sign on, oppening* Fr. *ouverture* Cast. *apertura* Pt. *abertura*

**apertura falsa** *u.f.* Inicio dun programa coa intervención directa do presentador ou cunha montaxe de vídeo que introduce algúns dos contidos do programa, previamente á cabeceira que identifica esa emisión.

Ing. *cow catcher, teaser* Fr. *fausse-ouverture* Cast. *falsa apertura* Pt. *abertura falsa*

**APIE** *Asociación de Periodistas de Información Económica.* Asociación española dos xornalistas de Economía, creada en 1973 para a defensa dos intereses dos profesionais da información de calquera medio de comunicación social especializados nesa temática.

Web: <http://www.apie.es>

**APL** sigla *Average Picture Level.* Nivel de cadro medio. Nivel medio de vídeo empregado en sinais de proba.

**aplaudir** *v.i.* Bater as mans en sinal de aprobación ou de compracencia.

Ing. *to clap, to applaud* Fr. *applaudir* Cast.

*aplaudir* Pt. *aplaudir*

→apupar

**aplauso** *s.m.* Acción e efecto de aplaudir.

Os aplausos do público no estudio son, xeralmente, dirixidos e controlados polo rexedor a través de acenos. Outras mostras de compracencia que acompañan o aplauso son os aturuxos ou berros do tipo *gaitero!, ei, carballeira!, bravo!* ou *lume!*, empregados especialmente no desenvolvemento de actuacións musicais para contribuír á forza do espectáculo.

Ing. *clapping, applause* Fr. *applaudissement* Cast. *aplauso* Pt. *aplauso*

**apocalíptico -a** *adv. e s.* Que ve na cultura de masas o signo da decadencia imparable da verdadeira cultura, á que lle prognostica un futuro funesto por mor da enorme implantación social da televisión.

É un adxectivo cuñado nesta acepción por Umberto Eco na súa análise da aceptación da cultura de masas, *Apocalípticos e integrados*.

Ing. *apocalyptic* Fr. *apocalyptique* Cast. *apocalíptico* Pt. *apocalíptico*

**apoloxía** *s.f.* Discurso no que se enxalta, se xustifica ou se defende unha idea, unha persoa ou unha doutrina.

Ing. *apology* Fr. *apologie* Cast. *apología* Pt. *apologia*

**apostar** *v.i.* Optar decididamente por un produto novo ou por un presentador coa confianza de que vai ter éxito.

Ing. *to bet on* Fr. *parier* Cast. *apostar* Pt. *apostar*

**aprazar** *v.t.* Adiar.

**APS** sigla *Automatic Programme Search.* Busca automática de programas. Mecanismo que permite localizar automaticamente o comezo dun programa ou dun determinado

fragmento previamente seleccionado na fita.

**APTN** *Associated Press Television News.* Departamento da axencia AP especializado na información para televisión. Ofrece un servizo electrónico de producción de noticias, que constitúe unha especie de central na Internet para facilitar o traballo xornalístico a distancia en todo o seu proceso, desde a redacción ata a edición de imaxes.

Web: <http://www.aptn.com>

→AP

**apuntador electrónico** *u.f.* Equipamento para a visualización de textos durante as presentacións á cámara. SIN. **teleapuntador, apuntador.**

Consta dunha pequena pantalla situada onda o obxectivo da cámara principal, na que van aparecendo os textos que se introducen a través dun teclado. Isto permítelle ao presentador ir lendo os textos das súas intervencións a unha velocidade regulada (nalgúns casos, por el mesmo, a través dun pedal) e sen baixar a vista, de maneira que parece que improvisa.

Ing. *prompter, teleprompter* Fr. *prompteur, télésouffleur* Cast. *prompter, apuntador* Pt. *teleprompter*

**apuntar** *v.t.* 1.- Tomar notas por escrito. SIN. **anotar.**

Ing. *I.- to note down* Fr. *I.- noter, prendre note* Cast. *I.- apuntar* Pt. *I.- apontar*

v.t. 2.- Indicarle ao presentador ou a un técnico algunha advertencia de palabra ou con acenos.

Ing. *2.- to prompt* Fr. *2.- souffler* Cast. *2.- apuntar* Pt. *2.- apontar*

**apupar** *v.i.* Berrar en sinal de desaprobación.

Ing. *to boo* Fr. *huer* Cast. *abuchear* Pt. *apupar*

**apupo** *s.m.* Acción e efecto de apupar.

Ing. *boo, boozing* Fr. *huée [f.]* Cast. *abucheo [m.]* Pt. *apupada [f.]*  
→ aplauso

**aquendar** *v.t.* 1.- Establecer un ordenamento dos horarios de traballo do persoal da empresa. SIN. **aveceirar, roldar.**

Ing. *I.- to alternate* Fr. *I.- alterner à tour de rôle* Cast. *I.- turnarse* Pt. *I.- revezar*

v.p. 2.- Roldarse, alternarse dúas ou máis persoas para realizar un traballo ou facer uso dun local ou dun equipamento.

Ing. *2.- to take turns* Fr. *2.- se relayer* Cast. *2.- turnarse* Pt. *2.- revezar-se*

→xeira

**ar** *s.m.* Espazo que existe entre o contorno do personaxe ou do obxecto da toma e o marco da imaxe. SIN. **aire.**

É imprescindible manter as proporcións axeitadas de ar na toma para a comprensión na pantalla da narración. Por exemplo, no plano dun personaxe nunha persecución, a marxe lateral con maior ar ofrece información de se é o perseguidor ou o perseguido; unha toma de perfil encadrada a rentes do nariz pode dar a impresión de que o personaxe está contra unha parede, etc.

Ing. *headroom* Fr. *espace tête* Cast. *aire* Pt. *ar, espaço*

→espazo de referencia

**ar, dar** *u.f.* V. dar ar.

**ar, no** *u.f.* V. no ar.

**ar, tirar** *u.f.* V. tirar ar.

**arañeira mundial** *u.f.* Forma de organización e fluxo da información en Internet a través de mecanismos de acceso comúns e fáceles de usar, coa axuda do hipertexto e da tecnoloxía *multimedia*.

As informacóns da arañeira mundial preséntanse en forma de páxinas *multimedia* que con frecuencia incorporan un enlace con outros documentos, mesmo se pertencen a outros servidores, aos que se accede simplemente con premer na correspondente icona. Segundo se desenvolva a tecnoloxía, é previsible que a arañeira constitúa unha rede de transporte eficiente de sinais audiovisuais de ámbito mundial. Isto mudaría o escenario actual, ao

permitirlle ao espectador recibir múltiples emisoras de televisión de calquera parte do planeta.

Ing. World Wide Web Fr. toile d' araignée mondiale Cast. red mundial Pt. teia de aranha

→Internet

**arco voltaico** *u.f.* Descarga eléctrica luminosa entre dous eléctrodos. SIN. **arco eléctrico**.

Ing. arc lamp Fr. arc électrique Cast. arco voltaico Pt. arco voltaico

→lámpada de arco, volt

**área de difusión** *u.f.* Extensión xeográfica que recibe un sinal (de televisión, telefónico, etc.).

Ing. service area Fr. zone de diffusion Cast. área de difusión Pt. área de difusão

→cobertura

**área de seguridad** *u.f.* Marca electrónica ou rotulada no visor dunha cámara que indica a superficie aproximada da toma que será visible nun receptor estándar. SIN. **área de seguridade**.

Ing. safe-action area Fr. zone de sécurité Cast. área de seguridad Pt. área de segurança

**argot** *s.m.* Fala propia dun grupo social ou profesional.

Ing. slang Fr. argot Cast. argot Pt. gíria

**argumentación** *s.f.* Presentación de argumentos que proban unha afirmación.

Ing. argument Fr. argumentation Cast. argumentación Pt. argumentação

**argumento** *s.m.* 1.- Tema, asunto dunha emisión televisiva.

Ing. 1.- issue Fr. 1.- sujet Cast. 1.- argumento Pt. 1.- argumento

s.m. 2.- Desenvolvemento da historia e dos ambientes dunha obra audiovisual, que pode ser orixinal (creado especialmente para a ocasión) ou a adaptación doutra obra. SIN. **trama**.

Ing. 2.- plot, story line Fr. 2.- scénario, argument Cast. 2.- argumento Pt. 2.- argumento

*s.m.* 3.- Razoamento co que se demostra algo.

Ing. 3.- argument Fr. 3.- argument Cast. 3.- argumento Pt. 3.- argumento

**arnés** *s.m.* Soporte de cámara que se axusta ao tórax do operador de cámara mediante unha estrutura firme enganchada á cintura e aos ombreiros, que asegura a estabilidade nos desprazamentos e nos movementos durante a toma de imaxes.

Ing. harness

→cámara estable

**arquivo** *s.m.* 1.- Conxunto de documentos ou materiais almacenados por unha persoa ou institución.

A Lexislación vixente establece a obrigatoriedade por parte de todas as televisións de ter un arquivo de todas as emisións da cadea, incluída a publicidade, durante un período mínimo de seis meses a partir da súa difusión.

Sobreimprímese a lenda “archivo” na pantalla para indicar que o plano emitido forma parte dos fondos documentais do medio e, polo tanto, esas imaxes son anteriores no tempo.

Ing. 1.- file film Fr. 1.- archive Cast. 1.- archivo Pt. 1.- arquivo

→documentación

*s.m.* 2.- Lugar onde se conservan eses documentos.

Ing. 2.- file Fr. 2.- archive Cast. 2.- archivo Pt. 2.- arquivo

*s.m.* 3.- Compartimento lóxico creado na memoria dun ordenador para almacenar certos datos. SIN. **ficheiro**.

Ing. 3.- file Fr. 3.- fichier Cast. 3.- archivo Pt. 3.- arquivo

**arranque** *s.m.* 1.- Inicio dun texto, dun programa, dunha intervención, etc.

Ing. 1.- start Fr. 1.- début Cast. 1.- arranque Pt. 1.- inicio

*s.m.* 2.- Motor que permite que un aparello comece a funcionar.

Ing. 2.- starting mechanism Fr. 2.- démarreur Cast. 2.- arranque Pt. 2.- arranque

**arranxo** *s.m.* 1.- Adaptación dunha obra musical ou dun texto.

Ing. *1.- arrangement* Fr. *1.- arrangement* Cast. *1.- arreglo* Pt. *1.- arranjo*

*s.m.* 2.- Reparación dun dispositivo que se atopa en mal estado. SIN. **amaño**.

Ing. *2.- repair* Fr. *2.- réparation* Cast. *2.- arreglo* Pt. *2.- arranjo, conserto*

**arrastre** *s.m.* 1.- Posibilidade que teñen os programas adxacentes de beneficiarse un da audiencia do outro.

Ing. *1.- bolster, carry-over audience* Fr. *1.- traînage* Cast. *1.- arrastre* Pt. *1.- arrastamento*

→ programa de arrastre

*s.m.* 2.- Nas pantallas de fósforo, persistencia dunha imaxe que pode darse a causa dun obxecto brillante ou dunha luz intensa que queda impresionada no tubo de cámara.

Ing. *2.- image persistence* Fr. *2.- traînage, rémanence* Cast. *2.- arrastre* Pt. *2.- persistência*

*s.m.* 3.- Mecanismo que fai avanzar a fita, asegurando a súa posición axeitada.

Ing. *3.- crawl* Fr. *3.- défillement* Cast. *3.- arrastre* Pt. *3.- volante*

**arrastre de títulos** *u.f.* Función que incorporan algúns sistemas de edición de vídeo, que permite desprazar o texto en horizontal e mais en vertical.

Ing. *crawl/roll* Fr. *défillement, déroulant générique* Cast. *arrastre de títulos* Pt. *animação de caracteres roll/crawl*

**arroba** *s.* Signo @ que nun enderezo electrónico precede o nome do servidor. Equivale á preposición **en**.

Ing. *at* Fr. *arobase (chez)* Cast. *arroba* Pt. *arroba (at)*

**ARTE** *Association Relative à la Télévision Européenne*. Asociación relativa á televisión europea. Cadea de televisión franco-alemá nacida da agrupación de La Sept-Arte e Arte Deutschland Tv GmbH, asociada na actualidade a outras televisións públicas de Europa, que ten como obxectivo o desenvolvemento

dunha programación cultural e educativa de difusión europea.

Web: <http://www.arte-tv.com>

**artista** *s.* Creador ou intérprete dunha obra de arte.

Ing. *artist* Fr. *artiste* Cast. *artista* Pt. *artista*

**As Mariñas Televisión** Canle local da Coruña de titularidade privada creada en 1998, centrada na actualidade da comarca. Está integrada no grupo Local Media-Cadena Local TV.

**ASCII** sigla *American Standard Code for Information Interchange*. Código estándar americano para o intercambio de información. Sistema de codificación de caracteres en números binarios empregado por todos os ordenadores e, en consecuencia, por todos os sistemas de transmisión de información dixital, como a televisión dixital.

**asamblea** *s.f.* Reunión de profesionais que pertencen a un mesmo grupo para debater un asunto.

Ing. *assembly* Fr. *assemblée* Cast. *asamblea* Pt. *assembléia*

**aséptico -a** *adv.* Que se caracteriza por un estilo impersonal, que non se involucra na narración ou que non a *infecta* con comentarios subxectivos.

Ing. *cold* Fr. *impersonnel* Cast. *aséptico* Pt. *asséptico*

**asignar** *v.t.* 1.- Encargarlle unha tarefa a alguén na distribución de actividades da realización dun produto televisivo.

Ing. *1.- to assign, to allocate* Fr. *1.- assigner* Cast. *1.- asignar* Pt. *1.- atribuir, assinar*

*v.t.* 2.- Adxudicar unha cantidade de diñeiro para a realización dun produto televisivo, para o desenvolvemento dun traballo, etc.

Ing. *2.- to allocate* Fr. *2.- allouer* Cast. *2.- asignar* Pt. *2.- atribuir*

**asinar** *v.t.* 1.- Indicar o nome do responsable dun producto, dun escrito, dunha obra, etc.

Ing. *I.- to sign* Fr. *I.- signer* Cast. *I.- firmar*  
Pt. *I.- assinar*

→ anónimo

v.t. 2.- Pór a sinatura nun documento que se aproba.

Ing. *2.- to sign* Fr. *2.- signer* Cast. *2.- firmar*  
Pt. *2.- assinar*

**asistente** s. Categoría laboral de quen fai un labor de axuda. SIN. **auxiliar**, **axudante**.

Ing. *assistant* Fr. *assistant* Cast. *asistente*  
Pt. *assistente*

**aspecto, relación de** u.f. V. relación de aspecto.

**assemble** s.ing. > **ensamblaxe**.

**ASTRA** Sistema de satélites de telecomunicacións creado en 1989 pola compañía pública SES ASTRA con sede en Luxemburgo, que soporta unhas mil canles de televisión e de radio de difusión simultánea. Na actualidade, cunha flota de doce satélites directos, ASTRA difunde en toda Europa contidos *multimedia* e televisión dixital.  
Web: <http://www.astra.lu>

**asubíos** s.m.pl. Sinal de desaprobación dunha actuación por parte do público, que consiste en emitir un son agudo producido polo ar ao rozar cos bezíos.  
Ing. *hiss* Fr. *coup de sifflet* Cast. *silbidos* Pt. *assobios*

**ataviar** v.t. e v.p. Vestir(se) ou adornar(se) co fin de aparecer na pantalla cunha imaxe determinada.

Ing. *to dress up, to adorn* Fr. *(s') habiller* Cast. *ataviar(se)* Pt. *ataviar(-se), enfeitar(-se)*

→ vestiario

**atenuador corredizo** u.f. Dispositivo empregado para variar a voltaxe de saída dun circuíto, en concreto, cada un dos potenciómetros dunha mesa de mesturas.

Ing. *fader*

**Atlas** Axencia española de noticias de televisión creada en 1998 por Gestevisión Tele 5, que ofrece información audiovisual. Equipada

cunha rede exclusiva de fibra óptica para a distribución de contidos e vinte delegacións propias, lanzou no 2001 o primeiro servizo de noticias en español vía satélite (Hispasat) as 24 horas do día. Conta cunha sede en Galicia, na cidade da Coruña.

Web: <http://www.atlas-news.com>

**ATM** sigla *Asynchronous Transfer Mode*.

Modo de transferencia asíncrono. Estándar internacional de transmisión dixital sobre tecnoloxía de multiplexación e conmutación, que permite unha transferencia ultrarrápida de datos en modo asíncrono, por paquetes enderezables de lonxitude fixa (células).

Esta tecnoloxía é hoxe a recomendada como solución universal para as redes de banda larga, pola súa capacidade de optimizalas.

**atrasar** v.t. Deixar un programa, unha gravación, unha noticia, etc. para un momento posterior.

Ing. *to delay* Fr. *retarder* Cast. *retrasar* Pt. *atrasar, demorar*

**atraso** s.m. Efecto de atrasar. SIN. **demora**.

Ing. *delay* Fr. *retard* Cast. *retraso* Pt. *atraso, demora*

→ retardo

**atribuír** v.t. Mencionar alguén como fonte dunha información ou como autor dunhas declaracions.

Agás en casos excepcionais, non se considera procedente citar unhas declaracions sen llas atribuír a unha fonte concreta. É por iso polo que os libros de estilo dos medios condenan como fórmulas de redacción xornalística expresións do tipo “fontes próximas a”, “fontes ben informadas”, “existen rumores de”, “disque”, “sóubose que”; e dado que só as persoas poden facer declaracions, tampouco non é correcto atribuírlelas a organismos ou entidades.

Ing. *to attribute, to ascribe* Fr. *attribuer* Cast. *atribuir* Pt. *atribuir*

→ declaracions

**atril** *s.m.* Soporte empregado para colocar libros, rótulos ou fotografías captados pola cámara.

Ing. *stand* Fr. *pupitre* Cast. *atril* Pt. *atril*

**ATSC** *Advanced Television Systems Committee.* Comité de sistemas avanzados de televisión. Organización internacional creada en 1982 para o desenvolvemento de estándares de televisión dixital, que desenvolveu o estándar de transmisión de televisión dixital empregado nos Estados Unidos, do mesmo nome.

Web: <http://www.atsc.org>

→ETSI

**attrezzista** *s.ital.* Profesional que procura todos os elementos do decorado. > **aderecista**.

Ing. *property manager* Fr. *accessoiriste* Cast. *atrecista* Pt. *aderecista*

**attrezzo** *s.ital.* Conxunto de elementos que conforman a decoración ou a ambientación dunha escena. > **aderezos**.

Ing. *properties, props* Fr. *accessoires* Cast. *atrezo* Pt. *aderezos*

→decorado, accesorio

**atar** *v.t.* Tratar ti por ti un convidado, un compañoiro, etc.

O tratamento que se debe empregar cos entrevistados vén establecido xeralmente no libro de estilo do medio ou no proxecto do propio programa, como norma corporativa.

Ing. - Fr. *tutoyer* Cast. *tutear, tratar de tu* Pt. *tutear, tratar por tu*

**audible** *adv.* Que pode ser captado polo oído humano.

Ing. *audible* Fr. *audible* Cast. *audible* Pt. *audível*

→limiar de audibilidade

**audipción** *s.f.* 1.- Proba de selección de actores, presentadores, figurantes ou concursantes.

Ing. *1.- casting, audition* Fr. *1.- audition* Cast. *1.- audición* Pt. *1.- casting*  
*s.f.* 2.- Escoita dunha gravación de son.

Ing. 2.- *hearing* Fr. 2.- *audition* Cast. 2.- *audipción* Pt. 2.- *audição*

**audiencia** *s.f.* Conxunto de espectadores dunha emisión ou dun medio, que se estrutura por diferentes factores (sexo, idade, status, nivel de estudos).

Na procura dunha maior interactividade dos medios, téndese a ampliar as formas de participación da audiencia nos programas; á convencional chamada telefónica ou ao cupón por correo súmanse o correo electrónico, as mensaxes gravadas na caixa de voz do programa, as mensaxes curtas por móvil ou as opcións do teletexto.

Ing. *audience* Fr. *audience* Cast. *audiencia*  
Pt. *audiênciā*

→audimetría, público

**audiencia, índice de** *u.f.* V. índice de audiencia.

**audiencia acumulada** *u.f.* Número de telespectadores que conectan unha canle nun tempo determinado.

Ing. *cumulative audience* Fr. *audience cumulée* Cast. *audiencia acumulada* Pt. *audiênciā acumulada*

**audiencia especializada** *u.f.* Audiencia interesada por unha temática en concreto, da que ademais ten coñecemento.

Ing. *specialized audience* Fr. *audience spécialisée* Cast. *audiencia especializada* Pt. *audiênciā especializada*

**audiencia útil** *u.f.* Sector da audiencia total dun medio ou programa ao que se dirixe unha campaña publicitaria. SIN. **público obxectivo**.

Ing. *target audience utile* Cast. *audiencia útil* Pt. *audiênciā útil*

**audiencia xeneralista** *u.f.* Audiencia que se expón a programas de carácter variado, que conforma a maioría dos telespectadores. SIN. **gran público**.

Ing. *generalist audience* Fr. *audience généraliste* Cast. *audiencia generalista* Pt. *audiênciā generalista*

- Audimat** Marca rexistrada dun audímetro de televisión da sociedade francesa Médiamétrie.  
→audímetro
- audimetría** *s.f.* Conxunto de técnicas de medición da audiencia da televisión e de observación do seu comportamento, a través de mostras representativas obtidas dos aparellos rexistradores (audímetros) e de técnicas de enquisa persoal.  
Ing. *audience measuring* Fr. *audimétrie*  
Cast. *audimetría* Pt. *audimetria*  
→cota de pantalla, índice de audiencia
- audímetro** *s.m.* Instrumento electrónico de medición de audiencias que, acoplado ao televisor, rexistra o comportamento dos telespectadores ante a programación: emisión escollida, horas de visión, cambios de canle, etc.  
Algunxs audímetros incorporan tamén botóns que o espectador pode premer para indicar valoracións sobre a programación que está a ver.  
Ing. *people meter* Fr. *audimètre* Cast. *audímetro* Pt. *audímetro*
- audio** *s.m.* Aspecto sonoro dun produto audiovisual. SIN. **son**.  
Ing. *audio* Fr. *audio* Cast. *audio* Pt. *áudio*
- audio split** *u.fing.* > **encabalgamento**.
- audiovisual** *adv.* 1.- Relativo ao visual e mais ao auditivo.  
Ing. *1.- audiovisual* Fr. *1.- audiovisuel* Cast. *1.- audiovisual* Pt. *1.- audiovisual*  
*s.m.* 2.- Industria dos medios que se valen da imaxe e do son.  
Tradicionalmente, englobaba só a televisión e mais a radio, pero na actualidade refírese tamén ao cine, á creación en vídeo ou mesmo á informática.  
Ing. *2.- audiovisual* Fr. *2.- audiovisuel* Cast. *2.- audiovisual* Pt. *2.- audiovisual*
- auditorio** *s.m.* Público, grupo de persoas que asiste á realización dun programa ou ao desenvolvemento dun espectáculo.  
Ing. *audience* Fr. *auditoire* Cast. *auditorio* Pt. *auditório, plateia*
- augas, efecto de** *u.f.* V. efecto de augas.
- auricular** *s.m.* Aparello transdutor que permite a escoita individual.  
Ing. *headphone, earflap* Fr. *oreillette, écouteur* Cast. *auricular, pinganillo* (coloq.)  
Pt. *fone de ouvido*
- autocensura** *s.f.* Censura sobre a propia expresión. Práctica de omitir, sen presión explícita de ninguén, unha parte da información por previsión do propio xornalista.  
Esta autolimitación por medo a posibles represalias da dirección, dos anunciantes ou das institucións constitúe unha ameaza para a liberdade de expresión e de información.  
Ing. *self-censorship* Fr. *autocensure* Cast. *autocensura* Pt. *auto-censura*  
→liberdade de expresión, dereito da información
- autocue** *s.ing.* > **apuntador electrónico**.
- autoestradas da información** *u.f.pl.*  
Redes de telecomunicacións de gran capacidade.  
É unha denominación cuñada polo exvicepresidente dos Estados Unidos Al Gore, que as converteu nun dos obxectivos prioritarios para desenvolver a sociedade da información.  
Ing. *information superhighways* Fr. *autoroutes de l'information* Cast. *autopistas de la información* Pt. *auto-estradas da informação*
- autonómico -a** *adv.* Relativo á autonomía dun territorio.  
Ing. *regional, self-governing* Fr. *régional*  
Cast. *autonómico* Pt. *regional*  
→FORTA
- autónomo -a** *s.* Profesional que traballa por conta propia e que lle ofrece os seus servizos ou produtos a unha televisión, sen formar parte do cadro de persoal da empresa.  
Ing. *freelance* Fr. *pigiste* Cast. *autónomo* Pt. *freelance, autónomo*  
→reporteiro autónomo
- autopromocional** *s.m.* V. promo.

**autor -ora** *s.* Persoa que crea unha obra literaria, científica ou artística e que, en consecuencia, ten sobre ela todos os dereitos de propiedade intelectual.

Ing. *author* Fr. *auteur* Cast. *autor* Pt. *autor*  
→ coautor, dereitos de autor

**autorizar** *v.t.* Conceder un permiso para exercer unha actividade.

Os servizos de televisión e de radio (operadores) non poden emitir se non son legalmente autorizados, atendendo aos criterios de pluralismo, diversificación e respecto da libre competencia.

Ing. *to legalize* Fr. *autoriser* Cast. *autorizar*  
Pt. *autorizar*  
→ concesión

**auxiliar** *s.* Asistente.

**avance** *s.m.* 1.- Información breve sobre un feito que está previsto que aconteza ou que acaba de acontecer, e que interrompe momentaneamente a continuidade da programación. SIN. **adianto informativo**.

Ing. 1.- *flash (news)* Fr. 1.- *flash d'information* Cast. 1.- *avance* Pt. 1.- *flash s.m.* 2.- Montaxe dunha selección de planos tirados dunha obra cinematográfica para presentala ao público ou promocionar a súa emisión. Tamén se emprega a adaptación inglesa **tráiler**.

Ing. 2.- *trailer* Fr. 2.- *film-annonce, bande-annonce* Cast. 2.- *avance, tráiler* Pt. 2.- *trailer*

→ promo

*s.m.* 3.- Movemento da fita cara a adiante.

Ing. 3.- *forward* Fr. 3.- *avance* Cast. 3.- *avance* Pt. 3.- *avanço*

**avance cadre a cadre** *u.f.* Paso controlado das imaxes no magnetoscopio que permite visionar as imaxes fixas unha por unha.

Ing. *go forward frame by frame* Fr. *avance image par image* Cast. *avance cuadro a cuadro* Pt. *avanço quadro a quadro*

**avance da programación** *u.f.* Anuncio dos programas que vai emitir a canle. Ing. *tease*

**avance rápido** *u.f.* Función do magnetófono ou do magnetoscopio que permite correr a cinta velozmente cara a diante, desde os modos *stop* (parada) ou *play* (reproducción).

Ing. *fast forward* Fr. *avance rapide* Cast. *avance rápido* Pt. *avanço rápido*

**avaría** *s.f.* Dano sufrido por unha máquina. Ing. *damage, failure* Fr. *panne* Cast. *avería* Pt. *avaría*

**Avid** Sistema de edición non lineal, que utiliza técnicas de compresión dixital de vídeo JPEG para almacenar material audiovisual nun equipo informático.

Componse dun servidor de texto (elaborado a partir da combinación dos sistemas de producción de noticias AvidNews e Newstar de Tektronix, froito da unión de ambas compañías), de sistemas de selección e manipulación das tomas almacenadas no servidor, e dun sistema de emisión para informativos.

→ redacción dixital

**aviso** *s.m.* Comunicado, nota de prensa.

Ing. *notice* Fr. *avis* Cast. *aviso* Pt. *aviso*

**axencia de noticias** *u.f.* Empresa dedicada a fornecer información e materiais ilustrativos (fotografías, imaxes de vídeo, cortes sonoros, infografías) aos medios e aos organismos subscritos a ela. SIN. **axencia de prensa**.

As axencias de noticias creáronse a mediados do século XIX. Hoxe, ademais de ofreceren servizos de información xeral, tenden á especialización por temas, por sectores ou por medios.

Ing. *press agency* Fr. *agence de presse* Cast. *agencia de noticias* Pt. *agênciа de notícias*

**axenda** *s.f.* 1.- Relación dos acontecementos previstos nunha xornada.

Ing. 1.- *agenda* Fr. 1.- *agenda* Cast. 1.- *agenda* Pt. 1.- *agenda*

→ construcción da axenda

- s.f.** 2.- Listaxe organizada de posibles fontes de información: contactos, persoeiros, institucións, etc.
- Normalmente os xornalistas e mais os produtores dispoñen da súa axenda privada e doutra compartida na redacción con teléfonos de uso común.
- Ing. 2.- *agenda, telephone directory* Fr. 2.- *répertoire* Cast. 2.- *agenda* Pt. 2.- *agenda*
- axente artístico -a** *u.f.* Persoa que xestioná a vida profesional mais as finanzas dun artista, a cambio dun beneficio económico. SIN. **representante**.
- Ing. *manager* Fr. *agent d'artiste* Cast. *agente artístico* Pt. *agente artístico*
- axudante** *s.* Categoría laboral de quen colabora de maneira secundaria con outro profesional. SIN. **auxiliar, asistente**.
- Ing. *assistant* Fr. *assistant* Cast. *ayudante* Pt. *ajudante, assistente*
- axudante de programa** *u.f.* Persoa que colabora nos labores de presentación dun programa ou que atende o público e os convidados.
- Ing. *tv hostess* Fr. *hôte, hôtesse* Cast. *ayudante, azafata* Pt. *assistente, hospedeira*
- axudas de custo** *u.f.pl.* Pagamento extraordinario que recibe un traballador.
- Ing. *allowance, expenses* Fr. *indemnité* Cast. *dietas* Pt. *ajudas de custo*
- axustar** *v.t.* 1.- Adaptar unha narración audiovisual ao tempo de emisión que se lle concede.
- Ing. 1.- *to adapt* Fr. 1.- *adapter* Cast. 1.- *ajustar* Pt. 1.- *adaptar, ajustar*
- v.t.* 2.- Buscar a nitidez dun monitor ou dunha cámara.
- Ing. 2.- *to balance* Fr. 2.- *cadrer* Cast. 2.- *ajustar* Pt. 2.- *ajustar*
- v.t.* 3.- Pór un aparello en condicións óptimas para o seu funcionamento.
- Ing. 3.- *to adjust* Fr. 3.- *régler* Cast. 3.- *ajustar* Pt. 3.- *ajustar*
- axuste** *s.m.* Acción e efecto de axustar.
- axuste, mira de** *u.f.* V. mira de axuste.
- axuste de programación** *u.f.* Inclusión na grella dun espazo que non estaba previsto, para readaptar os horarios alterados polo desfase na duración dos programas emitidos.
- axuste do branco** *u.f.* Operación de adaptar a cámara ás características da luz do espazo da gravación, mediante o enfoque dun obxecto de cor branca (a que máis luz reflicte) que actúa como referencia para restaurar o resto das cores.
- Ing. *white-balance* Fr. *réglage, équilibrage des blancs* Cast. *ajuste de blanco* Pt. *balanço de branco, ajuste de branco*
- azafato -a** *s.cast.* > **axudante de programa**.
- azul** *s.m.* Cor primaria do sistema de televisión a cores.
- Ing. *blue* Fr. *bleu* Cast. *azul* Pt. *azul*
- cor, fondo azul

## b

- B/N** *sigla* Branco/Negro. Símbolo do sistema de televisión monocromático. V. branco e negro.
- baby spot** *u.ing.* Proxeitor de luz compacto ou de baixa potencia empregado en estudos de rodaxe.
- background** *s.ing.* 1.- Contextualización da noticia. > **antecedentes**.
- s.ing.* 2.- Ambiente ou banda sonora dunha escena. > **fondo sonoro**.
- s.ing* 3.- Cor e elementos que componen o fondo da imaxe. > **fondo**.
- back-light** *s.ing.* > **luz de contra**.
- baffle** *s.ing.* > **caixa acústica**.
- baixa frecuencia** *u.f.* V. frecuencia baixa.
- baixos** *s.m.pl.* Graves.
- balance** *s.m.* Nivelación dos sinais de son e de imaxe. SIN. **axuste, equilibrado**.
- Ing. *balance* Fr. *réglage, balance* Cast. *balance* Pt. *balanço*
- bálsamo do Canadá** *u.f.* Substancia resinosa de propiedades semellantes ás

do vidro coa que se unen as lentes do obxectivo dunha cámara para evitar que se movan.

Ing. *Canada balsam* Fr. *baume du Canada* Cast. *bálsamo de Canadá* Pt. *bálsamo-do-canadá*

**banco de datos** *u.f.* Conxunto da totalidade de información dispoñible procedente de diferentes fontes, á que se pode acceder mediante un sistema informático que a almacena e a mantén lista para a súa utilización.

Ing. *data bank* Fr. *banque de données* Cast. *banco de datos* Pt. *banco de dados*

**banda** *s.f.* Franxa comprendida entre dous límites.

Ing. *band* Fr. *bande* Cast. *banda* Pt. *banda, faixa*

**banda base** *u.f.* Rango de frecuencias característico dun sinal en ausencia dunha modificación, por exemplo, de modulación.

Para transmitir sinais que estean en banda base cómpre modularos para que ocupen a canle que lles corresponde, axeitándose ás propiedades do medio físico e ás condicións de comportamento dese medio entre varios sinais.

Ing. *baseband* Fr. *bande de base* Cast. *banda base* Pt. *banda base*

**banda de frecuencias** *u.f.* Grupo de frecuencias comprendido entre dous límites, establecidos para unha clasificación das mesmas.

Ing. *frequency band* Fr. *bande de fréquences* Cast. *banda de frecuencias* Pt. *banda de frequências*

—frecuencia

**banda de garda** *u.f.* Franxa ceibe de información que separa dúas bandas de frecuencias contiguas para evitar interferencias nun sistema de multiplexado por división de frecuencias. SIN.

**banda de seguridad.**

Ing. *guard band* Fr. *bande de garde* Cast. *banda de seguridad* Pt. *banda de guarda*

**banda de son** *u.f.* Parte da fita que contén a información do audio.

Ing. *sound track* Fr. *bande son* Cast. *banda de sonido* Pt. *banda de som*

**banda de son non sincronizada** *u.f.* Pista que recolle a información sonora dunha escena independentemente da acción na imaxe, para a súa posterior mestura.

Ing. *wild track*

**banda horaria** *u.f.* Franxa horaria.

**banda internacional** *u.f.* Franxa de son sen diálogos concibida para a posterior dobraxe a outras linguas.

Ing. *international track* Fr. *son international* Cast. *banda internacional* Pt. *banda internacional*

**banda sonora** *u.f.* Conxunto de melodías musicais e efectos de son que ambientan unha obra audiovisual.

Ing. *sound track* Fr. *bande sonore* Cast. *banda sonora* Pt. *banda sonora*

→banda de son

**bandeira** *s.f.* Pantalla que se acopla a un proxector para restrinxir a luz ou para proxectar sombras.

A diferenza das viseiras, que crean beiras suaves, as bandeiras ofrecen un corte de luz máis preciso.

Ing. *flag* Fr. *drapeaux* Cast. *bandera* Pt. *bandeira, quebra-luz*

**banding** *s.ing.* Defecto da fita de vídeo que provoca que a imaxe pareza unha persiana de láminas horizontais. > laminado.

**barbarismo** *s.m.* Palabra ou expresión dun idioma introducida innecesariamente noutro.

Ing. *barbarism* Fr. *mot étranger* Cast. *barbarismo* Pt. *estrangeirismo*

**barras de cor** *u.pl.* Conxunto de barras verticais de cores (branca, negra, vermella, verde, azul, ciano, maxenta e amarela), que se empregan como referencia para axustar o sinal de crominancia e de luminancia dun sistema de vídeo.

Ing. *color bars* Fr. *barres de couleurs* Cast. *barras de color* Pt. *barras de cor*

→mira de axuste

- barroco -a** *adj.* Que responde a un estilo de redacción con exceso de reviravoltas e de adxectivación.  
 Ing. *ornate* Fr. *baroque* Cast. *barroco* Pt. *barroco*
- barter** *s.ing.* Forma de patrocinio dun programa por parte dun anunciate que o produce ou que ofrece os seus servizos a cambio da cesión gratuita de espazos publicitarios durante a franxa de emisión do programa. > **troco**.
- base de datos** *u.f.* Conxunto de datos almacenados en forma de fichas nun soporte informático.  
 Ing. *data base* Fr. *base de données* Cast. *base de datos* Pt. *base de dados*
- bass** *s.ing.* > **baixos**.
- bastidores** *s.m.pl.* 1.- Espazo situado tralos decorados, invisible para o público.  
 Ing. *1.- wings* Fr. *1.- coulisses* Cast. *1.- bastidores* Pt. *1.- bastidores*  
 s.m.pl. 2.- Parte non oficial nin visible dun evento informativo, onde se poden obter informacións ás veces máis interesantes ca as do pretexto oficial.  
 Ing. *2.- offstage* Fr. *2.- coulisses* Cast. *2.- bastidores* Pt. *2.- bastidores*
- bastidores, nos** *u.f.* Que se manifesta fóra da escena ou do espazo público.  
 Ing. *behind the scenes, offstage* Fr. *dans les coulisses* Cast. *entre bastidores* Pt. *nos bastidores*
- bater as mans** *u.f.* Chocar as mans en sinal de aprobación ou seguindo o ritmo da música.  
 Ing. *to clap* Fr. *battre des mains* Cast. *batir, dar palmas* Pt. *bater palmas*  
 → aplauso
- batería** *s.f.* Dispositivo formado por un conxunto de acumuladores de enerxía eléctrica para fornecer dela un aparello.  
 Ing. *battery* Fr. *batterie* Cast. *batería* Pt. *bateria*
- BBC** *British Broadcast Corporation.* Corporación británica de radiodifusión (Reino Unido). Entidade pública fundada no 1922, que comprende varias emisoras de radio e de televisión, con servizos locais e rexionais.  
 Web: <http://www.bbc.co.uk>
- BD** *sigla Blue-ray Disc.* Disco de raio azul. Formato de nova xeración de disco óptico para alta definición.  
 → AOD, DVD
- BER** *sigla Bit Error Rate.* Taxa de erro nos bits.
- Betacam** 1.- Formato profesional de gravación e difusión, desenvolvido por Sony, considerado un estándar mínimo de calidade para a emisión dun programa.  
 2.- Cámara de reportaxe, analólica ou dixital, que comprende un magnetoscopio integrado deste formato.
- Betamax** Formato de vídeo doméstico creado por Sony en 1975, de características semellantes ao VHS, que non se consolidou no mercado.
- bias** *s.ing.* > **polarización**.
- biblia** *s.f.* Documento que recolle a idea dun proxecto televisivo detallado, xeralmente unha serie, coa definición dos personaxes, argumento, orientación do produto, ton, público ao que se dirixe, aspectos de imaxe, etc., e pode incorporar o guión do capítulo piloto. Considérase un texto *sagrado* porque en conformidade con el teñen que se escribir os guións posteriores.  
 Ing. *bible* Fr. *bible* Cast. *biblia* Pt. *bíblia*
- bibliografía** *s.f.* Relación ordenada de libros e escritos referidos.  
 Ing. *bibliography* Fr. *bibliographie* Cast. *bibliografia* Pt. *bibliografia*
- biblioteca** *s.f.* 1.- Conxunto organizado de libros.  
 Ing. *1.- library* Fr. *1.- bibliothèque* Cast. *1.- biblioteca* Pt. *1.- biblioteca*  
 s.f. 2.- Lugar onde se almacenan e consultan libros.  
 Ing. *2.- library* Fr. *2.- bibliothèque* Cast. *2.- biblioteca* Pt. *2.- biblioteca*  
 → documentación

**bidireccional** *adj.* Capaz de captar sinais procedentes de dúas direccións e/ou de emitir sinais en dúas direccións.

Ing. *bidirectional* Fr. *bidirectionnel* Cast. *bidireccional* Pt. *bidireccional*

**bin** *s.ing.* Arquivo dunha base de datos que contén imaxes dixitais que o usuario dun sistema de edición pode visualizar e modificar para a montaxe dunha peza informativa. > **ficheiro de medios**.

**binario** *adj.* Que responde a un sistema de numeración en base 2 empregado para representar os sinais dixitais.

Esta representación simplifica os circuitos electrónicos, ao requirir só dous niveis de tensión, e fainos máis inmunes fronte ao ruído.

Ing. *binary* Fr. *binaire* Cast. *binario* Pt. *binário*

**biografía** *s.f.* Relato histórico da vida dunha persoa.

Ing. *biography* Fr. *biographie* Cast. *biografía* Pt. *biografia*

**bit** *s.m.* Acrónimo de *Binary Digit*. Díxito binario. Unidade de medida de información codificada en combinacións de 0 e 1. Emprégase para medir a capacidade de transmisión dunha rede (bits por segundo) ou de memoria informática (bits).

→ **byte**

**bloque** *s.m.* Sección dun programa que agrupa distintos contidos cunha temática común.

Ing. *block* Fr. *bloc* Cast. *bloque* Pt. *bloco*

**bloque publicitario** *u.f.* Emisión dun conxunto de anuncios, que interrompe a programación.

A distribución en bloques é o modo de presentar a publicidade recomendado pola lexislación.

Ing. *commercial block, break* Fr. *bloc publicitaire* Cast. *bloque publicitario* Pt. *bloco publicitário*

**BLR** *sigla Banda Lateral Residual.* Proceso particular de modulación da amplitud aplicado ao sinal de vídeo, que conserva a componente de baixas frecuencias

(con información substancial) en ambas as bandas laterais e suprime, nunha delas, a de altas frecuencias.

Ing. *VSB*

**blow up** *s.ing.* Aumento dun detalle dunha imaxe para lograr un maior efecto visual. > **ampliación**.

**blue key** *u.f.ing.* > **chave de croma**.

**BNC** *sigla Bayonet Neill-Concelman* (nome do seu inventor). Conector para cable coaxial de uso frecuente en equipos de vídeo profesional e nas redes informáticas, que dispón dun mecanismo xiratorio que asegura o contacto e a resistencia ante as tensións do cable. > **conectador de baioneta**.

**boa!** *interx.* Voz do director que indica a validez da escena gravada.

Ing. *ok!* Fr. *bonne!* Cast. *j'vale!* Pt. *ok!*

**bobina** *s.f.* Cilindro no que vai enrolada a fita (de vídeo, de son, cinematográfica). Coloquialmente chámases tamén **galleta**.

Ing. *reel* Fr. *bobine, galette* (coloq.) Cast. *bobina, galleta* (coloq.) Pt. *bobina*

**boletín informativo** *u.f.* Espazo informativo breve de carácter periódico (xeralmente, a cada hora) que se sitúa na grella fóra das bandas de máxima audiencia.

OBS. É un termo máis usado na radio que na televisión.

Ing. *news bulletin* Fr. *bulletin d'information* Cast. *boletín informativo* Pt. *boletim informativo*

**bolseiro -a** *s.* Categoría laboral do que é contratado en réxime de aprendizaxe, como complemento práctico aos seus estudos.

Ing. *fellowship, grant holder* Fr. *boursier, stagiaire* Cast. *becario* Pt. *pivot, estagiário*

**bomba informativa** *u.f.* Noticia sorprendente ou de grande importancia, adoitado ofrecida por un medio en exclusividade. SIN. **noticia de sete estalos, notición**.  
Ing. *bombshell* Fr. *coup, bombe* Cast. *bombazo* Pt. *notícia-bomba*

- bombardear** *v.t.* 1.- Repetir constantemente unha mensaxe ou unha noticia por televisión.  
 Ing. *1.- to bombard* Fr. *1.- bombarder* Cast. *1.- bombardear* Pt. *1.- bombardear*  
 v.t. 2.- Facerlle a alguén unha chea de preguntas breves e seguidas, abouxándoo.  
 Ing. *2.- to bombard* Fr. *2.- harceler* Cast. *2.- bombardear* Pt. *2.- bombardear*
- booster** *s.ing.* > **luz de realce**.
- borradela dunha área** *u.f.* Proceso de inserción electrónica dunha imaxe, no que se elimina unha sección da imaxe de fondo e se insire no seu lugar a área correspondente a outra imaxe.  
 Ing. *keying*  
 →chave de croma
- borrador** *s.m.* Escrito de primeira intención no que se realizan as correccións previas á versión definitiva.  
 Ing. *rough copy* Fr. *brouillon* Cast. *borrador* Pt. *rascunho*  
 →bruto
- borrador de bobinas** *u.f.* V. desmagnetizador.
- borrar** *v.t.* Eliminar os sinais rexistrados nunha cinta ou noutro soporte, ou suprimir algo escrito, impreso, etc.  
 Ing. *erase, delete* Fr. *effacer* Cast. *borrar* Pt. *riscar, suprimir*
- boroso -a** *adv.* Que non se distingue con claridade.  
 Ing. *blurred* Fr. *flou* Cast. *borroso* Pt. *mal distinto*
- bosquexo** *s.m.* Proxecto que expón só os aspectos esenciais. SIN. **deseño**.  
 Ing. *sketch* Fr. *ébauche* Cast. *esbozo* Pt. *bosquejo, esboço*
- bps** Símbolo de bits por segundo. Unidade de medida de capacidade dunha canle de transmisión de información dixital.  
 →bit
- branco** *s.m.* Cor que, no sistema de televisión, resulta da suma de cantidades iguais das tres cores primarias (vermello, verde e azul).  
 Ing. *white* Fr. *blanc* Cast. *blanco* Pt. *branco*  
 →cor
- branco, axuste do** *u.f.* V. axuste do branco.
- branco, nivel de** *u.f.* V. nivel de branco.
- branco e negro, en** *u.f.* Sistema de televisión monocromático, en gama de grises.  
 Ing. *black and white* Fr. *en noir et blanc* Cast. *en blanco y negro* Pt. *em preto e branco*
- breve** *s.f.* Formato de noticia de duración non superior aos vinte segundos, que normalmente se edita agrupada con outras das mesmas características, cun fondo sonoro.  
 A locución do bloque das breves adoita realizarse a dúas voces, dunha maneira dinámica.  
 Ing. *flash, news-in-brief* Fr. *brève [f.]* Cast. *breve [m.]* Pt. *breve [f.]*  
 →colchón
- brillo** *s.m.* 1.- Calidade luminosa dun obxecto, que sensibiliza un sistema de captación.  
 Ing. *1.- brightness* Fr. *1.- luminosité* Cast. *1.- brillo* Pt. *1.- brilho*  
 →luminancia  
 s.m. 2.- Resplandor provocado pola luz dos focos sobre a pel dun suxeito ou sobre un obxecto.  
 A corrección do brillo, que afecta sobre todo a testa e a face, é unha das finalidades principais da maquillaxe en televisión.  
 Ing. *2.- shine* Fr. *2.- éclat* Cast. *2.- brillo* Pt. *2.- brilho*
- broadcast** *s.ing.* Transmisión a múltiples receptores indiscriminadamente. > **emisión, difusión**.
- bruto** *s.m.* 1.- Conxunto de imaxes rexistradas nun soporte tal como se tomaron, sen montaxe nin edición.  
 Ing. *1.- rush* Fr. *1.- images brutes, brut* Cast. *1.- bruto* Pt. *1.- material bruto*  
 s.m. 2.- Proxeitor direccional de alta potencia empregado en estudos para a iluminación de espazos amplos, equipado con lente fresnel e lámpada de arco. En desuso.

Ing. 2.- *brute* Fr. 2.- *brute* Cast. 2.- *bruto* Pt.  
2.- *brut*

→proxector fresnel

**bucle** *s.m.* 1.- Fita magnética cos extremos unidos para posibilitar a súa reproducción constante, volvendo de seu ao principio cada vez que chega ao final da gravación. SIN. **sen fin**.

Ing. 1.- *loop* Fr. 1.- *boucle* [f.] Cast. 1.- *bucle* [m.] Pt. 1.- *sem fim*

*s.m.* 2.- Secuencia de instrucións informáticas que pode ser executada repetitivamente.

Ing. 2.- *loop* Fr. 2.- *boucle* [f.] Cast. 2.- *bucle* [m.] Pt. 2.- *ciclo* [m.]

*s.m.* 3.- Emisión dunha información acabada de chegar á central, tras un visionamento rápido, que produce unha sensación similar ao directo. V. falso directo.

**bucle de abonado** *u.f.* Tramo da rede telefónica conmutada que vai do usuario final á central de conmutación local. SIN. **liña de abonado, bucle local.**

Ing. *loop, subscriber line* Fr. *boucle locale* Cast. *bucle de abonado* Pt. *linha de assinante*

→xDSL

**buffer** *s.ing.* > **colchón**.

**búmerang, efecto** *u.f.* V. efecto búmerang.

**burst** *s.ing.* Refach. > **salva de cor**.

**bus** *s.m.* 1.- Dispositivo físico dun sistema informático polo que circulan os datos dun sinal.

Ing. 1.- *bus* Fr. 1.- *bus* Cast. 1.- *bus* Pt. 1.- *bus, barramento*

*s.m.* 2.- Conxunto de conexións dunha mesa de mesturas que permiten conmutar as distintas fontes.

Ing. 2.- *bus* Fr. 2.- *bus-barres, bus* Cast. 2.- *bus* Pt. 2.- *bus, barramento*

**busto falante** *u.f.* Pexorativamente, presentador de informativos que fai a lectura das noticias sen intervir no seu tratamento.

Ing. *anchor-man* Fr. *homme-tronc* Cast. *busto parlante* Pt. *papagaio*

**BVU** *Broadcast Video U-matic.* Formato profesional de gravación de imaxe e son, de 3/4 de polgada, en desuso.

**byte** *s.m.* Unidade de medida informática correspondente a unha secuencia de oito bits, que pode conter ata 256 ( $2^8$ ) valores diferentes.

Para medir capacidade de transmisión ou de recepción empréngase byte por segundo, e para medir a capacidade de almacenamento, byte.

OBS. Un quilobyte equivale a 1024 bytes, non a 1000 bytes.

Ing. *byte* Fr. *octet, byte* Cast. *byte* Pt. *byte*

→bit

## C

© Símbolo de *copyright*. V. dereitos de autor.

**C+T** Colas mais totais. Iniciais coas que se representa na escada a peza informativa que integra colas e tomas de declaracóns en cintas de emisión diferentes, lanzadas unha a seguir da outra.

É un recurso moi empregado nas noticias de última hora, pola facilidade da montaxe.

**cabeceira** *s.f.* 1.- Vídeo indicador do inicio ou do remate dun programa de televisión, que inclúe elementos visuais e sonoros (sintonía) que o identifican. Pode abrir o programa directamente ou suceder a unha pequena intervención do presentador (apertura falsa).

Ing. 1.- *head, opening* Fr. 1.- *générique, ouverture* Cast. 1.- *cabecera* Pt. 1.- *vinheta*

*s.f.* 2.- Parte superior da portada dun xornal na que se sitúa o título, e que, por metonimia, adoita facer referencia a esa publicación periódica empregada como fonte informativa.

Ing. 2.- *headline* Fr. 2.- *titre* Cast. 2.- *cabecera* Pt. 2.- *cabeçalho*

→revista de prensa

**cabeza** *s.f.* Electroimán que, no caso da gravación, transfire os sinais de audio e vídeo ao soporte magnético, ou, no caso da reprodución, que transforma en sinais eléctricos a información magnética recollida no soporte.

Ing. *head* Fr. *tête* Cast. *cabeza, cabezal* Pt. *cabeça*

**cabina** *s.f.* Pequeno recinto destinado á edición simple dunha gravación (montaxe, posproducción, incorporación da narración, etc.), que adoita incluír un locutorio.

Ing. *bay, editing room* Fr. *cabine* Cast. *cabina* Pt. *cabina*

**cable** *s.m.* Medio físico de transmisión ou de recepción para as redes de telecomunicacións, formado por un feixe de condutores, dieléctricos e illantes.

Ing. *cable* Fr. *câble* Cast. *cable* Pt. *cabo*  
→televisión por cable

**cable coaxial** *u.f.* Cable que consta de dous condutores cilíndricos dispostos no mesmo eixe.

Emprégase, por exemplo, para a transmisión de vídeo por liña terrestre en distancias curtas.

Ing. *coaxial cable* Fr. *câble coaxial* Cast. *cable coaxial* Pt. *cabo coaxial*

**cable óptico** *u.f.* Cable de fibra de vidro que transporta sinais de frecuencias visibles.

Ing. *optical cable* Fr. *câble optique* Cast. *cable óptico* Pt. *cabo óptico*

→fibra óptica

**cablear** *v.cast.* > **instalar os cables**.

**Cablevisión do Carballiño (CVC)**  
Televisión por cable de ámbito local do Carballiño (Ourense), de explotación privada.

**cache** *s.fr.* Ocultador. > **máscara**.

**cachet** *s.fr.* > **remuneración**.

**cacofonía** *s.f.* Secuencia de fonemas que produce un efecto desagradable ao oído.

Ing. *cacophony* Fr. *cacophonie* Cast. *cacofonía* Pt. *cacofonia*

**cadea de televisión** *u.f.* 1.- Sociedade que emite unha programación televisiva.  
SIN. **canle**.

Segundo os contidos que emite e a audiencia á que se dirixe, distínguese cadea xeneralista ou de masas e cadea temática; segundo a titularidade, pode ser pública ou privada; e segundo a accesibilidade, aberta ou de pago.

Ing. *1.- television network* Fr. *1.- chaîne de télévision* Cast. *1.- cadena de televisión* Pt. *1.- cadeia de televisão*

*u.f.* 2.- Conxunto do equipamento técnico de transmisión de sinais de televisión. SIN. **canle**.

Ing. *2.- television network* Fr. *2.- chaîne de télévision* Cast. *2.- cadena de televisión* Pt. *2.- cadeia de televisão*

**cadea temática** *u.f.* Emisora de televisión que programa exclusiva ou maioritariamente espazos sobre un asunto concreto ou dun xénero determinado (noticias, música, deportes, cine, etc.).

Ing. *thematic channel* Fr. *chaîne thématique* Cast. *canal temático* Pt. *canal temático*

**cadea xeneralista** *u.f.* Emisora de televisión que programa contidos variados dirixidos a un público diverso e global.

Ing. *generalist channel* Fr. *chaîne généraliste* Cast. *cadena generalista* Pt. *cadeia generalista*

**cadencia** *s.f.* 1.- Sucesión de imaxes e/ou sons seguindo unhas pautas regulares.

Ing. *1.- cadence* Fr. *1.- cadence* Cast. *1.- cadencia* Pt. *1.- cadênciâ*

*s.f.* 2.- Distribución axeitada dos acentos e das pausas na lectura en voz alta. SIN. **ritmo**.

Ing. *2.- cadence, rhythm* Fr. *2.- cadence* Cast. *2.- cadencia* Pt. *2.- cadênciâ*

*s.f.* 3.- Descenso no ton da voz na parte final dunha frase falada.

Ing. *3.- cadence* Fr. *3.- cadence* Cast. *3.- cadencia* Pt. *3.- cadênciâ*

**caderno** *s.m.* Conxunto de follas de papel unidas nas que o xornalista toma as súas notas.

Ing. *notebook* Fr. *cahier* Cast. *cuaderno* Pt. *caderneta*

**caderno ATA** *u.f.* Documento de admisión temporal de mercadorías fóra das fronteiras de orixe, válido nos países membros da cadea ATA (sigla mixta de *admission temporaire/temporary admission*, en francés e en inglés, admisión temporal), que substitúe os documentos nacionais de importación e exportación temporal.

Nos desprazamentos laborais ao estranxeiro, é labor do produtor obter este certificado, no que se relaciona o persoal e mais o material que transportan.

Ing. *ATA carnet* Fr. *carnet ATA* Cast. *cuaderno ATA* Pt. *carnet ATA*

**caderno de bitácora** *u.f.* Libro de instrucións básicas para os reporteiros. Ing. *log book* Fr. *livre de bord* Cast. *cuaderno de bitácora* Pt. *caderno de bitácula*

**cadro** *s.m.* Imaxe de vídeo completa.

Nos sistemas de varredura entrelazada componse de dous campos (liñas pares, liñas impares), cunha frecuencia de 29.95 Hz no sistema NTSC e de 25 Hz no PAL.

Equivale ao fotograma cinematográfico.

Ing. *frame* Fr. *cadre* Cast. *cuadro* Pt. *quadro*

**cadro de persoal** *u.f.* Conxunto dos traballadores da empresa. SIN. **recursos humanos**.

Ing. *staff* Fr. *personnel* Cast. *plantilla* Pt. *quadro de pessoal*

**caer** *v.i.* 1.- Resultar excluída unha noticia que estaba previsto emitir no informativo.

Ing. *1.- to bump* Cast. *1.- caer(se)*

*v.i.* 2.- Fallar un convidado co que se contaba.

Ing. *2.- to bump* Cast. *2.- caer(se)*

**CAF** *sigla Control Automático de Frecuencia.* Circuíto que realiza un axuste automático da sintonización dun receptor para que, unha vez seleccionada unha canle, esta se manteña a pesar das variacións na frecuencia da portadora.

—frecuencia

**CAG** *sigla Control Automático de Ganancia.* Circuíto que regula de maneira automática a amplificación dun receptor co fin de que o sinal resultante teña unha amplitude constante malia as variacións das condicións do sinal entrante.

→ganancia

**caída** *s.f.* Perda brusca do sinal sonoro ou visual durante a lectura da fita por unha alteración do soporte.

Ing. *drop out*

**caixa acústica** *u.f.* Recipiente que alberga un ou varios altofalantes para dirixir a súa enerxía nunha determinada dirección e que amortece o son. SIN. **pantalla acústica**.

Ing. *baffle* Fr. *écran acoustique* Cast. *caja acústica* Pt. *caixa acústica*

**caixa de voz** *u.f.* Instrumento de comunicación telefónica que permite que a audiencia deixe gravadas as súas mensaxe con suxestións ou comentarios sobre algúin tema.

OBS. Esta locución adoita referirse ao campo da telefonía móvil, mentres que na telefonía fixa fálase normalmente de **contestador automático**.

Ing. *voice mail* Fr. *boîte vocale* Cast. *buzón de voz* Pt. *caixa de voz*

**calibración** *s.f.* Axuste dun equipamento de acordo cun patrón que iguala as medicións.

Ing. *calibration* Fr. *calibrage* Cast. *calibración* Pt. *calibragem*

**calidoscopio** *s.m.* Efecto que multiplica a imaxe de maneira simétrica, creando novas figuras.

Ing. *kaleidoscope* Fr. *kaléidoscope* Cast. *caleidoscopio* Pt. *caleidoscópio*

**calumnia** *s.f.* Falsa imputación dun delito a unha persoa, que se agrava pola publicidade que outorgan os medios.

Ing. *slander* Fr. *calomnie* Cast. *calumnia* Pt. *calúnia*

→inxuria

**cámara** *s.f.* 1.- Aparello composto por un obxectivo e outros mecanismos que

toma ou grava imaxes dinámicas con son.

Ing. *I.- camera* Fr. *I.- caméra* Cast. *I.- cámara* Pt. *I.- câmara*

s. 2.- Técnico que manexa a cámara. SIN. **operador de cámara, camarógrafo.**

Ing. *2.- cameraman* Fr. *2.- cadreur, opérateur* Cast. *2.- cámara* Pt. *2.- operador de cámara*

**cámara!** *interx.* Voz que advirte o persoal técnico do comezo da rodaxe.

Ing. *camera!* Fr. *caméra!* Cast. *;cámara!* Pt. *câmara!*

**cámara, á** *u.f.* Dirixíndose directamente ao obxectivo da cámara que está a recoller a imaxe, coa intención de que os telespectadores, afastados fisicamente do suxeito da toma, reciban a mensaxe con proximidade e cunha mirada directa que os implique.

Ing. *camera talk* Fr. *à la camera* Cast. *a cámara* Pt. *para a câmara*

**cámara ao lombo** *u.f.* Procedemento de gravación no que o operador sostén a cámara encol do ombreiro, non sobre un trípode. SIN. **cámara en man, cámara ao ombro.**

Ing. *hand-held camera* Fr. *caméra sur l'épaule, caméra à l'épaule* Cast. *cámara al hombro* Pt. *câmera ao ombro*

**cámara autónoma** *u.f.* Cámara transportable ao lombo que permite o envío do sinal por cable ao estudio de realización ou, provista dun radioenlace de microondas, enviar as imaxes captadas á emisora máis próxima.

**cámara de animación** *u.f.* Truca.

Ing. *animation camera* Fr. *caméra d'animation* Cast. *cámara de animación* Pt. *truca de animação*

**cámara de enmascaramento** *u.f.* Procedemento de inserción electrónica dunha imaxe mediante a toma dunha silueta separada que se fai corresponder coa parte elixida do fondo sobre o que se insire outra toma de estudio.

Ing. *matte*

→ máscara

**cámara estable** *u.f.* Equipo de cámara que ofrece unha alta calidade para desprazamentos sen carro de cámara, que acopla unha armazón firme que se adapta ao corpo do operador, un sistema estabilizador e mais un monitor para o control do encadramento.

Ing. *steady-cam*

**cámara lenta** *u.f.* Reprodución dunha escena a menor velocidade da real. SIN. **ralentí.**

Ing. *slow motion* Fr. *ralenti* Cast. *cámara lenta* Pt. *câmera lenta*

**cámara libre** *u.f.* Cámara que, nun momento dado, recolle imaxes que o realizador non selecciona en beneficio doutras que está a recoller outra cámara.

**cámara obxectiva** *u.f.* Procedemento de toma de imaxes buscando a imparcialidá, sen ángulos que condicioneñ unha valoración determinada durante a lectura das imaxes.

Ing. *objective camera* Fr. *caméra objective* Cast. *cámara objetiva* Pt. *câmera objectiva*

**cámara oculta** *u.f.* Procedemento de gravación no que se agocha a cámara co fin de que as persoas que interveñen na acción non sexan conscientes de que están a ser gravadas.

O éxito da divulgación das imaxes deu lugar a un tipo de programa humorístico centrado nestas situacións provocadas por un actor ou ganchos, e tamén a espazos de reportaxe de investigación por este sistema.

Ing. *hidden camera* Fr. *caméra cachée* Cast. *cámara oculta* Pt. *câmera escondida*

**cámara rápida** *u.f.* Efecto de movemento acelerado da imaxe respecto á realidade, producido durante a reproducción.

Ing. *quick motion* Fr. *défillement accéléré* Cast. *cámara rápida* Pt. *câmera rápida*

**cámara subxectiva** *u.f.* Procedemento de gravación que recolle as imaxes reflectindo a perspectiva persoal dun personaxe, coma se o obxectivo fosese

os ollos dese suxeito participante na realidade captada.

Ing. *subjective camera* Fr. *caméra subjective* Cast. *cámara subjetiva* Pt. *câmera subjetiva*

**camarógrafo -a** s. Operador de cámara.

**cambio en orde** u.f. Acción do espectador de facer un percorrido rápido ordenado polas cadeas mediante o botón do mando que permite esta opción, para valorar o interese das emisións e facer a súa escolla.

Ing. *flipping*

—peteirada

**camerino** s.m. Cuarto no que se visten e preparan os artistas antes de saforen a actuar.

Ing. *dressing room* Fr. *loge* Cast. *camerino* Pt. *camarim*

**campo** s.m. 1.- Espazo da imaxe captado polo obxectivo da cámara limitado polo encadramento.

Ing. *1.- field* Fr. *1.- champ* Cast. *1.- campo* Pt. *1.- campo*

s.m. 2.- A metade dun cadro, que contén as liñas pares ou impares do sistema de varredura entrelazada.

No sistema NTSC cada campo consta de 262.5 liñas e no PAL, de 312.5 liñas de varredura.

Ing. *2.- field* Fr. *2.- trame, champ* Cast. *2.- campo* Pt. *2.- campo*

—varredura entrelazada

**campo, fóra de** u.f. V. fóra de campo.

**campo, profundidade de** u.f. V. profundidade de campo.

**Canal 47** Grupo privado de televisións locais, con sede en Sevilla, que conta en Galicia con centros emisores en Ourense, en Santiago, en Pontevedra e en Vigo.

Web: <http://www.canal47.es>

**Canal 50- TVLG** Televisión Local Guardesa. Cadea do concello da Guarda (Pontevedra), de titularidade privada, que comezou as súas emisións en 1994.

**Canal Deza** Televisión local de Lalín (Pontevedra), de cobertura comarcal e

de titularidade privada, que comezou as súas emisións en 1999.

Web: <http://www.canaldeza.com>

**Canal Plus (Canal+)** Canle española de televisión, de capital privado (Sogecable), que emite a maior parte da programación codificada só accesible para abonados. Comezou a emitir no 1990 cunha programación centrada no cine e no deporte, sen interrupcións publicitarias durante as emisións. Con filiais en varios países (Alemaña, Bélgica, Polonia), a súa primeira sede creouse en Francia. En España, en xaneiro do 97 lanzou a plataforma Canal Satélite Digital, actualmente Digital Plus.

Web: <http://www.cplus.es>

**Canal Satélite Digital** Plataforma de televisións en España, creada no 1997 por Canal Plus España, que integra diversas canles temáticas e xeneralistas e, desde o 2003, tamén as canles da antiga plataforma Vía Digital baixo o nome de Digital+.

Web: <http://www.csatelite.es>

**CanalSur** V. Televisión de Andalucía.

**candela (Cd)** s.f. Unidade de medida da intensidade luminosa, que equivale á intensidade luminosa nunha dirección dada, dunha fonte que emite radiación monocromática de frecuencia  $540 \times 10^{12}$  Hz.

Ing. *candela, candle* Fr. *candela* Cast. *candela* Pt. *candela*

**candente** adv. Relativo a unha noticia ou un tema que, pola súa gravidade ou transcendencia, pertence á actualidade inmediata.

Ing. *burning* Fr. *d'actualité brûlante* Cast. *candente* Pt. *candente*

**canle** s.f. 1.- Medio ou vía de transmisión que na Teoría da Información se concreta como o elemento que permite a transmisión dunha mensaxe do emisor

ao destinatario na representación esquemática dun acto comunicativo.

Ing. *1.- channel* Fr. *1.- canal* Cast. *1.- canal* Pt. *1.- canal*

s.f. 2.- Banda de frecuencias do espectro electromagnético ocupada polo sinal, en particular, audiovisual.

Ing. *2.- channel* Fr. *2.- canal* Cast. *2.- canal* Pt. *2.- canal*

s.f. 3.- Sociedade que posúe unha estación de televisión. SIN. **cadea**.

Ing. *3.- channel* Fr. *3.- canal* Cast. *3.- canal* Pt. *3.- canal*

**canle todonoticias** *u.f.* Emisora que emite as 24 horas informativos da actualidade. As canles todonoticias son emisoras de estrutura complexa que requieren un alto investimento, polo que adoitan integrarse en compañías internacionais de comunicación.

**canon** *s.m.* [pl. canons] Conxunto de regras que determinan un modelo ideal.

Ing. *canon, norm* Fr. *canon* Cast. *canon* Pt. *cânon*

**canón** *s.m.* Tipo de foco que concentra a luz sobre unha parte da escena.

**canón, micrófono de** *u.f.* V. micrófono de canón.

**canón electrónico** *u.f.* Dispositivo básico do tubo de raios catódicos que produce un feixe estreito e estacionario de electróns de maneira constante. Consta dun cátodo, dunha reixa de control e de ánodos anulares inseridos no tubo ao baleiro.

Ing. *electron gun* Fr. *canon à électrons* Cast. *cañón electrónico* Pt. *canhão electrónico*

**cantar** *v.i.* Ler ante o micrófono cunha entoación repetitiva e artificial.

**capacidade** *s.f.* 1.- Nun medio de transmisión dixital, cantidade de bits ou de bytes por segundo susceptibles de ser transportada por unha canle.

Ing. *1.- capacity* Fr. *1.- capacité* Cast. *1.- capacidad* Pt. *1.- capacidade*

s.f. 2.- Volume de información almacenable nun soporte dixital.

Ing. *2.- capacity* Fr. *2.- capacité* Cast. *2.- capacidad* Pt. *2.- capacidade*

**carácter** *s.m.* [pl. caracteres] Letra, número ou signo escrito nun soporte ou inserido no vídeo.

OBS. Úsase comunmente en plural.

Ing. *character* Fr. *caractère* Cast. *carácter* Pt. *carácter*

→xerador de caracteres

**caracterizar** *v.t. e v.p.* 1.- Ataviar e maquillar un actor para que semelle o tipo que representa na actuación.

Ing. *1.- to dress up* Fr. *1.- caractériser* Cast. *1.- caracterizar* Pt. *1.- caracterizar*

v.t. 2.- Representar un papel imitando un personaxe recoñecible.

Ing. *2.- to play well* Fr. *2.- jouer* Cast. *2.- caracterizar* Pt. *2.- caracterizar*

v.p. 3.- Ter certos trazos distintivos.

Ing. *3.- to be characterized* Fr. *3.- se caractériser* Cast. *3.- caracterizarse* Pt. *3.- caracterizar-se*

**careta** *s.f.* Breve montaxe de vídeo e son que presenta (**careta de entrada**) ou despidre (**careta de saída**) un programa e que o identifica. SIN. **cabeceira**.

Ing. *head* Fr. *ouverture/fermeture* Cast. *careta, cabecera* Pt. *vinheta*

**carné de prensa** *u.f.* Documento de identidade que accredita o seu titular como profesional do xornalismo. SIN. **cartón de prensa**.

Ing. *press card* Fr. *carte de presse* Cast. *carné de prensa* Pt. *cartão de jornalista*

→acreditación

**carrís** *s.m.pl.* Barras paralelas para o desprazamento estable da cámara asentada sobre un soporte con rodas.

SIN. **raís**.

**carro de cámara** *u.f.* Plataforma de raís sobre a que escorrega unha estrutura con rodas que sostén a cámara, que permite a toma de imaxes en desprazamento horizontal con estabilidade. SIN. **plataforma móvil**.

Ing. *dolly* Fr. *chariot* Cast. *carro de cámara*

Pt. *carriño*

**carta electrónica** *u.f.* Mensaxe escrita enviada a un enderezo electrónico a través dun dispositivo dixital conectado a unha rede (ordenador, teléfono móvil, PDA, etc.). SIN. **mensaxe electrónica**. Ing. *e-mail (electronic mail)* Fr. *message électronique* Cast. *correo electrónico* Pt. *correo electrónico*

→ correo electrónico

**carteira de publicidade** *u.f.* Conxunto de ordes de publicidade que un medio ten que cumplir durante un tempo determinado. Ing. *advertising portfolio* Fr. *portefeuille publicitaire* Cast. *cartera de publicidad* Pt. *carteira de publicidade*

**cartón** *s.m.* Pequena cartolina ou plástico rectangular que identifica o seu usuario, por exemplo, como traballador dun medio. SIN. **tarxeta, carné**. Ing. *card* Fr. *carte* Cast. *tarjeta* Pt. *cartão*

**cartón de libraría** *u.f.* Imaxe dixital fixa (mapa, fotografía, cartón de protección, etc.), almacenada para a súa posterior emisión ou posproducción.  
→ libraría dixital

**cartón de prensa** *u.f.* Carné de prensa.

**cartón de protección** *u.f.* Vídeo con música sen fin ou cartón de libraría que prevé calquera fallo de continuidade na emisión da cadea, por exemplo, unha posible descoordinación das desconexións territoriais ao comutar a central.  
→ grafismo horario

**cartón pedra** *u.f.* Material composto de pasta de cartón ou de papel, xeso e aceite, empregado para construír os decorados. Ing. *papier-mâché* Fr. *carton-pâte* Cast. *cartón piedra* Pt. *cartão-pedra*

**cartucho** *s.m.* Rolo de fita magnética pechado nunha caixa plástica, que ao chegar ao cabo rebobina automaticamente.

Empregado especialmente na emisión de publicidade e de indicativos na radio, caeu en

desuso nos últimos anos substituído pola tecnoloxía dixital.

Ing. *cartridge* Fr. *cartouche* Cast. *cartucho*  
Pt. *cartucho*

**cascos** *s.m.pl.* Par de auriculares unidos por un fío que se colocan nas orellas para escutar individualmente e sen interferencias. SIN. **auriculares**.

Ing. *headphone* Fr. *casque* Cast. *cascos* Pt. *auriculares, fone*

**casete** *s.f.* Soporte de gravación para audio ou/e vídeo, que consta de dous eixes, pechados nunha caixa hermética, nos que se enrola unha fita. SIN. **cinta, fita**. Ing. *tape, cassette* Fr. *cassette* Cast. *casete* Pt. *cassete*

**casting** *s.ing.* 1.- Proba de selección á que se someten actores, presentadores ou artistas. > **selección**.

*s.ing.* 2.- > **elenco**.

**cativar** *v.t.* Encantar, seducir, engaiolar.

Ing. *to charm* Fr. *captiver* Cast. *cautivar* Pt. *cativar*

**cátodo** *s.m.* Eléctrodo negativo que emite electróns cara aos ánodos, no tubo ao baleiro do sistema de televisión.

Ing. *cathode* Fr. *cathode* Cast. *cátodo* Pt. *cátodo*

→ tubo de raios catódicos

**CATV** *sigla Community Antenna Television.* Televisión por antena colectiva. Rede de distribución de sinais audiovisuais por cable. V. televisión por cable.

**cazapo** *s.m.* Pequeno erro que se comete por descuido ao escribir ou ao falar.

Ing. *blunder* Fr. *coquille* Cast. *gazapo* Pt. *atropelo, baralhada*

**CBS** *Columbia Broadcasting System.* Televisión Columbia (Estados Unidos), fundada como estación de radio en 1927, que constitúe na actualidade unha das principais cadeas americanas de televisión, dentro do grupo mediático Viacom.

Web: <http://www.cbs.com>

**CC** *sigla Closed Caption.* Subtítulos opcionais.

**CCD** *sigla Charge Coupled Device.* Dispositivo de carga acoplada. Tipo de convertedor de luz en corrente eléctrica integrado nas cámaras de vídeo. A súa calidade mídese en píxeles.

O seu funcionamento baséase na mostraxe espacial da luz existente, realizada por unha matriz de fotosensores que converten a luz captada en sinais eléctricos e actúan como memoria analóxica desa información ata a captación da seguinte mostra de luz.

**CCU** *sigla Camera Control Unit.* Unidade de control de cámara.

**CD** *sigla Compact Disc.* Disco compacto.

**Cd** Símbolo de candela.

**CD-Rom** *sigla Compact Disc- Read Only Memory.* Disco compacto de memoria só de lectura. Disco compacto empregado na informática para almacenar información de calquera natureza (audio, vídeo, datos).

Constitúe o soporte básico dos produtos *multimedia* caracerizados pola súa interactividade. Malia a persistencia desta denominación, na actualidade xa son populares os aparellos que permiten a gravación deste soporte.

**CDV** *sigla Compact Disc Video.* Disco compacto de vídeo. V. videodisco.

**ceder** *v.t.* Ofrecerlle o dereito de reproducción dunha obra ou dunha montaxe de imaxes a outro medio.

Ing. *to give* Fr. *céder* Cast. *ceder* Pt. *ceder*

**censura** *s.f.* 1.- Prohibición da publicación total ou parcial dunha información ou dunha obra por intervención previa dunha autoridade administrativa.

Ing. *1.- censorship* Fr. *1.- censure* Cast. *1.- censura* Pt. *1.- censura*

→ autocensura, liberdade de expresión  
s.f. 2.- Autoridade que exerce a censura.  
Ing. *2.- censors* Fr. *2.- censure* Cast. *2.- censura* Pt. *2.- censura*

**centrar** *v.t.* Poñer no centro o obxecto dunha toma, encadrar.

Ing. *to centre, to focus* Fr. *centrer, cadrer*  
Cast. *centrar, encuadrar* Pt. *centrar, enquadrar*

**centro de producción de programas**

**(CPP)** *u.f.* Local dunha cadea de televisión no que se realizan programas e que está dotado dun enlace que permite o transporte do sinal ao centro emisor.

Ing. *broadcast production centre* Fr. *centre de production de programmes* Cast. *centro de producción de programas* Pt. *centro de produção de programas*

**centro óptico** *u.f.* Centro xeométrico do corpo do obxectivo.

Ing. *optical centre* Fr. *centre optique* Cast. *centro óptico* Pt. *centro óptico*

**centro repetidor** *u.f.* Repetidor.

Ing. *relay station* Fr. *centre répéteur* Cast. *centro repetidor* Pt. *centro repetidor*

**CGAI** *Centro Galego de Artes da Imaxe.*

Institución de carácter público con sede na Coruña, creada en 1989 como centro de difusión e documentación da imaxe, dependente organicamente da Xunta de Galicia.

Web: <http://www.cgai.org>

**Channel 4** Cadea privada de televisión (Inglaterra), creada no 1982, que centra os seus contidos na cultura e nos informativos.

Web: <http://www.channel4.com>

**chantaxe** *s.f.* Ameaza coa que se pretende conseguir algo doutra persoa.

O xornalista debe establecer coas súas fontes unha relación de independencia, rexeitando pagamentos ou beneficio de favores, ameazas ou chantaxes, que, no caso de se produciren, deberán ser inmediatamente comunicados á dirección do medio.

Ing. *blackmail* Fr. *chantage [m.]* Cast. *chantaje [m.]*, extorsión Pt. *chantagem [f.]*

**chanza** *s.f.* Broma, dito gracioso para facer a risa de algo ou de alguén.

Ing. *crack, joke* Fr. *plaisanterie* Cast. *broma, chascarrillo* Pt. *caçoada*

**chapurrear** *v.t.* Falar unha lingua incorrectamente, con mala pronuncia e sen dominio do vocabulario nin da gramática.

Ing. *to have a smattering of* Fr. *baragouiner* Cast. *chapurrar, chapurrear* Pt. *algaraviar*

**charla** *s.f.* 1.- Parrafeo informal. SIN. **conversa, parola, leria, palique.**

Ing. 1.- *chat* Fr. 1.- *bavardage* Cast. 1.- *charla* Pt. 1.- *batepapo*

s.f. 2.- Exposición oral sobre un tema en ton distendido.

Ing. 2.- *talk* Fr. 2.- *causerie* Cast. 2.- *charla* Pt. 2.- *cavaqueira, palestra*

s.f. 3.- Comunicación simultánea en tempo real entre dúas ou máis persoas a través da Internet. SIN. **charla electrónica, conversa, encontro na rede.**

Ing. 3.- *chat* Fr. 3.- *babillard électronique* Cast. 3.- *charla* Pt. 3.- *batepapo*

**chave de croma** *u.f.* Proceso de realización que consiste en sobrepoñer un sinal de vídeo sobre parte doutro, estando definidas as áreas de superposición por unha gama específica de cor (xeralmente azul ou verde) dun dos sinais.

Na chave de croma dixital, a superposición de sinais de vídeo faiuse mediante a análise dos componentes da imaxe, xerando unha chave para cada un deles. Isto permite unha selección moito máis sutil da área da imaxe que se vai sobrepoñer e facilita a operación a partir de calquera dos millóns de cores representadas no dominio dixital, sen necesidade de que sexan saturadas.

Ing. *chroma key* Fr. *clé couleur, incrustation en chrominance* Cast. *llave de croma, inserción de imagen* Pt. *chave de cor*

**chaveta** *s.f.* Peza de material illante con dous extremos metálicos que se introducen noutra peza para establecer unha conexión eléctrica. SIN. **conector macho.**

Ing. *plug, jack* Fr. *fiche, prise mâle* Cast. *clavija, ficha* Pt. *ficha, tomada macho*

**chegar** *v.i.* 1.- Axustarse ao tempo asignado, non quedar escasos.

v.p. 2.- Pórse a menos distancia. SIN.

**acheegarse, aconchegarse, acercarse.**

Ing. 2.- *to come closer* Fr. 2.- *s'approcher* Cast. 2.- *acercarse* Pt. 2.- *achegar-se*

v.p. 3.- Ir a algures. SIN. **acheegarse, acercarse.**

Ing. 3.- *to go, to drop by* Fr. 3.- *aller* Cast. 3.- *acercarse* Pt. 3.- *ir*

**chiar** *v.i.* Producir ruídos agudos e desagradables por causa do arrastre que produce unha cinta no arranque. SIN. **rinxar, renixer.**

Ing. *to screech* Fr. *grincer* Cast. *chirriar* Pt. *chiar*

**chips** CCD *u.f.ing.* > **circuítos CCD.**

**chisme** *s.m.* Noticia que circula sen que haxa certeza de que sexa verdadeira, ás veces con mala intención. SIN. **ruxeruxo, conto, dixomedíxome, rumor.**

Ing. *gossip* Fr. *cancan* Cast. *chisme* Pt. *rumorejo, boato*

**chispa** *s.f.* Descarga eléctrica producida por un mal contacto dos condutores.

Ing. *spark* Fr. *étincelle* Cast. *chispa* Pt. *chispa*

→ arco voltaico

**chroma key** *u.f.ing.* > **chave de croma.**

**ciano** *s.m.* Cor secundaria do sistema de televisión, resultado da mestura de azul e verde.

Ing. *cyan* Fr. *cyan* Cast. *cián* Pt. *ciano*  
→ cor

**ciberespazo** *s.m.* Universo creado a través das redes informáticas, en concreto, a Internet.

O termo é unha tradución do inglés *cyberspace*, creado polo escritor William Gibson na novela futurista de 1984 *Neuromancer*, na que imaxina un mundo virtual nas redes informáticas que reúnen toda a información do planeta.

Ing. *cyberspace* Fr. *cybermonde* Cast. *ciberespacio* Pt. *ciberespaço*

**ciclorama** *s.m.* Fondo neutro ou monocromático dun estudio de televisión ou dun escenario.

Ing. *cyclorama* Fr. *cyclorama* Cast. *ciclorama* Pt. *ciclorama*

**ciclorama azul** *u.f.* V. fondo azul.

**CIE** *Commission internationale d'Éclairage*. Comisión internacional de iluminación, que define o sistema de clasificación das cores baseado en medicións espectrais, creado nos anos trinta co mesmo nome.

Trátase dun modelo de dúas dimensións de análise da cor, que reflicte só o ton e mais a saturación.

→ sistema Munsell, RGB

**ciencias da información e da comunicación** *u.f.pl.* Estudo dos intercambios expresivos entre os individuos ou os grupos sociais, sexa cal for o medio empregado para isto. É unha ciencia cunha historia áinda breve, que mantén un vínculo constante con diferentes disciplinas como a psicoloxía, a tecnoloxía, a economía, o dereito, a antropoloxía, a lingüística, etc.

Ing. *information and communication studies* Fr. *sciences de l'information et de la communication* Cast. *ciencias de la información y de la comunicación* Pt. *ciências da informação e comunicação*

→ xornalismo

**cifrar** *v.t.* Codificar.

**cine** *s.m.* 1.- Abreviatura de cinematografía. Arte de compor e rexistrar películas para proxectalas sobre unha pantalla. SIN. **cinema**.

Ing. 1.- *cinema* Fr. 1.- *cinéma* Cast. 1.- *cine* Pt. 1.- *cinema*

*s.m.* 2.- Industria xerada ao redor desta arte.

Coa crecente participación das cadeas de televisión na producción de obras cinematográficas aparecen novas controversias entre o cine e o medio televisivo. A lexislación vixente establece medidas de protección para a filmografía como, por exemplo, obrigar os operadores a destinar unha porcentaxe dos ingresos ás longametraxes cinematográficas e ás películas para televisión europeas.

**cine mudo** *u.f.* Cinematografía que non contén banda de son. SIN. **cine silencioso**.

A introdución da banda de son foi un avance técnico posterior aos comezos do cine. As proxeccións, así e todo, adoitaban acompañarse de música en directo e algunas películas incorporaban títulos na pantalla con textos de diálogos.

Ing. *silent films* Fr. *cinéma muet* Cast. *cine mudo* Pt. *cinema mudo*

**cine sonoro** *u.f.* Cinematografía que inclúe a capacidade de reproducir unha banda sonora que complementa a imaxe. SIN. **cine falado**.

Ing. *talkies, talking picture* Fr. *cinéma parlant* Cast. *cine sonoro* Pt. *cinema falado*

**cineasta** *s.* Persoa que exerce como director de cine ou que desempeña un labor creativo ou técnico relacionado coa cinematografía.

Ing. *film maker* Fr. *cinéaste* Cast. *cineasta* Pt. *cineasta*

**cinemascopio** *s.m.* Procedemento cinematográfico desenvolvido por Henri Chrétien que lle dá á proxección o efecto de relevo, a través dun obxectivo deformador fixado á cámara e doutro semellante situado no proxector. Hoxe, en desuso.

Ing. *cinemascope* Fr. *cinémascope* Cast. *cinemascopio* Pt. *cinemascópio*

**cinematografía** *s.f.* Cine.

**cinescopio** *s.m.* Antigo modo de gravación de programas de televisión, previo á invención do magnetoscopio, que consistía en situar unha cámara fronte a un monitor de televisión e gravar a imaxe que se estaba emitindo en directo.

Na actualidade, designa tamén o tubo de raios catódicos dun televisor, que converte os sinais eléctricos nunha imaxe visible na pantalla.

Ing. *kinescope* Fr. *cinéscope* Cast. *cinescopio* Pt. *cinescópio*

**cinta** *s.f.* Soporte magnético que consta dunha fita introducida nunha caixa

plástica, que permite rexistrar e reproducir son (**cinta de audio**) e/ou imaxes (**cinta de vídeo**). SIN. **casete, fita**.

Ing. *tape* Fr. *cassette* Cast. *cinta* Pt. *fita*

**cinta limpadora** *u.f.* Cinta que deixa libre de lixos as cabezas de gravación ou de reprodución.

Ing. *cleaning tape* Fr. *cassette de nettoyage* Cast. *cinta limpiadora* Pt. *fita de limpeza*

**cinta orixinal** *u.f.* V. copia mestra.

**cinta virxe** *u.f.* Cinta que nunca foi gravada.

Ing. *blank tape* Fr. *cassette vierge* Cast. *cinta virgen* Pt. *fita virgem*

**circuíto** *s.m.* Conxunto de condutores unidos entre si, polos que pasa a corrente eléctrica.

Ing. *circuit* Fr. *circuit* Cast. *circuito* Pt. *círculo*

**circuíto aberto de televisión** *u.f.*

Instalación de vídeo que transmite sinais radioeléctricos que poden ser captados por calquera receptor situado na área de cobertura ou de servizo.

Ing. *open circuit television* Fr. *circuit ouvert de télévision* Cast. *circuito abierto de televisión* Pt. *círculo aberto de televisão*

**circuíto de retardo** *u.f.* Dispositivo que atrasa un proceso durante un tempo, co fin de solucionar problemas de sincronización de sinais. SIN. **liña de retardo**.

Ing. *delay circuit* Fr. *circuit de retard* Cast. *circuito de retardo* Pt. *linha de atraso*  
—retardo

**circuíto pechado de televisión** *u.f.*

Sistema interno de televisión dunha entidade no que o sinal só se mantén dentro da mesma.

Ing. *closed circuit television* Fr. *circuit fermé de télévision* Cast. *circuito cerrado de televisión* Pt. *círculo fechado de televisão*

**circúitos CCD** *u.f.pl.* Sistema alternativo ao tubo de cámara, que consta de diminutos circuitos electrónicos cubertos cunha capa fotosensible dividida nun gran número de elementos que

realizan unha mostraxe espacial da luz captada, converténdoa nun sinal eléctrico.  
→CCD.

**cita** *s.f.* Reprodución literal dun fragmento de texto ou das declaracíons dunha persoa, indicando a súa procedencia.

Ing. *quotation* Fr. *citation* Cast. *cita* Pt. *citação, cita*

→total

**claqueta** *s.f.* Utensilio composto de dúas pranchas de madeira negra cun breve texto coas indicacíons técnicas, unidas por un gonzo, que se batén ao iniciar a filmación dunha toma co fin de facilitar a montaxe posterior.

No caso de recoller o son directo, o sinal sonoro do batemento da claqueta serve, ao mesmo tempo, de rexistro para a sincronización da imaxe e o son. Non se emprega na gravación en vídeo, dado que o son se grava ao mesmo tempo ca a imaxe.

Ing. *clap* Fr. *claquette* Cast. *claqueta* Pt. *claquete*

**claquetista** *s.* Profesional encargado de bater a claqueta e indicar oralmente o inicio e a identificación da toma.

Ing. *clapman* Fr. *deuxième assistant, clapman* Cast. *claquetista* Pt. *claquetista*

**claridade** *s.f.* 1.- Efecto que causa a luz sobre un espazo.

Ing. *1.- brightness* Fr. *1.- clarté* Cast. *1.- claridad* Pt. *1.- claridade*

→iluminación

*s.f.* 2.- Calidade do que se pode comprender sen confusión.

Ing. *2.- clearness* Fr. *2.- clarté* Cast. *2.- claridad* Pt. *2.-clareza*

→ambigüidade

**claroscuro** *s.m.* Efecto provocado polo contraste da distribución da luz e das sombras nunha imaxe ou nun espazo.

Ing. *chiaroscuro, light and shade* Fr. *clair-obscur* Cast. *claroscuro* Pt. *claro-escuro*

**clasificación** *s.f.* Xerarquización dos programas de televisión segundo o nivel de audiencia que acadaron.

A posición de cada programa nesa clasificación por audiencias é decisiva para conseguir publicidade.

Ing. *ranking* Fr. *palmarés* Cast. *clasificación* Pt. *classificação*

→audimetría

**cláusula de conciencia** *u.f.* Dereito constitucional que lle recoñece ao profesional da información a posibilidade de rachar o seu contrato de traballo cando considere que a liña que lle impón o medio é contraria ás súas conviccións, no caso dun cambio substancial na orientación ideolóxica do medio, e sen perder o dereito ás indemnizacións equivalentes ao seu despedimento.

Ing. *conscience clause* Fr. *clause de conscience* Cast. *cláusula de conciencia* Pt. *cláusula de consciência*

→liña editorial

**clavija** *s.cast.* > **chaveta**.

**clímax** *s.m.* Punto culminante da trama dunha película ou do desenvolvemento de calquera obra audiovisual.

Ing. *climax* Fr. *climax* Cast. *clímax* Pt. *clímax*

**clip** *s.ing.* Nun sistema de edición dixital, información comprendida entre dúas transicións que se toma como elemento base de traballo. > **corte**.

**clixé** *s.m.* Frase feita ou expresión de circulación permanente nos medios, que, por tan empregada, xa carece de significación. SIN. **lugar común**.

Ing. *cliché* Fr. *cliché* Cast. *cliché* Pt. *cliché*

**close up** *u.f.ing.* > **primeiro plano**.

**Club Internacional de Prensa** Organismo para o debate e o estudo da comunicación e do xornalismo, creado en 1993, con sede en Santiago de Compostela. As súas actividades céntranse na organización de seminarios e conferencias a cargo dos principais profesionais da comunicación.

## **Clúster do Audiovisual Galego**

Agrupación empresarial para o desenvolvemento das producións audiovisuais de Galicia, creado no 2003. Web: <http://www.clusteraudiovisualgalego.com>

**CMT** *Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones*. Comisión do mercado das telecomunicacións (España).

Organismo independente español regulador do mercado das telecomunicacións e dos servizos audiovisuais, telemáticos e interactivos, creado no 1996.

Web: <http://www.cmt.es>

**CNN** *Cable News Network*. Cadea americana de noticias (Estados Unidos) fundada en 1980. Emite en directo desde América e sintonízase en máis de oitenta países. Tivo a exclusiva da Guerra do Golfo e no ano 1999 foi adquirida por Paramount.

Web: <http://www.cnn.com>

**coautor -ora** *s.* Persoa que colabora con outra na realización dunha obra, sexa en calidade de guionista, dialoguista, compositor da banda sonora, realizador ou calquera outro tipo de intervención creativa que lle outorga dereitos sobre o produto final.

Ing. *co-author* Fr. *coauteur* Cast. *coautor* Pt. *co-autor*

→dereitos de autor

**cobertura** *s.f.* 1.- Área xeográfica ou número de persoas que reciben o sinal emitido por un medio.

OBS. Esta denominación adoita usarse nos medios de comunicación vía aérea, fronte ás difusións por cable, que empregan o termo servizo.

Ing. *1.- coverage* Fr. *1.- couverture* Cast. *1.- cobertura* Pt. *1.- cobertura*

*s.f.* 2.- Calidade de recepción dun sinal nunha área xeográfica.

Ing. *2.- coverage* Fr. *2.- couverture* Cast. *2.- cobertura* Pt. *2.- cobertura*

*s.f.* 3.- Acción e efecto de cubrir un acontecemento para informar sobre el.

Ing. 3.- *coverage* Fr. 3.- *couverture* Cast. 3.- *cobertura* Pt. 3.- *cobertura*

**codificado -a** *adj.* (Cadea de televisión, programación) que codifica o seu sinal, de maneira que a imaxe e o son que transporta só resulta accesible para os abonados a ela, que disponen dun aparello descodificador.

Ing. *scrambled, encrypted* Fr. *chiffré, encodé* Cast. *codificado* Pt. *codificado*

**codificador** *s.m.* Dispositivo que consta dun sistema que modifica un sinal seguindo os patróns dun código.

Ing. *encoder* Fr. *codeur, encodeur* Cast. *codificador* Pt. *codificador*

→ *Simulcrypt, Multicrypt*

**codificar** *v.t.* Transformar un sinal mediante un código determinado. SIN. **cifrar**.

Se o código é privado, o fin deste procedemento é que ao emitir o sinal sexa inintelixible para todos aqueles receptores que non disponen do descodificador axeitado.

Ing. *to (en)code, to scramble* Fr. *chiffrer, encoder* Cast. *codificar* Pt. *codificar*

**código de tempo (TCR)** *u.f.* Marcaxe numérica inserida na fita de vídeo identificando en horas, minutos, segundos e cadros cada tramo da gravación, co fin de facilitar os labores de montaxe.

Ing. *time code (recording)* Fr. *code horaire* Cast. *código de tiempo* Pt. *código de tempo*  
→ contador do tempo da fita

**código deontolóxico** *u.f.* V. deontoloxía.

Ing. *code of ethics* Fr. *code déontologique* Cast. *código deontológico* Pt. *código deontológico*

**COL+VTR** Indicación na escada de colas e vídeo completo.

**colaborador -ora** *s.* 1.- Profesional que presta os seus servizos a un medio de comunicación con certa regularidade, sen pertencer ao seu cadro de persoal.  
Ing. *1.- stringer* Fr. *1.- collaborateur* Cast. *1.- colaborador* Pt. *1.- colaborador*  
→ autónomo

s. 2.- Persoa que, sen ser profesional da comunicación, achega regular ou esporadicamente informacións a unha redacción.

Ing. 2.- *contributor* Fr. 2.- *collaborateur* Cast. 2.- *colaborador* Pt. 2.- *colaborador*  
→ fonte

**colas** *s.f.pl.* 1.- Imaxes editadas con son ambiental, narradas en directo pola voz de fondo do presentador que está no estudio.

Adoitán ir precedidas dunha entrada do mesmo locutor e elabóranse cun sentido eminentemente visual.

Ing. *1.- over record* Cast. *1.- colas* Pt. *1.- nota coberta*

*s.f.pl.* 2.- Fragmentos de fita sen imaxes, situados ao principio e mais ao final da gravación, que se empregan para manipulacións técnicas e como protección.

Ing. *2.- cues, blank film* Fr. *2.- chutes, amorce* Cast. *2.- colas, coleo*

*s.f.pl.* 3.- Imaxes sobrantes, sen locución, montadas ao final dunha peza informativa para asegurar a transición á seguinte noticia ou para axustar tempos.

SIN. **resto**.

**colchón** *s.m.* 1.- Peza informativa breve de reserva que se introduce para completar o tempo da emisión e que pode ir en calquera orde dentro da escada.

*s.m.* 2.- Espazo de memoria auxiliar dun sistema informático. SIN. **memoria intermedia**.

Ing. *2.- buffer* Fr. *2.- tampon* Cast. *2.- colchón* Pt. *2.- tampão, memória intermédia*

**coleo** *s.cast.* > **colas**.

**Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia** Organización que agrupa os profesionais do xornalismo en Galicia,

posta en marcha en 1999 en Santiago de Compostela, co fin de afondar na mellora das condicións de traballo dos periodistas e de garantir a independencia e a liberdade informativa.

Web: <http://www.xornalistas.com>

**colocación do produto** *u.f.* Acción publicitaria que consiste en introducir no desenvolvemento dunha serie ou dunha película o producto que se desea anunciar.

É unha técnica creada para contrarrestar a práctica do espectador de evitar os bloques publicitarios cambiando de canle. A súa eficacia non depende tanto do tempo de pantalla que logre o producto como da notoriedade que consiga na trama.

Ing. *product placement*

**coloquio** *s.m.* 1.- Xénero dialogal no que un grupo de convidados expoñen as súas opinións sobre un tema.

Diferénciase do debate en que as opinións non teñen que ser opostas.

Ing. 1.- *talk* Fr. 1.- *colloque* Cast. 1.- *coloquio* Pt. 1.- *colóquio*

*s.m.* 2.- Emisión televisiva que desenvolve ese xénero.

Ing. 2.- *talk* Fr. 2.- *colloque* Cast. 2.- *coloquio* Pt. 2.- *colóquio*

→ faladoiro, mesa redonda

**color** *s.f.* Cor.

**coma** *s.f.* Signo de puntuación [ , ] co que se representan as pequenas pausas da lingua oral entre oracións ou palabras.

SIN. **vírgula**.

Nos textos para lectura en medios audiovisuais as comas adoitan substituírse por barras en diagonal, que facilitan a percepción visual da distribución das pausas.

Ing. *comma* Fr. *virgule* Cast. *coma* Pt. *vírgula*

**comarcal** *adv.* Relativo a unha comarca ou bisbarra.

Ing. *regional* Fr. *régional, départemental* Cast. *comarcal* Pt. *regional*

**comarcal, televisión** *u.f.* V. televisión comarcal.

**comedia de situación** *u.f.* 1.- Xénero de orixe americana concibido para o gran público, que pon en escena conflitos da vida cotiá, con certa dose de humor, e sempre cos mesmos personaxes e os mesmos decorados.

Ing. 1.- *sitcom* Fr. 1.- *comédie de situation* Cast. 1.- *comedia de situación* Pt. 1.- *comédia de situação*

u.f. 2.- Produto audiovisual dese xénero.

Ing. 2.- *sitcom* Fr. 2.- *comédie de situation* Cast. 2.- *comedia de situación* Pt. 2.- *comédia de situação*

→ telecomedia

**comentario de fondo** *u.f.* V. locución de fondo.

**comentarista** *s.* Xornalista que ten por tarefa describir e interpretar os acontecementos transmitidos por televisión, xeralmente de maneira improvisada en función do discorrer dos feitos.

Ing. *commentator* Fr. *commentateur* Cast. *comentarista* Pt. *comentador, comentarista*

→ locutor

**comer** *v.t.* Omitir involuntariamente unha palabra, parte dela ou unha frase.

Ing. *to omit* Fr. *manger* Cast. *comerse* Pt. *comer*

**comiñas** *s.f.pl.* Signo gráfico formado por dúas vírgulas elevadas sobre o nivel das letras “ ” que se emprega para delimitar unha cita dentro dun texto ou para indicar que unha palabra ou un sintagma ten, nese contexto, un significado distinto do habitual.

Ing. *quotation marks* Fr. *guillemets* Cast. *comillas* Pt. *aspas*

**como se fixo** *u.f.* Reportaxe con fins promocionais na que se recollen imaxes curiosas do desenvolvemento da gravación dunha película ou dunha serie: preparación da escena, ordes do director, comentarios dos actores, entrevistas, etc.

Ing. *making of* Fr. *making of, reportage de tournage* Cast. *así se hizo, cómo se hizo* Pt. *making of*

**comodín** *adv. e s.m.* Profesional que serve para exercer diversas funcións, segundo as necesidades.

Ing. *man Friday* Fr. *bouche-trou* Cast. *comodín* Pt. *curinga*

**compact disc** *u.f.ing.* > **disco compacto**.

**compartimento da cinta** *u.f.* Lugar do magnetófono ou do magnetoscopio onde se coloca a casete.  
Ing. *cassette compartment* Fr. *compartiment à cassette* Cast. *recámara, compartimento de cinta* Pt. *compartimento da cassette*

**compensador** *s.m.* Dispositivo incorporado ao amplificador para reforzar as frecuencias graves, atendendo ás características do oído humano que, ao baixar o volume, tende a perder máis esas frecuencias ca as agudas.  
Ing. *compensator* Fr. *compensateur* Cast. *compensador* Pt. *compensador*  
→amplificador

**competencia** *s.f.* 1.- Coñecemento abondo ou capacidade para tratar un asunto.  
Ing. *I.- ability* Fr. *I.- compétence* Cast. *I.- competencia* Pt. *I.- competência*  
s.f. 2.- Persoa ou grupo que compite nunha mesma actividade.  
Ing. *2.- competitors* Fr. *2.- concurrence* Cast. *2.- competencia* Pt. *2.- concorrência*

**compilación** *s.f.* Conxunto de fragmentos escollidos de diversas obras musicais, gráficas ou escritas.  
Ing. *track-listing* Fr. *compilation* Cast. *compilación* Pt. *compilação*

**compositor -ora** *s.* Profesional encargado da creación dos fragmentos musicais dunha produción audiovisual, que deben axustarse ao ritmo e á atmosfera das escenas que acompañan.  
Ing. *composer* Fr. *compositeur* Cast. *compositor* Pt. *compositor*

**compra** *s.f.* Adquisición dun produto televisivo rematado.  
→precompra

**compra dun espazo** *u.f.* Operación comercial entre un anunciante e unha cadea para a difusión dunha mensaxe publicitaria.

**compresor** *s.m.* Dispositivo que realiza a compresión do sinal que, no caso dos sistemas dixitais, supón a eliminación da información redundante, e nos

analóxicos, a limitación do sinal a unha marxe dinámica.  
Ing. *compressor* Fr. *compresseur* Cast. *compresor* Pt. *compressor*  
→expansor

**comprobar** *v.t.* Examinar se unha información ou un dato é exacto. SIN.  
**verificar.**  
Ing. *to check* Fr. *vérifier* Cast. *comprobar* Pt. *verificar*

**computadora** *s.f.* Ordenador.

**comunicación** *s.f.* 1.- Acción de intercambiar mensaxes, na proximidade ou na distancia, con ou sen a axuda dun medio e sexa cal for a finalidade do intercambio (informar, entreter, divertir, instruír, influír, etc).  
Ing. *I.- communication* Fr. *I.- communication* Cast. *I.- comunicación* Pt. *I.- comunicação*  
s.f. 2.- Información, noticia, aquilo que se difunde.  
Ing. *2.- communication* Fr. *2.- communication* Cast. *2.- comunicación* Pt. *2.- comunicação*  
s.f. 3.- Contacto entre varios puntos a través dun medio de comunicación.  
Ing. *3.- communication* Fr. *3.- communication* Cast. *3.- comunicación* Pt. *3.- comunicação*  
→ciencias da información e da comunicación

**comunicado** *s.m.* Texto informativo curto, procedente dun organismo oficial, destinado a ser publicado parcial ou integralmente.  
Ing. *press release* Fr. *communiqué* Cast. *comunicado* Pt. *comunicado*

**comunicador -ora** *s.* 1.- Profesional da comunicación.  
Ing. *I.- communicator* Fr. *I.- communicateur* Cast. *I.- comunicador* Pt. *I.- comunicador*  
s. 2.- Persoa con capacidade de comunicar, de atraer e de interesar a audiencia coa súa expresión e calidades persoais.

Ing. 2.- *communicator* Fr. 2.- *communicateur* Cast. 2.- *comunicador* Pt. 2.- *comunicador*  
→ animador

**comunicar** *v.t.* 1.- Facerlle saber unha información a alguén. SIN. **informar**, **dar conta**.

Ing. 1.- *to communicate, to report* Fr. 1.- *communiquer* Cast. 1.- *comunicar* Pt. 1.- *comunicar*

v.p. 2.- Pórse en contacto con alguén para intercambiar mensaxes.

Ing. 2.- *to communicate* Fr. 2.- *communiquer* Cast. 2.- *comunicar* Pt. 2.- *comunicar*

v.i. 3.- Dar sinal un teléfono indicando que a liña está ocupada.

Ing. 3.- *to be busy* Fr. 3.- *être occupé* Cast. 3.- *comunicar* Pt. 3.- *estar ocupado*

**concierto** *s.m.* Sesión musical ante público.  
Ing. *concert* Fr. *concert* Cast. *concierto* Pt. *concerto*

**concesión** *s.f.* Autorización coa que o goberno outorga a unha persoa natural ou xurídica o dereito a explotar un servizo de telecomunicación nun territorio determinado.

Ing. *concession* Fr. *concession* Cast. *concesión* Pt. *concessão*

**concisión** *s.f.* Calidade do que se expresa coas palabras precisas, xustas e indispensables.

Ing. *conciseness* Fr. *concision* Cast. *concisión* Pt. *concisão*

→ claridade

**concurso** *s.m.* 1.- Xénero televisivo no que unha ou varias persoas disputan un premio.

Presenta modalidades diversas segundo o modo de participación (telefónico, no estudio, por correo), ou segundo a temática ou a forma (de azar, cultural, etc.).

Ing. 1.- *quiz* Fr. 1.- *jeu télévisé* Cast. 1.- *concurso* Pt. 1.- *concurso*

*s.m.* 2.- Programa dese xénero.

Ing. 2.- *quiz* Fr. 2.- *jeu télévisé* Cast. 2.- *concurso* Pt. 2.- *concurso*

**conducir** *v.t.* Guiar coa palabra o desenvolvemento dun debate, dunha entrevista ou, en xeral, de calquera programa de televisión, encadeando os diferentes aspectos ou contidos.

Ing. *to lead* Fr. *conduire, animer* Cast. *conducir* Pt. *conduzir*

**condutor -ora** *s.* Presentador que guía o programa, actuando como nexo entre as noticias, as reportaxes, as conexións en directo ou calquera outro contido.  
Ing. *anchor* Fr. *présentateur* Cast. *condutor* Pt. *apresentador*

**conectador** *s.* Aparello que serve para conectar dous elementos.

Ing. *connector* Fr. *connecteur* Cast. *conectador, conector* Pt. *conector*

**conectador de baioneta (BNC)** *u.f.* Conectador para cable coaxial de uso frecuente en equipos de vídeo profesional e nas redes informáticas, que dispón dun mecanismo xiratorio que asegura o contacto e a resistencia ante as tensións do cable.

**conex** Abreviatura empregada na escada para sinalar unha conexión. V. conexión.

**conexión** *s.f.* 1.- Contacto entre dúas partes dun sistema mecánico ou eléctrico.

SIN. **ligazón, enlace, nexo**.

Ing. 1.- *connexion* Fr. 1.- *connexion* Cast. 1.- *conexión* Pt. 1.- *conexão*

*s.f.* 2.- Establecemento dunha comunicación cun espazo externo ao estudio no que se desenvolve un programa de televisión.

Ing. 2.- *connexion* Fr. 2.- *liaison* Cast. 2.- *conexión* Pt. 2.- *conexão*

*s.f.* 3.- Relación entre dous elementos.

SIN. **relación, vínculo, nexo**.

Ing. 3.- *connexion* Fr. 3.- *liaison* Cast. 3.- *conexión* Pt. 3.- *conexão*

**conferencia de prensa** *u.f.* Rolda de prensa.

**confidencial** *adv.* (Dato, información) para coñecemento exclusivo do xornalista, que se compromete co informante a non

o revelar, pero que lle serve para ter un coñecemento profundo da noticia.

Ing. *dope, off the record* Fr. *confidentiel, hors enregistrement* Cast. *confidencial* Pt. *confidencial*

→segredo profesional

**confidente** *s.* Persoa que lle facilita a un xornalista información reservada.

Ing. *informer* Fr. *informateur* Cast. *confidente* Pt. *confidente*

→fonte, sopro

**conflicto** *s.m.* 1.- Contraposición de intereses na acción narrativa, presente en cada producción dramática e que se resolve, parcial ou totalmente, no final da obra.  
Ing. 1.- *conflict* Fr. 1.- *conflit* Cast. 1.- *conflicto* Pt. 1.- *conflit*

→trama

*s.m.* 2.- Factor de interese xornalístico relativo ás tensións ou aos confrontamentos de calquera índole.

Ing. 2.- *conflict* Fr. 2.- *conflit* Cast. 2.- *conflicto* Pt. 2.- *conflit*

**consello de redacción** *u.f.* Reunión diaria dos xefes de sección dun medio co redactor xefe, na que se avalían e deciden os contidos informativos que se van tratar nesa xornada.

Ing. *editorial meeting* Fr. *conférence de rédaction* Cast. *consejo de redacción* Pt. *conselho de redacção*

**consola** *s.f.* Instrumento electrónico que procesa e combina os sinais para a edición ou gravación.

Ing. *console* Fr. *pupitre* Cast. *consola* Pt. *consola*

**Consorcio Audiovisual de Galicia**  
Órgano creado no 2002 para potenciar a creación do sector, especialmente da producción e da industria audiovisual galega, e estender a súa distribución ao resto de Europa. Constitúeno a Xunta de Galicia, a CRTVG e as deputacións das catro provincias.

Web: <http://www.consorcioaudiovisualgalicia.org>

**consorcio de medios** *u.f.* Grupo de xornalistas seleccionados entre os distintos medios para cubrir a información producida nun lugar de acceso restrinxido, coa obriga de cedérllela aos compañeiros dos medios que non estiveron presentes.

Ing. *pool* Fr. *pool de journalistes* Cast. *consorcio de medios* Pt. *consórcio, pool*

**construcción da axenda** *u.f.* Capacidade dos medios de comunicación de establecer a relación de asuntos que pasan a ser de interese público.

Ing. *agenda setting* Fr. *fonction d'agenda* Cast. *construcción de agenda* Pt. *fabrico da actualidade*

**consultorio** *s.m.* 1.- Xénero dialogal no que un experto aconsella a audiencia sobre un determinado tema suxerido previamente por un espectador a través do teléfono, do correo convencional ou do electrónico.

Ing. 1.- *phone-in* Fr. 1.- *programme à ligne ouverte* Cast. 1.- *consultorio* Pt. 1.- *consultório*

*s.m.* 2.- Espazo televisivo dese xénero.

Ing. 2.- *phone-in* Fr. 2.- *programme à ligne ouverte* Cast. 2.- *consultorio* Pt. 2.- *consultório*

**conta atrás** *u.f.* Enumeración en voz alta en orde descendente coa que se indica o inicio dunha gravación ou dunha emisión, acompañada normalmente dun xesto co dedo índice.

Ing. *countdown* Fr. *compte à rebours, decompte* Cast. *cuenta atrás* Pt. *contagem regressiva*

**contactos** *s.m.pl.* Rede de fontes particular da que dispón un xornalista ou un medio, para a obtención de noticias de primeira man.

Ing. *contacts* Fr. *sources* Cast. *contactos* Pt. *contactos*

→axenda, fonte

**contador do tempo da fita** *u.f.* Cronómetro que aparece no magnetoscopio durante a reproducción da cinta de vídeo.

Dada a súa escasa precisión, non se ten en conta nos labores de montaxe, fronte ao TCR (código de tempo) que permite marcar os puntos de edición exactos.

Ing. *tapetimer* Fr. *compteur* Cast. *contador de cinta* Pt. *contador do tempo da fita*

→ código de tempo

**conteo** *s.cast.* > **grafismo horario**.

**conertulio** *s.cast.* > **convidado**.

**contestador automático** *u.f.* Equipo conectado á liña telefónica, que pode detectar a corrente de chamada procedente da central, efectuar un descolgado e enviarlle ao abonado unha mensaxe programada.

É un medio habitual de canalizar as suxestíons, as consultas ou as opinións da audiencia.

Ing. *answering machine, answer phone* Fr. *répondeur* Cast. *contestador automático* Pt. *atendedor automático*

→ caixa de voz

**contexto** *s.m.* Conxunto de circunstancias que rodean un feito e que condicionan o seu significado.

Ing. *background* Fr. *contexte* Cast. *contexto* Pt. *enquadramento, contexto*

→ situar

**contido** *s.m.* 1.- Temas e argumentos tratados nunha emisión.

Ing. *1.- contents* Fr. *1.- contenu* Cast. *1.- contenido* Pt. *1.- conteúdo*

*s.m.pl.* 2.- Conxunto de producción inmaterial dunha empresa de comunicación, por oposición ao conxunto do equipamento técnico.

Ing. *2.- software, contents*

→ programación

**continuará...** Lenda que aparece sobreimpresa na imaxe final dun capítulo non concluínte dunha serie ou dunha película emitida en varias sesións.

Ing. *to be continued* Fr. *la suite au prochain épisode* Cast. *continuará* Pt. *continua no próximo episódio*

**continuidade** *s.f.* Coherencia dos movementos, do ambiente, da iluminación ou de calquera elemento audiovisual,

entre un plano e o seguinte, que se supón que suceden correlativos.

Ing. *raccord* Fr. *continuité, raccord* Cast. *continuidad* Pt. *continuidade*

**continuidade, control de** *u.f.* V. control de continuidade.

**continuidade, vídeo de** *u.f.* V. vídeo de continuidade.

**continuidade da programación** *u.f.* 1.-

Cumprimento da programación establecida nun medio.

*u.f.* 2.- Frases, estética ou estilo narrativo que identifican a emisora.

Para fortalecer a imaxe corporativa fíxanse elementos que contribúan a esa continuidade nos programas: cores dos decorados, frases de despedida estándar nas informacíons dos reporteiros, etc.

**conto** *s.m.* 1.- Narración breve de ficción ou real.

Ing. *1.- tale* Fr. *1.- histoire* Cast. *1.- cuento* Pt. *1.- conto*

*s.m.* 2.- Noticia falsa, chisme.

Ing. *2.- fib* Fr. *1.- histoire, ragot* Cast. *2.- cuento* Pt. *2.- contos*

**contorno** *s.m.* 1.- Límite dunha figura, perímetro. SIN. **silueta**.

Ing. *1.- outline* Fr. *1.- contour* Cast. *1.- contorno* Pt. *1.- contorno*

*s.m.* 2.- Zona que rodea un obxecto principal.

Ing. *2.- background* Fr. *2.- environnement* Cast. *2.- contorno, entorno* Pt. *2.- enquadramento*

→ pantasma

**contraluz** *s.f.* 1.- Luz de contra.

*s.f.* 2.- Imaxe captada coa fonte luminosa situada detrás do obxecto da toma, é dicir, fronte á cámara.

Ing. *2.- back lighting* Fr. *2.- contre-jour [m.]* Cast. *2.- contraluz [m.]* Pt. *2.-contraluz [f.]*

**contraluz, a** *u.f.* Coa fonte de iluminación, natural ou artificial, fronte á cámara.

**contrapicado** *s.m.* Imaxe tomada en perspectiva vertical ascendente, que enaltece o suxeito da imaxe. SIN. **toma enfática, vista de verme**.

Ing. *low angle* Fr. *contre-plongée* Cast. *contrapicado* Pt. *contrapicado*

→picado

**contraplano** *s.m.* Toma captada desde o ángulo oposto ao plano anterior.

Ing. *reverse shot* Fr. *contrechamp* Cast. *contraplano* Pt. *contra-campo*

→entrevista a plano-contraplano

**contraprogramación** *s.f.* Estratexia

ilegalizada das cadeas de televisión que consiste en alterar a súa programación en función do que emiten as outras canles, xeralmente igualando os contidos da competencia.

Está regulado por lei o dereito dos usuarios a recibir unha información adecuada e veraz sobre a programación prevista, cun prazo mínimo de once días de antelación. As modificacións da programación anunciada só son posibles se son consecuencia de sucesos imprevistos e alleos á vontade do operador.

Esta homoxeneización dos discursos televisivos falsea, ademais, a pluralidade de programacións e elimina a posibilidade real do espectador de elixir o tipo de programa que deseja.

Ing. *rescheduling* Fr. *contre-programmation* Cast. *contraprogramación* Pt. *contraprogramação*

→programación

**contrasinal** *s.m.* Combinación de caracteres que identifican e diferencian o usuario dun sistema informático co fin de condicionar a posibilidade de acceso á rede, a unha unidade de información ou a un determinado nivel do sistema.

Ing. *password* Fr. *mot de passe [m.]* Cast. *contraseña [f.]* Pt. *contra-senha [f.]*

**contrastar** *v.t.* Comprobar que a información que ofrece unha fonte non está manipulada e comparala coas versións doutras fontes implicadas.

Ing. *to check* Fr. *recouper* Cast. *contrastar* Pt. *cruzar, contraditar*

**contraste** *s.m.* 1.- Oposición dunha cousa con respecto a outra coa que se compara.

Ing. *1.- contrast* Fr. *1.- contraste* Cast. *1.- contraste* Pt. *1.- contraste*

*s.m.* 2.- Relación entre a luz e o escuro da imaxe televisiva, sendo maior o nível de contraste cantos menos tons intermedios conteña esa imaxe.

Ing. *2.- contrast* Fr. *2.- contraste* Cast. *2.- contraste* Pt. *2.- contraste*

→escala de cinsa

**contratado -a** *s.* Persoa que asina un contrato de obrigas e dereitos cunha empresa ou institución, por un período de tempo concreto ou por unha obra determinada.

OBS. Adóitase empregar o termo para facer referencia á persoa que forma parte do organigrama da empresa, fronte aos que traballan para ela por conta propria.

Ing. *employed* Fr. *salarié sous contrat* Cast. *contratado* Pt. *contratado*

→autónomo

**contrato** *s.m.* Acordo legal entre dúas ou máis persoas polo que se obriga a cumplir un traballo a cambio dun pagamento, segundo se rexistra nunha acta asinada.

Ing. *contract* Fr. *contrat* Cast. *contrato* Pt. *contrato*

**control** *s.m.* 1.- Actividade de coordinar os procedementos técnicos dunha gravación ou dunha emisión.

Ing. *1.- control* Fr. *1.- contrôle* Cast. *1.- control* Pt. *1.- controlo*

*s.m.* 2.- Lugar dos estudios dun medio onde se mesturan, axustan ou coordinan sinais do proceso televisivo. SIN. **sala de control**.

Ing. *2.- control room* Fr. *2.- régie* Cast. *2.- control* Pt. *2.- régie*

**control automático de frecuencia** *u.f.* V. CAF.

**control automático de ganancia** *u.f.* V. CAG.

**control central** *u.f.* Sala desde a que se procesan ou se axustan os sinais de vídeo e mais de audio procedentes de calquera control da cadea de televisión

ou do exterior co fin de canalizalos para a emisión.

**control de calidad** *u.f.* V. visionamento previo.

**control de cámaras** *u.f.* Equipo que axusta e iguala os niveis de definición, contraste, crominancia, etc. das cámaras dun estudio de televisión.

**control de continuidade da programación** *u.f.* Local da emisora desde onde se controla a sucesión da programación.  
→ continuidade

**control de detalle** *u.f.* Sistema que incorporan algunas cámaras que permite aumentar electronicamente o detalle e os bordes da imaxe.

**control de gamma** *u.f.* Axuste da linearidade da reprodución tonal, que consegue que os tons máis brillantes e os máis escuros se expandan ou compriman para mellorar a claridade ou o efecto global.

**control de realización** *u.f.* Lugar da emisora onde se coordinan os procedementos técnicos dunha gravación ou dunha emisión.

**control de son** *u.f.* Lugar da emisora no que se mesturan os sinais de audio procedentes do estudio de televisión, que despois se reenvían ao control de realización.

**control remoto** *u.f.* Técnica que permite gobernar a distancia un dispositivo electrónico.

→ panca de mando

**conversa** *s.f.* Diálogo entre varias persoas sobre calquera tema, de maneira distendida.

Ing. *chat, talk* Fr. *conversation* Cast. *conversación* Pt. *conversa*

→ xéneros dialogais

**convertedor** *s.m.* Equipamento que transforma un sinal dun sistema a outro. Ing. *converter* Fr. *convertisseur* Cast. *convertidor, conversor* Pt. *conversor*

**convidado -a** *s. e adv.* Persoa que participa nun programa a petición da cadea.

Ing. *guest* Fr. *invité* Cast. *invitado* Pt. *conviado*

**convivido, actor** *u.f.* V. actor convivido.

**convocatoria de prensa** *u.f.* Texto ou anuncio co que se cita os medios para que acudan a cubrir un acto determinado.

→ comunicado, nota de prensa

**conxelar** *v.t.* Facer fixa unha imaxe en movemento durante un tempo, seleccionando un único campo da imaxe.

Ing. *to freeze* Fr. *geler* Cast. *congelar* Pt. *congelar*

**copia** *s.f.* Reprodución dun orixinal.

Nun soporte analóxico, a copia supón certa degradación da calidade con respecto ao orixinal, mentres que no dixital a calidade mantense idéntica.

Ing. *copy* Fr. *copie* Cast. *copia* Pt. *cópia*

**copia cero** *u.f.* Primeira copia tirada dunha película cinematográfica.

**copia de (segunda/terceira...)** xeración

*u.f.* Nun sistema analóxico, expresión da degradación da reproducción do contido dunha fita con respecto ao orixinal, sendo así a mestra unha copia de segunda xeración.

**copia mestra** *u.f.* Gravación coa edición definitiva, que serve de referencia para a tiraxe de copias destinadas á emisión ou á exhibición.

Ing. *master* Fr. *copie-mère* Cast. *copia maestra* Pt. *cópia mestra*

**copia muda** *u.f.* Copia sen son que se proxecta para comprobar a calidade técnica da imaxe (iluminación, encadramientos, etc.).

**copiar** *v.t.* Tirar copias.

Ing. *to copy* Fr. *copier, tirer des copies* Cast. *copiar* Pt. *copiar*

→ repicar

**coprodución** *s.f.* Programa ou obra audiovisual financiada conjuntamente por varias produtoras.

A coproducción entre o cine e a televisión é cada vez máis frecuente e permítelles ás cadeas adquirir a primicia da emisión televisiva das obras que cofinancia. No espírito de mostrar a diversidade cultural e buscar novos mercados, tamén se promove de maneira crecente a coproducción internacional.

Ing. *co-production* Fr. *coproduction* Cast. *coproducción* Pt. *co-produção*

→ producción

**copyright** *s.ing.* > **dereitos de autor**.

**cor** *s.f.* 1.- Propiedade da luz de producir impresións no sentido da vista. SIN. **color**.

Ing. *1.- colour* Fr. *1.- couleur* [f.] Cast. *1.- color* [m.] Pt. *1.- cor* [f.]

*s.f.* 2.- Ton e estilo dunha cadea de televisión ou dun programa. SIN. **color**.

**cor acromática** *u.f.* Cor sen cromatismo definido. Son o branco, o negro e o gris.

**cor primaria** *u.f.* Cor básica, que na televisión son o vermello, o verde e mais o azul, a partir das que se obteñen todas as demais.

→RGB

**cor secundaria** *u.f.* Cor que resulta da mestura das cores primarias do sistema de televisión: o maxenta, o ciano, o branco e o amarelo.

**corchete** *s.m.* Signo gráfico formado por dúas liñas verticais rematadas por outras más curtas horizontais [ ], de usos parecidos aos da paréntese.

Ing. *square brackets* Fr. *crochets* Cast. *corchete* Pt. *colchete, paréntese recto*

**coreógrafo -a** *s.* Profesional que deseña os movementos, figuras e pasos dun grupo de bailadores.

Ing. *coreographer* Fr. *chorégraphe* Cast. *coreógrafo* Pt. *coreógrafo*

**cores complementarias** *u.f.pl.* Pares de cores que, mesturadas na intensidade

axeitada, producen a sensación de branco.

**cores, a** *u.f.* Sistema de televisión que transmite a imaxe con cores, por oposición ao sistema en branco e negro. Os tres sistemas más estendidos de televisión a cores son o PAL, o SECAM e o NTSC.

Ing. *in colour* Fr. *en couleur* Cast. *en color* Pt. *em cores*

**cores, adición de** *u.f.* V. adición de cores.

**cores, subtracción de** *u.f.* V. subtracción de cores.

**corpo** *s.m.* Parte fundamental dun texto informativo, na que se explica o desenvolvemento dos feitos, tras unha breve introdución.

Ing. *main part, main body* Fr. *corps* Cast. *cuerpo* Pt. *corpo*

→entrada, peche

**corpo do obxectivo** *u.f.* Estrutura de lentes que conforman o obxectivo da cámara.

**corrección** *s.f.* Supresión dos errores nunha mensaxe ou nunha obra.

Ing. *correction, proofreading* Fr. *correction* Cast. *corrección* Pt. *correcção*

**corrección de gamma** *u.f.* Mecanismo incorporado ao tubo de cámara que permite elevar o sinal ao expoñente  $1/\gamma$  para compensar a non linearidade da luz no tubo de raios catódicos do televisor, e así garantir que o proceso sexa lineal na súa totalidade.

**corrector da base de tempo (TBC)** *u.f.*

Dispositivo electrónico que xera novos pulsos de control na saída do magnetoscopio, para corrixir a estabilidade e o sincronismo do vídeo.

**corrector -ora lingüístico -a** *u.f.*

Profesional encargado de revisar a calidade lingüística dos contidos que emite unha cadea de televisión.

**correo electrónico** *u.f.* Sistema, de concepción similar á do tradicional correo, que permite o envío de mensaxes codificadas electronicamente dirixidas a un enderezo informático a

través dunha canle telefónica, dunha rede local, do satélite, etc.

OBS. Non é correcto empregar correo electrónico para se referir á mensaxe ou á carta electrónica, xa que correo alude ao conxunto do sistema.

Ing. *e-mail* (*electronic mail*) Fr. *courrier électronique* Cast. *correo electrónico* Pt. *correo electrónico*

→enderezo electrónico

**correr** *v.t.* Pasar a alta velocidade a fita cara a diante.

Ing. *to pass* Fr. *rouler* Cast. *correr, pasar* Pt. *correr*

→avance rápido, rebobinar

**correspondente** *s.* Xornalista que informa da actualidade do país no que está desprazado.

Diferénciase do enviado especial en que a súa función non se limita a cubrir un acontecemento concreto, senón que a súa estadía adoita ser prolongada.

Ing. *correspondent* Fr. *correspondant* Cast. *corresponsal* Pt. *correspondente*

→rolda de correspondentes

**correspondente de guerra** *u.f.* Xornalista enviado para cubrir un conflito bélico.

SIN. **reporteiro de guerra**.

**corrixir** *v.t.* Suprimir os erros.

Ing. *to correct, to proofread* Fr. *corriger* Cast. *corregir* Pt. *corrigir*

**cortar** *v.t.* 1.- Reducir un texto ou unha montaxe de imaxes para que sexa máis breve.

Ing. 1.- *to cut short* Fr. 1.- *couper* Cast. 1.- *cortar* Pt. 1.- *cortar*

*v.t.* 2.- Parar unha gravación ou o desenvolvemento dun programa.

Ing. 2.- *to cut off* Fr. 2.- *couper* Cast. 2.- *cortar* Pt. 2.- *cortar*

**corte** *s.m.* 1.- Tipo de transición entre dous planos na montaxe que prescinde de efectos intermedios (fundidos).

Ing. 1.- *cut* Fr. 1.- *montage cut* Cast. 1.- *corte* Pt. 1.- *corte, cut*

*s.m.* 2.- Cada unha das pezas musicais dun disco.

Ing. 2.- *track* Fr. 2.- *plage* Cast. 2.- *corte* Pt. 2.- *pista*

*s.m.* 3.- Total, parte escollida das declaracions dun personaxe.

OBS. É un termo máis propio do medio radiofónico.

Ing. 3.- *track* Fr. 3.- *extrait* Cast. 3.- *corte* Pt.

3.- *sonora*

*s.m.* 4.- Información comprendida entre dúas transicións, que constitúe unha medida básica no sistema de edición de vídeo dixital.

Ing. 4.- *clip*

**corte americano** *u.f.* Encadeado de dous ou tres cadros empregado nos informativos dos Estados Unidos para suavizar a transición.

**corte en L** *u.f.* Encabalgamento.

**corte publicitario** *u.f.* Interrupción dunha emisión para a difusión de anuncios, montados xeralmente en bloque.

Ing. *commercial break* Fr. *coupure publicitaire* Cast. *corte publicitario* Pt. *interrupção para publicidade*

**corten!** *interx.* Voz que advirte do final da gravación dunha toma cinematográfica.

Ing. *cut!* Fr. *coupez!* Cast. *¡corten!* Pt. *corta!*

**cortina** *s.f.* Tipo de transición entre contidos diferentes na que o plano de entrada vai substituíndo paulatinamente o plano de saída servíndose dun elemento visual móbil (por exemplo, unha barra vertical, horizontal ou figuras xeométricas).  
Ing. *wipe* Fr. *volet, défillement* Cast. *cortinilla* Pt. *wipe, cortina*

**cortina de continuidade** *u.f.* Vídeo de continuidade.

**cota** *s.f.* Cantidad de diñeiro que paga un abonado por recibir un servizo.

Ing. *fee* Fr. *frais* [m.pl.] Cast. *cuota* Pt. *cota*  
→abonado

**cota de pantalla** *u.f.* 1.- Porcentaxe de espectadores que seguen un programa con respecto á totalidade das persoas que están a ver a televisión nese período de tempo.

Ing. 1.- *share* Fr. 1.- *part d'auditoire* Cast. 1.- *cuota de pantalla* Pt. 1.- *quota de audiências*

—índice de audiencia, audimetría  
*u.f.* 2.- Porcentaxe de películas de producción española e europea que, legalmente, teñen que proxectar os operadores, en relación ao número de emisións de películas producidas noutros países. **SIN. cota de difusión.**  
Ing. 2.- *quota of screen time* Fr. 2.- *quotas de diffusion* Cast. 2.- *cuota de pantalla* Pt. 2.- *cuotas de difusão*

**cotián -á** *adx.* Habitual, adoito.  
Ing. *daily* Fr. *quotidien* Cast. *cotidiano* Pt. *quotidiano*

**cr/cb** Símbolo de crominancia.

**crawl** *s.ing.* Función do xerador de caracteres ou de efectos que despraza horizontalmente o texto en pantalla. > **arrastre de títulos.**

**CRC** *sigla Redundancy Check Code.* Código cílico de redundancia. Técnica de control de errores nas transmisións dixitais, que comproba as posibles variacións producidas no conxunto de bits recibidos.

**CREA** Asociación galega de directores e realizadores, nacida no 2003, que procura a cohesión das actividades destes colectivos e reivindica o seu status profesional e creativo dentro do proceso de producción das obras audiovisuais.

**credencial** *s.f.* Acreditación.

**credibilidade** *s.f.* Apreciación subxectiva do grao de fiabilidade que ofrece un xornalista ou un medio de cara á audiencia.

Ing. *credibility* Fr. *crédibilité* Cast. *credibilidad* Pt. *credibilidade*

**créditos** *s.m.pl.* Secuencia dunha emisión audiovisual na que se publican os nomes das persoas que participaron na súa realización. **SIN. títulos de crédito, rótulos de crédito.**

Ing. *credits* Fr. *générique* Cast. *créditos* Pt. *créditos*

**creto** *s.m.* Confianza que merece unha persoa ou unha cousa por non ser falsa. **SIN. crédito.**

Ing. *credit, belief* Fr. *crédit, confiance* Cast. *crédito* Pt. *crédito*

**crystal dicróico** *u.f.* Filtro que se coloca no obxectivo da cámara para separar os compoñentes vermello, verde e azul da luz.

**crystal líquido** V. pantalla de cristal líquido.

**crítico -a** *s.* 1.- Xornalista especializado no xénero da crítica.

Ing. 1.- *critic* Fr. 1.- *critique* Cast. 1.- *crítico* Pt. 1.- *crítico*

*s.f.* 2.- Xuízo ou valoración.

Ing. 2.- *criticism* Fr. 2.- *critique* Cast. 2.- *crítica* Pt. 2.- *crítica*

*s.f.* 3.- Xénero xornalístico que expresa un xuízo autorizado sobre un tema político, económico, social ou cultural. Ing. 3.- *review* Fr. 3.- *critique* Cast. 3.- *crítica* Pt. 3.- *crítica*

*s.f.* 4.- Texto que responde a ese xénero.

Ing. 4.- *review, write-up* Fr. 4.- *critique* Cast. 4.- *crítica* Pt. 4.- *crítica*

*s.f.* 5.- Conxunto de profesionais dedicados a ese xénero.

Ing. 5.- *critics* Fr. 5.- *critique* Cast. 5.- *crítica* Pt. 5.- *crítica*

**crominancia (cr/cb)** *s.f.* Sinal de televisión a cores que transporta a información de matiz e saturación de imaxe. **SIN. croma.**

Na televisión analóxica, o sinal de crominancia superpone ao de luminancia para permitir que os aparellos en branco e negro puidesen seguir vixentes coa aparición do sistema de televisión a cores.

Ing. *chrominance* Fr. *chrominance* Cast. *crominancia* Pt. *crominância*

**crónica** *s.f.* 1.- Xénero informativo que trata temas de actualidade cun relato lineal dos feitos, no que, fronte á noticia convencional, a pegada do redactor é un factor determinante.

Ing. 1.- *report* Fr. 1.- *chronique* Cast. 1.- *crónica* Pt. 1.- *crónica*

*s.f.* 2.- Peza informativa que responde a ese xénero.

Ing. 2.- *feature* Fr. 2.- *chronique* Cast. 2.- *crónica* Pt. 2.- *crónica*

**crónica de alcance** *u.f.* 1.- Subxénero xornalístico que trata a información urxente, acotío interrompendo a emisión en curso.

*u.f.* 2.- Peza ou intervención xornalística dese xénero.

→ noticia de última hora

**crónica negra** *u.f.* Relato de feitos violentos.

**cronológico -a** *adx.* Modo de estruturación do relato, que presenta os feitos respectando a orde na que aconteceron. Ing. *chronological* Fr. *chronologique* Cast. *cronológico* Pt. *cronológico*

→ pirámide invertida, acción continuada

**cronometraxe** *s.f.* Medición do tempo de duración dunha información ou dun programa coa fin de se adaptar ás pautas de programación.

Ing. *timing* Fr. *chronométrage* Cast. *cronometraje* Pt. *cronometragem*

→ minutado

**CRT** *sigla Cathode Ray Tube.* Tubo de raios catódicos.

**CRTVG** *Compañía de Radio-Televisión de Galicia.* Sociedade anónima de titularidade pública que agrupa varias canles radiofónicas, unha emisora de televisión de ámbito galego (TVG) e mais unha canle internacional (Galicia Tv).

Tres órganos controlan o seu funcionamento: o Consello de Administración, elixido polo Parlamento, o Consello Asesor, sen competencias decisorias, e mais a Dirección Xeral, cun responsable executivo nomeado polo goberno de Galicia. Iniciou as súas emisións en 1985.

Web: <http://www.crtvg.es>

**CU** *sigla Close up.* Primeiro plano.

**cuarto poder** *u.f.* Capacidade de dominio sobre a sociedade que se lles atribúe aos medios de comunicación de masas, incorporando así a prensa aos poderes clásicos (político, lexislativo, xudicial).

**cubrir** *v.t.* 1.- Poñer os medios para facer o seguimento dun feito no lugar onde se produce e convertelo nun produto emitible.

Ing. 1.- *to cover* Fr. 1.- *couvrir* Cast. 1.- *cubrir* Pt. 1.- *cobrir, fazer a cobertura*

*v.t.* 1.- Comunicar unha información ou acontecemento.

Ing. 2.- *to cover* Fr. 2.- *couvrir* Cast. 2.- *cubrir* Pt. 2.- *cobrir*

**cue in** *u.f.ing.* Marcase na fita do punto de inicio do plano que vai ser editado. > **sinal de entrada**.

**cue out** *u.f.ing.* Marcase na cinta do punto de saída do plano que se vai editar. > **sinal de saída**.

**uestionario** *s.m.* Relación de preguntas que o xornalista prevé formularlle a un personaxe.

Ing. *questionnaire, set of questions* Fr. *questionnaire* Cast. *uestionario* Pt. *questionário*

→ entrevista

**cultura** *s.f.* 1.- Pouso de coñecemento dunha persoa.

Ing. 1.- *culture* Fr. 1.- *culture* Cast. 1.- *cultura* Pt. 1.- *cultura*

*s.f.* 2.- Conxunto de hábitos, crenzas e valores da identidade colectiva dun grupo.

Ing. 2.- *culture* Fr. 2.- *culture* Cast. 2.- *cultura* Pt. 2.- *cultura*

*s.f.* 3.- Sección informativa que trata os temas relacionados cos costumes e coas manifestacións artísticas dunha sociedade.

Ing. *culture* Fr. *culture* Cast. *cultura* Pt. *cultura*

**cultura de masas** *u.f.* Conxunto de coñecementos e crenzas adquiridas pola audiencia a través dos medios de

comunicación, de maneira estandarizada e en serie.

**cupón** *s.m.* Papel que dá dereito a participar nun concurso ou a recibir un premio, adoito empregado na televisión como medio de participación da audiencia nos programas de entretemento.

Ing. *coupon* Fr. *coupon-réponse* Cast. *cupón* Pt. *cupão*

**curtometraxe** *s.f.* Obra audiovisual de curta duración.

Tamén se emprega a forma abreviada **curta**.

Ing. *short film* Fr. *court-métrage [m.]* Cast. *cortometraje [m.]* Pt. *curta-metragem [f.]*

**curto -a** *adv.* Falto de extensión.

Ing. *short* Fr. *court* Cast. *corto* Pt. *curto*

**curtocircuíto** *s.m.* Fenómeno eléctrico producido pola escasa resistencia dun condutor para soportar a tensión ou polo contacto de dous condutores, que pode fundir a instalación.

Ing. *short-circuit* Fr. *court-circuit* Cast. *cortocircuito* Pt. *curto-círculo*

## d

**D/A** *sigla Dixital/Analóxico.* Símbolo de conversión do sinal dixital a analóxico.

**D1** Formato dixital de gravación audiovisual en soporte cinta, cunha mostraxe de 4:2:2, sen compresión, empregado no cine e na publicidade.

**D2** Formato de gravación audiovisual para sinais dixitais en sistema PAL ou NTSC, en soporte de cinta, que permite gravar ata 208 minutos. Úsano as grandes produtoras, xunto co D3.

**D3** Formato de gravación audiovisual dixital en soporte de cinta, que permite gravar ata 245 minutos, sen compresión.

OBS. Por seren todos estes formatos (agás o D6) de orixe xaponesa, non existe o D4, número que nese país se identifica coa mala sorte.

**D5** Formato de gravación de vídeo e audio dixitais por componentes e sen compresión, con soporte cinta e un fluxo de información de 270 Mb/s, empregado para a posproducción.

→HD-D5

**D6** Formato de gravación dixital audiovisual, en soporte cinta, cun fluxo de información de 995 Mb/s, pouco empregado polo seu alto custo. É unha creación conxunta de Philips e Toshiba.

**D7 (DVCPRO)** Formato dixital de audio e vídeo en soporte cinta, cunha mostraxe de 4:1:1 e un fluxo de 25 Mb/s, empregado no xornalismo electrónico pola súa boa calidade e baixo custo.

**D8** Formato dixital de vídeo en soporte cinta de 8 mm, cunha mostraxe de 4:2:0, para uso doméstico.

**D9 Digital-S** Formato dixital audiovisual desenvolvido por JVC, en soporte de fita, cunha estrutura en componentes 4:2:2 e un fluxo de 50 Mb/s, empregado en producións de alta calidade.

**D9 HD** Formato de gravación de vídeo dixital en soporte de fita, cunha mostraxe 4:2:2 e un fluxo de datos de 100 Mb/s, adecuado para a televisión de alta definición e tamén para o cine dixital.

**DAB** *Digital Audio Broadcasting.* Difusión de audio dixital. Sistema de emisión dixital de audio tanto por vía terrestre como por satélite que, ademais de ofrecer unha alta calidade de son, permite enviar datos e imaxes aos aparellos receptores de radio.

**dar** *v.t.* Coloquialmente, emitir, transmitir.  
**SIN. pasar, poner, botar.**

Ing. *to be on* Fr. *passer* Cast. *poner* Pt. *dar*

**dar a palabra** *u.f.* Concedelle a alguén o permiso para que fale no desenvolvemento dun debate ou dunha conversa organizada.

**dar a réplica** *u.f.* 1.- Contestarlle ao outro personaxe nun diálogo de ficción, seguindo o guión establecido.  
Ing. 1.- *to play opposite* Fr. 1.- *donner la réplique* Cast. 1.- *dar la réplica* Pt. 1.- *dar réplica*  
u.f. 2.- Por extensión, coprotagonizar unha serie ou unha película.  
Ing. 2.- *to play opposite* Fr. 2.- *donner la réplique* Cast. 2.- *dar la réplica* Pt. 2.- *dar réplica*

**dar ar** *u.f.* Ampliar o espazo que rodea o personaxe no encadramento, polos laterais ou pola marxe superior ou inferior. SIN. **dar aire**.  
→ar

**dar (ben/mal) na cámara** *u.f.* Resultar fisicamente favorecido ou desfavorecido na imaxe captada por unha cámara.  
→telexenia

**dar paso** *u.f.* Ceder a pantalla a outros contidos ou a outro xornalista.

**DAT** *sigla Digital Audio Tape.* Cinta de audio dixital.1.- Sistema de gravación de audio con formato dixital e en estéreo, que permite a indexación da banda sonora e a localización inmediata dos cortes.  
*sigla* 2.- Soporte físico deste sistema.

**data** *s.f.* Tempo preciso no que acontece un feito.  
Ing. *date* Fr. *date* Cast. *fecha* Pt. *data*

**dato** *s.m.* 1.- Elemento que serve de base para coñecer un asunto.  
Ing. 1.- *information* Fr. 1.- *renseignement* Cast. 1.- *dato* Pt. 1.- *dado*  
s.m. 2.- Unidade de información que serve, soa ou en relación con outras, para chegar a un resultado ou como representación desa información para o seu tratamento informático.  
Ing. 2.- *data* Fr. 2.- *donnée [f.]* Cast. 2.- *dato* Pt. 2.- *dado*

**day time** *u.f. ing.* > **franxa de día.**

**dB** Símbolo de decibel.

**DBS** *sigla Direct Broadcast Satellite.* Satélite de difusión directa.

**DCT** Formato de vídeo dixital en soporte de fita, creado por Ampex, cunha mostraxe 4:2:2 e un fluxo de información de 85 Mb/s.

**debate** *s.m.* 1.- Xénero dialgal de opinión no que se confrontan as posturas de varios individuos sobre un tema, con intervencións ordenadas por un moderador.  
A diferenza con respecto a outros xéneros dialogais como o coloquio ou o faladoiro reside en que no debate procúrase polarizar as posturas dos convidados para crear discusión.  
Ing. 1.- *debate, discussion* Fr. 1.- *débat* Cast. 1.- *debate* Pt. 1.- *debate*  
s.m. 2.- Programa que responde a ese xénero.  
Ing. 2.- *discussion programme* Fr. 2.- *débat* Cast. 2.- *debate* Pt. 2.- *debate*  
→xéneros dialogais

**debate electoral** *u.f.* Debate televisado entre os candidatos ao poder, no que enfrentan os seus programas de goberno.  
Neste tipo de debates, os tempos das intervencións adoitan estar estritamente regulados para garantir a imparcialidade por parte da cadea.  
→dereito de antena

**debater** *v.t.* Discutir os diferentes puntos de vista sobre un tema.  
Ing. *to debate, to discuss* Fr. *débattre* Cast. *debatir* Pt. *debater*

**debullar** *v.t.* En sentido figurado, sacar todos os aspectos, ata os máis profundos, dun acontecemento.

**debut** *s.m.* Primeira actuación pública dun artista ou dunha persoa de calquera actividade. SIN. **estreia**.  
Ing. *debut* Fr. *début* Cast. *debut, estreno* Pt. *debute, estreia*

**debutar** *v.i.* Facer o seu debut unha persoa.  
SIN. **estrearse**.  
Ing. *to make one's debut* Fr. *débuter* Cast. *debutar, estrenarse* Pt. *debutar, estrear-se*

**debuxos animados** *u.f.pl.* Produto audiovisual que pon en movemento imaxes debuxadas ou fotografadas.

A creación tradicional dos debuxos animados consiste na gravación imaxe a imaxe de debuxos ou de figuras modeladas que, ao seren proxectadas consecutivamente, producen a impresión de movemento. Na actualidade, o tratamento da imaxe faiuse con recursos informáticos, tanto na animación como na propia creación dos deseños con imaxes de síntese.

Ing. *cartoons* Fr. *dessins animés* Cast. *dibujos animados* Pt. *desenhos animados*

**decibel (dB)** *s.m.* [pl. decibeis] Unidade logarítmica que expresa a relación entre a potencia de dous sinais (sonoros ou eléctricos), empregada para representar a ganancia ou as perdas dun equipo.  
OBS. A pesar de que o decibel é a décima parte dun bel, é más usual como unidade de medida. Por iso, no propio proceso de formación do plural pérdease a consciencia de forma composta.

Ing. *decibel* Fr. *décibel* Cast. *decibelio* Pt. *decibel*

**declaracións** *s.f.pl.* Conxunto de ideas, opinións ou informacións que manifesta unha persoa ante os medios de comunicación.

Ing. *statement* Fr. *déclarations* Cast. *declaraciones* Pt. *depoiemento, declaracões*  
→total

**declaracións, xornalismo de** *u.f.* V. xornalismo de declaracións.

**declaracións exclusivas** *u.f.pl.* V. exclusiva.

**decorado** *s.m.* Conxunto de elementos que crean unha ambientación, sexa natural ou recreado artificialmente.

Ing. *set* Fr. *décor* Cast. *decorado* Pt. *decoração, cenografia*  
→tremoia, espazo escénico

**decorado virtual** *u.f.* Espazo ambiental creado por ordenador.

**decorador -ora** *s.* Profesional que crea a ambientación física dunha representación ou dunha emisión.

Ing. *set designer* Fr. *décorateur* Cast. *decorador* Pt. *decorador*  
→aderecista

**definición** *s.f.* Grao de nitidez dunha imaxe televisiva, que se mide en número de

liñas na imaxe analóxica, e en píxeles na dixital. SIN. **resolución**.

Ing. *definition* Fr. *définition* Cast. *definición*  
Pt. *definição*

→televisión de alta definición

**delay** *s.ing. > retardo.*

**delegación** *s.f.* Emisora de televisión dependente dos estudos centrais que se sitúa nun núcleo de poboación importante e que pode realizar desconexións na programación, para tratar asuntos de interese local.

Ing. *local station* Fr. *centre régional* Cast. *delegación* Pt. *delegação, centro regional*

**demodular** *v.t.* Recuperar un sinal orixinal transportado nunha onda modulada.

Ing. *to demodulate* Fr. *démoduler* Cast. *demodular* Pt. *desmodular*

→módem

**dentro!** *interx.* Advertencia do comezo inmediato dunha emisión, precedida normalmente dunha conta atrás en voz alta, para que actúen os que interveñen nela. SIN. **no ar!**

Ing. *go!* Fr. *top!* Cast. *¡dentro!* Pt. *no ar!*

**deontoloxía** *s.f.* Conxunto de normas que rexen o exercicio da profesión xornalística.

A deontoloxía ou a ética profesional permite evitar a elaboración de disposicións lexislativas e adoita desenvolverse particularmente no libro de estilo de cada medio.

Ing. *ethics* Fr. *déontologie* Cast. *deontología*  
Pt. *deontologia*

**departamento** *s.m.* 1.- Cada un dos sectores da empresa que agrupa os traballadores por especialidades, baixo a autoridade dun xefe.

Ing. *1.- department* Fr. *1.- département* Cast. *1.- departamento* Pt. *1.- departamento*

*s.m.* 2.- Local no que se sitúa cada sector da entidade.

Ing. *2.- department* Fr. *2.- département, bureau* Cast. *2.- departamento* Pt. *2.- departamento*

**dereito á creación de medios de comunicación** *u.f.* Aplicación da

liberdade de empresa ao dereito de transmitir información por calquera medio dos existentes.

**dereito á honra** *u.f.* Dereito do individuo, vivo ou morto, fronte a unha descripción inexacta da súa vida ou das súas circunstancias persoais. SIN. **dereito ao honor**.

OBS. Cando se trata de institucións ou organismos fálase de **autoridade moral**.

Ing. *protection of the reputation* Fr. *droit à la réputation* Cast. *derecho al honor* Pt. *direito à honra*

**dereito á información** *u.f.* Dereito universal dos cidadáns a recibiren información veraz sobre os acontecementos do mundo.

Ing. *right to know* Fr. *droit à l'information* Cast. *derecho a la información* Pt. *direito à informação*

**dereito á intimidade** *u.f.* Dereito das persoas a preservaren o seu espazo privado, que os protexe fronte á descripción de certos aspectos da súa vida.

O domicilio, certos datos persoais ou os partes médicos, por exemplo, son polo xeral inviolables e forman parte dodereito á intimidade.

Ing. *right to privacy* Fr. *droit à la vie privée* Cast. *derecho a la intimidad* Pt. *direito à reserva da intimidade*

**dereito á propia imaxe** *u.f.* Dereito das persoas físicas ou xurídicas a determinaren cando pode ser captada a súa imaxe.

Non cabe alegalo cando algúen está a realizar funcións públicas, en lugares abertos ao público ou nos casos nos que é un elemento accesorio da imaxe.

Ing. *right to one's own image* Fr. *droit à l'image* Cast. *derecho a la propia imagen* Pt. *direito à própria imagem*

**dereito da información** *u.f.* Conxunto de normas legais que rexen a actividade do xornalismo nunha sociedade democrática, definidas no abano das liberdades individuais e colectivas.

É un dereito limitado constitucionalmente por outros lexítimos como o dereito á honra, á intimidade ou á propia imaxe.

Ing. *rights information* Fr. *droit de l'information* Cast. *derecho de la información* Pt. *direito da información*

→liberdade de expresión, deontoloxía

**dereito de antena** *u.f.* Dereito constitucional de determinadas institucións a accederen gratuitamente ás ondas de televisión, por exemplo, nos períodos de campaña electoral. SIN. **dereito de acceso, tempo de antena**.

Ing. *airtime, free space* Fr. *temps d'antenne* Cast. *derecho de antena* Pt. *tempo de antena, direito de antena*

**dereito de rectificación** *u.f.* Posibilidade dos cidadáns de lle solicitar a un medio, público ou privado, a rectificación dunha noticia inexacta nun lugar preferente.

O prazo establecido legalmente para remitir un escrito ao director do medio coa solicitude de rectificación é de sete días a partir da publicación da información. O medio deberá difundilo dentro dos tres días seguintes ao da súa recepción; no caso de non facelo, abriríase unha vía xudicial que non precisa asistencia de avogados.

Ing. *right of refutation* Fr. *droit de rectification* Cast. *derecho de rectificación* Pt. *direito de rectificação*

**dereito de resposta** *u.f.* Dereito que deben ofrecer os medios de comunicación para que todas as partes envolvidas nun feito teñan a oportunidade de dar a súa versión do mesmo tras a difusión de determinadas declaracóns dunha das partes, se ben é un deber do xornalista poñer todo o empeño en recoller as distintas versións inicialmente. SIN. **dereito de réplica**.

Ing. *right of reply* Fr. *droit de réponse* Cast. *derecho de respuesta* Pt. *direito de resposta*

→pseudopluralismo informativo

**dereitos de antena** *u.f.pl.* Propiedade que se reservan as cadeas sobre a xestión e a difusión dunha obra rematada, en

compensación ás prestacións financeiras previas ofrecidas.

Ing. *broadcasting rights* Fr. *droit d'antenne*  
Cast. *derechos de antena* Pt. *direitos de antena*

**dereitos de autor** *u.f.pl.* 1.- Dereito dos creadores dunha obra a seren propietarios dela e, por tanto, a se beneficiaren das ganancias que produza.

A propiedade dos dereitos de autor represéntase na obra co símbolo © (de *copyright*) seguido do nome do autor mais a data de publicación.

Ing. 1.- *copyright* Fr. 1.- *droit d'auteur* Cast.  
1.- *derechos de autor* Pt. 1.- *direitos de autor*  
→ propiedade intelectual, SGAE, ALMA

*u.f.pl.* 2.- Remuneración que recibe o autor en función dos beneficios que produce a concesión da súa obra.

Ing. 2.- *royalties* Fr. 2.- *droits d'auteur* Cast.  
2.- *derechos de autor* Pt. 2.- *direitos de autor*

**dereitos de emisión** *u.f.pl.* Capacidade adquirida por unha canle de difundir unha obra rematada.

Ing. *broadcasting rights* Fr. *droit de diffusion* Cast. *derecho de emisión* Pt. *direito de exhibição*

→ *dereitos de antena*

**derramado -a** *adx.* En mal estado ou inservible. SIN. **estragado, avariado**.  
Ing. *damaged* Fr. *en panne* Cast. *estropeado* Pt. *estragado, avariado*

**desacreditar** *v.t.* Facer que alguén perda o seu creto.

Ing. *to discredit* Fr. *discréditer* Cast.  
*desacreditar* Pt. *desacreditar*

**descanso** *s.m.* Intermedio.

**descartar** *v.t.* Rexitar os planos sen interese, na selección previa á montaxe. SIN. **refugar, desbotar**.

Ing. *to rule out* Fr. *écartier* Cast. *descartar*  
Pt. *descartar*

**descodificador** *s.m.* 1.- Programa ou equipamento que aplica o algoritmo inverso da codificación.

Ing. 1.- *decoder* Fr. 1.- *décrypteur* Cast. 1.- *descodificador* Pt. 1.- *descodificador*

*s.m.* 2.- Dispositivo electrónico que, conectado ao televisor, descifra a clave dun sinal emitido por unha cadea, para transformalo en vídeo composto interpretable por un receptor convencional.

Ing. 2.- *decoder* Fr. 2.- *décrypteur* Cast. 2.- *descodificador* Pt. 2.- *descodificador*

*s.m.* 3.- Na Teoría da Comunicación, o receptor da mensaxe.

Ing. 3.- *decoder* Fr. 3.- *décrypteur* Cast. 3.- *descodificador* Pt. 3.- *descodificador*

**descodificar** *v.t.* Extraer dun sinal previamente codificado a información orixinal. SIN. **descifrar**.

Ing. *to decode* Fr. *décrypter* Cast.  
*descodificar* Pt. *descodificar*

**desconectado** *adx.* Equipamento que se atopa sen conexión ao sistema que o alimenta.

Ing. *off line*

→ en liña

**desconexión** *s.f.* 1.- Acción de desconectar un ou varios emisores locais dunha rede de difusión de televisión, co fin de particularizar os contidos por espazos xeográficos.

Ing. 1.- *switch off* Fr. 1.- *décrochage* Cast.  
1.- *desconexión* Pt. 1.- *emissão regional, janela regional*

*s.f.* 2.- Conxunto de programas de televisión emitidos simultaneamente a outro que a mesma cadea ofrece noutra área xeográfica.

As desconexións territoriais de TVE están en certa maneira reguladas pola lei, xa que nos principios da Autonomía, cubrían o baleiro dunha televisión autonómica propia. Hoxe, tamén as privadas españolas establecen desconexións con contidos sobre Galicia. A TVG conta tamén cun sistema de desconexión local por cidades para os servizos informativos.

Ing. 2.- *switch off* Fr. 2.- *décrochage* Cast.  
2.- *desconexión* Pt. 2.- *emisão regional, janela regional*

**descripción** *s.f.* Acción e efecto de relatar as características ou as circunstancias dun feito, dun obxecto ou dunha persoa.

- Ing. *description* Fr. *description* Cast. *descripción* Pt. *descrição*
- desencadramento** *s.m.* Encadramento descentrado.
- desenfoque** *s.m.* Falta de nitidez dunha imaxe, procurada como recurso estilístico ou resultado dun enfoque incorrecto.  
Ing. *out of focus* Fr. *flou* Cast. *desenfoque* Pt. *desfocado*
- desenlace** *s.m.* Parte final do argumento dunha obra audiovisual co que remata o seu desenvolvemento.  
Ing. *outcome, end* Fr. *dénouement* Cast. *desenlace* Pt. *desfecho*
- deseño** *s.m.* Esbozo dunha idea creativa.  
Ing. *design, description* Fr. *dessin* Cast. *diseño* Pt. *desenho*
- desformatar** *v.t.* Quitar o formato, desfacer a estrutura dun documento, dun disco informático, etc.  
Ing. *to unformat* Fr. *déformater* Cast. *desformatear* Pt. *desformatar*  
→ formatar
- desglose** *s.cast. > análise de guión.*
- desincronización** *s.f.* Falta de simultaneidade entre a banda de imaxe e a banda de son ou, en xeral, entre dous sinais.  
Ing. *desynchronization* Fr. *désynchronisation* Cast. *desincronización* Pt. *desincronia*
- desinformar** *v.t.* Presentar os feitos de maneira parcial ou tendenciosa co fin de influír na opinión do público.  
Ing. *to misinform* Fr. *désinformer* Cast. *desinformar* Pt. *desinformar*  
→ manipulación
- desmagnetizador** *s.m.* Dispositivo que elimina o magnetismo dun tubo de raios catódicos, das cabezas de equipamentos de gravación ou de reproducción, de bobinas de fita, etc.  
Ing. *degausser* Fr. *démagnétiseur* Cast. *desmagnetizador* Pt. *desmagnetizador*
- desmentir** *v.t.* Rectificar unha información falsa difundida anteriormente.  
Ing. *to deny, to refute* Fr. *démentir* Cast. *desmentir* Pt. *desmentir*
- dereito de rectificación
- despacho** *s.m.* Texto breve transmitido por unha axencia ou por un correspondente. Xeralmente, consta dun título que indica a orixe, a hora e mais a natureza do acontecemento tratado, así como dun corpo dunhas dez ou vinte liñas de texto.  
Ing. *dispatch* Fr. *dépêche* Cast. *despacho* Pt. *despacho*  
→ teletipo
- desprazamento** *s.m.* Movimento físico da cámara dun punto a outro (lateralmente, cara a diante, cara a atrás ou en vertical).  
Ing. *travelling*  
→ plano desprazado
- desprazamento horizontal** *u.f.*  
Movimento da cámara cara a diante, cara a atrás ou en sentido lateral.
- desprazamento cara a diante** *u.f.*  
Movimento da cámara horizontalmente cara á fronte.
- desprazamento óptico** *u.f.* Efecto de achegamento ou afastamento, logrado a través da modificación da distancia focal do obxectivo, sen variar o enfoque nin a posición da cámara. SIN. **zoom**.
- desprazamento vertical** *u.f.* Movimento da cámara ascendente ou descendente.
- destacar** *v.i.* 1.- Sobresaír, chamar a atención unha cousa ou alguén sobre o demás.  
Ing. *I. - to stand out* Fr. *I. - ressortir* Cast. *I. - destacar* Pt. *I. - destacar*  
v.t. 2.- Pór de relevo. SIN. **resaltar, salientar**.  
Ing. *2. - to point out, to spotlight* Fr. *2. - faire remarquer* Cast. *2. - destacar* Pt. *2. - destacar*
- destapar** *v.t.* Dar a coñecer un asunto que estaba oculto. SIN. **descubrir**.  
Ing. *to uncover, to reveal* Fr. *découvrir* Cast. *destapar* Pt. *destapar*
- diafonía** *s.f.* Perturbación do sinal (en particular, de audio) debido a problemas de acoplamento electromagnético entre sinais.  
Ing. *crosstalk* Fr. *diaphonie* Cast. *diafonía* Pt. *diafonia*

**diafragma** *s.m.* Elemento regulador da entrada de luz na cámara.

Ing. *aperture* Fr. *diaphragme* Cast. *diafragma* Pt. *diafragma*  
→ escala de números f

**dialectalismo** *s.m.* Palabra ou trazo lingüístico propio dunha zona, que non coincide coa forma considerada estándar.

Ing. *dialect word* Fr. *forme dialectale* Cast. *dialectalismo* Pt. *variação dialectal, provincialismo*

**diálogo** *s.m.* 1.- Conversa entre dúas persoas ou máis.

Ing. *1.- dialogue* Fr. *1.- dialogue* Cast. *1.- diálogo* Pt. *1.- diálogo*  
→ xéneros dialogais, monólogo

*s.m.pl.* 2.- Guión dunha obra no que se recollen as intervencións literais que deben reproducir os actores.

Ing. *2.- dialogues* Fr. *2.- continuité dialoguée* Cast. *2.- diálogos* Pt. *2.- diálogos*

**dialoguista** *s.* Autor dos diálogos dun guión dun programa, dunha serie, dunha película ou de calquera produto audiovisual.

Ing. *dialogue writer* Fr. *dialoguiste* Cast. *dialoguista* Pt. *dialoguista*  
→ guionista

**diario -a** *adv.* 1.- De todos os días. SIN. **cotián**.

Ing. *1.- daily* Fr. *1.- quotidien* Cast. *1.- diario* Pt. *1.- diário*  
→ periodicidade

*s.m.* 2.- Publicación de periodicidade diaria. SIN. **xornal, periódico**.

Ing. *2.- daily* Fr. *2.- quotidien* Cast. *2.- diario* Pt. *2.- diário*

**dicción** *s.f.* Xeito de articular e de modular o falar unha persoa.

Ing. *dition* Fr. *diction* Cast. *dicción* Pt. *dicção*  
→ vocalizar

**dietas** *s.cast. > axudas de custo.*

**difamación** *s.f.* Atribución pública dun feito a unha persoa ou a un organismo atentando contra a súa honra ou a súa consideración.

Ing. *defamation, slander* Fr. *diffamation*  
Cast. *difamación* Pt. *difamação*

→ dereito á honra

**diferido, en** *u.f.* V. en diferido.

**difracción** *s.f.* Desviación das ondas ao atravesaren unha abertura ou ao incidirem na superficie dun obstáculo.

Ing. *diffraction* Fr. *diffraction* Cast. *difracción* Pt. *difracção*

**difundir** *v.t.* Transmitir, dar a coñecer unha información ao público. SIN. **divulgar**.  
Ing. *to spread* Fr. *diffuser* Cast. *difundir* Pt. *difundir*

**difusión** *s.f.* 1.- Transmisión de servizos de comunicación a un público diverso.

Ing. *1.- broadcasting* Fr. *1.- diffusion* Cast. *1.- difusión* Pt. *1.- difusão*

*s.f.* 2.- Acción e efecto de proxectar en distintas direccións.

Ing. *2.- diffusion* Fr. *2.- diffusion* Cast. *2.- difusión* Pt. *2.- difusão*

**difusión simultánea** *u.f.* Transmisión dun mesmo programa televisivo en varios formatos ou patróns ao mesmo tempo, co fin de facela perceptible por un maior número de equipamentos.

Ing. *simulcast*

**difusor** *s.m.* Accesorio translúcido que permite tratar unha parte do feixe de luz dunha fonte para suavizala.

Ing. *diffuser, diffusor* Fr. *diffuseur* Cast. *difusor* Pt. *diffusor*

**Digital Plus (Digital+)** Plataforma de televisión dixital española, nacida en 2003 da fusión de Vía Digital e Canal Satélite Digital, que ofrece unha ampla oferta de canles temáticas e servizos interactivos.

Web: <http://www.plus.es>

**dilatación temporal** *u.f.* Manipulación consistente en presentar unha acción ou un feito cunha duración superior á que ten na realidade.

Ing. *protraction* Fr. *dilatation* Cast. *dilatación* Pt. *dilatação*

**dimisión** *s.f.* Acción de renunciar a un cargo que exercía.

Ing. *resignation* Fr. *démission* Cast. *dimisión* Pt. *demissão*

→cláusula de conciencia

**díodo** s.m. Compoñente básico de certos circuitos de televisión polo que circula a corrente maioritariamente nun só sentido.

A diferenza das resistencias, que son bidireccionals, o díodo convértese nun compoñente ideal para a representación da información dixital: os 1 e os 0 vense representados en estados de condución de corrente e de non conducción, respectivamente.

Ing. *diode* Fr. *diode* [f.] Cast. *diodo* [m.] Pt. *díodo* [m.]

**dirección** s.f. 1.- Actividade de guiar e organizar a realización dun programa, unha produción, etc.

Ing. *1.- direction* Fr. *1.- mise en scène* [cine], *direction* [tv] Cast. *1.- dirección* Pt. *1.- direcção*

s.f. 2.- Conxunto de individuos que conforman o poder executivo dunha empresa.

Ing. *2.- management* Fr. *2.- direction* Cast. *2.- dirección* Pt. *2.- direcção*

s.f. 3.- Oficina do director.

Ing. *3.- director's office* Fr. *3.- direction* Cast. *3.- dirección* Pt. *3.- direcção*

**dirección artística** u.f. V. estilismo.

**direccional** adv. Que capta ou emite sinais nunha única dirección principalmente.

Ing. *directional* Fr. *directionnel* Cast. *direccional* Pt. *direccional*

**directo** s.m. Espazo que se emite simultaneamente á súa realización.

Ing. *live* Fr. *direct* Cast. *directo* Pt. *directo, ao vivo*

**directo, en** u.f. V. en directo.

**directo, son** u.f. V. son directo.

**directo falso** u.f. V. falso directo.

**director -ora** s. Responsable da dirección dunha emisora, dun programa ou dunha obra de ficción.

Ing. *director* Fr. *directeur, metteur en scène* [cine] Cast. *director* Pt. *director*

→editor

**director artístico** u.f. Responsable do deseño e da preparación dos escenarios, así como da coordinación dos distintos equipos relacionados co aspecto visual e plástico dunha obra audiovisual.

**disco** s.m. Soporte que permite a gravación de sons, imaxes ou/e datos, segundo a súa calidade.

Ing. *disc, disk* Fr. *disque* Cast. *disco* Pt. *disco*

→CD-Rom, DVD, DAT

**disco compacto (CD)** u.f. Disco dixital flexible por un sistema óptico.

Tamén se emprega na forma abreviada **compacto**.

Ing. *compact disc* Fr. *disque compact* Cast. *disco compacto* Pt. *disco compacto*

**disco duro** u.f. Disco magnético de gran capacidade de almacenaxe de información, que está fixo nun ordenador.

Ing. *hard disk* Fr. *disque dur* Cast. *disco duro* Pt. *disco rígido*

**disco duro AV** u.f. Disco duro especial para audio e vídeo, caracterizado pola capacidade de recalibración térmica.

**disco magnético** u.f. Disquete.

**discoteca** s.f. 1.- Colección de discos.

Ing. *1.- record collection* Fr. *1.- discothèque* Cast. *1.- discoteca* Pt. *1.- discoteca*

s.f. 2.- Lugar da emisora no que se almacenan os discos.

Ing. *2.- record library* Fr. *2.- discothèque* Cast. *2.- discoteca* Pt. *2.- discoteca*

→mediateca

**discrepar** v.i. Non estar de acordo. SIN.

**discordar, disentir**.

Ing. *to disagree, to differ* Fr. *diverger, être en désaccord* Cast. *discrepar* Pt. *discrepar, discordar*

**disfraz** s.m. 1.- Roupa que muda a aparenzia dunha persoa para representar un papel.

Ing. *1.- fancy dress* Fr. *1.- déguisement* Cast. *1.- disfraz* Pt. *1.- disfarce*

→vestiario

*s.m.* 2.- Por extensión, artificio que presenta a realidad distinta de como ella é.

Ing. 2.- *disguise, pretext* Fr. 2.- *déguisement*  
Cast. 2.- *disfraz* Pt. 2.- *disfarce*

**disonancia cognitiva** *u.f.* Contraste percibido polo receptor dunha mensaxe entre o contido da mesma e o seu coñecemento anterior desa realidade, o cal lle produce unha desestabilización que tratará de reducir ou de eliminar.

É unha adaptación da teoría formulada no campo da psicoloxía por Leon Festinger en 1957.

Ing. *cognitive dissonance* Fr. *dissonance cognitive* Cast. *disonancia cognitiva* Pt. *dissonância cognitiva*

**disparador de bomba** *u.f.* Artefacto instalado nos avións militares que se emprega en televisión cando hai que guindar obxectos pesados desde unha altura grande.

**dispararse a agulla** *u.f.* Chegar ao tope a barra de medición no vúmetro, debido a un alto nivel do son.

**display** *s.ing.* 1.- Soporte de cartón que anuncia un produto. > **panel anunciador**.

*s.ing* 2.- > **monitor**.

**dispositivo de carga acoplada (CCD)**

*u.f.* Tipo de convertedor de luz en corrente eléctrica integrado nas cámaras de vídeo. V. CCD.

**disquete** *s.m.* Disco magnético de capacidade limitada que se introduce no ordenador para almacenar ou ler información. SIN. **disco magnético**.  
Ing. *floppy disk, diskette* Fr. *disquette [f.]*  
Cast. *disquete [m.]* Pt. *disquete [f.]*

**disqueteira** *s.f.* Caixa cunha regaña estreita na que se introducen os disquetes para a súa lectura ou gravación, integrada ou conectada a un ordenador.  
Ing. *disk drive* Fr. *unité de disquette* Cast. *disquetera* Pt. *unidade de disquete*  
—unidad de disco

**dissolve** *s.ing.* > **encadeado**.

**distancia focal** *u.f.* Porción de espazo existente entre o centro óptico e o plano focal do obxectivo dunha cámara.

En función da distancia focal os obxectivos clasifícanse en: grande angular, obxectivo normal e teleobxectivo.

Ing. *focal length* Fr. *distance focal* Cast. *distancia focal* Pt. *distância focal*

**distorsión** *s.f.* 1.- Deformación no procesamento dunha imaxe ou dun son con respecto ao orixinal.

Ing. 1.- *distortion* Fr. 1.- *distorsion* Cast. 1.- *distorsión* Pt. 1.- *distorção*

*s.f.* 2.- Reprodución dunha información de xeito distinto ao verdadeiro.

Ing. 2.- *distortion* Fr. 2.- *distorsion, déformation* Cast. 2.- *distorsión* Pt. 2.- *distorção*

**distribución** *s.f.* Actividade e efecto de comercializar o dereito de explotación dunha obra cinematográfica ou dun programa televisivo, ben por cesión permanente, por un período de tempo, por un número de pases ou por un territorio acordado.

Ing. *distribution* Fr. *distribution* Cast. *distribución* Pt. *distribuição*

**distribución de papeis** *u.f.* Acción e efecto de repartir os distintos personaxes dunha obra de ficción entre o elenco de actores.

Ing. *casting* Fr. *distribution* Cast. *reparto* Pt. *repartição*

**dixital** *adv.* Que responde a un sistema que codifica a información en combinacións de 0 e 1, e que permite transmitila cun formato de amplitude constante e descontinuo no tempo.

Ing. *digital* Fr. *numérique* Cast. *digital* Pt. *digital*

→analóxico

**dixital, televisión** *u.f.* V. televisión dixital.

**dixitalizar** *v.t.* Converter un sinal analóxico en dixital.

Ing. *to digitalize, to digitalise* Fr. *numériser*  
Cast. *digitalizar* Pt. *digitalizar*

**dixomedíxome** *s.m.* Rumor.

**DNG** sigla *Digital News Gathering*. Captación dixital de noticias. Procedemento de gravación e remisión de noticias mediante cámaras dixitais e equipamentos informáticos que permiten comprimir o sinal de audio e mais de vídeo durante a edición.

→ENG

**dobrador -ora** s. 1.- Actor que pon a súa voz sobre a imaxe doutro nunha dobraxe.

Ing. 1.- *dubbing actor* Fr. 1.- *doubleur* Cast.

1.- *doblador* Pt. 1.- *actor de dobragem*

s. 2.- Actor que substitúe a outro en determinadas escenas. SIN. **dobre**.

Ing. 2.- *double, stuntman* Fr. 2.- *doublure*

[f.] *cascadeur* Cast. 2.- *doblador* Pt. 2.-

*duplo*

**dobrar** v.t. Facer a dobraxe dunha película.

Ing. *to double, to dub* Fr. *doubler* Cast.

*doblar* Pt. *dobrar*

**dobraxe** s.f. 1.- Regravación sincronizada dos diálogos dunha producción audiovisual, xeralmente co fin de traducilos a outra lingua distinta da orixinal.

Ing. 1.- *dubbing* Fr. 1.- *doublage* Cast. 1.- *doblaje* Pt. 1.- *dobragem*

s.f. 2.- Substitución dun actor por outro de gran parecido físico nas escenas que requieren unha especial habilidade.

Ing. 2.- *stunt* Fr. 2.- *doublage* Cast. 2.- *doblaje* Pt. 2.- *dobragem*

**dobre** s. Actor que substitúe a un dos protagonistas na gravación de escenas arriscadas (**dobre de acción**) ou comprometidas (**dobre de corpo**). SIN. **especialista, dobrador**.

Ing. *stuntman* Fr. *cascadeur, doublure* [f.] Cast. *doble* Pt. *duplo*

**dobre fluxo da comunicación** u.f.

Proceso de influencia dos medios de comunicación de masas en dúas etapas, sendo os líderes de opinión (que actúan como peneira) a categoría de individuos á que primeiro se dirixen os medios, e a través deses líderes, ao resto da audiencia.

É unha teoría formulada por Paul Lazarsfeld no 1944.

Ing. *two-step flow of communication* Fr. *double fluxo de la comunicación* Cast. *doble flujo de comunicación* Pt. *fluxo comunicativo em duas etapas*

**docudrama** s.m. Apócope de *documental dramático*. 1.- Categoría de ficción con base real que reconstrúe dramatéricamente uns feitos que se supoñen fiables, coa intención de facilitar a súa comprensión.

Foi a base da actual telerrealidade.

Ing. 1.- *docudrama* Fr. 1.- *docudrama* Cast.

1.- *docudrama* Pt. 1.- *docudrama*

→dramático

s.m. 2.- Obra que responde a ese xénero.

Ing. 2.- *docudrama* Fr. 2.- *docudrama* Cast.

2.- *docudrama* Pt. 2.- *docudrama*

**documentación** s.f. 1.- Conxunto de documentos ordenados para facilitar a súa consulta.

Ing. 1.- *background information, papers* Fr.

1.- *documentation* Cast. 1.- *documentación*

Pt. 1.- *documentação*

s.f. 2.- Operación de recollida, conservación, estudo e xestión de documentos, sexa cal for o seu soporte.

Ing. 2.- *research* Fr. 2.- *documentation* Cast.

2.- *documentación* Pt. 2.- *documentação*

s.f. 3.- Departamento dun medio onde se recolle, trata e pon á disposición dos xornalistas unha selección de recortes de prensa ou outros soportes de información para a súa consulta, para poderen obter os datos e os antecedentes da noticia que os ocupa.

→archivo

**documentación de prensa** u.f. Conxunto de documentos dirixidos aos xornalistas para proporcionarles información completa sobre un tema.

**documental** s.m. 1.- Xénero narrativo baseado no tratamento amplo dun tema, non vinculado estritamente á actualidade inmediata, que se ocupa máis da

contextualización ca da narración de feitos concretos.

Ing. 1.- *documentary* Fr. 1.- *documentaire* Cast. 1.- *documental* Pt. 1.- *documentário*  
→ reportaxe, NO-DO

s.m. 2.- Produto audiovisual desas características, xeralmente dunha duración de entre 25 e 50 minutos.

Ing. 2.- *documentary* Fr. 2.- *documentaire* Cast. 2.- *documental* Pt. 2.- *documentário*

**documental de creación** u.f. Documental de elaboración libre, caracterizado polo enfoque orixinal do seu autor.

**documental dramático** u.f. Docudrama.

**documentalista** s. Persoa dedicada ao tratamento e xestión da información para poñer á disposición dos usuarios os fondos documentais.

Ing. *documentalist, information officer* Fr. *documentaliste* Cast. *documentalista* Pt. *documentalista*

→ análise documental de imaxes

**docushow** s.ing. 1.- Xénero televisivo de recente creación que consiste en converter en contido da emisión o desenvolvemento do día a día de un ou de varios personaxes que conviven sometidos a certos mandatos da audiencia. > **vida en directo**.

s.ing 2.- Programa dese xénero. > **programa de vida en directo**.

**Dolby** Marca comercial de equipamentos de audio que permiten mellorar a calidade do son pola eliminación de ruídos de fondo.

**dolly** s.ing. > **carro de cámara**.

**doppler, efecto** u.f. V. efecto doppler.

**dossier** s.fr. Conxunto de documentos dirixidos aos xornalistas para proporcionarles información completa sobre un tema. > **documentación de prensa**.

**dr** Abreviatura empregada nunha escada para indicar que se trata dunha presentación en directo. V. directo.

**dramático -a** adv. 1.- Tráxico, de terribles consecuencias.

Ing. 1.- *dramatic* Fr. 1.- *dramatique* Cast. 1.- *dramático* Pt. 1.- *dramático*

s.m. 2.- Xénero de ficción no que un elenco de actores interpreta unha situación.

Ing. 2.- *drama* Fr. 2.- *dramatique* Cast. 2.- *dramático* Pt. 2.- *dramático*

s.m. 2.- Produto que responde a ese xénero.

Ing. 3.- *drama* Fr. 3.- *dramatique* Cast. 3.- *dramático* Pt. 3.- *dramático*

→ ficción, serie, docudrama

**dramatizar** v.t. 1.- Representar en escena unha situación ou un texto.

Ing. 1.- *to dramatize* Fr. 1.- *dramatiser* Cast. 1.- *dramatizar* Pt. 1.- *dramatizar*

v.t. 2.- Esaxerar o carácter tráxico dun feito.

Ing. 2.- *to dramatize* Fr. 2.- *dramatiser* Cast. 2.- *dramatizar* Pt. 2.- *dramatizar*

**drop out** u.f. Perda brusca do sinal sonoro ou visual durante a lectura da fita por unha alteración do soporte. > **caída**.

**DSP** sigla *Digital Signal Processing*. Procesamento do sinal dixital. Circuíto electrónico presente nalgúnsas cámaras que permite corrixir ou alterar o sinal da imaxe.

**DTH** sigla *Direct To Home*. Directo ao fogar. V. satélite directo ás casas.

**dual** adv. e s.m. Modo de emisión que, aproveitando o sistema estéreo, emprega cada unha das bandas de son para unha emisión de audio distinta, pero en calidade mono, de maneira que o usuario poida escoller unha delas (por exemplo, seguir as imaxes dunha retransmisión deportiva escoitando unha emisora radiofónica no canto da televisiva, ou a versión orixinal dunha película en lugar da dobrada, etc.).

Ing. *dual* Fr. *double* Cast. *dual* Pt. *dual*  
→ estereofonía

**dúplex** *s.m.* Sistema de telecomunicación entre dous puntos no que os dous extremos poden actuar de transmisores e mais de receptores.

OBS. Adaptación do latín *duplex*, dobre.  
Ing. *duplex* Fr. *duplex* Cast. *dúplex* Pt. *dúplex*

→múltiplex

**duración** *s.f.* Espazo de tempo que vai desde o inicio ata o final dunha cousa.

SIN. **dura**.

Ing. *length* Fr. *durée* Cast. *duración* Pt. *duração*

**duro -a** *adv.* 1.- Relativo a unha imaxe ou información difícil de tolerar por ferir a sensibilidade de quen se expón a ela.  
Ing. *1.- hard* Fr. *1.- dur* Cast. *1.- duro* Pt. *1.- duro*

*adv.* 2.- Relativo á iluminación altamente direccional ou excesivamente intensa.

Ing. *2.- hard* Fr. *2.- dur* Cast. *2.- duro* Pt. *2.- duro*

**DV** Formato de gravación dixital de audio e vídeo en soporte cinta, cunha mostraxe de 4:2:0, para uso doméstico.

**DVB** *Digital Video Broadcasting*. Emisión de vídeo dixital. Conxunto europeo de normas de difusión dixital asociadas ao MPEG-2, desenvolvidas nos anos noventa por un grupo de traballo constituído por fabricantes e canles de televisión de diferentes países, como estándar global para a distribución de televisión dixital e servizos de datos. Existen tres variantes específicas para cada medio de transmisión: **DVB-C**, para a televisión por cable, **DVB-T**, para a rede terrestre, e **DVB-S**, para a difusión vía satélite.

**DVB-T** *Terrestrial Digital Video Broadcasting*. Estándar de difusión de vídeo dixital a través da rede terrestre, que se serve do mesmo sistema de recepción da televisión analóxica e que permite a emisión de varios programas

nunha mesma canle cunha calidade alta na imaxe e mais no son.

Un dos seus obxectivos principais é permitir a substitución completa da televisión analóxica pola dixital, prevista para o ano 2012.

→ATSC, ISDB-T

**DVCAM** Formato dixital de vídeo, patentado por Sony, en soporte de fita, cunha mostraxe 4:2:0, empregado especialmente en xornalismo electrónico.

**DVC PRO 50** Formato de gravación dixital de vídeo, de Panasonic, en soporte de fita, para producións de alta calidade, cunha estrutura en compónentes 4:2:2 e un fluxo de datos de 50 Mb/s.

→D7

**DVC PRO HD** Formato dixital audiovisual en soporte de fita, cunha mostraxe 4:2:2 e un fluxo de datos de 100 Mb/s, axeitado para a televisión de alta definición.

**DVD** *Digital Video Disc*. Videodisco dixital. Soporte con formato compacto que permite almacenar un alto volume de información de vídeo, audio e datos.

**DVE** *sigla Digital Video Effects*. Efectos de vídeo dixital. Sistema de efectos de vídeo dixital, que permite tratamentos da imaxe como rotacións, imaxe curvada, esvaecida, etc.

**Dynalens** Compensador óptico creado en 1962 por Juan de la Cierva para eliminar os efectos do movemento, vibracións e posibles desenfoques da imaxe durante unha gravación. V. estabilizador óptico.

*e*

**EBU** *European Broadcasting Union*. Unión europea de radiotelevisión. Organismo internacional de coope-

ración entre as empresas de radio-difusión. Creado en 1950 en Suíza, negocia os dereitos de difusión de grandes acontecementos deportivos e de actualidade, tanto para o medio radiofónico como para o televisivo, organiza o intercambio e mais a coprodución de programas, e coordina as redes de Eurovisión.

Web: <http://www.ebu.ch>

**eco** *s.m.* 1.- Repetición feble dun sinal (particularmente, o sonoro) pola reflexión da onda sobre un obstáculo.  
Ing. *I.-echo* Fr. *I.-écho* Cast. *I.-eco* Pt. *I.-eco*  
→reflexión, reverberación  
s.m. 2.- Repercusión dunha noticia ao ser difundida.  
→facerse eco

**ECU** *sigla* *Extreme Close-up*. Plano detalle.

**ecualizador** *s.m.* Procesador que permite mudar os niveis dos distintos rangos de frecuencias dun sinal, para realzalos ou atenualos.

Ing. *equalizer* Fr. *égaliseur, correcteur* Cast. *equalizador* Pt. *equalizador*

**ecualizar** *v.t.* Alterar as características orixinais dun sinal, resaltando ou atenuando determinadas frecuencias.

Ing. *to equalize* Fr. *égaliser, régler* Cast. *ecualizar* Pt. *equalizar*

**edición** *s.f.* 1.- Proceso de selección e reordenamento das imaxes e dos sons gravados.

Ing. *I.-editing* Fr. *I.-montage* Cast. *edición* Pt. *I.-edição*

→posproducción, montaxe, realización

s.f. 2.- Cada unha das entregas ao longo do día dun programa informativo de hora fixa.

Ing. *2.- edition* Fr. *2.- édition* Cast. *2.- edición* Pt. *2.- edição*

**edición A/A** *u.f.* Sistema de edición cunha única fonte de vídeo, que opera na montaxe conxelando na memoria a última imaxe para enlazala co seguinte plano seleccionado.

Ing. *A/A roll*

**edición A/B** *u.f.* Modo de edición analóxico que se serve de dous magnetoscopios reproducidores e un magnetoscopio editor controlados por unha consola de edición que marca entradas e saídas en ambos.

Ing. *A/B roll*

**edición en liña** *u.f.* Procedemento de edición da copia mestra, no que a montaxe e o tratamento das imaxes e do son se executan coa gravación orixinal.

Ing. *on line editing*

**edición non lineal** *u.f.* Técnica de montaxe na que a imaxe é transferida a un sistema informático que procesa a información mediante tecnoloxía dixital, o cal permite editar dun modo non secuencial, é dicir, cunha orde de traballo das imaxes e das transicións aleatoria ata que se grava noutro soporte definitivo.

**edición off line** *u.f.* > **edición sobre copia**.

**edición on line** *u.f.* > **edición en liña**.

**edición por ensamblaxe** *u.f.* V. ensamblaxe.

**edición por inserción** *u.f.* V. inserción.

**edición sobre copia** *u.f.* Procedemento consistente en editar o produto analóxico a partir das imaxes dunha copia, como referencia para a edición definitiva do material orixinal.

Unha vez aprobada a edición sobre copia, arquívanse as decisións coas numeracións dos códigos de tempo (EDL), que guiará a elaboración da versión final co material orixinal (edición en liña).

Este modo de edición permite aforrar custos e non arrisca o material orixinal ao probar as distintas posibilidades de edición, pero tende a desaparecer ao dixitalizárense todas as áreas do proceso.

Ing. *off line editing*

**editar** *v.t.* Facer a edición dun producto audiovisual.

Ing. *to edit* Fr. *faire le montage* Cast. *editar* Pt. *editar*

→montar

**editor -ora** s. 1.- Coordinador dun informativo e responsable dos contidos, que depende do director do programa e ten a responsabilidade sobre os redactores xefes. Nalgúns casos, pode exercer tamén de presentador.

Ing. *1.- editor* Fr. *1.- chef d'édition* Cast. *1.- editor* Pt. *1.- editor*

s. 2.- Técnico especialista na edición de material audiovisual. SIN. **montador**.

Ing. *2.- editor* Fr. *2.- monteur* Cast. *2.- editor, montador* Pt. *2.- editor*

**editorial** s.m. Comentario presentado por un xornalista, que recolle a opinión da cadea sobre un acontecemento ou asunto.

Ing. *editorial* Fr. *éditorial* Cast. *editorial* Pt. *editorial*

→liña editorial

**EDL** sigla *Edit Decision List*. Listaxe de decisións de edición. Relación ordenada dos planos válidos e a duración dos mesmos, almacenada no editor dixital de vídeo.

Baséase na utilización de códigos de tempo, que permiten localizar de inmediato as imaxes desexadas.

→guieiro de planos

**FFE** Axencia de noticias española, con sede central en Madrid, creada en 1939, que ata o ano 1978 dispúña da exclusiva en España da distribución de noticias procedentes das axencias estranxeiras. Está constituída como sociedade anónima con participación do Estado. Con servizos tamén en catalán, inglés, árabe e portugués, ofrece noticias para o mundo (fundamentalmente o hispanofalante) en formato texto, audio e vídeo, e conta cunha organización e filiais específicas por criterios xeográficos e temáticos.

Web: <http://www.efe.es>

**efecto** s.m. 1.- En Teoría da Comunicación, impacto e reacción do espectador ante unha emisión.

Ing. *1.- effect* Fr. *1.- effet* Cast. *1.- efecto* Pt. *1.- efeito*

s.m. 2.- Trucaxe da imaxe ou do son. SIN. **efecto especial, trucaxe**.

Ing. *2.- (special) effect* Fr. *2.- effet (spécial)*, *trucage* Cast. *2.- efecto (especial)* Pt. *2.- efeito*

→xerador de efectos

**efecto búmerang** u.f. Expresión empregada na Teoría da Comunicación para designar a reacción do receptor que é contraria á pretendida polo emisor da mensaxe.

Ing. *boomerang effect* Fr. *effet boomerang* Cast. *efecto bumerán* Pt. *efeito boomerang*

**efecto cómico** u.f. Acción verbal ou visual inesperada e sorprendente que procura unha situación graciosa.

Ing. *gag*

→peza cómica

**efecto de augas** u.f. Defecto de vídeo producido pola coincidencia das liñas horizontais da imaxe coa varredura vertical.

Tamén se emprega o termo francés *moiré*.

**efecto doppler** u.f. Fenómeno que consiste en que a frecuencia dunha onda emitida por unha fonte, cando esta se despraza, é percibida polo receptor coma se fose distinta segundo se achega ou se afasta del.

Leva o nome do seu descubridor, Johann Doppler (Austria 1803-1853).

**efecto escalaire** u.f. Defecto frecuente nos sistemas de gravación dixital ao comprimir a información de vídeo, que mostra as marxes dos obxectos en banzos, no canto de liñas rectas e continuas.

Ing. *staircase effect* Fr. *effet d'escalier* Cast. *efecto escalera* Pt. *efeito de escada*

**efecto larsen** u.f. Reacción orixinada nunha cadea electroacústica, ao realimentar parte da enerxía de saída de novo o circuito de entrada.

Detéctase habitualmente no ámbito sonoro cando o micrófono capta o sinal que está a ser emitido polo altofalante, co cal provoca unha amplificación do son captado polo micro reenviado polo altofalante.

Leva o nome do seu descubridor S. Absalon Larsen (Dinamarca 1871-1957).

Ing. *larsen effect* Fr. *effet larsen* Cast. *efecto larsen* Pt. *efeito larsen*

→ retroalimentación

**efecto neon** *u.f.* Trucaxe que fai os trazos fluorescentes.

Ing. *neon effect* Fr. *effet néon* Cast. *efecto néon* Pt. *efeito néon*

**efeméride** *s.f.* Noticia na que se dá conta dun acontecemento ocorrido nunha data determinada do pasado.

Ing. *day's anniversaries* Fr. *éphéméride* Cast. *efeméride* Pt. *eféméride*

**efémero -a** *adv.* Que dura pouco. SIN. **pasadío, pasaxeiro, fugaz.**

Ing. *ephemeral, fleeting* Fr. *éphémère* Cast. *efímero* Pt. *efémero*

→ actualidade

**EFP** *sigla* *Electronic Field Production.*

Produción electrónica en campo. Equipo pesado de televisión que precisa de asistencia para o seu movemento. Son as cámaras de estudio e das grandes retransmisiósns.

→ ENG

**EGM** V. AIMC.

**EHF** *sigla* *Extra High Frequency.*

Frecuencia extra alta.

**EIM** *European Institute for the media.*

Instituto europeo para os medios. Centro de análise dos medios e do desenvolvemento das comunicacións en Europa na nova sociedade dixital, creado en Manchester en 1983 en cooperación coa *European Cultural Foundation* de Amsterdam. Ten a súa sede principal en Düsseldorf (Alemaña). Web: <http://www.eim.org>

**EIS** *Escola de Imaxe e Son.* Ciclo formativo, de carácter público, con sede na cidade da Coruña, que ofrece aprendizaxe das especialidades de

producción, realización, técnico de imaxe e técnico de son.

Web: <http://www.imaxeson.com>

**eixe** *s.m.* Liña imaxinaria definida pola posición ou dirección dos suxeitos e obxectos presentes na imaxe.

O eixe establece a orientación da acción de cara ao espectador. Se se deseja manter esa orientación, a posición da cámara (eixe da toma) debe manterse tamén nun mesmo lado do eixe.

Ing. *axis* Fr. *axe* Cast. *eje* Pt. *eixo*

**eixe da toma** *u.f.* Bisectriz imaxinaria do ángulo de toma do obxectivo da cámara.

→ salto de eixe

**eixe óptico** *u.f.* Liña imaxinaria que atravesa horizontalmente un sistema óptico pasando polo seu centro.

**eject** *s.ing.* Botón que acciona o mecanismo que expulsa a cinta de vídeo no caso do magnetoscopio ou outro soporte nouros equipamentos. > **expulsión**.

**electricista** *s.* Especialista en instalacións de electricidade que se encarga de situar e de manipular os focos.

Ing. *electrician* Fr. *électricien, électro* Cast. *electricista* Pt. *electricista*

**electroacústica** *s.f.* Disciplina da física que estuda a transformación do son en correntes eléctricas e viceversa.

Ing. *electroacoustics* Fr. *électroacoustique* Cast. *electroacústica* Pt. *electroacústica*

**electrodo** *s.m.* Condutor que emite ou recolle electróns.

Ing. *electrode* Fr. *électrode* Cast. *electrodo* Pt. *eléctrodo*

**electrón** *s.m.* Partícula elemental de carga eléctrica negativa.

**elenco de actores** *u.f.* Relación de actores que participan nunha obra dramática, cinematográfica ou televisiva.

Ing. *cast* Fr. *distribution* Cast. *reparto, elenco* Pt. *elenco*

→ títulos de crédito

**ellipse** *s.f.* Figura narrativa que consiste en suprimir algunas accións secundarias sen que se perda a comprensión da

acción principal, co fin de reducir a duración temporal da obra.

Ing. *jump cut, ellipsis* Fr. *ellipse* Cast. *elipsis*  
Pt. *elipse*

**ELS** sigla *Extra Long Shot*. Plano moi longo. V. plano conxunto.

**e-mail** s.ing. 1.-> correo electrónico.  
s.ing. 2.-> carta electrónica.

**emenda** s.f. Corrección, reforma, supresión de erros.

Ing. *emendation, correction* Fr. *correction*  
Cast. *enmienda* Pt. *emenda*  
→dereito de rectificación

**EMEREC** Acrónimo de *EMEtteur-RECepteur*, en francés, emisor-receptor, que designa a simbiose entre ambos nun acto de comunicación.

**emisión** s.f. 1.- Acción e efecto de emitir.

Ing. 1.- *transmission* Fr. 1.- *émission* Cast.  
1.- emisión Pt. 1.- *emissão*

s.f. 2.- Transmisión de sinais audiovisuais recollidos nese mesmo momento (en directo) ou gravados previamente (en diferido).

Ing. 2.- *broadcasting* Fr. 2.- *émission* Cast.  
2.- emisión Pt. 2.- *emissão*

s.f. 3.- Producción difundida pola televisión, que se identifica cun título.

SIN. **programa**.

Ing. 3.- *broadcast* Fr. 3.- *émission* Cast. 3.-  
emisión Pt. 3.- *emissão*

**emisor -ora** adv. 1.- Que emite.

Ing. 1.- *transmitter* Fr. 1.- *émetteur* Cast. 1.-  
emisor Pt. 1.- *emissor*

s. 2.- O que lanza unha mensaxe nun acto de comunicación.

Ing. 2.- *emitter* Fr. 2.- *émetteur* Cast. 2.-  
emisor Pt. 2.- *emissor*

s.m. 3.- Aparello que emite ondas electromagnéticas de alta frecuencia portadoras de información.

Ing. 3.- *transmitter* Fr. 3.- *poste émetteur*  
Cast. 3.- emisor Pt. 3.- *emissor*

→reemisor

s.f. 4.- Estación transmisora de sinais de televisión de alta potencia, que aumenta o sinal garantindo unha

meirande cobertura. SIN. **centro emisor, estación emisora**.

A emisora está unida ao centro de producción da programación mediante unha rede de enlaces.

Ing. 4.- *broadcasting station* Fr. 4.- *station de télévision* Cast. 4.- *emisora* Pt. 4.-  
*emissora*

s.f. 5.- Cadea de televisión.

**emisora pirata** u.f. Canle que emite á marxe das disposicións legais da teledifusión. SIN. **emisora clandestina**.

**emitir** v.t. Transmitir por medio dunha canle.

Ing. *to broadcast* Fr. *émettre* Cast. *emitir* Pt.  
*emitir*

**Emmy** Premios norteamericanos concedidos pola Academy of Television, Arts and Sciences aos programas de televisión máis destacados.

**empalmadora** s.f. Aparello que serve para cortar e empalmar fragmentos de película ou de fita de audio.

Ing. *film splicer* Fr. *colleuse* Cast.  
*empalmadora* Pt. *coladeira*

**empalme** s.m. Unión dos anacos dunha fita.

SIN. **empate, amecedura, enlace**.

Ing. *splice* Fr. *collage, collure* Cast.  
*empalme* Pt. *colagem*

**emprazar** v.t. Convocar a audiencia para que siga unha determinada emisión nunha data concreta. SIN. **citar**.

Ing. *to call together* Fr. *convoquer* Cast.  
*emplazar* Pt. *convocar*

**empleado -a** s. Contratado da empresa.

Ing. *clerk* Fr. *employé* Cast. *empleado* Pt.  
*empleado*

→colaborador, autónomo

**en antena** u.f. Que se está a emitir nese momento. SIN. **no ar**.

Ing. *on the air* Fr. *en onde, sur l' antenne*  
Cast. *en antena* Pt. *no ar*

→entrar en antena

**en diferido** u.f. Que se emite con posterioridade á súa gravación, por oposición ao directo.

Ing. *recorded programme* Fr. *différé* Cast. *en diferido* Pt. *em diferido*

**en directo** *u.f.* Que se emite simultaneamente á súa realización.  
Ing. *live* Fr. *en direct* Cast. *en directo* Pt. *em directo*

**en fase** *u.f.* Relación entre ondas periódicas de idéntica frecuencia que se dá ao coincidirem os seus valores máximos ou mínimos.  
En audio, permite producir o efecto aditivo de dous sinais ao mesturalos, e en vídeo emprégase para obter o ton da imaxe por comparación coa subportadora de cor.  
Ing. *in phase* Fr. *en phase* Cast. *en fase* Pt. *em fase*

**en liña** *u.f.* Dispoñible, que está conectado á rede e en disposición de funcionar.  
Ing. *on line* Fr. *en ligne* Cast. *en línea* Pt. *em linha*  
→ edición en liña

**en vivo** *u.f.* Que é captado (un son, unha imaxe) no momento mesmo no que se produce, independentemente de que se emita en directo ou en diferido.  
Ing. *live* Fr. *en direct* Cast. *en vivo* Pt. *ao vivo*

**encabalgamento** *s.m.* Prolongación, na montaxe, do audio sobre outras imaxes ás que non corresponde. SIN. **corte en L**.  
Ing. *audio split, overlap* Fr. *chevauchement* Cast. *cabalgado* Pt. *corte L*

**encadeado** *s.m.* Tipo de transición visual entre dúas imaxes que se superpoñen momentaneamente, xa que mentres esvaece a imaxe de saída vai entrando o seguinte plano, dando a sensación de acción paralela. SIN. **fundido encadeado**.  
Ing. *dissolve* Fr. *enchaînement* Cast. *encadenado* Pt. *fusão, encadeado*  
→ esvaecemento

**encadramento** *s.m.* 1.- Acción e efecto de encadrar.  
Ing. *1.- framing* Fr. *1.- cadrage* Cast. *1.- encuadre* Pt. *1.- enquadramento*  
*s.m.* 2.- Porción visual que entra no marco do obxectivo da cámara.

Ing. *2.- frame* Fr. *2.- cadre* Cast. *2.- enquadre* Pt. *2.- enquadramento*

**encadramento centrado** *u.f.* Toma na que o suxeito ocupa o punto de atención visual.

**encadramento de perfil** *u.f.* V. perfil, de.

**encadramento descentrado** *u.f.* Toma na que a disposición dos obxectos é asimétrica e a interpretación do plano, más libre. SIN. **desencadramento**.

**encadramento frontal** *u.f.* V. toma frontal.

**encadramento oblicuo** *u.f.* Toma que sitúa o suxeito de maneira non perpendicular, formando o seu rostro un ángulo de 45° co eixe óptico da cámara. SIN. **toma en tres cuartos**.

**encadrar** *v.t.* 1.- Situar os elementos da imaxe dentro do marco do obxectivo, determinando un punto de vista da toma.  
Ing. *1.- to frame* Fr. *1.- cadrer* Cast. *1.- encuadrar* Pt. *1.- enquadrar*  
→ enfocar  
v.t. 2.- Axustar algo ao centro dun espazo físico.  
Ing. *2.- to frame* Fr. *2.- cadrer* Cast. *2.- encuadrar* Pt. *2.- enquadrar*

**encarnado** *s.m.* Vermello.

**enderezamento** *s.m.* Secuencia de caracteres ou de díxitos binarios que indica o destino dun conxunto de datos ou dunha comunicación.  
Ing. *addressing* Fr. *adressabilité* Cast. *direcciónamiento* Pt. *endereçamento*

**enderezo electrónico** *u.f.* Clave que permite a localización dun usuario electrónico para o envío de mensaxes a través dunha rede de comunicacóns.  
Ing. *e-mail address* Fr. *adresse de courrier électronique* Cast. *dirección de correo electrónico* Pt. *endereço de correio electrónico*  
→ correo electrónico

**énfase** *s.f.* Destaque de certas partes do discurso ao pronunciarlo, a través do aumento da intensidade, elevación tonal, etc.

Ing. *emphasis, stress* Fr. *emphase [f.]* Cast. *éñasis [m.]* Pt. *ênfase [f.]*

→palabra de valor

**enfocar** *v.t.* Buscar a nitidez da imaxe encadrada regulando a distancia no obxectivo. SIN. **pór a foco, buscar o foco.**

Ing. *to focus* Fr. *mettre au point, centrer* Cast. *enfocar* Pt. *focar, pôr em foco*

**enfoque** *s.m.* 1.- Efecto ou acción de enfocar.

Ing. *I.- focusing* Fr. *I.- mise au point* Cast. *I.- enfoque* Pt. *I.- focagem*

*s.m.* 2.- Tratamento dun tema desde certo punto de vista.

Ing. *2.- approach* Fr. *2.- optique* Cast. *2.- enfoque* Pt. *2.- perspectiva*

**ENG** *sigla Electronic News Gathering.* Captación electrónica de noticias. Cámara lixeira e facilmente manexable, concibida para cubrir informacións de maneira inmediata e sen precisar máis ca un técnico, fronte á EFP.

Grazas á lixeireza dos equipos, as empresas tenden a reducir o número de profesionais desprazados para unha reportaxe, outorgándolle ao xornalista a responsabilidade tamén da toma de imaxes. Estes reporteiros que elaboran as súas reportaxes coa cámara ao lombo coñécense como **xornalistas ENG**.

→DNG, EFP

**engado** *s.m.* Aquilo que atrae e seduce.

Ing. *charm, glam* Fr. *charme* Cast. *encanto, gancho* Pt. *encanto*

**enganar** *v.t.* 1.- Ocultarlle a verdade a alguén.

Ing. *I.- to deceive* Fr. *I.- tromper* Cast. *I.- engañar* Pt. *I.- enganar*

*v.p.* 2.- Equivocarse, trabucarse, confundirse.

Ing. *2.- to be wrong* Fr. *2.- se tromper* Cast. *2.- equivocarse* Pt. *2.- enganar-se*

**enlace** *s.m.* 1.- Relación ou unión dunha cousa con outra. SIN. **ligazón, nexo.**

Ing. *I.- link* Fr. *I.- liaison* Cast. *I.- enlace* Pt. *I.- enlace*

*s.m.* 2.- Estación de enlace.

**enlace, salto de** *u.f.* V. salto de enlace.

**enlatado -a** *adj.* (Programa, actuación musical ou espazo televisivo) gravado e arquivado durante certo tempo para ser emitido posteriormente.

Ing. *canned* Fr. *enregistré* Cast. *enlatado* Pt. *enlatado*

→pregravado

**enquisa** *s.f.* Indagación metódica do estado de opinión da sociedade ou de aspectos do seu comportamento.

Ing. *opinion poll* Fr. *enquête* Cast. *encuesta* Pt. *inquérito*

→sondaxe, entrevista

**enquisa de rúa** *u.f.* Conxunto de preguntas formuladas por unha empresa de comunicación a unha serie de persoas anónimas para obter datos ou opinións sobre un asunto, sen que teñan representatividade.

Tamén se emprega a expresión latina **vox populi**.

**ensaio** *s.m.* Proba realizada antes de saír ao ar.

Ing. *test, rehearsal* Fr. *répétition* Cast. *ensayo* Pt. *ensaio*

**ensamblaxe** *s.f.* Proceso de edición analóxica en magnetoscopio que introduce impulsos novos na pista de control en cada empalme de planos, sincronizándoos.

Caracterízase, fronte á inserción, por tratar audio e vídeo e impulsos de control simultaneamente.

Ing. *assemble*

→inserción

**entoación** *s.f.* Inflexións da voz en función do sentido, a intención ou o acento co que se fala.

Ing. *intonation* Fr. *intonation* Cast. *entonación* Pt. *entonação*

→locución

**entrada** *s.f.* 1.- Toma da imaxe do reporteiro que introduce a noticia cun texto falado. Cando se refire a aquela que o condutor do programa le no apuntador electrónico chámase **entrada de estudio**; a que fai o reporteiro desprazado ao lugar dos feitos denomínase **in situ**.

Ing. 1.- *stand-up* Fr. 1.- *ouverture, chapeau*  
Cast. 1.- *entradilla* Pt. 1.- *entrada*  
—medianera, saída  
s.f. 2.- Primeiro parágrafo dunha noticia.

Tamén se emprega **intro**.

Ing. 2.- *lead* Fr. 2.- *amorce* Cast. 2.- *entradilla* Pt. 2.- *abertura, lide*  
—peche

**entrar en antena** u.f. Saír ao ar, iniciar unha emisión.

**entretemento** s.m. Categoría de programas destinados a divertir o público e facerlle pasar o tempo de maneira agradable.

Ing. *entertainment* Fr. *divertissement* Cast. *entretenimiento* Pt. *divertimento, entretenimento*

—infoentretemento

**entrevista** s.f. 1.- Xénero dialogal que refire a conversa ante as cámaras entre un xornalista e un convidado, baseada nun cuestionario, e que ten como fin ofrecerlle información directa á audiencia.

Pode ser informativa, de opinión, de personalidade, etc.

Ing. 1.- *interview* Fr. 1.- *interview* Cast. 1.- *entrevista* Pt. 1.- *entrevista*

s.f. 2.- Programa ou sección televisiva dese xénero.

Ing. 2.- *interview* Fr. 2.- *interview* Cast. 2.- *entrevista* Pt. 2.- *entrevista*

s.f. 2.- Tipo de enquisa baseada na conversa, que se emprega xeralmente en estudos de carácter cualitativo.

Ing. 3.- *interview* Fr. 3.- *interview* Cast. 3.- *entrevista* Pt. 3.- *entrevista*

—enquisa, estatística

**entrevista a plano-contraplanos** u.f.

Técnica de captación do diálogo da entrevista, consistente en alternar os planos do presentador e mais o entrevistado, respectando o eixe da toma para que o espectador non perda a perspectiva.

Na entrevista gravada cunha soa cámara, adóitase plasmar na montaxe posterior; no desenvolve-

mento da entrevista recóllese só o plano do entrevistado e, unha vez rematada, o xornalista repite as preguntas ante a cámara, para evitar interrupcións na conversa. Para a realización desta técnica en directo necesitanse dúas cámaras.

→espazo de referencia

**entrevista múltiple** u.f. Entrevista con cuestionario dirixido a varios convidados que, a diferenza do coloquio, non relacionan entre eles as respostas, de maneira que o intercambio comunicativo é sempre entre o entrevistado e o xornalista.

**entrevistador -ora** s. Xornalista que formula as preguntas nunha entrevista.  
Ing. *interviewer* Fr. *interviewer* Cast. *entrevistador* Pt. *entrevistador*

**entrevistar** v.t. Manter unha entrevista con alguén.

Ing. *to interview* Fr. *interviewer* Cast. *entrevistar* Pt. *entrevistar*

**entroidada** s.f. Vestimenta badoca, estrafalaria, que semella un disfraz propio do entroido.

**enviado -a especial** u.f. Xornalista que se despraza ao lugar dos feitos para cubrir unha información puntual.

Ing. *special correspondent* Fr. *envoyé spécial* Cast. *enviado especial* Pt. *enviado especial*

—correspondente

**enxeñeiro -a** s. Persoa formada técnica e científicamente para desenvolver a actividade de deseñar proxectos tecnolóxicos, industriais ou de aproveitamento de recursos naturais, segundo sexa a súa especialidade.

Ing. *engineer* Fr. *ingénieur* Cast. *ingeniero* Pt. *engenheiro*

**EPG** sigla *Electronic program guide*. Guieiro electrónico de programación.

**episodio** s.m. Cada unha das entregas que conforman unha serie televisiva. SIN. **capítulo.**

Ing. *episode* Fr. *épisode* Cast. *episodio* Pt. *episódio*

**episodio piloto** u.f. V. piloto.

**EPRA** *European Platform of Regulatory Authorities.* Plataforma europea das autoridades regulamentadoras. Foro de intercambio de información e experiencias entre institucións relacionadas coa difusión, creado en Malta no 1995.

Web: <http://www.epra.org>

**equilibrado** *s.m.* Nivelación de niveis dos sinais acústicos e visuais. SIN. **balance, axuste.**

Ing. *balancing* Fr. *équilibrage* Cast. *equilibrado* Pt. *equilibração*

**equipamento** *s.m.* Conxunto de aparellos técnicos de gravación e/ou reprodución, acoplados entre eles. SIN. **equipo.**

Ing. *equipment* Fr. *équipement* Cast. *equipo* Pt. *equipamento*

**equipo** *s.m.* 1.- Grupo de persoas que colaboran na realización dun espazo televisivo ou nunha obra.

Xeralmente, noméanse pola súa especialización.

Ing. *1.- team* Fr. *1.- équipe* Cast. *1.- equipo*

Pt. *1.- equipe, equipa*

*s.m.* 2.- Equipamento.

Ing. *2.- equipment* Fr. *2.- équipement* Cast.

*2.- equipo* Pt. *2.- equipamento*

**erro** *s.m.* Fallo, engano.

Ing. *error* Fr. *erreur* Cast. *error* Pt. *erro*

→taxa de erro nos bits

**erro de continuidade** *u.f.* Incongruencia na continuidade entre dúas imaxes ou sons.

→continuidade

**ESA** *European Space Agency.* Axencia espacial europea, para a utilización dos satélites. Organización encargada de desenvolver estratexias para o futuro de Europa no espazo e dos servizos que os satélites poden ofrecer aos cidadáns.

Web: <http://www.esa.int>

**esbardallar** *v.i.* Falar seguido sen dicir nada interesante.

Ing. *to talk nonsense, to ramble* Fr. *divaguer* Cast. *desbarrar* Pt. *divagar*

**escada** *s.f.* Guión detallado que reflicte os contidos e a súa duración dentro dun

programa, así como a súa forma de presentación.

Ing. *schedule* Fr. *conducteur* Cast. *escalera, escalada* Pt. *grade, pauta*

→guión

**escala** *s.f.* 1.- Serie de sons ou de cores ordenada de maneira progresiva.

Ing. *1.- scale* Fr. *1.- échelle, gamme* Cast. *1.- escala* Pt. *1.- escala*

*s.f.* 2.- Proporción dunha representación gráfica con respecto ao tamaño real do representado.

Ing. *2.- scale* Fr. *2.- échelle* Cast. *2.- escala* Pt. *2.- escala*

**escala de cinsa** *u.f.* Progresión desde o negro ata o branco, pasando por distintos tons de grises, que se emprega para comprobar o rendemento do equipo de vídeo. SIN. **escala de grises.**

**escala de números** *f u.f.* Números de referencia da medida da abertura do diafragma da cámara para graduar a entrada de luz.

Cada número f corresponde a unha lonxitude focal dividida polo diámetro físico da abertura.

Ing. *f-stops*

**escaleira, efecto** *u.f.* V. efecto escaleira.

**escaleta** *s.f.* Adaptación do italiano *scalaetta.* > **escada.**

**escanear** *v.t.* Pasar un documento polo escáner.

OBS. Adaptación do inglés *to scan*, explorar.

Ing. *to scan* Fr. *scanner* Cast. *escanear* Pt. *scanear*

**escáner** *s.m.* Aparello que analiza un documento por puntos e que transforma a enerxía luminosa reflectida polo orixinal en sinais eléctricos, para o seu procesamiento.

OBS. Adaptación do inglés *scanner*, explorador.

Ing. *scanner* Fr. *scanneur* Cast. *escáner* Pt. *scanner*

**escena** *s.f.* 1.- Espazo no que se realiza unha representación dramática. Por extensión, tamén lugar no que se desenvolve un acontecemento que se converte en noticia. SIN. **escenario.**

Ing. *I.- scene* Fr. *I.- scène* Cast. *I.- escena*  
Pt. *I.- cena*

→decorado

s.f. 2.- Cada un dos fragmentos formados por un conxunto de accións cunha unidade temporal e xeográfica, nos que se divide unha obra teatral.

O seu equivalente audiovisual é a secuencia.

Ing. *2.- scene* Fr. *2.- scène* Cast. *2.- escena*  
Pt. *2.- cena*

→posta en escena

**escenificar** *v.cast.* > **pór en escena**.

**escenografía** s.f. 1.- Conxunto de decorados, disposición do espazo escénico.

Ing. *I.- scenography* Fr. *I.- mise en scène* Cast. *I.- escenografía* Pt. *I.- cenografia*

→ambientación, decorado

s.f. 2.- Conxunto de actividades relacionadas co deseño e creación de decorados para obras audiovisuais.

Ing. *2.- scenography* Fr. *2.- mise en scène* Cast. *2.- escenografía* Pt. *2.- cenografia*

**escenografía virtual** u.f. Construción de decorados con imaxes de síntese, que permite amplas posibilidades de creación de lugares e accesorios e reduce considerablemente os custos.

**escenógrafo -a** s. Profesional encargado de deseñar e supervisar o espazo escénico.

Ing. *art director, stage designer* Fr. *metteur en scène* Cast. *escenógrafo* Pt. *cenógrafo*  
→director artístico

**escintilación** s.f. Defecto da imaxe de vídeo que produce un apagado ou brillo intermitente. SIN. **pestanexo**.

Ing. *flickering* Fr. *scintillement* Cast. *parpadeo* Pt. *cintilação*

**escolla** s.f. Selección.

Ing. *selection* Fr. *sélection* Cast. *selección*  
Pt. *escolha*

**escudriñar** *v.t.* Facer un seguimento atento dun feito ou dun asunto para captar o que del se deixa oculto.

Ing. *to inquire* Fr. *examiner* Cast. *escudriñar, investigar* Pt. *esquadrinhar*

**escurantismo** s.m. Actitude de quen se opón a dar a coñecer aspectos da cultura

ou da vida social que poden contribuír á formación e á información cidadá.

Ing. *obscurantism* Fr. *obscurantisme* Cast. *oscurantismo* Pt. *obscurantismo*

**escurecer** *v.t.* Sombrear.

**espallar** *v.t. e v.p.* Pór(se) unha noticia en circulación. SIN. **difundir, estender, fazer público.**

Ing. *to disseminate* Fr. *répandre* Cast. *esparcir* Pt. *espalhar*

**espazo** s.m. 1.- Superficie limitada na que se poden situar obxectos e persoas.

Ing. *I.- space, set* Fr. *I.- espace* Cast. *I.- espacio* Pt. *I.- espaço*

s.m. 2.- Emisión televisiva de duración determinada.

Ing. *2.- programme* Fr. *2.- émission* Cast. *2.- espacio* Pt. *2.- espaço*

→programa, bloque

**espazo de referencia** u.f. Distancia que se adoita deixar entre a face do personaxe que fala e o lateral do encadramento, para evidenciar que dialoga con outro personaxe.

→ar

**espazo escénico** u.f. ÁREA limitada na que se desenvolve unha actuación televisiva, configurada por un decorado.

**espazo público** u.f. Conxunto de lugares nos que se desenvolve a vida en sociedade, por oposición ao que concirne á vida privada, individual ou familiar.

Ing. *public space* Fr. *espace public* Cast. *espacio público* Pt. *espaço público*

**especial** s.m. Programa que se emite con motivo dalgún acontecemento importante, sen periodicidade.

Ing. *special* Fr. *spécial* Cast. *especial* Pt. *especial*

**especialista** s. Dobre.

**especialización** s.f. Formación do xornalista que domina un tema no que centra o seu exercicio profesional.

Coa converxencia de distintos medios comeza a se aplicar o termo á formación específica na lingua dun soporte.

Ing. specialization, specialisation Fr. spécialisation Cast. especialización Pt. especialização

**espectáculo** *s.m.* Función para a diversión, que pode ser musical, teatral, etc.

Ing. show Fr. spectacle Cast. espectáculo Pt. espectáculo

**espectáculo en vivo** *u.f.* Espectáculo que conta coa asistencia de público e que é gravado sen alterar o seu desenvolvimento natural.

→directo

**spectador -ora** *s.* Persoa que observa un espectáculo ou unha emisión televisiva.

Ing. spectator Fr. spectateur Cast. espectador Pt. espectador

→telespectador, audiencia

**espectro audible** *u.f.* Banda de frecuencias de audio perceptibles polo oído humano, que abrangue aproximadamente dos 20 Hz aos 20 KHz.

**espectro electromagnético** *u.f.*

Distribución das ondas electromagnéticas en función da súa frecuencia.

Na franxa empregada para a distribución do sinal de televisión, un dos beneficios do sistema dixital terrestre con respecto ao analóxico é que permite un maior aproveitamento do espectro, xa que pode empregar redes de frecuencia única e, coas técnicas de compresión, mesmo dá capacidade para transmitir simultaneamente varios programas por cada canle. Porén, no período de convivencia dos dous sistemas prodúcese unha saturación do espectro, que apura a finalización da transición definitiva ao dixital (peche ou apagado analóxico).

Ing. spectrum Fr. spectre Cast. espectro Pt. espectro

→ondas electromagnéticas

**espectro visible** *u.f.* Parte do espectro electromagnético na que o sinal de vídeo é perceptible polo ollo humano, que comprende aproximadamente dos 400 aos 700 nm.

→cor

**espera, á** *u.f.* Posición do equipamento que está presto para ser accionado.

Ing. stand by Fr. dans l'attente Cast. en espera Pt. á espera, em repouso

**estabilizador** *s.m.* Sistema ou dispositivo que contribúe a manter o equilibrio dun sinal ou dun aparello.

Ing. stabilizer Fr. stabilisateur Cast. estabilizador Pt. estabilizador

**estabilizador de sinais** *u.f.* Amplificador de vídeo que suprime as perturbacións transitorias e mantén o equilibrio do sinal.

**estabilizador óptico** *u.f.* Sistema que elimina os efectos do movemento, vibracións e posibles desenfoques da imaxe durante unha gravación.

**estación** *s.f.* Instalación provista de equipamento técnico para emitir (**estación emisora**), para recibir ou reenviar (**estación de enlace**) o sinal televisivo.

Ing. station Fr. station Cast. estación Pt. estação

**estación de enlace** *u.f.* Punto dunha rede de enlaces dunha cadea de televisión empregado para o transporte do sinal entre o centro de producción de programación e os centros emisores da rede ou as delegacións, bidireccionalmente.

→salto de enlace, radioenlace, reemisor

**estándar** *adv.* 1.- Que responde ao escollido como patrón.

Ing. 1.- standard Fr. 1.- standard Cast. 1.- estándar Pt. 1.- standard

*s.m.* 2.- Conxunto de regras creadas xeralmente por acordo industrial.

Ing. 2.- standard Fr. 2.- standard Cast. 2.- estándar Pt. 2.- padrão, estándar

**estándar lingüístico** *u.f.* V. lingua estándar.

**estatística** *s.f.* 1.- Conxunto de datos que concirnen a unha categoría de feitos.

Ing. 1.- statistics Fr. 2.- statistique Cast. 2.- estadística Pt. 2.- estatística

*s.f.* 2.- Ciencia que trata a obtención da información a partir de datos numéricos.

A estatística baséase no estudo dunha poboación (universo estatístico) integrada por un conxunto de individuos que, por ser excesivamente numeroso, fai necesaria a escolha dun grupo representativo (mostra) sobre o que se fan as observacións. A selección pódese realizar de xeito aleatorio ou por técnicas de cotas. Na obtención de datos procúranse respostas claras a través de preguntas concretas e inequívocas. Os resultados da investigación adóitanse expresar en porcentaxes elaboradas a partir da frecuencia das respostas estándar obtidas nas enquisas e pódense trasladar a un universo máis amplio ca o da mostra (inferencia estatística).

Ing. 2.- *statistics* Fr. 2.- *statistique* Cast. 2.- *estadística* Pt. 2.- *estatística*

→ sondaxe, enquisa, mostra, mostraxe

**estereofonía** s.f. Procedemento de gravación, de reprodución e de difusión do son que respecta o efecto de relevo acústico propio do son en directo.

Ing. *stereophony* Fr. *stéréophonie* Cast. *estereofonía* Pt. *estereofonia*

→ dual, tetrafonía

**estereofónico -a** adj. Que permite percibir a dirección do son gravado en dúas canles diferentes, producíndolle ao oínte a ilusión de profundidade e amplitud sonora.

Adóitase empregar a forma reducida **estéreo**.

Ing. *stereophonic, stereo* Fr. *stéréophonique* Cast. *estereofónico* Pt. *estereofónico*

→ monofónico

**esteticista** s. Profesional especializado nos coidados da beleza corporal e facial.

Ing. *beauty specialist* Fr. *esthéticienne* Cast. *esteticista* Pt. *esteticista*

→ maquillador

**estético -a** adj. 1.- Que ten beleza e harmonía, referido tanto á redacción coma ás imaxes e aos sons dunha obra audiovisual.

Ing. *1.- aesthetic* Fr. *1.- esthétique* Cast. *1.- estético* Pt. *1.- estético*

s.f. 2.- Imaxe buscada por unha persoa na súa apariencia pública.

Ing. 2.- *aesthetics* Fr. 2.- *esthétique* Cast. 2.- *estética* Pt. 2.- *estética*

**estilismo** s.m. Conxunto de actividades e de elementos relacionados co coidado da imaxe persoal e co aspecto estético dos espazos que envolven unha producción para televisión (maquillaxe, peiteado, vestiario, decoración, etc.).

OBS. Trátase dun termo de creación recente.

**estilista** s. Profesional encargado da imaxe dos presentadores de televisión.

Ing. *stylist* Fr. *styliste* Cast. *estilista* Pt. *estilista*

**estilo** s.m. Carácter propio dun xornalista, dun artista, dunha obra ou dun medio.

Ing. *style* Fr. *style* Cast. *estilo* Pt. *estilo*

**estreia** s.f. Primeira presentación pública dunha obra ou dunha persoa nunha actividade.

Ing. *debut, premiere* Fr. *débuts [pl.], première* Cast. *estreno [m.]* Pt. *estreia*

**estreiar** v.t. 1.- Pasar un produto audiovisual por primeira vez.

Ing. *1.- to release* Fr. *1.- faire la sortie, la première* Cast. *1.- estrenar* Pt. *1.- estrear*

v.p. 2.- Comezar a traballar no mundo do espectáculo ou nunha profesión calquera. SIN. **debutar**.

Ing. *2.- to make's one's debut* Fr. 2.- *faire le début* Cast. 2.- *estrenarse* Pt. 2.- *estrear-se*

**estrela** s.f. Actor, presentador ou programa que sobresae ou que acada altas cotas de audiencia, cun interese público que transcende o ámbito profesional.

Ing. *star* Fr. *vedette* Cast. *estrella* Pt. *estrela, vedeta*

→ negocio das estrelas

**estrutura** s.f. Documento anterior á elaboración do tratamento dun guión, no que se perfilan brevemente e ordenan as secuencias a modo dunha primeira composición das tramas da historia.

Ing. *structure* Fr. *découpage* Cast. *estructura, escaleta* Pt. *estrutura, escaleta*

**estudio** *s.m.* 1.- Local onde se desenvolven os programas de televisión realizados en interiores.

Caracterízase xeralmente por carecer de fiestras ao exterior e por ter o teito moi alto (de 5 a 12 metros) para pendurar a iluminación.

Distingue dúas partes independentes: o espazo no que se desenvolve o programa (estudio de gravación ou de directo, tamén denominado *plató*) e o control.

Ing. *1.- studio* Fr. *1.- studio* Cast. *1.- estudio, plató* Pt. *1.- estúdio s.m.pl.* 2.- Edificio da emisora.

**estudio de directo** *u.f.* Local destinado ao desenvolvemento de programas televisivos en directo.

**estudio de gravación** *u.f.* Local destinado á gravación de programas de televisión, sen capacidade de emisión.

**estudo** *s.m.* Análise, exame dalgunha cousa. Ing. *studying* Fr. *étude* Cast. *estudio* Pt. *estudo*

**esvaecemento** *s.m.* Atenuación progresiva da imaxe e/ou o son. SIN. **fundido**.

Ing. *fading*

**etalonar** *v.t.* Adaptación do francés *étalonner*, contrastar, verificar o contraste. Operación consistente en igualar a densidade e a cor das diferentes tomas gravadas, a partir dun patrón, mediante técnicas de laboratorio (no caso do celuloide) ou con procesos dixitais, co fin de obter unha estética coherente de todas as secuencias. > **igualar**.

Ing. *standardize* Fr. *étalonner* Cast. *talonar* Pt. *igualar o aspecto*

**ETB** *Euskal Telebista*. Emisora pública de televisión en Euskadi, que conta con dúas canles de emisión: ETB1, que emite integralmente en éuscaro, e ETB2, con programación en castelán. Actualmente emiten dúas canles máis: ETB Sat, para Europa, que resume os contidos de ETB1 e ETB2, e Canal Vasco, basicamente en castelán, concibido para América.

Web: <http://www.eitb.com>

**ética** *s.f.* V. deontoloxía.

Ing. *ethics* Fr. *éthique* Cast. *ética* Pt. *ética*

**ETSI** *European Telecommunications Standards Institute*. Instituto europeo de normas de telecomunicacións, con sede en Francia, que establece as normas para a televisión dixital en Europa. Representa as administracións, os operadores, os fabricantes, os provedores de servizos, os centros de investigación e os usuarios.

Web: <http://www.etsi.org>

→ ATSC

**eufemismo** *s.m.* Expresión suavizada que substitúe a outra máis clara e directa que podería molestar a alguén.

Ing. *euphemism* Fr. *euphémisme* Cast. *eufemismo* Pt. *eufemismo*

**EUMETSAT** Acrónimo de *EUrope's METeorological SATellite organisation*. Organización europea de satélites meteorolóxicos. Organismo intergubernamental integrado por dezaoito estados europeos, que controla e explota sistemas de satélites para o estudo do tempo atmosférico (entre eles, o METEOSAT).

Web: <http://www.eumetsat.de>

**EuroNews** Canle informativa europea creada en 1993 que transmite noticias de todo o mundo en sete linguas simultaneamente: inglés, francés, alemán, italiano, portugués, español e ruso. O seu control operativo teno, desde 1997, o fornecedor de noticias británico ITN.

Web: <http://www.euronews.tv>

**Europa Press (EP)** Axencia de noticias española, fundada no 1957, con sede central en Madrid, que hoxe ofrece informacións en galego, en catalán, en valenciano e mais en vasco.

Web: <http://www.europapress.es>

**European Video News (EVN)** Organización internacional, establecida en Bruxelas e en Xenebra, que asegura a

transmisión de imaxes da actualidade aos operadores de televisión do mundo enteiro. Funciona como un banco de imaxes de cadeas asociadas que xestiona a Unión Europea de Radiodifusión (EBU).

**Eurosport** Cadea de televisión europea, especializada na retransmisión de acontecementos deportivos, que difunde en dezaoito lingua para uns cincuenta países.

Web: <http://www.eurosport.com>

**Eurovisión** Organización de radiotelevisión europea, que emitiu por primeira vez en 1953, encargada da xestión de intercambios internacionais de noticias e de programas entre os membros da Unión Europea.

Web: <http://www.eurovision.net>

**EUTELSAT** Acrónimo de *European TELEcommunications SATellite*. Satélite europeo de telecomunicacións. Organización europea creada no 1977, con sede en París, para fornecer servizos de comunicación por satélite, que conta cunha flota de máis de vinte satélites do mesmo nome.

Web: <http://www.eutelsat.org>

**evento** s.m. Acontecemento imprevisto. OBS. Aparece adoito empregado incorrectamente nos medios co significado de acto programado. Ing. *event* Fr. *événement* Cast. *evento* Pt. *evento*

**ex cathedra** u.f. Con autoridade maxistral. OBS. Locución latina, de uso culto.

**exclusiva** s.f. 1.- Noticia obtida por un medio, da que os outros non disponen. Ing. *1.- scoop* Fr. *1.- reportage exclusif, scoop* Cast. *1.- exclusiva* Pt. *1.- exclusiva, cacha*

→ primicia

s.f. 2.- Autorización cedida a un único medio para cubrir determinada información.

**executar** v.t. Realizar, levar a cabo unha acción.

Ing. *to implement* Fr. *exécuter* Cast. *ejecutar, implementar*

**exhibición** s.f. Mostra para o público.

Ing. *show*

→ programa de vidas exhibidas

**expansor** s.m. Circuíto electrónico que aumenta o rango dinámico dun sinal.

Ing. *expander* Fr. *expanseur, extenseur* Cast. *expansor* Pt. *expansor*

→ compresor

**expediente** s.m. 1.- Conxunto de informacions arquivadas sobre un feito ou un personaxe.

Ing. *1.- bundle* Fr. *1.- dossier* Cast. *1.- expediente* Pt. *1.- dossier*

s.m. 2.- Méritos e actividades da traxectoria profesional ou académica dunha persoa.

Ing. *2.- record* Fr. *2.- dossier* Cast. *2.- expediente* Pt. *2.- historial*

**experto** -a s. e adv. Persoa que posúe grande experiencia nun asunto.

Ing. *expert* Fr. *expert* Cast. *experto* Pt. *experto*

**exploración** s.f. Percorrido que realiza o feixe de electróns pola imaxe televisiva, dividíndo-a nun determinado número de liñas que conteñen a información, cunha frecuencia o suficientemente alta para que o ollo, por inercia, perciba a imaxe como completa. SIN. **varredura**.

Ing. *scanning* Fr. *balayage* Cast. *exploración* Pt. *varredura, exploração*

**explotar** v.t. Utilizar e tirar beneficios dunha calidade, dun produto audiovisual ou dunha idea.

Ing. *to exploit* Fr. *exploiter* Cast. *explotar* Pt. *explorar*

**exportar** v.t. Enviar datos ou imaxes dun arquivo informático a outro, para os utilizar desde outra aplicación ou programa. SIN. **transferir, copiar**.

Ing. *to export* Fr. *exporter* Cast. *exportar* Pt. *exportar*

→ verter

**exposímetro** *s.m.* Aparello que mide a intensidade luminosa co fin de regular a entrada de luz na cámara.

Ing. *exposure meter* Fr. *posemètre* Cast. *exposímetro* Pt. *exposímetro*

**expulsión** *s.f.* Acción do magnetoscopio que permite extraer automaticamente a fita.

Ing. *eject*

**exteriores** *s.m.pl.* Espazo físico fóra do estudio que é obxecto ou paisaxe dunha toma.

Ing. *outdoors* Fr. *extérieurs* Cast. *exteriores* Pt. *exteriores*

**exteriores, en** *u.f.* (Gravación, programa) realizado fóra dos estudios de televisión.

Ing. *outdoor* Fr. *en extérieurs* Cast. *en exteriores* Pt. *no exterior*

**extra** *s.* Actor que participa ocasionalmente para representar un personaxe intranscendente na rodaxe dunha película ou na gravación dunha serie. SIN. **figurante**.

Ing. *extra* Fr. *figurant* Cast. *extra* Pt. *extra*  
→ actor

**extraordinario -a** *adx.* Que sae do normal, do adoito.

Ing. *extraordinary, unusual* Fr. *extraordinaire* Cast. *extraordinario* Pt. *extraordinário*

## f

**facer ruído** *u.f.* Provocar que se fale dun tema, que teña presenza nos medios.

**facerse eco** *u.f.* Aceitar unha noticia e difundila.

Ing. *to echo* Fr. *se faire l'écho* Cast. *hacerse eco* Pt. *fazer-se eco*

**facho** *s.m.* Dispositivo lixeiro de luz artificial que permite a gravación con claridade en interiores e en exteriores.

SIN. **foco**.

Ing. *floodlight* Fr. *projecteur* Cast. *antorchas* Pt. *lâmpada*

**factor de kell** *u.f.* Relación entre o límite de resolución observada e o número de liñas de varredura do sistema de televisión.

O enxeñeiro norteamericano Ray Davis Kell calculou esa relación nunha media dun 70% para sistemas de exploración entrelazada e dun 90% para os de exploración progresiva, polas características do ollo humano que non permiten a identificación de pequenos elementos da imaxe cando están moi preto uns dos outros.

Ing. *kell factor* Fr. *facteur de kell* Cast. *factor de kell* Pt. *factor de kell*

→ persistencia da visión, resolución

**fade** *s.ing.* > **fundido**.

**fade in** *u.f.ing.* > **fundido de apertura**.

**fade out** *u.f.ing.* > **fundido de peche**.

**fader** *s.ing.* > **atenuador corredizo**.

**fala** *s.f.* 1.- Facultade de falar.

Ing. *1.- speech* Fr. *1.- parole* Cast. *1.- habla*  
Pt. *1.- fala*

s.f. 2.- Idioma, lingua natural dun pobo.  
Ing. *2.- language* Fr. *2.- langue* Cast. *2.- habla* Pt. *2.- fala*

s.f. 3.- Variedade de lingua dunha área xeográfica concreta, dun grupo social ou mesmo dun individuo concreto.

Ing. *3.- speech, dialect* Fr. *3.- parler* Cast. *3.- habla* Pt. *3.- fala*

**faladoiro** *s.m.* 1.- Xénero dialogal no que varios persoeiros, que adoitan ser fixos no programa, falan e discuten sobre varios temas da actualidade ao xeito dunha conversa distendida. SIN. **parladoiro**.

Ing. *1.- talk* Fr. *1.- colloque, entretien* Cast. *1.- tertulia* Pt. *1.- conversa, tertúlia*

s.m. 2.- Emisión televisiva que responde a ese xénero. SIN. **parladoiro**.

Ing. *2.- talk show, chat show* Fr. *2.- colloque* Cast. *2.- tertulia* Pt. *2.- conversa*

→ coloquio, debate, mesa redonda

**falso -a** *adx.* Enganoso, que non se axusta á realidade.

Ing. *false* Fr. *faux* Cast. *falso* Pt. *falso*

→ noticia falsa

**falso directo** *u.f.* Gravación que se presenta ao público coma se fose en directo.  
Ing. *simulated live* Fr. *faux direct* Cast. *falso directo* Pt. *falso directo*

**falso raccord** *u.f.* Incongruencia na continuidade entre dúas imaxes. > **erro de continuidade**.

**famoso -a** *adv. e s.* Que goza de sona, de popularidade, de relevancia pública.  
Ing. *vip*  
→ sala de famosos

**FAPAE** *Federación de Asociaciones de Productores Audiovisuales Españoles.* Federación de asociacións de produtores audiovisuais españois, que congrega empresas de producción de cine e de televisión, creada en 1991 para a defensa dos intereses profesionais e empresariais do sector.  
Web: <http://www.fapae.es>

**fase, en** *u.f.* V. en fase.

**fast forward** *u.f.ing.* > **avance rápido**.

**fast rewind** *u.f.ing.* > **rebobinaxe rápida**.

**fax** *s.m.* Sistema de transmisión de documentos escritos que se reproducen a distancia mantendo a forma idéntica ao orixinal, a través da liña telefónica.  
Ing. *fax* Fr. *fax* Cast. *fax* Pt. *fax*  
→ xornalismo do fax

**feedback** *s.ing.* 1.- Reacción ou resposta do receptor ante unha mensaxe, que lle permite ao emisor avaliar a eficacia da súa transmisión. > **retroacción**.

*s.ing.* 2.- Técnica empregada para procesamento de sinais en circuitos electrónicos que consiste en sumar parte do sinal de saída ao de entrada. > **retroalimentación**.

**feito** *s.m.* O que aconteceu e que é susceptible de se converter en noticia.  
Ing. *fact, event* Fr. *fait* Cast. *hecho* Pt. *facto*

**feixe de electróns** *u.f.* Conxunto de electróns que percorren a pantalla desprazándose organizadamente por liñas.  
Ing. *beam* Fr. *faisceau* Cast. *haz* Pt. *feixe*

**FIAT-IFTA** *Fédération Internationale des Archives de Télévision- International Federation of Television archives.* Federación internacional de arquivos de televisión. Asociación profesional creada en Roma en 1977 polos responsables da conservación e xestión de arquivos dos organismos de televisión, para favorecer a cooperación en materia de documentación audiovisual, procurando a compatibilidade dos sistemas de documentación e o intercambio de materiais, técnicas e soportes para a conservación das gravacións.

Web: <http://www.fiatifta.org>

**fibra óptica** *u.f.* Cable de material sintético empregado para a construcción de redes de comunicación que transporta sinais luminosos xerados por un láser e recollidos por unha célula fotoeléctrica.

SIN. **fibra de vidro**.

Aínda que é máis caro ca o coaxial, ten múltiples vantaxes, como a alta velocidade de transmisión ou a gran capacidade de sinais que pode transportar.

Ing. *optical fibre* Fr. *fibre optique* Cast. *fibra óptica* Pt. *fibra óptica*

→ cable coaxial

**ficción** *s.f.* Xénero ou categoría de programa baseado en relatos imaxinarios.

Ing. *fiction* Fr. *fiction* Cast. *ficción* Pt. *ficção*  
→ serie, dramático

**ficheiro** *s.m.* 1.- Conxunto de datos informatizados organizados e identificados cun nome xeral.

Ing. *1.- file* Fr. *1.- fichier* Cast. *1.- fichero, archivo* Pt. *1.- ficheiro*  
→ banco de datos

*s.m.* 2.- Catálogo dos fondos documentais da empresa de comunicación, que facilita a busca e identificación dun documento.

Ing. *2.- index file* Fr. *2.- fichier* Cast. *2.- fichero, archivo* Pt. *2.- ficheiro*

**ficheiro de medios** *u.f.* Arquivo informático que contén o bruto das imaxes

dixitais para a posterior montaxe da peza informativa.

Ing. *bin*

→responsable de medios

**fidelidade** *s.f.* 1.- Calidade do público que segue con constancia determinada emisión periódica.

Ing. *1.- loyalty* Fr. *1.- fidélité* Cast. *1.- fidelidad* Pt. *1.-fidelidade*

*s.f.* 2.- Exactitude, que reflicte os feitos exactamente.

Ing. *2.- accuracy* Fr. *2.- fidélité, exactitude* Cast. *2.- fidelidad* Pt. *2.- fidelidade*

*s.f.* 3.- Grao de calidade dun aparello na medida en que evita a introdución de perturbacións e perdas de información nos sinais que procesa.

Ing. *3.- fidelity* Fr. *3.- fidélité* Cast. *3.- fidelidade* Pt. *3.-fidelidade*

→alta fidelidade

**fidelizar** *v.t.* Poñer os medios para conseguir e conservar un número de espectadores que sigan sistematicamente unha emisión.

Ing. *to loyal* Fr. *attacher la fidélité, fidéliser* Cast. *fidelizar* Pt. *fidelizar*

**fiestra** *s.f.* Recadro ou pantalla integrada no decorado (real ou virtual) dun informativo, na que se proxecta un apoio gráfico das presentacións ou, tamén, a imaxe do xornalista desprazado que mantén un diálogo directo co locutor no estudio. SIN. **ventá, xanela, selo**.

Ing. *topic box, window* Fr. *fenêtre* Cast. *ventana* Pt. *selo, janela*

**figuración** *s.f.* Conxunto de figurantes dunha producción audiovisual.

Ing. *extras* Fr. *figuration* Cast. *figuración* Pt. *figuração*

**figurante** *s.* Actor que participa nunha obra audiovisual de maneira ocasional cun papel moi pequeno, xeralmente sen intervención falada. SIN. **actor figurante, extra**.

Ing. *extra* Fr. *figurant* Cast. *figurante, comparsa* Pt. *figurante*

→músico figurante

**fill-up** *s.ing.* > **peza de recheo**.

**Film Commission de Galicia** Delegación da Film Comision creada no

2002, que ofrece unha base de datos virtual do sector audiovisual (recursos loxísticos, recursos de producción, etc.) co fin de facilitar a realización de producións cinematográficas ou televisivas en Galicia.

Web: <http://www.filmcommissiongalicia.org>

**filmar** *v.t.* Gravar cunha cámara de cine sobre unha fita de celuloide. SIN. **rodar**.

Ing. *to film* Fr. *filmer* Cast. *filmar* Pt. *filmrar*

**filme** *s.m.* 1.- Fita delgada sensible á luz na que se gravan as imaxes. SIN. **película**.

Ing. *1.- film* Fr. *1.- film, pellicule* Cast. *1.- filme, película* Pt. *1.- filme*

*s.m.* 2.- Obra de cine. SIN. **película, obra cinematográfica**.

Ing. *2.- film* Fr. *2.- film* Cast. *2.- filme, película* Pt. *2.- filme*

**filmoteca** *s.f.* 1.- Colección de películas ordenadas.

Ing. *1.- film archive* Fr. *1.- filmothèque* Cast. *1.- filmoteca* Pt. *1.- filmoteca*

*s.f.* 2.- Lugar no que se conservan arquivadas as películas.

Ing. *2.- film library* Fr. *2.- filmothèque* Cast. *2.- filmoteca* Pt. *2.- filmoteca*

→mediateca

**filtrar** *v.t.* 1.- Facerlle chegar unha información a un xornalista ou a un medio de maneira secreta.

Ing. *1.- to leak, to screen* Fr. *1.- fuir* Cast. *1.- filtrar* Pt. *1.- vazar*

→sopro

*v.t.* 2.- Seleccionar os aspectos da actualidade que se queren difundir, rexeitando os que non interesan ou non caben nese medio. SIN. **peneirar**.

Ing. *2.- to filter* Fr. *2.- filtrer* Cast. *2.- filtrar* Pt. *2.- filtrar*

*v.t.* 3.- Ecualizar.

*v.p.* 4.- Introducirse un son non desexado.

Ing. 4.- *to filter* Fr. 4.- *se filtrer* Cast. 4.- *filtrarse* Pt. 4.- *filtrar-se*

**filtro** *s.m.* 1.- Dispositivo que selecciona unha marxe de frecuencias dun sinal para envialo depurado ao receptor.

Ing. 1.- *filter* Fr. 1.- *filtre* Cast. 1.- *filtro* Pt. 1.- *filtro*

→ecualizador

*s.m.* 2.- Lámina transparente e frecuentemente coloreada que altera a luz recibida no obxectivo da cámara de vídeo.

Ing. 1.- *filter* Fr. 1.- *filtre* Cast. 1.- *filtro* Pt. 1.- *filtro*

*s.m.* 3.- En sentido figurado, o xornalista que actúa como peneira da actualidade, escollendo e desbotando certas informacións ou datos.

Ing. 3.- *filter, gatekeeper* Fr. 3.- *sélectionneur* Cast. 3.- *filtro* Pt. 3.- *filtro*

**fin** *s.* Rótulo que indica o remate, o final dunha obra.

Ing. *the end* Fr. *la fin [f.]* Cast. *fin [m.]* Pt. *fin [m.]*

→XXX

**final** *s.m.* Desenlace da trama dun produto audiovisual.

Ing. *end* Fr. *fin* Cast. *final* Pt. *final*

**final aberto** *u.f.* Remate do argumento dunha obra audiovisual cunha resolución das tramas só parcial, que deixa no espectador a incerteza do desenlace.

Emprégase ás veces coa intención dunha seguinte entrega no futuro.

**final feliz** *u.f.* Remate dun argumento dunha obra de ficción no que os conflitos se resolvén de maneira favorable aos protagonistas con valores positivos.

Ing. *happy end* Fr. *fin heureuse* Cast. *final feliz* Pt. *final feliz*

**FIP** *Federación Internacional de Periodistas.* V. IFJ.

**firma** *s.f.* Sinatura.

**fita** *s.f.* Soporte magnético para o rexistro e reproducción de imaxes e son. SIN. **cinta**.

Ing. *tape* Fr. *cassette* Cast. *cinta* Pt. *fita*

**flash** *s.m.* 1.- Noticia breve.

*s.m.* 2.- Plano de proxección moi breve que se introduce no medio dunha secuencia para recordarlle ou anticiparlle algún feito ao espectador.

*s.m.* 3.- Luz súbita producida por un foco luminoso. SIN. **luz relampago**.

OBS. Trátase dun termo inglés xa asentado na lingua galega.

**flashback** *s.ing.* Figura expresiva consistente en romper a narración lineal para retroceder a un acontecemento do pasado. > **analepsie**.

**flashforward** *s.ing.* Figura expresiva que anticipa o futuro no relato audiovisual. > **prolepsie**.

**flipping** *s.ing.* Follear. Acción do espectador de facer un percorrido rápido ordenado polas cadeas mediante o botón do mando que permite esta opción, para valorar o interese das emisións e facer a súa escolla. > **cambio en orde**.

**floodlight** *s.ing.* 1.- Conxunto de lámpadas situadas no centro dun reflector parabólico, que emiten un feixe de luz amplio e difuso empregado para a iluminación xeral. > **foco**.

*s.ing.* 2.- > **luz de ambientación**.

**floppy disc** *s.ing.* Disco flexible. > **disquete**.

**frou** *s.fr.* Filtro que proporciona unha imaxe de ambiente difusa, pouco nítida. > **lente difusora**.

**fluorescencia** *s.f.* Emisión de luz que producen algunas substancias en estado de excitación, só en canto dura ese estado.

Ing. *fluorescence* Fr. *fluorescence* Cast. *fluorescencia* Pt. *fluorescência*

→fosforescencia

**fluxo de comunicación en dúas etapas**

*u.f.* V. sobre fluxo da comunicación.

**FM** *sigla* 1.- *Frecuencia Modulada*.

*sigla 2.- Frecuencia Media.*

**focal variable** *u.f.* Obxectivo que permite o achegamento ou distanciamento da imaxe enfocada sen desprazar a cámara fisicamente nin trocar as lentes. SIN. **zoom**.

**foco** *s.m.* 1.- Aparello xerador e proxector de luz. SIN. **facho**.

Ing. *1.- floodlight* Fr. *1.- projecteur* Cast. *1.- foco* Pt. *1.- foco*

*s.m.* 2.- No sistema óptico, punto no que converxen os raios de luz que entran paralelos ao eixe dunha lente.

Ing. *2.- focus* Fr. *2.- foyer, point focal* Cast. *2.- foco* Pt. *2.- foco*

→ enfocar

**fogos de artificio** *u.f.pl.* Pirotecnia empregada para efectos especiais nas gravacións de ficción.

Ing. *fireworks* Fr. *feu d'artifice* Cast. *fuegos artificiales* Pt. *fogos de artificio*

**folletín** *s.m.* Telenovela.

**fonación** *s.f.* Emisión da voz ou da palabra.

Ing. *phonation* Fr. *phonation* Cast. *fonación* Pt. *fonação*

**fondo** *s.m.* Contorno que rodea o obxecto principal.

Ing. *background* Fr. *fond* Cast. *fondo* Pt. *fundo*

**fondo azul** *u.f.* Panel de cor azul que conforma o decorado dun estudio de televisión para a realización da chave de croma.

**fondo sonoro** *u.f.* Conxunto de sons que acompañan a mensaxe sonora principal e que a contextualizan.

**fonética** *s.f.* 1.- Conxunto de sons dunha lingua en relación á súa pronuncia.

Ing. *1.- phonetics* Fr. *1.- phonétique* Cast. *1.- fonética* Pt. *1.- fonética*

*s.f.* 2.- Parte da lingüística que estuda os sons da fala.

Ing. *2.- phonetics* Fr. *2.- phonétique* Cast. *2.- fonética* Pt. *2.- fonética*

**foniatría** *s.f.* Disciplina da medicina dedicada ás enfermidades dos órganos de fonación.

Ing. *phoniatry* Fr. *phoniatrice* Cast. *foniatría* Pt. *foniatria*

**fonoteca** *s.f.* 1.- Arquivo ordenado de documentación sonora.

Ing. *1.- sound archive* Fr. *1.- phonothèque* Cast. *1.- fonoteca* Pt. *1.- fonoteca*

*s.f.* 2.- Local no que se conserva ese arquivo.

Ing. *2.- record library* Fr. *2.- phonothèque* Cast. *2.- fonoteca* Pt. *2.- fonoteca*

**fonte** *s.f.* 1.- Orixe dunha información.

Ing. *1.- source* Fr. *1.- source* Cast. *1.- fuente* Pt. *1.- fonte*

*s.f.* 2.- Persoa ou organismo que facilita unha información.

En xeral, fálase de fontes de información ou rede de fontes para designar o conxunto de medios aos que recorren os xornalistas para obter información: axencias de prensa, gabinetes, bancos de datos, bibliotecas, confidentes, outros medios de comunicación, etc.

Ing. *2.- source* Fr. *2.- source* Cast. *2.- fuente* Pt. *2.- fonte*

**fonte anónima** *u.f.* Fornecedor dunha información do que non se revela publicamente a identidade por motivos de seguridade ou causa extrema.

→ confidente, segredo profesional

**fonte de vídeo** *u.f.* Apartado do guión técnico dun programa de televisión no que se recollen as indicacións relativas á orixe das imaxes que se van emitir.

Basicamente especifican como colas (imaxes sen locución gravada, que narra o condutor desde o estudio), vídeo puro (imaxes e son ambiente cunha forte carga informativa de seu, sen narración), VTR (gravación de imaxe e son, que se lanza tras a entrada do condutor) e directo (conexión en vivo co lugar dos feitos).

Ing. *video source* Fr. *source* Cast. *fuente* Pt. *vídeo*

**foquista** *s.* Profesional encargado de enfocar a imaxe na cámara e, nalgúns casos, de elixir o encadramento correcto da imaxe seguindo, no caso da televisión, as instrucións do realizador ou,

no caso do cine, do director de fotografía.

Ing. *focus puller* Fr. *cadreur* Cast. *foquista* Pt. *foquista*

**fóra de campo** *u.f.* Espazo visual que non entra no cadro do obxectivo da cámara que capta a imaxe. SIN. **fóra do encadramento**.

Ing. *out of field, off-screen* Fr. *hors champ* Cast. *fuera de campo* Pt. *fora de campo*  
→ voz fóra de campo

**fóra de foco** *u.f.* Zona da imaxe na que os contornos non están delimitados.  
→ desenfoque

**fóra!** *interx.* Advertencia aos técnicos e artistas do remate da gravación dunha toma ou do desenvolvemento dunha emisión.

**formatar** *v.t.* Preparar a estrutura, dar formato a un disquete, a un documento, etc.

Ing. *to format* Fr. *formater* Cast. *formatear* Pt. *formatar*  
→ desformatar

**formato** *s.m.* 1.- Dimensións físicas dun soporte audiovisual (referidas ao largo da fita, ás perforacións, á forma) ou da pantalla de televisión ou das imaxes proxectadas.

Ing. 1.- *format* Fr. 1.- *format* Cast. 1.- *formato* Pt. 1.- *formato*  
→ relación de aspecto

*s.m.* 2.- Forma característica dunha obra televisiva (género, estilo, duración temporal).

Ing. 2.- *format* Fr. 2.- *format* Cast. 2.- *formato* Pt. 2.- *formato*  
→ género

**formato de bandas negras** *u.f.* Formato que preserva o orixinal das películas cinematográficas adaptado para pantallas comúns de televisión 4:3, coas dúas bandas negras na parte superior e inferior da imaxe. SIN. **formato de caixa de correo**.

Ing. *letterbox*

**formato letterbox** *u.f.* > **formato de bandas negras**.

**formato panorámico** *u.f.* Pantalla ou imaxe de tamaño superior á convencional e de forma máis alongada, que presenta unha relación entre o largo e o alto da imaxe de 16:9, fronte á común 4:3.

**formato probeta** *u.f.* Esquema dun programa televisivo ideado a partir de fórmulas de éxito doutros programas.

**fornecedor -ora** *adv. e s.* Persoa ou empresa que abastece dos recursos necesarios outra empresa. SIN. **proveedor**.

Ing. *provider* Fr. *fournisseur* Cast. *suministrador, proveedor* Pt. *fornecedor*

**FORTA** *Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos.* Organismo creado en 1989 para o intercambio e acordos de programación e servizos ou calquera asunto de interese común para as emisoras de radio e televisión autonómicas. Organízase en comisións de traballo con carácter temático (audiencias, compra de dereitos de antena, etc.). Na actualidade agrupa as canles autonómicas do Estado español ETB, TVC, Televisión Madrid, TVG, Televisió Valenciana, Televisión de Andalucía (CanalSur), TV Canaria e TV Castilla-La Mancha. Web: <http://www.forta.es>

**fosforescencia** *s.f.* Característica dos tubos de televisión de emitir luz continua, cunha certa remanencia unha vez cortada a excitación.

Ing. *phosphorescence* Fr. *phosphorescence* Cast. *fosforescencia* Pt. *fosforescência*

**fotografía** *s.f.* 1.- Imaxe fixa obtida por medio dunha cámara.

Ing. 1.- *photograph* Fr. 1.- *photographie* Cast. 1.- *fotografía* Pt. 1.- *fotografia*

*s.f.* 2.- Coidado dos aspectos estéticos da imaxe no decurso dunha rodaxe e mais na supervisión da montaxe.

Ing. 2.- *photography* Fr. 2.- *photographie*  
Cast. 2.- *fotografía* Pt. 2.- *fotografia*

**fotograma** s.m. Cada unha das imaxes fixas que componen a filmación cinematográfica que, proxectadas nun ritmo determinado, crean a illusión de movemento.

Ing. *still* Fr. *photogramme* Cast. *fotograma*  
Pt. *fotograma*

**fotómetro** s.m. Dispositivo empregado para medir a luz co fin de coñecer con exactitude a intensidade luminosa do obxecto da toma.

Ing. *photometer* Fr. *photomètre* Cast.  
*fotómetro* Pt. *fotómetro*

**fotón** s.m. Unidade elemental de enerxía que intervén nos procesos de emisión e de absorción da radiación electromagnética.

Ing. *photon* Fr. *photon* Cast. *fotón* Pt. *fotão*

**fragmentación** s.f. Tendencia á diversificación da audiencia por sectores.

Ing. *narrowcasting, fragmentation* Fr.  
*fragmentation* Cast. *fragmentación* Pt.  
*fragmentação*

**frame** s.ing. Imaxe completa de televisión. > **cadro**.

**France Télévision** Compañía que agrupa as canles de servizo público galas France 2, France 3 e France 5.

Web: <http://www.francetv.fr>

**franxa de día** u.f. Franxa horaria que comprende toda a xornada agás os horarios de máxima audiencia e a franxa de noite.

Ing. *day time* Fr. *heures diurnes* Cast. *banda de día* Pt. *horário diurno*

**franxa de máxima audiencia** u.f. Horas do día nas que se concentra ante o televisor o maior número de espectadores. SIN. **franxa quente**.

Aínda que varía segundo o estilo de vida dos países, en Galicia comprende aproximadamente das 20:30h do serán á media noite.

Ing. *primetime* Fr. *heures de grande écoute*  
Cast. *horario estelar, horas de máxima audiencia* Pt. *horário nobre*

**franxa de noite** u.f. Período da xornada que, na estruturación da grella, abrangue as últimas horas do día ata o amencer.

Na programación en Galicia, comprende das 20:30h do serán ás 2:00h da mañá, aproximadamente. Adóitese subdividir en franxa quente, que son as primeiras horas, nas que se acumula maior audiencia, e noite II, a partir da media noite.

Ing. *night time* Fr. *programmes de deuxième partie de soirée* Cast. *horario de noche* Pt. *horário nocturno*

**franxa horaria** u.f. Cada un dos períodos temporais en que se estrutura a xornada para clasificar as audiencias e, en función destas, os tipos de programas. Malia que cada medio establece a súa propia división, en xeral fálase de: franxa de mañá (de 7:00 a 13:30h); franxa de mediodía (de 13:30 a 15:30h); franxa de tarde (de 15:30 a 18:00h); franxa do serán (de 18:00 a 20:30h) ou pre-máxima audiencia (de 19:30 a 20:30h); franxa de máxima audiencia (de 20:30 a 24:00h); noite II ou media noite (de 24:00 a 2:00h) e madrugada (de 2:00 a 7:00h).

Ing. *time slot* Fr. *tranche horaire* Cast.  
*banda horaria, franja horaria* Pt. *faixa horária*

**franxa quente** u.f. Franxa de máxima audiencia.

**frecuencia** s.f. 1.- Oscilacións producidas por unha onda, en particular, electromagnética, durante un ciclo. Exprésase en hertzs.

Ing. *1.-frequency* Fr. *1.-fréquence* Cast. *1.-frecuencia* Pt. *1.-frequência*

—banda de frecuencias, CAF

s.f. 2.- Intervalo regular de tempo existente entre fenómenos similares.

Ing. *2.-frequency* Fr. *2.-fréquence* Cast. *2.-frecuencia* Pt. *2.-frequência*

**frecuencia alta (HF)** u.f. Frecuencia comprendida entre 3 MHz e 30 MHz.

**frecuencia baixa (LF)** u.f. Frecuencia comprendida entre 30 kHz e 300 kHz.

**frecuencia de liña** *u.f.* Cantidad de liñas horizontais exploradas cada segundo nun sistema de televisión analóxico.

**frecuencia de mostraxe** *u.f.* Número de mostras por segundo obtidas no proceso de dixitalización que, segundo o teorema de Nyquist, debe ser igual ou superior ao dobre do largo de banda do sinal para que non se perda información.

→ mostraxe, superposición de espectro

**frecuencia extra alta (EHF)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 30 GHZ e 300 GHZ.

**frecuencia intermedia** *u.f.* Frecuencia á que se modulan os distintos sinais radioeléctricos na entrada do circuito receptor, que permite a simplificación e a redución do custo dos equipamentos de telecomunicación.

→ modulación

**frecuencia media (FM)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 300 kHz e 3000 kHz.

**frecuencia modulada (FM)** *u.f.* Método de modulación que mantén constante a amplitude da onda portadora, variando a súa frecuencia proporcionalmente ao sinal modulador.

→ modulación da frecuencia

**frecuencia moi alta (VHF)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 30 MHz e 300 MHz.

O rango de frecuencias VHF destinase na actualidade á radio dixital exclusivamente, xa que desde o 2003 cesaron as emisións de televisión nesta banda.

**frecuencia moi baixa (VLF)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 3 kHz e 30 kHz.

**frecuencia súper alta (SHF)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 3 GHz e 30 GHz.

**frecuencia ultra alta (UHF)** *u.f.* Frecuencia comprendida entre 300 MHz e 3000 MHz.

**freelance** *s.ing.* Literalmente, francotirador, que participa nunha guerra sen pertencer a ningún exército regular. Traballador por conta propia. > **autónomo**.

**f-stops** *s.ing.* > **escala de números f.**

**funda antivento** *u.f.* Cuberta de esponxa que envolve o micrófono para atenuar os ruídos parasitos durante a recollida do son, debidos ás petadas do vento, golpes de aire do falante, fonemas sibilantes, etc.

Con frecuencia incorpora o logotipo da cadea de televisión á que corresponde, como elemento de identificación.

Ing. *foam windscreen, mike sock* Fr. *bonnette anti-vent, boule anti-vent* Cast. *funda antiviento, alcachofa* Pt. *espuma*

**fundido** *s.m.* Tipo de transición entre dúas imaxes, dúas fontes sonoras ou de iluminación, que sobrepon durante o proceso unha á outra paulatinamente, ata que desaparece a primeira.

Ing. *dissolve, fade* Fr. *fondu* Cast. *fundido* Pt. *fusão, fundido*

→ corte

**fundido de apertura** *u.f.* Aparición progresiva da imaxe desde negro. SIN. **fundido de entrada.**

Ing. *fade in* Fr. *ouverture en fondu* Cast. *fundido de apertura* Pt. *aparecimento progressivo*

**fundido de peche** *u.f.* Esvaecemento progresivo da imaxe final dunha obra ata que queda en negro. SIN. **fundido de saída.**

Ing. *fade out* Fr. *fermeture en fondu* Cast. *fundido de cierre* Pt. *desvanecimento progressivo*

**fundido en negro** *u.f.* Esvaecemento progresivo da imaxe ata o negro, que marca unha pausa entre secuencias.

Ing. *fade out* Fr. *fondu au noir* Cast. *fundido en negro* Pt. *desaparecimento para negro*

**fundido encadeado** *u.f.* Efecto de vídeo ou de audio no que unha fonte vai desaparecendo ao tempo que entra a seguinte, quedando superpostas durante un tempo.

Ing. *dissolve* Fr. *fondue chaînée* Cast. *fundido encadenado* Pt. *dissolve, encadeado*

**fundir** *v.t.* Encadear dúas imaxes, dúas fontes sonoras ou de iluminación, de maneira progresiva.

Ing. *to fade* Fr. *faire un fondue* Cast. *fundir* Pt. *fazer uma fusão, fundir*

**fusilar** *v.t.* Plaxiar un texto ou unha información sen citar a súa procedencia. Ing. *to pinch* Fr. *piller* Cast. *fusilar* Pt. *plagiar*

## **g**

**gabinete de comunicación** *u.f.* Departamento dunha institución ou dunha empresa, encargado das relacións cos medios de comunicación e do tratamiento da información xerada pola entidade. SIN. **gabinete de prensa**.

Ing. *press office* Fr. *bureau de presse* Cast. *gabinete de prensa* Pt. *gabinete de comunicación*

**gag** *s.m.* Acción verbal ou visual inesperada e sorprendente que procura un efecto gracioso. SIN. **efecto cómico**.

OBS. Trátase dun termo inglés de recente incorporación á nosa lingua.

**Galicia TV** Canle internacional da CRTVG que emite a través do satélite Hispasat para Europa e América, con programación específica.

Web: <http://www.crtvg.es>

→TVG

**Galivisión Marín** Canle local con sede en Marín (Pontevedra), de titularidade privada. Emite desde o ano 1995 por sistema de difusión terrestre para toda a provincia e norte de Portugal e tamén por cable para Marín, Bueu e A Guarda.

**gama** *s.f.* Serie gradual de tons ou cores.

Ing. *range* Fr. *gamme* Cast. *gama* Pt. *gama*

**gamma** *s.f.* Lei exponencial que refire o fenómeno de non linearidade da luz emitida polos fósforos do tubo de raios catódicos, é dicir, a descompensación que existe entre a tensión de entrada no televisor e a luz emitida.

Ing. *gamma* Fr. *gamme* Cast. *gamma* Pt. *gamma*

**gamma, corrección de** *u.f.* V. corrección de gamma.

**ganancia** *s.f.* 1.- Relación entre a amplitude de saída dun amplificador e a correspondente amplitude de entrada. Adoita expresarse en dB.

Ing. *1.- gain* Fr. *1.- gain* Cast. *1.- ganancia* Pt. *1.- ganho*

s.f. 2.- Función da cámara de vídeo que permite aumentar a luminosidade da imaxe cando a cantidade de luz é insuficiente.

Ing. *2.- gain* Fr. *2.- gain* Cast. *2.- ganancia* Pt. *2.- ganho*

→CAG

s.f. 3.- Función de procesamento de audio polo que se incrementa ou diminúe o seu sinal de entrada.

Ing. *3.- gain* Fr. *3.- gain* Cast. *3.- ganancia* Pt. *3.- ganho*

**gancho** *s.m.* 1.- Aspecto dunha campaña ou dun programa que se espera que sexa o que esperte o interese do público ao que se dirixe. SIN. **engado**.

Ing. *1.- pulling* Fr. *1.- accroche [f.]* Cast. *1.- gancho, cebo* Pt. *1.- ganho*

s.m. 2.- Actor ou actriz contratada por un programa de cámara oculta para provocar determinadas situacions.

**gatekeeper** *s.ing.* Porteiro. Profesional da información que, grazas ao seu posto, pode exercer certo poder na selección das noticias e dos datos. >**filtro**.

É un concepto da Teoría da Comunicación de masas introducido Kurt Lewin e adaptado por Manning White cara ao 1950 que evidencia a estrutura de barreiras no fluxo informativo que caracteriza os medios de comunicación, con

profesionais que actúan como controladores da información e, en consecuencia, da opinión na sociedade.

**genlock** *s.ing.* Abreviatura de *synchronisation GENerator LOCK*. Chave de xerador da sincronización. Dispositivo que permite sincronizar distintas fontes de vídeo (ou tamén o reloxo interno dunha fonte de vídeo) cun sinal externo. > **xerador de sincronismo**.

**GIF** *Grafic Interchange Format*. Formato gráfico de intercambio. Estándar de compresión de imaxes desenvolvido en 1987 por CompuServe para o intercambio de vídeo a través de distintas plataformas.

**glamour** *s.ing.* > **engado**.

**GMT** *sigla Greenwich Mean Time*. Hora do meridiano de Greenwich. Hora de referencia mundial para coordinar os fusos horarios das diferentes partes da Terra tomada en relación ao Meridiano de Greenwich, en Londres.

**gobo** *s.m.* Superficie negra e opaca para reducir a luz incidente.

Incorpora con frecuencia perforacións que permiten proxectar formas definidas. En sistemas de iluminación de actuacións musicais mesmo inclúe mecanismos xiratorios para engadir movemento á proxección da luz.

OBS. Acrónimo procedente do inglés, posiblemente de *go between* ou *go black out*.

Ing. *gobo* Fr. *gobo* Cast. *gobo* Pt. *gobo*

**grade** *s.f.* Grella, reixa.

**gráfico -a** *adx.* 1.- Que representa algo por medio de trazos ou debuxos.

Un dos campos informativos que se apoia con máis frecuencia nos elementos gráficos para a comunicación dos datos é a meteoroloxía. A tendencia actual é incorporalos tamén a outras áreas temáticas (economía, por exemplo), xa que facilitan a comprensión da noticia dunha maneira visual axeitada ao medio.

Ing. *1.- graphic* Fr. *1.- graphique* Cast. *1.- gráfico* Pt. *1.- gráfico*  
*s.m.* 2.- Grafismo.

**grafismo** *s.m.* Representación de algo por medio dun debuxo ou de signos: mapa, rótulo, anagrama, logotipo ou calquera deseño, fixo ou con movemento. SIN.  
**gráfico.**

Ing. *graphic* Fr. *graphique* Cast. *grafismo* Pt. *grafismo*

**grafismo horario** *u.f.* Esquema dun reloxo en pantalla que antecede o telexornal para dar a imaxe de precisión temporal e que actúa como cartón de protección. Ing. *clock wipe*

**grafista** *s.* Técnico encargado de elaborar os grafismos.

**gran primeiro plano** *u.f.* Imaxe que recolle a cara do suxeito desde o queixo ata o comezo da testa. SIN.  
**primeirísimo plano.**

OBS. Emprégase adoitamente como sinónimo de **plano detalle**.

Ing. *big close-up* Fr. *très gros plan* Cast. *gran primer plano* Pt. *primeiríssimo plano*, *grande primeiro plano*

**gran público** *u.f.* Audiencia en masa, potencial ou efectiva, sen diferenciacións.

Ing. *broad audience* Fr. *grand public* Cast. *gran público* Pt. *grande público*

**gran reportaxe** *u.f.* Reportaxe de longa duración (de vinte a sesenta minutos), cunha preproducción e producción elaborada en amplos prazos co fin de obter un tratamento profundo do asunto.

**grande angular** *u.f.* 1.- Obxectivo de curta distancia focal que permite captar grandes superficies, cun ángulo de entre 50 e 180 graos, pero cunha deformación da imaxe nas beiras.

Ing. *1.- wide angular lens* Fr. *1.- grand-angular* Cast. *1.- gran angular* Pt. *1.- grande angular*

*u.f.* 2.- Plano tomado con ese obxectivo.

Ing. *2.- wide angle* Fr. *2.- grand-angulaire* Cast. *2.- gran angular* Pt. *2.- grande angular*

**granulación** *s.f.* Presenza, por causa dunha imperfección técnica ou como efecto

artístico buscado, de pequenos puntos visibles na imaxe, que lle restan nitidez. Ing. *grainy effect* Fr. *grain, granulation* Cast. *granulación, granulado* Pt. *granulação*

**gratuíto -a** *adj.* 1.- De balde, que non custa cartos.

Ing. *I.- free* Fr. *I.- gratuit* Cast. *I.- gratuito* Pt. *I.- gratuito*

2.- Sen fundamento.

Ing. *2.- unfounded, gratuitous* Fr. *2.- gratuit* Cast. *2.- gratuito* Pt. *2.- gratuito*

**gravación** *s.f.* Acción ou efecto de gravar o sinal de audio e/ou vídeo para conservalo ou para o seu posterior tratamento e emisión.

Ing. *recording* Fr. *enregistrement* Cast. *grabación* Pt. *gravação*

**gravador -ora** *adj.* 1.- Que grava.

Ing. *I.- recording* Fr. *I.- enregistreur* Cast. *I.- grabador* Pt. *I.- gravador*

*s.f.* 2.- Aparello que rexistra un sinal (de audio, de vídeo, etc.).

Ing. *2.- recorder* Fr. *2.- enregistreur* Cast. *2.- grabadora* Pt. *2.- gravador*

**gravadora de medios** *u.f.* Equipamento que codifica un sinal de audio e/ou vídeo nun servidor, para a súa posterior edición dixital.

As noticias, por exemplo, enviadas por axencia que chegan a unha redacción dixital codifícanse directamente na gravadora de medios para editalas no sistema numérico ánda que na orixe fosen analóxicas.

→ responsable de medios

**gravamos!** *interx.* Voz coa que o rexedor advire do inicio da gravación.

**gravar** *v.t.* Rexistrar imaxes e/ou son sobre un soporte coa finalidade de conservalas e emitillas posteriormente. OBS. Se se emprega como soporte unha película de celuloide, dise **filmar**.

Ing. *to record* Fr. *enregistrer* Cast. *grabar* Pt. *gravar*

→ pregravado

**graves** *s.m.pl.* Intervalo de frecuencias que se adoita catalogar entre os 20 e os 360

Hz, as máis baixas dentro do espectro audible.

Ing. *low sounds* Fr. *graves* Cast. *graves* Pt. *graves*

**grazing** *s.ing.* Comportamento do espectador que cambia dunha cadea a outra, prestándolle unha atención desigual aos programas. > **seguimento múltiple**.

→ peteirada

**grella** *s.f.* 1.- Plano detallado do horario das emisións programadas diariamente por unha emisora. SIN. **grade, grella de programación**.

Ing. *I.- schedule, grill* Fr. *I.- grille de programmation* Cast. *I.- parrilla, rejilla* Pt. *I.- grelha, grade*

→ programación

*s.f.* 2.- Armazón metálica instalada na parte superior dun estudio de televisión, da que penduran os focos de iluminación.

Ing. *2.- grid* Fr. *2.- gril* Cast. *2.- parrilla* Pt. *2.- grelha, grade*

*s.f.* 3.- Reixa do tubo de raios catódicos.

Ing. *3.- grid* Fr. *3.- grille* Cast. *3.- rejilla* Pt. *3.- grade*

**grupo de presión** *u.f.* Conxunto de persoas que exercen certa influencia sobre os poderes públicos de maneira non oficial, para defenderen os intereses profesionais ou doutra clase que eles apoian.

Ing. *lobby* Fr. *groupe de pression* Cast. *grupo de presión* Pt. *grupo de pressão*

→ cuarto poder

**grupo multimedia** *u.f.* Concentración de empresas pertencentes a distintos eidos da comunicación: prensa, televisión, radio, editoriais, etc.

A creación destes grupos de empresas facilita os grandes investimentos de produtos que entre todas amortizan. Pero esas vantaxes empresariais constitúen, ao mesmo tempo, un perigo para o pluralismo informativo, xa que unhas empresas alimentan as outras. Así, as publicacións da editorial, por exemplo, promóvense en formato

informativo nos medios de comunicación do grupo, que introducen na axenda da actualidade os seus intereses comerciais.

Ing. *multimedia group* Fr. *groupe médiatique, groupe multimédia* Cast. *grupo multimedia* Pt. *grupo multimédia*

### **guieiro (electrónico) de programación**

*u.f.* Directorio de programas interactivo que acompaña as emisións de televisión dixital co fin de informar o espectador sobre a oferta televisiva e de asistilo na escolha dos espazos que lle interesen.  
Ing. *electronic programme guide* Fr. *guide électronique des programmes* Cast. *guía de programación* Pt. *guia de programação electrónica*

### **guieiro de planos** *u.f.* Repertorio ordenado das tomas rexistradas nun soporte, co fin de facilitar o proceso de edición. SIN. **listaxe de planos**.

Ing. *edit list* Fr. *liste de montage* Cast. *listín de planos* Pt. *lista de edição*

→EDL

### **guindastre** *s.m.* Máquina articulada, móvil e orientable, que porta unha cámara no seu extremo superior e permite a gravación ou toma de imaxes en movemento desde un ángulo alto.

Ing. *crane* Fr. *grue* Cast. *grúa* Pt. *guindaste, grua*

→maquinista

### **guión** *s.m.* 1.- Esquema ordenado dos contidos dun programa minimamente desenvolvidos, coa indicación da duración de cada un.

Ing. *1.- script* Fr. *1.- conducteur* Cast. *1.- guión* Pt. *1.- pauta, roteiro*

→escada

*s.m.* 2.- Redacción das intervencións que o presentador ou o actor debe reproducir literalmente.

Ing. *2.- script* Fr. *2.- continuité* Cast. *2.- guión* Pt. *2.- pauta*

*s.m.* 3.- Texto que detalla o tema, diálogos, indicacións técnicas, etc. dun proxecto audiovisual.

Ing. *3.- shooting script* Fr. *3.- scénario, découpage* Cast. *3.- guión* Pt. *3.- roteiro técnico*

*s.m.* 4.- Signo ortográfico consistente nun pequeno trazo horizontal que une elementos lingüísticos. SIN. **trazo**.

Ing. *4.- hyphen* Fr. *4.- trait* Cast. *4.- guión* Pt. *4.- travessão*

### **guión de gravación** *u.f.* Documento técnico no que se recollen os detalles dos planos gravados e mais as incidencias técnicas da xornada.

OBS. Se se trata dunha filmación, emprégame **guión de rodaxe**.

Ing. *call sheet, script* Fr. *feuille de route* Cast. *guión de rodaje* Pt. *roteiro*

### **guión de montaxe** *u.f.* V. guieiro de planos.

### **guión detallado** *u.f.* Redacción que contén os aspectos propios do guión dunha producción audiovisual, presentando detalladamente cada escena en todos os seus aspectos.

→análise de guión

### **guión gráfico** *u.f.* Guión que detalla en viñetas ou en debuxos os planos dunha obra audiovisual.

Nos sistemas de edición non lineal cada corte represéntase na pantalla cunha icona, que en conxunto conforma tamén un guión gráfico, de menor precisión ca a liña de tempo.

Ing. *Storyboard*

### **guión técnico** *u.f.* Versión precisa e detallada da planificación técnica dunha producción audiovisual, dirixida ao persoal técnico.

### **guiónista** *s.* Autor de guións audiovisuais.

Ing. *scriptwriter* Fr. *scénariste* Cast. *guiónista* Pt. *roteirista*

## **h**

### **halo** *s.m.* Dispersión de luz que se crea na imaxe ao redor dos obxectos brillantes.

Ing. *halo* Fr. *halo* Cast. *halo* Pt. *halo*

### **halóxeno -a** *adv.* Que contén na súa atmosfera gasosa un elemento químico

do grupo séptimo do sistema periódico (fluor, cloro, bromo, iodo ou ástato) que produce unha luz branca e brillante.  
Ing. *halogen* Fr. *halogène* Cast. *halógeno* Pt. *halogéneo*

→lámpada de cuarzo

**hardware** *s.ing.* Conxunto de materiais e dispositivos técnicos que conforman unha máquina electrónica, por oposición ao *software* (programas). > **equipamento**.

**harness** *s.ing.* > **arnés**.

**HDCAM** Formato de vídeo dixital en soporte de fita, cunha mostraxe 4:1:1 e un fluxo de datos de 140 Mb/s, para a televisión de alta definición e tamén para a cinematografía dixital.

**HD-D5** Formato dixital de vídeo de características semellantes ao D5, pero que permite a compresión.

**HDTV** *sigla High Definition Television.*  
Televisión de alta definición.

**hecatombe** *s.f.* Suceso desastroso, de graves consecuencias.  
Ing. *disaster* Fr. *hécatombe* Cast. *hecatombe* Pt. *hecatombe*

**hemeroteca** *s.f.* 1.- Arquivo ordenado de publicacións periódicas.  
Ing. 1.- *newspaper archive* Fr. 1.- *département des périodiques* Cast. 1.- *hemeroteca* Pt. 1.- *hemeroteca*  
s.f. 2.- Lugar no que se conservan as publicacións periódicas ordenadas.  
Ing. 2.- *newspaper library* Fr. 2.- *département des périodiques* Cast. 2.- *hemeroteca* Pt. 2.- *hemeroteca*

**hertz (Hz)** *s.m.* Unidade de frecuencia de movementos oscilatorios, equivalente a un período por segundo.

No campo das comunicacións adoita empregarse para expresar a frecuencia das ondas electromagnéticas.

Débelle o seu nome ao físico alemán H. R. Hertz (1857-1894).

Ing. *hertz* Fr. *hertz* Cast. *hercio, hertz* Pt. *hertz*

**HF** *sigla High Frequency.* Frecuencia alta.

**HI-8** *High-8.* Formato doméstico de gravación audiovisual que traballa con cintas de 8 mm de largura e que utiliza os sinais de luminancia e de crominancia (Y/C) separadamente co fin de mellorar a calidade da imaxe.

**HI-FI** *sigla High Fidelity.* Alta fidelidade.

**HISPASAT** Sistema de satélites español, nacido en 1989, cunha flota de catro satélites de telecomunicacións, que ten unha vertente cara ao ámbito suramericano.

Web: <http://www.hispasat.com>

**home/muller do tempo** *u.f.* Profesional encargado de interpretar e de ofrecer a información meteorolóxica.

Ing. *weatherman* Fr. *homme de la météo* Cast. *hombre del tiempo* Pt. *homem do tempo*  
→meteorólogo

**horario de máxima audiencia** *u.f.*  
Franxa de máxima audiencia.

**humor** *s.m.* 1.- Maneira de presentar a realidade deformándoa con trazos cómicos.

Ing. 1.- *humour* Fr. 1.- *humour [m.]* Cast. 1.- *humor* Pt. 1.- *humor*  
s.m. 2.- Estado de ánimo dunha persoa.  
Ing. 2.- *mood* Fr. 2.- *humeur [f.]* Cast. 2.- *humor* Pt. 2.- *humor*

**humor negro** *u.f.* Humor que se basea en feitos crueis ou dramáticos.

Ing. *sick humour; black humour* Fr. *humour noir* Cast. *humor negro* Pt. *humor negro*

**Hz** Símbolo de hertz.

## i

**ICAA** *Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales.* Instituto da cinematografía e das artes audiovisuais (España). Organismo autónomo creado en 1997 para a promoción do audiovisual español e para a preservación e restauración do patrimonio cinematográfico.

Web: <http://www.mcu.es/cine>

**icona** *s.f.* Signo visual que representa un obxecto.

Ing. *icon* Fr. *icône* [f.] Cast. *icono* [m.] Pt. *ícone* [m.]

**iconoscópio** *s.m.* Tubo de cámara de televisión, que converte as imaxes ópticas en impulsos eléctricos para a súa difusión, gravación ou manipulación.

Foi o primeiro modelo de tubo de cámara.

Ing. *iconoscope* Fr. *iconoscope* Cast. *iconoscópio* Pt. *iconoscópio*

→Orthicon, Plumbicon, Vidicon, Saticon

**identidade visual** *u.f.* Conxunto de elementos que definen un programa ou unha canle fronte ás outras e favorecen o seu recoñecemento inmediato.

Ing. *visuals* Fr. *identité visuelle* Cast. *identidad visual* Pt. *identidade visual*  
→imaxe corporativa

**identificación** *s.f.* 1.- Documento que recoñece a identidade dun traballador.

Ing. 1.- *identification* Fr. 1.- *identification* Cast. 1.- *identificación* Pt. 1.- *identificação*  
→acreditación

*s.f.* 2.- Sentimento de semellanza ou solidariedade cunha situación ou con alguén.

Ing. 2.- *identification* Fr. 2.- *identification* Cast. 2.- *identificación* Pt. 2.- *identificação*

**ideoloxía** *s.f.* Conxunto de ideas que ten unha persoa ou un grupo, que condicionan a súa actividade.

Ing. *ideology* Fr. *idéologie* Cast. *ideología* Pt. *ideología*

→cláusula de conciencia, liña editorial

**idioma** *s.m.* Lingua propia dunha comunidade humana.

Ing. *language* Fr. *langue* Cast. *idioma* Pt. *idioma*

**IFJ** *International Federation of Journalists.* Federación internacional de xornalistas, con sede en Bruxelas (Bélxica), que agrupa ao redor de 500.000 profesionais de máis dun cento de países. Nacida co

fin de defender a liberdade de prensa en 1926, e relanzada de novo nos anos cincuenta, na actualidade é a maior asociación de xornalistas do mundo.

Web: <http://www.ifj.org>

**igualar** *v.t.* Diminuir as diferenzas na densidade e nas cores das diferentes tomas gravadas, a través de técnicas de laboratorio no caso do celuloide, ou a través de procesos dixitais coas novas tecnoloxías.

Ing. *to calibrate, to standardize* Fr. *étalonner* Cast. *talonar, igualar* Pt. *igualar*

**iluminación** *s.f.* 1.- Conxunto de proxeccores de luz e aparellos destinados a aclarar unha escena.

No sistema clásico de televisión conforman a iluminación básica tres fachos colocados estrategicamente para evitar a aparición de sombras: un directo sobre o obxecto, un de contraluz e outro de recheo.

Ing. 1.- *lighting* Fr. 1.- *éclairage* Cast. 1.- *iluminación* Pt. 1.- *iluminação*

→luz de recheo, luz chave, luz de contra

*s.f.* 2.- Actividade de controlar e dispoñer o sistema de luces axeitado ao escenario dunha gravación.

Ing. 2.- *lighting* Fr. 2.- *éclairage* Cast. 2.- *iluminación* Pt. 2.- *iluminação*

*s.f.* 3.- Equipo responsable desa actividade.

Ing. 3.- *lighting team* Fr. 3.- *éclairage* Cast. 3.- *iluminación* Pt. 3.- *iluminação*

**iluminador -ora** *s.* Técnico especialista en iluminación.

Ing. *lighting engineer* Fr. *éclairagiste* Cast. *iluminador* Pt. *iluminador*

**imaxe** *s.f.* 1.- Representación ou reproducción dunha figura ou dunha persoa.

SIN. **plano.**

Ing. 1.- *picture* Fr. 1.- *image* Cast. 1.- *imagen* Pt. 1.- *imagem*

→liña de imaxe

*s.f.* 2.- Aparencia física dunha persoa.

Ing. 2.- *image* Fr. 2.- *image* Cast. 2.- *imagen* Pt. 2.- *imagem*

- dereito á propia imaxe  
 s.f. 3.- Imaxe corporativa.  
 Ing. 3.- (*corporate*) *image* Fr. 3.- *habillage*,  
*image* Cast. 3.- *imagen* Pt. 3.- *imagem*
- imaxe activa** *u.f.* Parte do sinal de vídeo que contén a información visual.  
 No caso do sistema PAL, son activas 576 das 625 liñas, e no NTSC, 487 das 525. O resto das liñas conteñen outros tipos de información complementaria (teletexto, sinais de control, etc).
- imaxe corporativa** *u.f.* Identidade que presenta unha empresa de cara ao público, definida xeralmente nun manual.  
 →libro de estilo
- imaxe de síntese** *u.f.* Imaxe creada por tratamento informático seguindo modelos da realidade humana. SIN.
- imaxe virtual.**  
 Ing. *computer image* Fr. *image de synthèse*  
 Cast. *imagen de síntesis* Pt. *imagem de síntese*  
 →escenografía virtual
- imaxe fraccionada** *u.f.* División da pantalla en cadros con distintas escenas.  
 Ing. *split frame* Fr. *écran divisé* Cast.  
*imagen fraccionada* Pt. *divisão da tela*
- imaxes de arquivo** *u.f.pl.* Gravación almacenada para dispor dela cando for precisa.  
 Na emisión indícase co rótulo “archivo”, que advírtel o espectador de que as tomas que está a ver non pertencen á realidade inmediata, senón que son imaxes recuperadas.  
 Ing. *file pictures* Fr. *images d'archives* Cast.  
*ímágenes de archivo* Pt. *imagens de arquivos*  
 →responsable de medios
- impacto** *s.m.* 1.- Impresión intensa ou mesmo violenta que sofre o telespectador ante certas imaxes.  
 Ing. 1.- *impact* Fr. 1.- *impact* Cast. 1.- *impacto* Pt. 1.- *impacto*  
 s.m. 2.- Repercusión que acada unha noticia ou unha emisión na globalidade da audiencia, que fai que transcendga especialmente.
- Ing. 2.- *impact* Fr. 2.- *impact* Cast. 2.- *impacto* Pt. 2.- *impacto*
- imparcialidade** *s.f.* Calidade de quen actúa buscando a verdade, sen se deixar influír polas súas simpatías e antipatías nin por intereses alleos.  
 Ing. *impartiality* Fr. *impartialité* Cast.  
*imparcialidad* Pt. *imparcialidade*  
 →obxectividade
- impedancia** (Z) *s.f.* Característica dun compoñente eléctrico que se refire ao grao de oposición ao paso da corrente, e determina, polo tanto, a amplitude dessa corrente. A unidade de medida é o ohm.  
 Ing. *impedance* Fr. *impédance* Cast.  
*impedancia* Pt. *impedância*
- implementar** *v.t.* Adaptación do inglés *to implement*. Poñer en funcionamiento un plan, un sistema ou un equipamento. > **executar**.  
 Ing. *to implement* Fr. *implémenter* Cast.  
*implementar* Pt. *implementar*
- impresión** *s.f.* 1.- Acción e efecto de imprimir.  
 Ing. 1.- *printing* Fr. 1.- *impression* Cast. 1.- *impressão* Pt. 1.- *impressão*  
 s.f. 2.- Opinión que se ten sobre algún asunto ou persoas.  
 Ing. 2.- *impression* Fr. 2.- *impression* Cast.  
 2.- *impresión* Pt. 2.- *impressão*
- impresora** *s.f.* Periférico de saída dun sistema informático que permite plasmar sobre papel os documentos elaborados no ordenador.  
 Ing. *printer* Fr. *imprimante* Cast. *impresora* Pt. *impressora*
- imprimir** *v.t.* Reproducir caracteres tipográficos ou grafismos sobre un papel mediante unha máquina controlada por un programa informático.  
 OBS. Ten dous participios: impreso e imprimido.  
 Ing. *to print* Fr. *imprimer* Cast. *imprimir* Pt. *imprimir*
- improvisar** *v.t.* 1.- Describir uns feitos ou desenvolver un programa sen o apoio dun guión escrito ou sen preparación previa.

Ing. *I.- to improvise* Fr. *I.- improviser* Cast. *I.- improvisar* Pt. *I.- improvisar*

v.t. 2.- Solucionar, arranxar ás presas un imprevisto.

Ing. *2.- to improvise* Fr. *2.- improviser* Cast. *2.- improvisar* Pt. *2.- improvisar*

**impulso** *s.m.* Sinal eléctrico de pouca duración. SIN. **pulso**.

Ing. *pulse* Fr. *pulsion* Cast. *impulso, pulso* Pt. *pulso, impulso*

**impulsos de control** *u.f.pl.* Conxunto de sinais electrónicos rexistrados na fita de vídeo que regulan o comportamento das cabezas do magnetoscopio durante a reprodución. SIN. **pulsos de control, sinais de sincronismo**.

**IMX** Formato de vídeo dixital creado por SONY, en soporte de fita, cunha mostraxe de 4:2:2 e un fluxo de datos de 50Mb/s.

**in situ** *u.f.* Intervención que o xornalista realiza perante a cámara abrindo a noticia desde o lugar dos feitos.

OBS. Locución latina de uso común.

Ing. *stand up, wraparound* Fr. *in situ* Cast. *in situ* Pt. *no terreno*

→entrada, no terreo

**INA** *Institut National de l' Audiovisuel*. Instituto nacional do audiovisual (Francia). Organismo creado en 1975 para a conservación do patrimonio audiovisual francés e a investigación no sector audiovisual.

Web: <http://www.ina.fr>

**inchar** *v.t.* Aumentar unha información, esaxerala. SIN. **inflar**.

Ing. *to inflate* Fr. *gonfler, grossir* Cast. *inflar, hinchar* Pt. *inflar*

**inciso** *s.m.* Interrupción dun discurso para facer unha breve aclaración doutro aspecto.

Na locución é imprescindible unha correcta entoación que marque con claridade os pequenos incisos (que no texto indican as comas), xa que unha lectura corrida ou con pausas inadecuadas pode modificar o sentido da oración.

Ing. *aside, interpolated clause* Fr. *incise* Cast. *inciso* Pt. *inciso*

**incrustación** *s.f.* Integración dunha imaxe ou dun elemento gráfico noutra mediante un procedemento electrónico. Ing. *inlay, insert* Fr. *incrustation* Cast. *incrustación* Pt. *incrustação*

→chave de croma

**independencia** *s.f.* Soberanía, calidade de non estar sometido a persoas nin vínculos de ningunha caste, para ofrecer unha información libre.

Ing. *independence* Fr. *indépendance* Cast. *independencia* Pt. *independência*

**independente** *adv.* 1.- Libre, non suxeito a vínculos de ningún tipo.

Ing. *1.- independent* Fr. *1.- indépendant* Cast. *1.- independiente* Pt. *1.- independente*

adv. 2.- Que non condiciona o exercicio da súa actividade profesional ás opinións doutros.

Ing. *2.- independent* Fr. *2.- indépendant* Cast. *2.- independiente* Pt. *2.- independente*

**indexar** *v.t.* Dispor en orde unha base de datos para facer o seu índice e facilitar a localización dos contidos.

Ing. *to index-link* Fr. *indexer* Cast. *indexar, indizar* Pt. *indexar*

**indicación escénica** *u.f.* Nota que acompaña os diálogos dun guión ou dun texto teatral co fin de facilitar e aclarar aspectos da súa interpretación ou da posta en escena.

Ing. *stage direction* Fr. *indication scénique* Cast. *acotación* Pt. *indicação*

**indicativo** *s.m.* Secuencia sonora moi breve e repetitiva que identifica un programa, un microespazo ou unha canle, que se emite separando espazos televisivos.

Ing. *jingle* Fr. *indicatif* Cast. *ráfaga, indicativo* Pt. *jingle, sinal sonoro*

→sintonía

**índice** *s.m.* 1.- Lista ordenada dos contidos dun libro, dunha base de datos, etc.

Ing. *1.- index* Fr. *1.- index* Cast. *1.- índice* Pt. *1.- índice, índice*

*s.m.* 2.- Número que expresa unha relación entre magnitudes ou cantidades.

Ing. 2.- *index number* Fr. 2.- *index, indice*  
Cast. 2.- *índice* Pt. 2.- *índice*

**índice de audiencia** *u.f.* Porcentaxe de aparellos de televisión sintonizados cunha canle de televisión nunha determinada franxa horaria, con respecto á totalidade de aparellos receptores do territorio analizado.

Diferénciase da cota de pantalla en que esta última mide as porcentaxes sobre a poboación que está vendo a televisión.

Ing. *rating* Fr. *indice d' audience* Cast. *índice de audiencia* Pt. *índice de audiência*  
→ audimetría

**infamar** *v.t.* Manifestar algo que lle quita o creto ou a boa sona a alguén.  
Ing. *to defame, to slander* Fr. *diffamer* Cast. *infamar* Pt. *infamar*  
→ dereito á honra, difamación

**inflar** *v.t.* Inchar.

**influencia** *s.f.* Capacidade dun medio ou dun líder de opinión de exercer certo poder sobre o individuo, sobre a sociedade ou mesmo sobre as relacións internacionais.

Ing. *influence* Fr. *influence* Cast. *influencia*  
Pt. *influência*  
→ cuarto poder

**infoentretenimento** *s.f.* De *información* mais *entretenimento*. Tipo de programación de información e servizos tratada dun xeito accesible ao común da audiencia e coa intención de entreter.

Ing. *infotainment* Fr. *infotainment* Cast. *infoentretenimiento* Pt. *info-entretenimento*

**infografía** *s.f.* Tratamento gráfico da información por ordenador.

Ing. *computer graphics* Fr. *infographie* Cast. *infografía* Pt. *infografia, infografia*

**información** *s.f.* 1.- Acción e efecto de informar.

Ing. 1.- *report* Fr. 1.- *information* Cast. 1.- *información* Pt. 1.- *informação*  
s.f. 2.- Contido dunha mensaxe.

Ing. 2.- *information, data* Fr. 2.- *information*  
Cast. 2.- *información* Pt. 2.- *informação*  
s.f. 3.- Noticia.

Ing. 3.- *report, news* Fr. 3.- *information*  
Cast. 3.- *información* Pt. 3.- *informação*  
s.f. 4.- Conxunto de técnicas e actividades relacionadas cos medios de comunicación.

Ing. 4.- *information* Fr. 4.- *information* Cast. 4.- *información* Pt. 4.- *informação*

**información confidencial** *u.f.* V. confidencial.

**información de primeira man** *u.f.* V. primeira man, de.

**información exclusiva** *u.f.* Exclusiva.

**información negra/gris/branca** *u.f.* V. manipulación informativa.

**informar** *v.t.* 1.- Dar a coñecer algúñ feito. SIN. **comunicar, dar conta**.

Ing. 1.- *to report* Fr. 1.- *informer* Cast. 1.- *informar* Pt. 1.- *informar*  
→ desinformar

*v.p.* 2.- Pórse ao corrente dun asunto, adquirir coñecemento.

Ing. 2.- *to find out* Fr. 2.- *s'informer* Cast. 2.- *informarse* Pt. 2.- *informar-se*

**informática** *s.f.* Tecnoloxía do tratamento electrónico da información.

Ing. *computing* Fr. *informatique* Cast. *informática* Pt. *informática*

**informativo -a** *adv.* 1.- Que informa.

Ing. 1.- *informative* Fr. 1.- *d' information*  
Cast. 1.- *informativo* Pt. 1.- *informativo*  
*adv.* 2.- Xénero baseado na descripción dos feitos en si e que prescinde da opinión de quen os narra.

Ing. 2.- *informative* Fr. 2.- *d' information*  
Cast. 2.- *informativo* Pt. 2.- *informativo*

*s.m.* 3.- Espazo televisivo que responde a ese xénero. SIN. **telexornal, noticiario**.

Ing. 3.- *news (programme)* Fr. 3.- *bulletin d' information* Cast. 3.- *informativo* Pt. 3.- *noticiário, boletim*

**informe** *s.m.* Resumo dunha noticia de grande importancia que xustifica unha ampliación da peza principal con maior número de datos e antecedentes.

Elabórase xeralmente con material de arquivo, ampla documentación e sen introducir valoracións.

Ing. *report* Fr. *rapport, reportage* Cast. *informe* Pt. *inquérito*

**infravermello -a** *adx.* De radiación electromagnética con frecuencia menor á do vermello visible no espectro luminoso, polo que non é perceptible para o ollo humano.

Os sistemas de captación de imaxes con infravermellos empréganse para facer gravacións na escuridade.

Ing. *infrared* Fr. *infrarouge* Cast. *infrarrojo* Pt. *infravermelho*

**inserción** *s.f.* Proceso de edición analóxico en magnetoscopio que non altera a pista de control orixinal e que permite, fronte á ensamblaxe, tratar por separado son, vídeo ou códigos de tempo.

Require a gravación previa de impulsos de control na fita.

Ing. *insert* Fr. *insertion* Cast. *inserción* Pt. *inserção*

→ensamblaxe

**inserir** *v.t.* Introducir unha imaxe ou un corte de audio nun intervalo previamente editado.

OBS. Ten dous participios: inserido e inserto.

Ing. *to insert* Fr. *insérer* Cast. *insertar* Pt. *inserir*

**inserir os códigos** *u.f.* Introducir na cinta o sinal dos códigos de tempo, para proceder á minutaxe.

Tamén se emprega *tecear*, de TC (*time code*).

→minutaxe

**inserto** *s.m.* 1.- Plano editado por inserción.

Ing. 1.- *insert*

*s.m.* 2.- V. total.

**insonorizado -a** *adx.* Que está acondicionado (un local) de maneira que se atenúa significativamente o paso de son entre o interior e o exterior, e viceversa.  
Ing. *soundproof* Fr. *insonorisé* Cast. *insonorizado* Pt. *insonorizado*

**instalar** *v.t.* Situar un dispositivo no lugar e no xeito que lle corresponde, para que poida realizar a súa función.

Ing. *to put in* Fr. *installer* Cast. *instalar* Pt. *instalar*

**instalar os cables** *u.f.* Espallar unha rede de cables de comunicación nun lugar.  
Ing. *to cable* Fr. *câbler* Cast. *cablear* Pt. *instalar os cabos*

**instinto** *s.m.* Capacidade dunha persoa de actuar de maneira oportuna sen que ningún llo aprendese, conseguindo un resultado superior ao dos demais. SIN. **intuición**.

Ing. *instinct* Fr. *instinct* Cast. *instinto* Pt. *instinto*

**integrado -a** *adx. e s.* Que confía con optimismo na cultura de masas, outorgándolle á televisión a capacidade de difusión da cultura e a de crear novas formas de coñecemento.

É un adxectivo cuñado nesta acepción por Umberto Eco na súa análise da aceptación da cultura de masas, *Apocalípticos e integrados*.

→apocalíptico

**íntegro -a** *adx.* 1.- De grande honestade.

Ing. 1.- *upright* Fr. 1.- *intègre* Cast. 1.- *íntegro* Pt. 1.- *íntegro*

*adx.* 2.- Completo, enteiro.

Ing. 2.- *unabridged, in full* Fr. 2.- *integral* Cast. 2.- *íntegro* Pt. 2.- *íntegro*

**INTELSAT** Acrónimo de *International Telecommunications SATellite consortium*. Consorcio internacional para as telecomunicacións por satélite, creado en 1964, que administra o uso da rede de satélites do mesmo nome, para transmisiós nacionais e internacionais.  
Web: <http://www.intelsat.com>

**interactivo -a** *adx.* Que intercambia informacións en dobre sentido, é dicir, que o emisor é tamén receptor e viceversa.

Ing. *interactive* Fr. *interactive* Cast. *interactivo* Pt. *interactivo*

**intercom** *s.m.* Abreviatura de intercomunicación. Sistema de comunicación entre os compoñentes do equipo de

producción dun programa de televisión (realizador, cámaras, iluminadores, técnicos de son, etc.), que incorpora un micrófono e un auricular ou un altofalante.

**interese** *s.m.* 1.- Actitude de atención cara a un asunto.

Ing. *1.- interest* Fr. *1.- intérêt* Cast. *1.- interés* Pt. *1.- interesse*

*s.m.* 2.- Calidade ou circunstancia pola que un tema ou unha persoa esperta curiosidade.

Ing. *2.- interest* Fr. *2.- intérêt* Cast. *2.- interés* Pt. *2.- interesse*

**interese público, de** *u.f.* Que resulta atractivo para a maioría da cidadanía.

**interface** *s.f.* Nexo informático entre elementos centrais e periféricos.

Ing. *interface* Fr. *interface [f.]* Cast. *interfaz [f.]* Pt. *interface [f.]*

**interface RS-422** Interface para a transmisión de datos en serie, empregados para o control de magnetoscopios desde un ordenador nos traballois de edición profesional.

**interface STDI** Interface dixital para transporte de vídeo comprimido.

**interferencia** *s.f.* Perturbación na recepción dun sinal.

Ing. *interference* Fr. *interférence, parasites* Cast. *interferencia* Pt. *interferência*

→ruído

**interferencia construtiva** *u.f.* Interferencia dun sinal por outro sinal, que produce unha adición de potencias no sinal resultante por estaren en fase.

→en fase

**interfono** *s.m.* Sistema que permite a comunicación desde o micrófono da sala de control a un altofalante ou auricular no estudio.

Ing. *talk-back*

**intermedio** *s.m.* Espazo publicitario que interrompe un programa. SIN. **descanso**.  
Ing. *break* Fr. *pause publicitaire* Cast. *intermedio* Pt. *intervalo*

**Internet** Rede mundial de carácter mixto que interconecta os computadores de todos os usuarios que disponen dun módem, a través da liña telefónica (fixa ou móbil).

Naceu nos Estados Unidos, como seguinte paso a Arpanet creada nos 70, unha rede interna de comunicación do departamento americano de defensa. Hoxe en día, constitúe un medio de comunicación accesible á cidadanía de territorios desenvolvidos e permite o intercambio de mensaxes electrónicas, a consulta de bancos de datos e o comercio electrónico. A canle pública galega (TVG) comezou a emitir regularmente pola Internet en tempo real en 1997, sendo unha das primeiras televisións de Europa en facelo.

→arañeira mundial

**Internet2** Proxecto do consorcio de 200 universidades dos Estados Unidos que desde 1996 traballan no desenvolvemento dunha rede alternativa de maior capacidade ca a Internet actual, que lles permita aos investigadores compartir recursos e colaborar con novas aplicacións e servizos, así como recibir sinais de maior largo de banda como as audiovisuais.

**interpretación** *s.f.* 1.- Explicación do significado dun feito ou dunha situación.

Ing. *1.- interpretation* Fr. *1.- interprétation* Cast. *1.- interpretación* Pt. *1.- interpretação*

*s.f.* 2.- Representación dun papel dramático ou execución dunha peza musical.

Ing. *2.- performance, playing* Fr. *2.- interprétation* Cast. *2.- interpretación* Pt. *2.- interpretação*

**interpretativo -a** *adv.* 1.- Xénero a camiño entre o estritamente informativo e o opinativo, que consiste en analizar as razóns e suxerir as posibles consecuencias dos feitos.

Ing. *I.- interpretative* Fr. *I.- d'interprétation* Cast. *I.- interpretativo* Pt. *I.- interpretativo*

*adx.* 2.- Que responde a ese xénero.

Ing. *2.- interpretative* Fr. *2.- d'interprétation* Cast. *2.- interpretativo* Pt. *2.- interpretativo*

**intervalo vertical** *u.f.* Espazo entre os cadros dun sinal televisivo empregado para a transmisión de informacións que non están presentes na imaxe en pantalla, pero que poden ser transformadas en lendas ou outros tipos de datos, como a sintonización automática da cor.

Ing. *vertical interval* Fr. *intervalle vertical* Cast. *intervalo vertical* Pt. *intervalo vertical*

**intimidade** *s.f.* Aspectos da vida dunha persoa ou dun grupo que pertencen ao seu espazo privado non compartido.

→dereito á intimidade

**intoxicación** *s.f.* Defecto do xornalista que se converte en transmisor acrítico dos intereses das fontes, motivado polas rutinas de traballo, a complicidade cos gabinetes de comunicación ou as filtracións interesadas.

Ing. *indoctrination* Fr. *intoxication* Cast. *intoxicación* Pt. *intoxicação*

**intriga** *s.f.* Suspense.

**intro** *s.f.* V. entrada.

**intuición** *s.f.* Instinto.

**investigación** *s.f.* Estudo profundo que busca descubrir ou aclarar unha información.

Ing. *research* Fr. *recherche* Cast. *investigación* Pt. *pesquisa*

→xornalismo de investigación

**investimento** *s.m.* Cantidad de diñeiro empregada nun produto do que se espera obter beneficio posteriormente.

Ing. *investment* Fr. *investissement* Cast. *inversión* Pt. *investimento*

→orzamento

**inxuria** *s.f.* Lesión á dignidade da persoa, ao imputarlle certas calidades ou feitos que menoscaban a súa sona ou atentan contra a súa estimación.

Ing. *insult, slander* Fr. *injure* Cast. *inxuria* Pt. *inxíria*

→calumnia, dereito á honra

**ión** *s.m.* Átomo ou grupo de átomos cargado de electricidade.

→pantalla de plasma

**IPI** *International Press Institute.* Instituto internacional de prensa, con sede en Viena (Austria) creado tras a Segunda Guerra Mundial para a defensa internacional da liberdade informativa, que agrupa xornalistas de máis de cien países diferentes.

Web: <http://www.freemedia.at>

**IPS** *sigla Inches Per Second.* Polgadas por segundo. Medida da velocidade de avance da fita magnética.

→polgada

**ipso facto** *u.f.* Inmediatamente.

OBS. Locución latina, de uso culto.

**ironía** *s.f.* Xeito de se expresar que consiste en dicir o contrario do que se pensa, entoando de maneira que o receptor capte esa intención.

Ing. *irony* Fr. *ironie* Cast. *ironía* Pt. *ironia*

→retranca

**ISDB-T** *Integrated Services Digital Broadcasting-Terrestrial.* Servizos integrados de transmisión dixital terrestre. Estándar de transmisión de televisión dixital empregado no Xapón.  
→ATSC, DVB-T

**ISO** *International organization for standardization.* Organización internacional para a estandarización. Organismo non gobernalmental creado en 1947 que establece modelos de produtos e servizos, incluídas as telecomunicacións, para facilitar o intercambio internacional e favorecer o desenvolvemento da normalización no mundo.

OBS. O nome non é unha sigla, senón un prefijo derivado do grego *isos*, que quiere dicir, igual.

Web: <http://www.iso.org>

**ITV** *Independent Television.* Rede de emisoras de televisión inglesa de carácter privado.  
Web: <http://www.itv.com>

## j

**jack** *s.ing.* > **chaveta**.  
**jingle** *s.ing.* > **indicativo**.  
**joystick** *s.ing.* > **panca de mando**.

## k

**K** Símbolo de Kelvin.  
**kelvin (K)** *s.* Escala de referencia na medida da temperatura, na que o cero equivale a -273.15 graos Celsius.  
Denomínase así na honra de Lord Kelvin (1824-1907).  
Ing. *kelvin* Fr. *kelvin* Cast. *kelvin* Pt. *kelvin*  
**key** *s.ing.* > **chave de croma**.  
**kinescope** *s.ing.* > **cinescopio**.  
**kitsch** *adv.xalem.* Badoco, de mal gusto, concibido para as masas con pretensiós de arremedar as creaciós elitistas.  
**Kw** Símbolo de quilowatt.

## l

**laboratorio** *s.m.* Local no que se realizan as operacións de procesamento dunha película cinematográfica, o seu tratamento, tiraxe de copias e vertido a outro soporte.  
Ing. *laboratory* Fr. *laboratoire* Cast. *laboratorio* Pt. *laboratório*  
**laboratorio de linguas** *u.f.* Aula de formación equipada con material para a aprendizaxe de idiomas mediante métodos audiovisuais, que adoita estru-

turarse por módulos de traballo persoal intercomunicados co profesor.  
Ing. *language laboratory* Fr. *laboratoire de langues* Cast. *laboratorio de idiomas* Pt. *laboratório de línguas*

**lacónico -a** *adx.* Conciso, breve, que se expresa con poucas palabras.  
Ing. *laconic* Fr. *laconique* Cast. *lacónico* Pt. *lacónico*

**laminado** *n.m.* Defecto da fita de vídeo que produce na imaxe bandas horizontais a modo de persiana.  
Ing. *banding*

**lámpada** *s.f.* 1.- Fonte de luz artificial.  
Ing. *1.- light* Fr. *1.- lampe* Cast. *1.- lámpara*  
Pt. *1.- lâmpada*  
s.f. 2.- Por extensión, proxector.  
Ing. *2.- light* Fr. *2.- lampe* Cast. *2.- lámpara*  
Pt. *2.- lâmpada*  
s.f. 3.- Peza dos televisores antigos que producía a luz por transformación da enerxía eléctrica en enerxía luminosa, substituída despois polos transistores.  
Ing. *3.- lamp* Fr. *3.- lampe* Cast. *3.- lámpara*  
Pt. *3.- lâmpada*

**lámpada de arco** *loc* Lámpada que produce o foco luminoso nunha descarga entre dous electrodos separados por un medio gasoso.  
Ing. *arc lamp* Fr. *lampe à arc* Cast. *lámpara de arco* Pt. *lâmpada de arco*  
→arco voltaico

**lámpada de cuarzo** *u.f.* Lámpada de tungsteno halóxeno (que evita o ennegrecemento) empregada para a iluminación de estudios de televisión.

**lámpada de xenon** *u.f.* Lámpada de arco na que a corrente eléctrica pasa a través dun gas xenon contido nun recipiente de vidro.

Emprégase en proxectores de alta potencia e proporciona unha boa reproducción das cores.

**lámpada PAR** *u.f.* Lámpada haloxena pechada, cun frontal transparente e unha cara posterior na que se atopa un reflector cunha capa de aluminio que se comporta como un espello cóncavo.

Ofrece unha iluminación cálida e un ángulo de irradiación definido grazas ao reflector parabólico.

→PAR

**lanzamento** *s.m.* Período inicial dunha campaña de promoción dun programa, dun presentador ou dun produto.

Ing. *lancamento* Fr. *lancement* Cast. *lanzamiento* Pt. *lançamento*

**lanzar unha cinta** *u.f.* Premer sobre o botón de reproducción no equipamento onde está preparada unha gravación, para poñela en marcha e emitila.

**lapis óptico** *u.f.* [pl. lapis ópticos] Instrumento electrónico con forma de lapis que lle permite ao usuario programar o vídeo coa simple lectura óptica do código de barras identificador do espazo televisivo que lle interesa.

Ing. *light pen* Fr. *crayon optique* Cast. *lápiz óptico* Pt. *caneta óptica*

**lapso** *s.m.* 1.- Erro involuntario ao falar.

Ing. *1.- mistake* Fr. *1.- lapsus* Cast. *1.- lapsus, lapso* Pt. *1.- lapso*

s.m. 2.- Espazo de tempo que separa dous feitos.

Ing. *2.- lapse, time* Fr. *2.- laps* Cast. *2.- lapso* Pt. *2.- lapso*

**largo de banda** *u.f.* Rango de frecuencias sobre o que se espalla un sinal. SIN. **ancho de banda**.

Ing. *bandwidth* Fr. *largeur de bande* Cast. *ancho de banda* Pt. *largura de banda*

**larsen, efecto** *u.f.* V. efecto larsen.

**láser** *s.m.* Sigla lexicalizada de *Light Amplification by Stimulated Emission of Radiation*, amplificación da luz pola emisión estimulada de radiación. Tecnoloxía que permite transmitir feixes de luz moi concentrados, cunha gran capacidade de memoria.

Ing. *laser* Fr. *laser* Cast. *láser* Pt. *laser*

**late night** *u.f.ing.* Noite II. V. franxa de noite.

**LCD** sigla *Liquid Crystal Display*. V. pantalla de cristal líquido.

**lead** *s.ing.* Primeiro parágrafo da noticia. > **entrada**.

**lector** *s.m.* Aparello que permite a descodificación e a restitución de informacóns gravadas en soporte magnético ou óptico.

Ing. *player, scanner* Fr. *lecteur* Cast. *lector* Pt. *leitor*

→gravador

**lectura de guión** *u.f.* Ensaio previo á gravación dun capítulo dunha serie televisiva, consistente nunha reproducción en común dos diálogos en voz alta por parte dos actores.

Permite introducir pequenos cambios na expresión, co consenso de actores e guionistas, co fin de que a interpretación sexa fluída e axustada ao personaxe.

**lema** *s.m.* Frase concisa e de memorización fácil que serve de guía para a conduta dunha persoas.

Ing. *slogan, motto* Fr. *devise* Cast. *lema* Pt. *lema*

**lenda** *s.f.* Título.

OBS. Úsase máis nos medios escritos.

**lente** *s.f.* Disco transparente que recolle os raios de luz nunha cámara.

Ing. *lens* Fr. *bonnette, lentille* Cast. *lente* Pt. *lente*

→filtro

**lente difusora** *u.f.* Lente que, situada no obxectivo, recolle a imaxe esvaecida, sen contornos claros.

Fr. *Flou*

**lente fresnel** *u.f.* Lente que concentra e espalla a luz simultaneamente, co que ofrece un tipo de iluminación de amplitude variable.

Débelle o seu nome ao físico francés Augustin Fresnel (1788-1827).

**leriar** *v.i.* Falar de maneira distendida. SIN.

**charlar, parolar**.

Ing. *to chat* Fr. *babarder* Cast. *charlar* Pt. *conversar, parolar*

**letterbox** *s.ing.* Caixa de correo. Formato que preserva o orixinal das películas cinematográficas adaptado para pantallas comúns de televisión 4:3, coas dúas bandas negras na parte superior e

inferior da imaxe. > **formato de bandas negras**.

**léxico** *s.m.* Conxunto das palabras dunha lingua ou dunha materia especializada.

SIN. **vocabulario**.

Ing. *vocabulary* Fr. *lexique* Cast. *léxico* Pt. *léxico*

**LF** *sigla Low Frequency*. Frecuencia baixa.

**liberdade de expresión** *u.f.* Dereito constitucional de manifestar libremente as ideas e mais as opinións, limitado por outros dereitos para garantir a convivencia social.

Ing. *freedom of expression* Fr. *liberté d'expression* Cast. *libertad de expresión* Pt. *liberdade de expressão*

→ censura, autocensura

**liberdade de información** *u.f.* V. derecho da información.

Ing. *freedom of information* Fr. *liberté d'information* Cast. *libertad de información* Pt. *liberdade de informação*

**LIBR** Indicación na escada de que a fonte de vídeo é a libraría dixital. V. libraría dixital.

**librar** *v.i.* Quedar libre de facer un traballo ou unha tarefa.

**libre acceso, de** *u.f.* Programación emitida sen codificar e sen esixencia de pagamento a cambio dese servizo. SIN. **en abierto**.

**libraría dixital** *u.f.* Equipamento dixital no que se almacenan imaxes fixas (cartóns de libraría) ou breves cortes de imaxe e son, para a súa emisión ou posproducción.

Ing. *digital library*

**libro de estilo** *u.f.* Publicación dun conxunto de pautas e normas elaboradas por un medio de comunicación que definen a maneira de traballar desa empresa xornalística.

Adoita incluír recomendacións para a redacción e o tratamento das noticias, repertorios léxicos de referencia, regras gramaticais, criterios de edición e de linguaxe visual, principios de ética profesional, etc.

Ing. *stylebook* Fr. *livre de style* Cast. *libro de estilo* Pt. *livro de estilo*

→ imaxe corporativa

**líder** *s.* Cabeza dun grupo.

Ing. *leader* Fr. *leader* Cast. *líder* Pt. *líder*

**líder de audiencia** *u.f.* Programa seguido por un número de espectadores maior ca o dos outros espazos televisivos.

**líder de opinión** *u.f.* Individuo con reputación que exerce influencia sobre as actitudes e as opinións doutras persoas.

Algúns autores consideran que é sobre estes líderes onde primeiro se establece a influencia dos medios e, a partir deles, sobre un público máis amplio.

→ dobre fluxo da comunicación

**ligazón** *s.f.* Enlace, nexo.

**limiar de audibilidade** *u.f.* Límite de frecuencia da vibración da onda sonora fóra do que o oído humano non é capaz de percibir o son, que se sitúa aproximadamente entre os 16 Hz e os 16 KHz. Dentro desta franxa de audibilidade o oído humano non percibe todas as frecuencias coa mesma intensidade, sendo o espectro de mellor percepción o comprendido entre os 2000 Hz e os 4000 Hz. Pero tampouco a sensibilidade do oído é proporcional á intensidade sonora, na que tamén existen límites de audición: porriba dos 120 dB prodúcese no oído a sensación de dor.

Ing. *audibility threshold* Fr. *seuil d'audibilité* Cast. *umbral de audibilidad* Pt. *limiar de audibilidade*

**lingua** *s.f.* Código verbal compartido polos membros dunha sociedade. SIN. **idioma, fala**.

Ing. *language* Fr. *langue* Cast. *lengua* Pt. *língua*

**lingua estándar** Nivel de lingua pactado por unha comunidade de falantes, que prescinde de dialectalismos para permitir o entendemento común.

É o rexistro empregado habitualmente na televisión.

**linguaxe televisiva** *u.f.* Código narrativo, léxico e técnico, propio do campo audiovisual.

**linguaxe xornalística** *u.f.* Conxunto de peculiaridades léxicas dos profesionais do xornalismo.

**lingüeta** *s.f.* Lámina de seguridade que incorporan as cintas de audio e de vídeo no lado inferior co fin de protexer as gravacións dun posible borrado.

Ing. *tab* Fr. *languette* Cast. *lengüeta* Pt. *lingueta*

**liña, en** *u.f.* V. en liña.

**liña de abonado** *u.f.* Bucle de abonado.

**liña de imaxe** *u.f.* Cada unha das divisións horizontais en que se descompón unha imaxe para adaptar a bidimensionalidade á variación unidimensional da tensión.

Cada sistema de televisión está conformado por un número diferente de liñas de imaxe: o americano NTSC emprega 525 liñas; o Pal, 625; o SECAM francés, 819.

Ing. *line* Fr. *ligne d' image* Cast. *línea de imagen* Pt. *linha de imagem*  
→resolución, píxel

**liña de retardo** *u.f.* Circuíto de retardo.

**liña de tempo** *u.f.* Función dos sistemas dixitais que permite visualizar na pantalla do ordenador a primeira imaxe dun plano ou a representación gráfica dunha pista de son, para manipularos coa facilidade dun procesador de textos informático.

Ing. *time-line* Fr. *ligne de temps* Cast. *línea de tiempo* Pt. *linha de tempo*

**liña editorial** *u.f.* Conxunto de principios ideolóxicos básicos que rexen unha empresa xornalística.

Cando se produce un cambio substancial na liña editorial dun medio que sexa considerada contraria ás conviccións do xornalista, este pode rachar o seu contrato coa empresa sen perder o dereito ás indemnizacións equivalentes ao seu despedimento amparándose na chamada cláusula de conciencia.

Ing. *editorial policy* Fr. *ligne éditoriale* Cast. *línea editorial* Pt. *linha editorial*

→libro de estilo

**listaxe de decisións de edición (EDL)**

*u.f.* Relación ordenada dos procedementos de edición necesarios nunha posproducción, baseándose nos códigos das gravacións empregadas. Inclúe información de efectos, duración dos planos, fontes, mesturas, etc.

**listaxe de planos** *u.f.* Guieiro de planos.

**live** *s.ing.* 1.- > **en directo**.

*s.ing.* 2.- > **en vivo**.

**lixo** *s.m.* Apelativo que se aplica aos produtos audiovisuais de ínfima calidade ou de mal gusto, tanto no referido aos contidos (programación-lixo) como ao propio medio (telelixo).

Ing. *(tv) trash* Fr. *(télé-)poubelle* Cast. *(tele)basura* Pt. *(tele)lixo*

**lm** Símbolo de lumen.

**lobby** *s.ing.* > **grupo de presión**.

OBS. En inglés designa tamén o xornalista parlamentario.

**local** *adv.* 1.- Que atinxe a unha vila, un lugar ou un concello.

Ing. *1.- local* Fr. *1.- locale* Cast. *1.- local* Pt. *1.- local*

→televisión local

*s.m.* 2.- Espazo pechado destinado a unha determinada actividade.

Ing. *2.- site, unit* Fr. *2.- siège* Cast. *2.- local* Pt. *2.- local*

→estudio

**Localia Telelugo** Cadea local de Lugo de carácter privado incorporada ao grupo Localia TV no 2001, aínda que comezou a súa actividade en 1994. Ofrece programación propia de informativos e de entretenemento.

Web: <http://www.telelugo.tv>

**Localia TV A Coruña** Emisora da cidade da Coruña, de propiedade privada, que comezou a emitir en 2001 integrada na rede Localia TV de televisóns locais.

Web: <http://www.localiacoruna.com>

**Localia TV Ferrol** Canle de televisión local de Ferrol, de titularidade privada, que comezou as súas emisións en 1987 co nome de Ferrolvisión Canal 29. No 2001 integrouse no grupo Localia TV. Web: <http://www.localiatv.com>

**Localia TV Pontevedra** Cadea local de Pontevedra, de titularidade privada, que comezou as súas emisións como TV Pontevedra en 1995 e que se integrrou no grupo de televisións locais Localia TV en 2001.

Web: <http://www.localiatv.com>

**Localia TV Santiago** Emisora local da capital galega, de titularidade privada, integrada no grupo Localia TV desde 2001.

Web: <http://www.localiasantiago.com>

**Localia TV Vigo** Canle local de Vigo e da súa área metropolitana, de propiedade privada, que comezou as súas emisións no ano 2001 integrada no grupo de televisións locais Localia TV.

Web: <http://www.localiavigo.com>

**localización** *s.f.* 1.- Espazo interior ou exterior no que se desenvolve determinada escena da rodaxe ou gravación. SIN. **situación**.

Ing. *1.- location* Fr. *1.- lieu, localisation* Cast. *1.- localización* Pt. *1.- localização*

*s.f.* 2.- Actividade de busca dun espazo no que desenvolver a gravación dun plano ou dunha secuencia.

Ing. *2.- location work* Fr. *2.- repérage* Cast. *2.- localización* Pt. *2.- localização*

**locomotora** *s.f.* Programa locomotora.

**locuaz** *adv.* Que ten facilidade de palabra, elocuente.

Ing. *talkative* Fr. *loquace* Cast. *locuaz* Pt. *loquaz*

**locución** *s.f.* Aspecto da comunicación que se refire á pronuncia das palabras, á entoación e mais ao ritmo de lectura dun presentador.

Ing. *narration* Fr. *élocution* Cast. *locución* Pt. *locução*

**locución de fondo** *u.f.* Narración sobre un material de vídeo gravado no que non aparece a imaxe do locutor. SIN. **narración de fondo**.

Ing. *off*

**locutar** *v.t.* Reproducir oralmente un discurso, xeralmente escrito. SIN. **facer a locución**.

OBS. Verbo creado a partir de locutor.

**locutor -ora** *s.* Profesional encargado de facer a lectura das noticias ou da narración que complementa unhas imaxes, sexa ou non autor dos textos que reproduce.

Ing. *newscaster* Fr. *speaker* Cast. *locutor* Pt. *locutor*

→presentador

**locutor -ora de fondo** *u.f.* Narrador que fala sobre as imaxes gravadas sen aparecer el na pantalla. SIN. **voz de fondo**.

→comentarista

**locutorio** *s.m.* Pequeno local insonorizado destinado á lectura das narracións de fondo dos vídeos.

→cabina

**logotipo** *s.m.* Marca visual que identifica a empresa.

Ing. *logo* Fr. *logotype* Cast. *logotipo* Pt. *logotipo*

→imaxe corporativa, mosca

**longametraxe** *s.f.* Película dunha duración superior aos 90 minutos, aproximadamente.

Tamén se emprega a forma abreviada **longa**.

Ing. *full-length film* Fr. *long-métrage [m.]* Cast. *largometraje [m.]* Pt. *longa-metragem [f.]*

**lonxitude de onda** *u.f.* Distancia percorrida por unha onda durante un ciclo.

Ing. *wavelength* Fr. *longueur d' onde* Cast. *longitud de onda* Pt. *comprimento de onda*

**look** *s.ing.* Aparencia. > **imaxe**.

**LP** sigla *Long Play*. Longa duración. 1.- Disco de vinilo de longa duración en 33 revolucións por minuto.

*sigla* 2.- Vídeo VHS gravado á metade da velocidade de cinta, o que supón unha redución importante da calidade da gravación.

**lumen (lm)** *s.m.* Unidade de medida do fluxo dunha fonte luminosa, equivalente á súa intensidade en candelas multiplicado polo ángulo sólido sobre o que se emite a luz.

Ing. *lumen* Fr. *lumen* Cast. *lumen* Pt. *lúmen*  
**luminancia (Y)** *s.f.* Información do brillo dun sinal de vídeo.

Ing. *luminance* Fr. *luminance* Cast. *luminancia* Pt. *luminância*

→crominancia

**luminosidade** *s.f.* Impresión da cantidade de luz emitida por unha fonte, transmitida a través dun medio ou reflectida por unha superficie.

Ing. *brightness* Fr. *luminosité* Cast. *luminosidad* Pt. *luminosidade*

**Lusa** Axencia de noticias de Portugal, que fornece de información e material gráfico os medios de comunicación portugueses.

Web: <http://www.lusa.pt>

**lux (lx)** *s.m.* Unidade de medida de iluminación, que expresa a relación entre o fluxo luminoso que recibe unha superficie e a extensión dessa superficie iluminada.

OBS. Do latín *lux*, luz.

Ing. *lux* Fr. *lux* Cast. *lux* Pt. *lux*

**luz** *s.f.* 1.- Forma de radiación electromagnética de lonxitude comprendida no espectro visible para o ollo humano.

Ing. *1.- light* Fr. *1.- lumière* Cast. *1.- luz* Pt. *1.- luz*

*s.f.* 2.- Fonte de iluminación.

Ing. *2.- light* Fr. *2.- lumière* Cast. *2.- luz* Pt. *2.- luz*

**luz base** *u.f.* Luz difusa para a iluminación uniforme dunha escena, que reduce o contraste de luz global e evita unha subexposición.

**luz branda** *u.f.* Iluminación difusa e sen sombras que se orixina con focos dispersos. SIN. **luz difusa**.

**luz chave** *u.f.* Proxección luminosa que ilumina o suxeito da toma lateralmente para lle dar relevo, e que se complementa coa luz secundaria e mais a luz de contra. SIN. **luz principal**.

Ing. *key-light* Fr. *lumière principale* Cast. *luz llave, luz principal* Pt. *luz chave, luz principal*

**luz coherente** *u.f.* Luz monocromática con ondas da mesma lonxitude e da mesma fase.

**luz de acentuación** *u.f.* Fonte de luz empregada para destacar un aspecto particular dun suxeito.

**luz de ambientación** *u.f.* Iluminación que contribúe á coherencia da atmosfera dunha obra.

Ing. *floodlight* Fr. *lumière d'ambiance* Cast. *luz de ambiente* Pt. *luz ambiente*

**luz de contra** *u.f.* Lámpada situada detrás dos suxeitos da toma ou do decorado co fin de resaltar o efecto da tridimensionalidade e separalos do fondo. SIN. **contraluz**.

Ing. *back-light* Fr. *lumière de derrière, lumière de contre-jour* Cast. *luz de contra* Pt. *contra luz*

**luz de modelado** *u.f.* Luz que revela textura, contorno e formas.

**luz de realce** *u.f.* Lámpada para a iluminación de zonas sombreadas en días de sol forte.

Ing. *booster*

**luz de rebote** *u.f.* Luz difusa que se obtén por reflexións aleatorias dunha superficie fortemente brillante, como un teito ou un panel reflector.

**luz de recheo** *u.f.* Lámpada secundaria que clarexa as sombras da luz chave. SIN. **luz secundaria**.

Ing. *fill in light* Fr. *lumière d'appoint* Cast. *luz de relleno* Pt. *luz de enchimento, luz complementar*

**luz dura** *u.f.* Iluminación altamente direccional producida por unha fonte de luz de área reducida.

**luz incidente** *u.f.* Intensidade de luz que cae sobre un obxecto.

**luz lateral** *u.f.* Fonte de iluminación situada a un dos lados do obxecto da toma.  
Ing. *side light* Fr. *lumière latérale* Cast. *luz lateral* Pt. *luz lateral*

**luz reflectida global** *u.f.* Cantidad de luz rebotada que chega á cámara.

**luz relampo** *u.f.* Luz súbita producida por un foco luminoso. SIN. **flash**.

**Ix** Símbolo de lux.

## **m**

**1MMs** V. minipelícula.

**M6** Grupo de televisión privado francés, creado en 1987, que dirixe os seus contidos fundamentalmente ao público xuvenil.

Web: <http://www.m6.fr>

**MAC** *sigla Multiplexed Analogue Components.* Multiplexación analóxica dos compoñentes. Sistema analóxico de transmisión dos sinais de televisión de 1250 liñas, no que a imaxe e o son se transmiten por paquetes secuenciais (luminancia+crominancia+son e datos). Existen diferentes versións deste sistema, sendo a máis perfeccionada a HD-MAC, cunha calidade de imaxe semellante á da televisión de alta definición, pero non triunfaron no mercado.

→SECAM, PAL

**magazine** *s.fr.* Formato de programa televisivo de entretemento e información que combina diferentes xéneros (actuacións, concursos, entrevistas, etc.), dirixido ao gran público. > **programa de variedades, revista.**

Ing. *magazine* Fr. *magazine* Cast. *magacín* Pt. *magazine*

**magnetófono** *s.m.* Aparello que rexistra e reproduce sons nunha fita magnética. SIN. **gravadora**.

Ing. *tape recorder* Fr. *magnétophone* Cast. *magnetófono* Pt. *magnetofone*

**magnetoscopio** *s.m.* Aparello que permite rexistrar e reproducir a imaxe e mais o son que se almacenan sobre unha banda magnética. En fase de substitución por sistemas dixitais.

Ing. *videorecorder* Fr. *magnétoscope* Cast. *magnetoscopio* Pt. *magnetoscópio*

**majors** *s.ing.* As grandes. Nome que reciben os macroestudios de producción cinematográficos nos Estados Unidos.

**make up** *u.f.ing.* > **maquillaxe**.

**making off** *u.f.ing.* > **como se fixo**.

**manager** *s.ing.* > **axente artístico**.

**mando a distancia** *u.f.* Aparello dotado dunha serie de botóns que o telespectador pode premer á vontade para dar ordes ao televisor. SIN. **control remoto, telemundo**.

O mando a distancia introduciu novos comportamentos no seguimento das emisións televisivas, xa que permite mudar de canle sen o esforzo de achegarse ao televisor. A análise dos usos do mando son de grande interese para publicitarios e programadores, que mediante a terminoloxía inglesa *zapping* (peteirada), *grazing* (seguimento múltiple), *flipping* (cambio en orde) ou *switch-hitting* (seguimento a dúas bandas) definen os matices nos cambios de cadea a través do mando.

Ing. *remote control* Fr. *télécommande* Cast. *mando a distancia* Pt. *telecomando*

**manido -a** *adv.* Pouco orixinal, que foi tratado moitas veces. SIN. **mallado, trillado**.

Ing. *trite, hackneyed* Fr. *rebattu* Cast. *manido* Pt. *trilhado, gasto*

**manipulación** *s.f.* Tratamento das imaxes, do son ou dos contidos para falsealos.

Ing. *manipulation* Fr. *manipulation* Cast. *manipulación* Pt. *manipulação*

**manipulación informativa** *u.f.* Publicación de información non veraz,

baseada en noticias falsas (información negra), verdades a medias (información gris) ou datos oportunistas achegados só no momento preciso en que lle convén á fonte (información branca).

→desinformar

**mantemento** *s.m.* 1.- Actividade de conservar e amañar, se for preciso, os aparellos da empresa.

Ing. *1.- maintenance* Fr. *1.- maintenance* Cast. *1.- mantenimiento* Pt. *1.- manutenção*

*s.m.* 2.- Departamento encargado dessa actividade.

**mapa** *s.m.* Representación cartográfica dun territorio, que pode incorporar información relativa a diferentes campos (meteoroloxía, conflitos bélicos, poboación, etc.).

Ing. *map* Fr. *carte* Cast. *mapa* Pt. *mapa*

→grafismo

**maquillador -ora** *s.* Profesional encargado da maquillaxe.

Ing. *make-up artist* Fr. *maquilleur* Cast. *maquillador* Pt. *maquilhador*

→esteticista

**maquillaxe** *s.f.* 1.- Afeite para a cara usado en televisión para evitar os brillos que produce a iluminación na pel, para corrixir trazos ou para caracterizar.

Ing. *1.- make-up* Fr. *1.- maquillage* Cast. *1.- maquillaje* Pt. *1.- maquilhagem*

*s.f.* 2.- Acción de aplicar os cosméticos.

Ing. *2.- making up* Fr. *2.- maquillage* Cast.

*2.- maquillaje* Pt. *2.- maquilhagem*

*s.f.* 3.- Cuarto destinado a esta actividade.

**maquinista** *s.* Profesional que se ocupa do movemento dos guindastres e aparellos de gran volume durante unha sesión de gravación.

Ing. *grip, stage hand* Fr. *machiniste* Cast. *maquinista, tramoyista* Pt. *maquinista*

**marca de auga dixital** *u.f.* Selo de propiedade inscrito na gravación dixital mediante procedementos electrónicos, non detectable no visionamento.

Ing. *digital watermark* Fr. *filigrane numérique* Cast. *marca de agua digital* Pt. *marca de água digital*

**marketing** *s.ing.* Conxunto de técnicas de captación de mercado. > **mercadotecnia**.

**máscara** *s.f.* Truco óptico realizado mediante a colocación dun material negro diante do obxectivo, que oculta parte da imaxe para formar unha figura.

Ing. *mask, matte* Fr. *cache* Cast. *máscara, cache* Pt. *máscara*

→cámara de enmascaramento

**mass media** *u.f.ing.* > **medios de comunicación de masas**.

**master** *s.ing.* Mestra. Gravación coa edición definitiva, que serve de referencia para a tiraxe de copias destinadas á emisión ou á exhibición. > **copia mestra**.

**MAT** *sigla Moi Alta Tensión.* Alta carga positiva (18.000 volts) que no circuíto de televisión atrae os electróns cara á pantalla.

→tubo de raios catódicos

**materia reservada** *u.f.* Información gobernalmental ou xudicial que non se pode facer pública por considerala segredo oficial.

Ing. *official secrecy* Fr. *secret administratif* Cast. *materia reservada* Pt. *matéria reservada*

**material** *s.m.* 1.- Conxunto de información, datos, imaxes gravadas, etc. dos que se dispón para elaborar unha noticia ou calquera produto audiovisual.

Ing. *1.- material* Fr. *1.- matériel* Cast. *1.- material* Pt. *1.- material*

*s.m.* 2.- Conxunto de ferramentas e accesorios para facer un traballo.

Ing. *2.- equipment* Fr. *2.- matériel* Cast. *2.- material* Pt. *2.- material*

**matinal** *adv.* Que se emite pola mañá. SIN.

**matutino.**

Ing. *morning* Fr. *matinal* Cast. *matinal* Pt. *matinal*

→franxa horaria

**matiz** *s.m.* 1.- Grao dunha mesma cor, en correspondencia cunha lonxitude de onda predominante.

Ing. *1.- hue, shade* Fr. *1.- nuance* Cast. *1.- matiz* Pt. *1.- matiz*

→ sistema Munsell

*s.m.* 2.- Aspecto que lle dá a un tema un valor ou unha interpretación distinta á que aparentaba inicialmente.

Ing. *2.- hue* Fr. *2.- nuance* Cast. *2.- matiz* Pt. *2.- matiz*

**matizar** *v.t.* Aclarar os matices dunha cousa.

Ing. *to qualify* Fr. *nuancer* Cast. *matizar* Pt. *aclarar*

**matrix** *s.f.* Dispositivo electrónico que recolle e relaciona sinais eléctricos que flúen polas entradas, para obter sinais de saída cunhas determinadas características.

Ing. *matrix* Fr. *matrice* Cast. *matriz* Pt. *matriz*

**matte** *s.ing.* > **cámara de enmascaramento**.

**matutino -a** *adv.* Matinal.

**MATV** *sigla Master Antenna Television.*

Sistema patrón de antenas colectivas de televisión dedicadas á recepción de sinais terrestres.

Supón un modo de compartir custos e recursos de recepción de televisión entre varios usuarios situados nun mesmo edificio ou en vivendas adxacentes.

→ **SMATV**

**maxenta** *s.m.* Cor secundaria do sistema de televisión, resultado da mestura de vermello mais azul.

OBS. Toma o seu nome da cidade italiana de Magenta, en referencia ao sangue vertido nunha batalla que alí tivo lugar.

Ing. *magenta* Fr. *magenta* Cast. *magenta* Pt. *magenta*

→ cor

**maxwell (Mx)** *s.m.* Unidade de medida do fluxo magnético.

Debe o seu nome ao físico escocés James Clerk Maxwell (1831-1879).

Ing. *maxwell* Fr. *maxwell* Cast. *maxwell* Pt. *maxwell*

**Mb** Símbolo de megabyte.

**media recorder** *u.f.ing.* > **gravadora de medios**.

**media** *s.lat.* > **medios de comunicación de masas**.

**medianera** *s.f.* Toma da intervención do reporteiro en pantalla, editada no medio dunha noticia ou dunha reportaxe. SIN. **medianera**.

→ entrada

**mediateca** *s.f.* 1.- Colección de diversos materiais relacionados cos novos medios tecnolóxicos.

Ing. *1.- media collection* Fr. *1.- médiathèque* Cast. *1.- mediateca* Pt. *1.- mediateca*

*s.f.* 2.- Lugar no que se almacenan esos materiais.

Ing. *2.- media library* Fr. *2.- médiathèque* Cast. *2.- mediateca* Pt. *2.- mediateca*

→ arquivo, documentación

**mediático -a** *adv.* Relativo aos medios de comunicación.

Ing. *media* Fr. *médiatique* Cast. *mediático* Pt. *mediático*

**medio** *s.m.* 1.- Sistema que permite difundir información a distancia a un amplio número de persoas.

Ing. *1.- media* Fr. *1.- média* Cast. *1.- medio* Pt. *1.- meio*

*s.m.* 2.- Cada unha das empresas de comunicación.

Ing. *2.- media* Fr. *2.- média* Cast. *2.- medio* Pt. *2.- meio*

**medios de comunicación de masas**

*u.f.pl.* Conxunto dos medios que se dirixen a un público conxunto amplio, diverso e non identificable. Os clásicos son a prensa, a radio e a televisión.

Ing. *mass media* Fr. *médias* Cast. *medios de comunicación de masas* Pt. *meios de comunicação de massas, media*

**medios quentes** *u.f.pl.* Medios próximos psicoloxicamente ao destinatario, por oposición aos fríos, de estímulo emocional menos espontáneo pola complexidade tecnolóxica.

Expresión creada por Marshall McLuhan.

**megabyte (Mb)** *s.m.* Medida de volume de información equivalente a un millón de bytes.

Ing. *megabyte* Fr. *megabyte* Cast. *megabyte* Pt. *megabyte*

**megahertz (MHz)** *s.m.* Unidade de frecuencia equivalente a un millón de hertzs.

**melodrama** *s.m.* 1.- Xénero audiovisual que esaxera os episodios sentimentais e que adoita presentar os personaxes de modo maniqueo.

Ing. *1.- melodrama* Fr. *1.- mélodrame* Cast.

*1.- melodrama* Pt. *1.- melodrama*

*s.m.* 2.- Obra que desenvolve este xénero.

Ing. *2.- melodrama* Fr. *2.- mélodrame* Cast.

*2.- melodrama* Pt. *2.- melodrama*

**mensaxe** *s.f.* Conxunto de informacións dirixidas a un receptor a través de calquera tipo de sistema de comunicación.

Ing. *message* Fr. *message [m.]* Cast. *mensaje [m.]* Pt. *mensagem [f.]*

**mensaxe de texto (SMS)** *u.f.* Texto breve enviado a través dun teléfono móvil ou doutro dispositivo que se sirva do sistema de telefonía móvil. SIN. **mensaxe curta**.

Dada a proliferación de terminais móbiles, é na actualidade o modo máis frecuente de participación da audiencia nos programas de televisión para a expresión de opinións, concursar ou mesmo influír na programación da cadea.

→servizo de mensaxes curtas

**mensaxe electrónica** *u.f.* Carta electrónica.

**mensaxe subliminar** *u.f.* Idea que non se expresa explicitamente ou que o espectador non é consciente de percibir, pero que permanece no subconsciente exercendo unha influencia sobre quen a recibe.

→publicidade encuberta, taquitoscopio

**menú** *s.m.* Listaxe de opcións ou operacións que aparecen na pantalla dun televisor

ou dun ordenador para seren activadas segundo a selección do usuario.

Ing. *menu* Fr. *menu* Cast. *menú* Pt. *menu*

**mercado** *s.m.* Estrutura de venda de mercadorías.

Ing. *market* Fr. *marché* Cast. *mercado* Pt. *mercado*

→venda en segundo mercado

**mercado da comunicación** *u.f.* 1.- Rede comercial de produtos audiovisuais.

*u.f.* 2.- Lugar no que se dan cita os produtores e os difusores de programas, para negociaren a compra dos dereitos de producións audiovisuais de todo tipo.

**mercadotecnia** *s.f.* Conxunto de técnicas de captación de mercado.

Ing. *marketing* Fr. *mercatique* Cast. *mercadotecnia* Pt. *marketing*

**mesa de mesturas** *u.f.* Dispositivo electrónico que permite a amplificación, a combinación e a suma de diversos sinais de entrada e que os encamiña cara a outros aparatos da cadea de producción.

Ing. *mixing table, mixing desk* Fr. *pupitre de mixage* Cast. *mesa de mezclas* Pt. *mesa de misturas*

**mesa de montaxe** *u.f.* Conxunto de equipamentos acoplados que se empregan nas operacións de montaxe.

Ing. *editing table* Fr. *banc de montage* Cast. *mesa de montaje* Pt. *mesa de montagem*

**mesa redonda** *u.f.* 1.- Xénero dialogal no que os convidados expoñen diversas opinións sobre un tema común ao redor dunha mesa.

Ing. *1.- round-table discussion* Fr. *1.- table ronde* Cast. *1.- mesa redonda* Pt. *1.- mesa redonda*

*u.f.* 2.- Programa ou sección televisiva que responde a ese xénero.

Ing. *2.- round-table programme* Fr. *2.- table ronde* Cast. *2.- mesa redonda* Pt. *2.- mesa redonda*

→coloquio, debate, faladoiro

**mestura** *s.f.* Proceso de combinar, en directo ou en posproducción, varios

sinais de audio ou de vídeo procedentes de diferentes fontes.

Ing. *mixing* Fr. *mixage* Cast. *mezcla* Pt. *mistura*

**mesturador -ora** s. Técnico de mesturas.

Ing. *mixer* Fr. *mixeur, mélangeur* Cast. *mezclador* Pt. *técnico de montagem*

**metamorfose** s.f. Trucaxe da imaxe dixitalizada que consiste en transformar progresivamente un obxecto ou personaxe noutro distinto en forma de imaxe de síntese.

Ing. *morphing* Fr. *métamorphose* Cast. *metamorfosis* Pt. *metamorfose*

**meteorólogo -a** s. Profesional que interpreta os fenómenos que teñen lugar na atmosfera.

As grandes cadeas de televisión adoitan incorporar un meteorólogo ao cadro de persoal para dar as previsións do tempo, unha das informacíons de maior interese para a audiencia.

Ing. *meteorologist* Fr. *météorologue, météorologiste* Cast. *meteorólogo* Pt. *meteorologista*

→home do tempo

**METEOSAT** Acrónimo de *METEOrological SATellite*, satélite meteorolóxico. Satélite xeoestacionario para a observación dos fenómenos atmosféricos, integrado en EUMETSAT, do que existen en órbita diferentes versións.

Na actualidade constitúe unha flota de segunda xeración, adaptada ás novas necesidades dos sistemas dixitais de predición do tempo atmosférico.

→EUMETSAT

**metraxe** s.f. Lonxitude dunha película cinematográfica.

OBS. Procede do francés *métrage*.

Ing. *footage, lenght* Fr. *métrage* Cast. *metraje* Pt. *metragem*

→longametraxe, curtametraxe

**MHz** Símbolo de megahertz.

**micrófono** s.m. Dispositivo que recolle o son en forma de ondas acústicas e que o transforma en sinais eléctricos

equivalentes, para transmitilo ou amplificalo.

Tamén se emprega a forma abreviada **micro**.

Ing. *microphone, mike* Fr. *microphone* Cast. *micrófono* Pt. *microfone*

**micrófono bidireccional** u.f. Micrófono que capta o son pola súa parte frontal e posterior, pero non polas laterais.

Ing. *bidirectional microphone* Fr. *microphone bidirectionnel* Cast. *micrófono bidireccional* Pt. *microfone bidireccional*

**micrófono de ambiente** u.f. Micrófono situado a unha distancia suficiente da fonte sonora principal para poder recoller a atmosfera sonora dese espazo, co fin de mesturala co son principal que recolle outro micrófono.

→son ambiental

**micrófono de canón** u.f. Micrófono unidireccional acoplado a un tubo de interferencia que restrinxe o seu ángulo de captación e que o fai altamente selectivo.

Ing. *shotgun microphone*

**micrófono de gravata** u.f. Micrófono pequeno que prende na roupa para recoller a voz con discreción e que permite ter as mans libres. SIN.

**micrófono de lapela, micrófono de solapa**.

Ing. *neck microphone, lapel microphone* Fr. *microphone-cravate* Cast. *micrófono de corbata* Pt. *microfone de lapela*

**micrófono de pértega** u.f. V. pértega.

**micrófono de rúa** u.f. Micrófono que acompaña unha cámara portátil para recoller os testemuños de persoas.

Ing. *roving mike* Fr. *microphone-trottoir* Cast. *micrófono de calle* Pt. *microfone de mão*

**micrófono de xirafa** u.f. V. xirafa.

**micrófono direccional** u.f. Micrófono que recibe fundamentalmente o son procedente dunha única dirección.

Ing. *directional microphone* Fr. *microphone directionnel* Cast. *micrófono direccional* Pt. *microfone direccional*

**micrófono omnidireccional** *u.f.*

Micrófono que recolle con calidade praticamente idéntica os sons procedentes de calquera dirección.

Ing. *omnidirectional microphone* Fr. *microphone omnidirectionnel* Cast. *micrófono omnidireccional* Pt. *microfone omnidireccional*

**micrófono sen fíos** *u.f.*

Micrófono composto dun receptor e mais dun emisor de radio, que permite unha maior mobilidade por prescindir do cable. SIN. **micrófono dinámico**.

Ing. *wireless microphone* Fr. *microphone sans fil* Cast. *micrófono inalámbrico* Pt. *microfone sem fio*

**minibruto** *s.m.* Proxeitor de menor potencia ca o bruto, empregado para iluminación difusa.

Ing. *mini-brute*

**MiniDisc** Marca rexistrada de Sony para o sistema de minidisco.

**minidisco** *s.m.* Disco magneto-óptico de 6.35 cm para a almacenaxe de audio dixital comprimido en dúas canles e unha pequena información en caracteres alfanuméricos que facilita a identificación do contido sonoro.

Ing. *minidisc* Fr. *minidisque* Cast. *minidisco* Pt. *mini disco*

**minipelícula** *s.f.* Espazo de ficción de curta duración (ao redor de sesenta segundos, ás veces, segmentado en dous bloques) que se emite nos intermedios dos programas, onda os anuncios, co fin de cativar a audiencia.

Trátase dunha fórmula publicitaria de recente creación que están a introducir as cadeas de televisión ante a perda de efectividade da publicidade convencional, para evitar os cambios de canle nos intervalos das emisións. Pola súa duración, identifícanse tamén como **1MMs**.

**minirreportaxe** *u.f.* Reportaxe de duración inferior aos tres minutos, con elementos

propios da noticia, que adoita elaborarse para espazos informativos.

**minutado** *s.m.* 1.- Proceso de minutar. SIN. **minutaxe**.

*s.m.* 2.- Enumeración ordenada das operacións dun programa, con mención dos tempos. SIN. **minutaxe**.

Ing. 2.- *time sheet, runnig order* Fr. 2.- *minutage* Cast. 2.- *minutado* Pt. 2.- *minutagem*

*s.m.* 3.- Guieiro da duración dos distintos contidos dunha cinta gravada, coa relación dos códigos de tempo. SIN. **minutaxe**.

Ing. 3.- *timing* Fr. 3.- *minutage* Cast. 3.- *minutado* Pt. 3.- *minutagem*

**minutar** *v.t.* Elaborar, durante o visionamento dun material gravado, unha relación de planos cos seus correspondentes códigos de tempo para unha posible posterior utilización, edición ou posproducción dos mesmos.

**minutaxe** *s.f.* Minutado.

**minuto** *s.m.* Espacio temporal que corresponde a cada unha das sesenta partes iguais nas que se divide unha hora.

Ing. *minute* Fr. *minute* Cast. *minuto* Pt. *minuto*

**MIPCOM** *Marché International de Programmes- International film and programme market for television, video, cable and satellite.* Mercado internacional de películas e programas para televisión, vídeo, distribución por cable e satélite, con sede en Cannes (Francia), no que se dan cita anualmente os principais axentes da industria da televisión, vídeo, Internet, etc. co fin de coñecer as novedades que cada ano se producen no sector e establecer intercambios comerciais.

Web: <http://www.mipcom.com>

**MIP-TV** *Marché International de Programmes de Télévision-International television programme market.* Mercado internacional de programas de

televisión, de periodicidade anual, que ten lugar en Cannes (Francia) desde 1963.

Web: <http://www.miptv.com>

→mercado da comunicación

**mira de axuste** *u.f.* Sinal de control que emite unha canle de televisión, coa finalidade de axustar e verificar a calidade da imaxe dos aparellos emisores e receptores.

Antes de que a emisión de programas fose continua, a mira de axuste marcaba tamén o inicio e o peche da xornada de emisión.

Ing. *test card, test chart* Fr. *mire de réglage* Cast. *carta de ajuste* Pt. *mira de teste*

**móbil** *adv.* 1.- Que se pode desprazar.

Ing. *1.- mobile* Fr. *1.- mobile* Cast. *1.- móvil* Pt. *1.- móvel*

→unidade móbil, plataforma móvil  
*s.m.* 2.- Teléfono portátil que permite a comunicación por ondas, sen estar conectado a unha rede de cables.

Ing. *2.- mobile* Fr. *2.- cellulaire* Cast. *2.- móvil* Pt. *2.- telemóvel*

**moda** *s.f.* 1.- Hábito moi estendido nunha sociedade, que tenderá a desaparecer para dar paso a outro.

Ing. *1.- fashion* Fr. *1.- mode* Cast. *1.- moda* Pt. *1.- moda*

*s.f.* 2.- Sector dedicado ao deseño e á confección de roupas.

Ing. *2.- fashion industry* Fr. *2.- mode* Cast. *2.- moda* Pt. *2.- moda*

→vestiario

**modelo** *s.m.* O que serve de obxecto de imitación. SIN. **patrón**.

Ing. *model, pattern* Fr. *modèle* Cast. *modelo* Pt. *modelo*

→piloto

**módem** *s.m.* Dispositivo que realiza a modulación e a demodulación dun sinal, ás veces, ao par doutras funcións. OBS. Procede do acrónimo inglés *M*odulator-*D*emodulator, modulador-demodulador.

Ing. *modem* Fr. *modem* Cast. *módem* Pt. *modem*

→modulación

**moderador -ora** *s.* Xornalista que, nun debate ou nun coloquio, introduce os diferentes aspectos do tema, presenta os convidados e outorga e ordena as intervencións.

Ing. *chairman* Fr. *modérateur* Cast. *moderador* Pt. *moderador*

**moderar** *v.t.* Conducir o desenvolvemento dun debate ou dun coloquio.

Ing. *to moderate, to chair* Fr. *modérer* Cast. *moderar* Pt. *moderar*

**modo silencioso** *u.f.* V. visión sen voz.

**modulación** *s.f.* Proceso de variar as características dun sinal para a súa adaptación ás canles de telecomunicación, respondendo ás características físicas do medio de transmisión e aos condicionantes de comportamento do medio entre diversos servizos, operadores e sinais.

Nese proceso de variación interactúan os sinais moduladores, que conteñen a información orixinal, cos portadores, que levan ese sinal orixinal á banda de frecuencias requirida.

Ing. *modulation* Fr. *modulation* Cast. *modulación* Pt. *modulação*

→módem

**modulación da amplitude (AM)** *u.f.*

Forma de modulación na que se modifica a amplitude da onda portadora (de frecuencia alta) en función das variacións de amplitude do sinal que se transmite (de frecuencia baixa), para adaptalo á canle de transmisión.

Ing. *amplitude modulation* Fr. *modulation d'amplitude* Cast. *modulación de amplitud* Pt. *modulação de amplitude*

**modulación da frecuencia** *u.f.* Proceso de modulación no que se varía a frecuencia da onda portadora sen modificar a súa amplitude.

Ing. *frequency modulation* Fr. *modulation de fréquence* Cast. *modulación de frecuencia* Pt. *modulação de frequência*

→frecuencia modulada (FM)

**modular** *v.t.* 1.- Efectuar a modulación dun sinal.

Ing. *I.- to modulate* Fr. *I.- moduler* Cast. *I.- modular* Pt. *I.- modular*

→ modulación

v.t. 2.- Cambiar a intensidade e o ton na emisión da voz.

Ing. *2.- to modulate* Fr. *2.- moduler* Cast. *2.- modular* Pt. *2.- modular*

**moiré** s.fr. Defecto de vídeo producido ao coincidiren as liñas horizontais coa varredura vertical. > **efecto de augas**.

**mollarse** v.p. Comprometerse ou implicarse ao tratar os acontecimentos ou ao manifestar unha opinión.

Ing. *to commit (oneself), to get involved* Fr. *se mouiller* Cast. *mojarse* Pt. *envolver-se, molhar-se*

**monitor (de producción)** s.m. Televisor desprovisto de circuito de sintonización, que ofrece a imaxe que está a ser recollida polas cámaras, dos vídeos, cartóns de libraría, saídas dos equipamentos de mesturas, do xerador de caracteres, etc.

Ing. *monitor, display* Fr. *moniteur* Cast. *monitor* Pt. *monitor*

→ pantalla

**monitor de previo** u.f. Monitor situado no control que lle permite ao realizador escoller a imaxe que mellor lle convén para gravala ou emitila.

**monitor de retorno** u.f. Monitor de vídeo que mostra no control de realización as imaxes definitivas do espazo televisivo que se está a realizar.

**monitor de son** u.f. V. caixa acústica.

**monitor do ordenador** u.f. Periférico do equipamento informático, con características técnicas diferentes ás dun monitor de vídeo.

**monofonía** s.f. Procedemento de transmisión ou de rexistro de sons por unha única canle.

Ing. *monophony* Fr. *monophonie* Cast. *monofonía* Pt. *monofonia*

**monofónico -a** adv. Relativo á monofonía. Adóitase empregar a forma reducida **mono**.

Ing. *monophonic, mono* Fr. *monophonique* Cast. *monofónico* Pt. *monofônico*

→ estereofónico

**monólogo** s.m. Discurso dun personaxe que pensa en voz alta ou que fala sen deixar intervir os seus interlocutores.

Ing. *monologue* Fr. *monologue* Cast. *monólogo* Pt. *monólogo*

→ soliloquio, diálogo

**montador -ora** s. Técnico encargado da montaxe. SIN. **editor**.

Ing. *editor* Fr. *monteur* Cast. *montador* Pt. *editor, montador*

**montar** v.t. Operación que consiste en regravar ordenadamente sobre un soporte as tomas, axustándoas á idea narrativa previamente concibida.

Ing. *to edit* Fr. *monter* Cast. *montar* Pt. *montar*

→ editar

**montaxe** s.f. Etapa da edición dunha obra audiovisual que consiste en seleccionar, ordenar e axustar os planos gravados seguindo unha orde.

Ing. *editing* Fr. *montage* Cast. *montaje* Pt. *montagem*

**montaxe converxente** u.f. Montaxe que presenta alternativamente varias accións narrativas que acaban por confluír.

**montaxe en paralelo** u.f. Tipo de montaxe que presenta alternativamente dúas ou máis tramas que se desenvolven en espazos distintos sen chegaren a coincidir nunca.

Ing. *paralell editing* Fr. *montage parallèle* Cast. *montaje paralelo* Pt. *montagem paralela*

**montaxe lineal** u.f. Modo de axuste de imaxes que segue permanentemente unha orde continua, sen saltos nin tramas paralelas.

**morbo** s.m. Curiosidade pracenteira polos sentimentos ou as escenas dolorosas e desagradables.

Ing. *morbid curiosity* Fr. *morbide* Cast. *morbo* Pt. *curiosidade mórbida, fascínio mórbido*

**morphing** s.ing. > **metamorfose**.

**mosaico** *s.m.* 1.- Defecto da imaxe televisiva que forma pequenos cadros cando existen problemas na transmisión dixital.

Ing. 1.- *artifacts* Fr. 1.- *pixelisation, effect mosaïque* Cast. 1.- *imagen pixelada, aspecto de mosaico* Pt. 1.- *mosaico, puzzle*  
*s.m.* 2.- Superficie frontal do tubo de cámara, sensible á luz, que transforma as variacións de carga eléctrica formando a imaxe electrónica. SIN.

**mosaico fotoeléctrico.**

Ing. 2.- *target* Fr. 2.- *mosaïque, cible* Cast. 2.- *mosaico* Pt. 2.- *mosaico, alvo*

**mosca** *s.f.* Logotipo identificador da cadea, que se emite superposto ás imaxes nalgúnha das súas marxes.

**mostra** *s.f.* Fracción de poboación elixida para ser a representación do total do universo definido nunha estatística.

Ing. *sample* Fr. *échantillon* Cast. *muestra* Pt. *amostra*

→estatística, universo estatístico

**mostraxe** *s.f.* 1.- Conxunto de operacións estatísticas realizadas para obter unha mostra que sexa representativa da poboación obxecto dun estudo.

Ing. 1.- *sampling* Fr. 1.- *échantillonnage* Cast. 1.- *muestreo* Pt. 1.- *amostragem*

*s.f.* 2.- Acción de adquirir as mostras no proceso de dixitalización, medíndose a calidade da operación en función da frecuencia de mostraxe (número de mostras por unidade de tempo) e o número de bits co que se expresa o valor da mostra.

Ing. 2.- *sampling* Fr. 2.- *échantillonnage* Cast. 2.- *muestreo* Pt. 2.- *amostragem*

→frecuencia de mostraxe

**movemento acelerado** *u.f.* V. cámara rápida.

**movemento de cámara** *u.f.* Cambio de situación da cámara para seguir o desenvolvemento da acción que está a captar ou na procura de transmitir unha impresión concreta ao espectador.

Ing. *camera movement* Fr. *mouvement de caméra* Cast. *movimiento de cámara* Pt. *movimento de câmara*

→desprazamento

**MPEG** *Moving Picture Experts Group.*

Grupo de expertos en imaxe en movemento, responsable do desenvolvemento de patróns para a representación codificada de vídeo, da información de audio asociado e da súa combinación para gravación e lectura nun medio de almacenamento dixital.

**MPEG-1** Protocolo de codificación de imaxes en movemento e audio asociado para almacenamento dixital, creado en 1992 polo grupo MPEG e deseñado para calidade VHS, que permite unha compresión de ata 1.5 Mbps.

Consta de catro apartados referidos á codificación de vídeo e de audio e aos tests de aceptación requiridos para o cumprimento do estándar. Na codificación de audio distingue tres capas ou niveis de calidade, sendo a segunda delas a empregada nos sistemas DVB e DAB, mentres que a terceira corresponde á chamada **MP3**, usual na Internet pola súa alta calidade en contornos de reducido largo de banda.

**MPEG-2** Norma ISO elaborada en 1994 por esta comisión de expertos que define os algoritmos de compresión de imaxe en movemento para vídeo e televisión dixital, de 3 a 10 Mbps. Integrou a MPEG-3.

→ISO

**MPEG-4** Estándar de fragmentación de contidos audiovisuais, en discusión no MPEG.

**MPEG-7** Patrón, en fase de estudio no MPEG e que se completa co MPEG-21 (tamén en discusión), que define a representación da información *multimedia* e permite a descripción de contidos por palabras chave e por significado semántico e estrutural.

Axuda as ferramentas de indexación a crear grandes bases de material audiovisual e a facilitar as buscas manuais ou automáticas. Inclúe ademais información sobre a compresión empregada, condicións de acceso, clasificación, contexto, etc.

**multi-acceso** *u.f.* Sistema informático que permite o acceso desde varios ordenadores á información que contén o disco duro doutro.

Ing. *multi-access* Fr. *multi-accès* Cast. *multi-acceso* Pt. *multi-acesso*

**Multicrypt** Modelo de descodificador que permite intercambiar diferentes sistemas de acceso condicional, grazas a un conectador de interface común, cunha tarxeta diferente por cada operador.

Trátase dun sistema recoñecido pola normativa europea que se comercializou en España onda o Simulcrypt.  
→Simulcrypt

**multimedia** *adx.* 1.- Relativo a medios distintos empregados simultaneamente. Ing. *multimedia* Fr. *multimédia* Cast. *multimedia* Pt. *multimédia*

→grupo *multimedia*

*adx.* 2.- Técnica informática que permite, nunha mesma pantalla, sobrepoñer textos, gráficos, sons e imaxes fixas e animadas, grazas á dixitalización dos sinais.

Ing. *multimedia* Fr. *multimédia* Cast. *multimedia* Pt. *multimédia*

**multiplex** *s.m.* Sistema de telecomunicación que permite transmitir simultaneamente a través dunha soa canle, e sen montaxe, mensaxes provenientes de varios lugares afastados xeograficamente.

OBS. Adaptación do latín *multiplex*, múltiple.

Ing. *multiplex* Fr. *multiplex* Cast. *múltiple* Pt. *multiplex*

→símplex, NICAM

**multiplexar** *v.t.* Combinar sinais de informacións de diversas canles inde-

pendentes nunha única canle de transmisión.

OBS. É un verbo creado a partir do substantivo *multiplex*.

Ing. *to multiplex* Fr. *multiplexer* Cast. *multiplexar* Pt. *multiplexar*

**munición sen balas** *u.f.* Cartuchos baleiros que se empregan para simular disparos de armas en efectos especiais.

Ing. *blanks* Fr. *balles à blanc* Cast. *munición de fogeo* Pt. *balas brancas*

**Munsell, sistema** *u.f.* V. sistema Munsell.

**música** *s.f.* 1.- Arte de crear melodías por combinación de sons.

Ing. *1.- music* Fr. *1.- musique* Cast. *1.- música* Pt. *1.- música*

*s.f.* 2.- Sucesión de sons combinados segundo unhas regras.

O seu valor expresivo é fundamental na montaxe de produtos televisivos.

Ing. *2.- music* Fr. *2.- musique* Cast. *2.- música* Pt. *2.- música*

**músico** *s.* Profesional que compón ou interpreta pezas musicais.

Ing. *musician* Fr. *musicien* Cast. *músico* Pt. *músico*

**músico figurante** *u.f.* Extra que finxe tocar un instrumento como acompañamento dun artista, con son pregravado por outro músico.

**muting** *s.ing.* > **visión sen voz**.

**Mx** Símbolo de maxwell.

## n

**NAB** *National Association of Broadcasters.*

Asociación nacional de emisoras de radio e televisión, con sede en Washington (Estados Unidos).

Web: <http://www.nab.org>

**nanómetro (nm)** *s.m.* Unidade de medida da lonxitude de onda, que corresponde a unha milmillonésima parte dun metro. É unha unidade moi empregada na medida de lonxitudes de ondas luminosas.

Ing. *nanometer* Fr. *nanomètre* Cast. *nanómetro* Pt. *nanômetro*

**narración** s.f. 1.- Relato dun feito ou dun acontecemento.

Ing. *1.- account* Fr. *1.- narration* Cast. *1.- narración* Pt. *1.- narração*

s.f. 2.- Locución de fondo descriptiva dunhas imaxes.

Ing. *2.- narration, off* Fr. *2.- narration* Cast. *2.- narración* Pt. *2.- narração*

**narrador -ora** s. Locutor que fai a lectura do texto de fondo dunha gravación audiovisual.

Ing. *narrator* Fr. *narrateur* Cast. *narrador* Pt. *narrador*

→comentariasta, locutor

**NBC** *National Broadcasting Corporation*. Corporación nacional de difusión (Estados Unidos). Compañía de radio-televisión americana, de titularidade privada, que iniciou as súas emisións televisivas en 1940.

Web: <http://www.nbc.com>

**negocio das estrelas** u.f. Comercio xerado ao redor das estrelas cinematográficas, que procura o beneficio económico aproveitando o seu atractivo social alén da interpretación: venda da vida privada, comercialización de produtos coa imaxe de actores, etc.

Ing. *star-system*

**negro** s.m. 1.- Cor que resulta da mestura de maxenta, ciano e amarelo.

Ing. *1.- black* Fr. *1.- noir* Cast. *1.- negro* Pt. *1.- preto*

→cor

s.m. 2.- Erro temporal na emisión de imaxes por mor dun fallo técnico ou humano.

Ing. *2.- blank* Fr. *2.- noir* Cast. *2.- negro* Pt. *2.- preto*

s.m. 3.- Sinal de vídeo completo de mínima intensidade lumínica, composta polo sincronismo vertical, horizontal e a salva de cor.

Ing. *3.- black leader film* Fr. *3.- noir; amorce de noir* Cast. *3.- negro* Pt. *3.- preto*

→pistar

**neoloxismo** s.m. Palabra ou expresión de creación recente nunha lingua.

Ing. *neologism* Fr. *néologisme* Cast. *neologismo* Pt. *neologismo*

**neon, efecto** u.f. V. efecto neon.

**neve** s.f. Puntos intermitentes que aparecen interferindo na imaxe de televisión por debilidade do sinal analóxico.

Ing. *snow* Fr. *neige, bruit blanc* Cast. *nieve* Pt. *neve*

**NICAM** sigla *Near-Instantaneous Companded Audio Multiplex*. Múltiplex de audio con compresión case instantánea. Sistema de transmisión de son comprimido en formato dixital, a través de dúas portadoras, que permite a emisión en estéreo ou en dual simultaneamente ao sinal de vídeo.

É o sistema máis empregado en Europa para a transmisión de son dixital, compatible coas normas de vídeo analóxico PAL, SECAM e MAC co fin de ofrecer unha maior calidade sonora nas emisións.

**night time** u.f.ing. > **franxa de noite**.

**nitidez** s.f. Claridade e precisión dunha imaxe.

Ing. *sharpness* Fr. *nettété* Cast. *nitidez* Pt. *nitidez*

**nivel de branco** u.f. Voltaxe do sinal de vídeo correspondente á cor branca máis intensa.

**nivel de negro** u.f. Voltaxe do sinal de vídeo correspondente á cor negra.

**nm** Símbolo de nanómetro.

**nó** s.m. Parte da trama dunha obra audiovisual na que os feitos se complican para despois resolvérense no desenlace.

Ing. *web (of intrigue)* Fr.  *noeud* Cast. *nudo* Pt. *desenvolvimento, nó*

**no ar** u.f. Que se está a emitir neses momentos. SIN. **en antena, no aire**.

Ing. *on the air* Fr. *sur l'antenne* Cast. *en el aire* Pt. *no ar*

**no ar!** interx. Advertencia do comezo inmediato dunha emisión para que

actúen os que interveñen nela. SIN. **dentro!**

**no terreo** *u.f.* No lugar dos feitos, por oposición a agardar os detalles dunha noticia desde a redacción. SIN. **sobre o terreo**.

Ing. *at the scene, on the ground* Fr. *sur place, sur le terrain* Cast. *sobre el terreno* Pt. *no terreno*

→in situ

**NO-DO** *s.m.* Acrónimo de *NOTiciario DOcumental*.

Informativo cinematográfico que se exhibía nas salas de cine antes do inicio da película durante o franquismo en España.

→documental

**nota** *s.f.* Noticia moi breve que dá o locutor sen o complemento de material visual.

Ing. *flash* Fr. *note* Cast. *nota* Pt. *nota*

**nota de prensa** *u.f.* Comunicado escrito de carácter breve procedente dun organismo, que pretende ofrecerelles información aos medios sobre algúun asunto.

Ing. *press release* Fr. *communiqué de presse* Cast. *nota de prensa* Pt. *nota de imprensa*

**nota necrolóxica** *u.f.* Noticia breve do pasamento dunha persoa.

**noticia** *s.f.* 1.- Feito de actualidade que se fai público. SIN. **nova**.

Ing. *1.- piece of news* Fr. *1.- nouvelle* Cast. *1.- noticia* Pt. *1.- notícia*

→peza

*s.f.pl.* 2.- Telexornal, boletín informativo.

**noticia bomba** *u.f.* V. bomba informativa.

**noticia breve** *u.f.* V. breve.

**noticia de última hora** *u.f.* Datos ou información chegada á redacción cando xa comezou o informativo e que se ofrece de maneira breve no peche da emisión en curso.

Ing. *last minute news, late-breaking news* Fr. *nouvelles de la dernière heure* Cast. *noticia de última hora* Pt. *notícia de última hora*

→crónica de alcance

**noticia falsa** *u.f.* Información difundida por un medio de comunicación que non se axusta á realidade dos feitos e que é considerada delito xornalístico.

**noticiario** *s.m.* Programa informativo de periodicidade concreta. SIN. **informativo, telexornal**.

Ing. *news* Fr. *journal télévisé, informations* Cast. *noticiario* Pt. *noticiário, telejornal*

**noticiario documental** *u.f.* V. NO-DO.

**notición** *s.m.* Noticia extraordinaria. SIN. **bomba informativa**.

**nova** *s.f.* Noticia.

Ing. *new* Fr. *nouvelle* Cast. *noticia* Pt. *nova*

**nova versión** *u.f.* Readaptación dunha obra para mostralao ao público actualizada.

Ing. *remake*

**novidade** *s.f.* 1.- Feito recente ou información sobre el. SIN. **noticia, nova**.

Ing. *1.- news, something new* Fr. *1.- nouveauté* Cast. *1.- novedad* Pt. *1.- novidade*

*s.f.* 2.- Cambio no curso dun acontecemento.

Ing. *2.- change, novelty* Fr. *2.- nouveauté* Cast. *2.- novedad* Pt. *2.- novidade*

→actualidade

**novo xornalismo** *u.f.* Corrente profesional aparecida nos anos sesenta nos Estados Unidos, baseada na busca directa da noticia na rúa e na introdución de fórmulas narrativas de carácter creativo para dar conta dela, cunha alta implicación do xornalista na propia historia da que, en ocasións, mesmo se fai protagonista.

Responde a unha tentativa de afondamento na actualidade por parte dos xornalistas dos medios impresos descontentos coas rutinas e coa burocracia instaladas nas redaccións da época. O xornalista convértese así en intérprete activo da realidade e a súa perspectiva subxectiva e o seu estilo na redacción constitúen a cerna do interese das reportaxes. Unha das figuras representativas deste movemento foi Tom Wolfe.

Ing. *new journalism* Fr. *nouveau journalisme*  
Cast. *nuevo periodismo* Pt. *novo jornalismo*

**NTSC National Television System Committee.** Comité nacional do sistema de televisión (Estados Unidos). 1.- Organismo responsable da creación do patrón americano de vídeo e televisión. 2.- Estándar de televisión desenvolvido por ese grupo nos anos sesenta, que se compón de 60 campos e 525 liñas entrelazadas cunha frecuencia de aproximadamente 30 imaxes por segundo. Emprégase, ademais de nos Estados Unidos, no Xapón, en Taiwán, en Corea do Sur, nalgúns países da América latina e no Canadá. O seu principal problema son os erros de fase que se traducen en erros de ton aos que o ollo humano é moi sensible.

→PAL, SECAM

**numérico -a** *adx.* Que é representado por cifras.

OBS. Adaptación da terminoloxía francesa *numérique*, que se refire ao sistema dixital.

## O

**obra cinematográfica** *u.f.* Producción artística creada para o cine, tradicionalmente, en soporte de celuloide. SIN. **película.**

Ing. *cinematographic work* Fr. *oeuvre cinématographique* Cast. *obra cinematográfica* Pt. *obra cinematográfica*

**Observatorio do Audiovisual Galego (ODA)** Órgano do departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela que realiza un seguimiento sistemático da producción, do modo de financiamento e da circulación das obras audiovisuais galegas.

Web: <http://www.usc.es/oda/>

**obxectividade** *s.f.* Calidade do que dá conta dos feitos con fidelidade á realidade, sen deformacións por valoracións ou preferencias persoais.

Ing. *objectivity* Fr. *objectivité* Cast. *objetividad* Pt. *objectividade*  
→imparcialidade, veracidade

**obxectivo -a** *adx.* 1.- Que prescinde de valoracións persoais.

Ing. 1.- *objective* Fr. 1.- *objectif* Cast.  
1.- *objetivo* Pt. 1.- *objectivo*  
→subxectivo

*s.m.* 2.- Sistema de lentes dunha cámara que concentra as imaxes nun espazo reducido.

Ing. 2.- *lens* Fr. 2.- *objectif* Cast. 2.- *objetivo*  
Pt. 2.- *objectiva* [f.]  
→teleobxectivo

**obxectivo composto** *u.f.* Obxectivo formado por varias lentes que actúan como unha soa para eliminar aberracións.

**obxectivo de focal curta** *u.f.* V. grande angular.

**obxectivo de focal fixa** *u.f.* Obxectivo que ofrece un ángulo de visión inamovible.

**obxectivo de focal variable** *u.f.* V. focal variable.

Ing. *zoom*

**ocultar** *v.t.* Non publicar unha noticia ou certos datos dela.

Ing. *to hide* Fr. *cacher* Cast. *ocultar* Pt. *ocultar, sonegar*  
→manipulación

**ofender** *v.t.* Atentar contra a honra ou contra a dignidade de alguén.

Ing. *to offend* Fr. *offenser* Cast. *ofender* Pt. *ofender*

**off** *s.ing.* Fóra. Texto lido, en vivo ou pregravado, que narra a banda de imaxes que acompaña, sen que apareza na pantalla o locutor. > **locución de fondo.**

**offline** *u.f.ing.* > **desconectado.**

**offline, edición** *u.f.* > **edición sobre copia.**

**off the record** *u.f.ing.* Fóra de gravación.

Información confidencial que, por

petición expresa da fonte, o xornalista non pode facer pública, pero serve para que este poida ter unha visión máis completa e clara ao construír a noticia.

> **confidencial**.

**oficial** *adv.* Que procede dunha fonte de autoridade recoñecida.

Ing. *official* Fr. *officiel* Cast. *oficial* Pt. *oficial*

**oficioso -a** *adv.* Que, sen ter carácter ou formalidade oficial, procede de fontes oficiais ou próximas a elas.

Ing. *unofficial* Fr. *officieux* Cast. *oficioso* Pt. *oficioso*

**omnidireccional** *adv.* Que emite ou que recibe con igual eficacia en todas as direccións.

Ing. *omnidirectional* Fr. *omnidirectionnel* Cast. *omnidireccional* Pt. *omnidireccional*

**OMPI** *Organización Mundial da Propiedad Intelectual.* V. WIPO.

**onda** *s.f.* Oscilación ou vibración periódica producida nun medio físico por alteración dun punto, que se caracteriza pola velocidade de propagación, a frecuencia, a lonxitude e mais a amplitude.

Ing. *wave* Fr. *onde* Cast. *onda* Pt. *onda*

**onda curta** *u.f.* Onda de frecuencia comprendida entre 3 MHz e 30 MHz.

Ing. *short wave* Fr. *onde courte* Cast. *onda corta* Pt. *onda curta*

**onda longa** *u.f.* Onda que ten unha frecuencia comprendida entre os 30 kHz e os 300 kHz.

Ing. *long wave* Fr. *onde longue* Cast. *onda larga* Pt. *onda longa*

**onda media** *u.f.* Onda de frecuencia comprendida entre 300 kHz e 3 MHz.

Ing. *medium wave* Fr. *onde moyenne* Cast. *onda media* Pt. *onda média*

**onda portadora** *u.f.* Onda electromagnética que transmite a información desexada, na banda de frecuencias requirida, grazas a un procedemento de modulación no que se lle superpón esa información.

**ondas electromagnéticas** *u.f.pl.* Ondas que se propagan en forma de campos eléctricos e magnéticos a través do espazo ou doutros medios físicos.

As ondas electromagnéticas propáganse no ar a unha velocidade duns 300.000 km/s.

→espectro electromagnético

**ondas radioeléctricas** *u.f.pl.* Ondas electromagnéticas usualmente catalogadas como aquelas de frecuencia inferior aos 3000 GHz.

→hertz

**onomatopea** *s.f.* Palabra que suxire o son real que produce o seu referente.

Ing. *onomatopoeia* Fr. *onomatopée* Cast. *onomatopeya* Pt. *onomatopeia*

**operador -ora** *s.* 1.- Técnico que manipula os equipos empregados na gravación de programas.

Ing. *I.- cameraman* Fr. *I.- opérateur* Cast. *I.- operador* Pt. *I.- operador*

*s.m.* 2.- Empresa concesionaria da explotación dun servizo de emisión de televisión e que asume a responsabilidade dos contidos. SIN. **operador de televisión**.

Ing. *2.- operator* Fr. *2.- opérateur* Cast. *2.- operador* Pt. *2.- operador (televisor)*

**operador -ora de cámara** *u.f.* Técnico encargado do manexo da cámara. SIN. **cámara**.

**opinión** *s.f.* Pensamento que se ten sobre unha persoa ou un asunto.

Ing. *opinion* Fr. *opinion* Cast. *opinião* Pt. *opinião*

**opinión, de** *u.f.* Xénero xornalístico no que o asinante do texto expresa as súas valoracións e ideas sobre un aspecto da actualidade, con liberdade de estilo.

→líder de opinión

**opinión pública** *u.f.* Maneira de pensar compartida pola maioría dos membros dunha sociedade a propósito dun asunto.

A referencia actual para coñecela son as enquisas, de resposta rápida e sen reflexión en común. OBS. Ás veces emprégase tamén o termo como sinónimo de **medios de comunicación**, entendendo que estes reflicten o pensamento da sociedade á que se dirixen.

Ing. *public opinion* Fr. *opinion publique*  
Cast. *opinión pública* Pt. *opinião pública*

**optimizar** *v.t.* Buscar o xeito máis eficiente de realizar unha actividade ou tirar o máximo proveito dun produto ou dun equipo.

Ing. *to optimize* Fr. *optimiser* Cast. *optimizar*, *optimizar* Pt. *optimizar*

**oral** *adv.* Que se transmite pola voz, pola palabra dita.

A redacción para o medio televisivo, áinda que se sirva do texto escrito, elabórase para ser transmitida de forma oral, polo que a súa forma debe axustarse ás características dese rexistro. A lingua oral na televisión relaciona tres elementos: o lingüístico (as palabras), o paralingüístico (énfase) e o extralingüístico (xestos, situacións).

Ing. *oral* Fr. *oral* Cast. *oral* Pt. *oral*

**órbita de Clarke** *u.f.* Liña espacial imaxinaria na que se dispoñen os satélites xeoestacionarios de telecomunicacións, situada sobre a liña do ecuador a unha altitude aproximada duns 36.000 km da Terra. SIN. **órbita xeoestacionaria**.

Esta posición foi imaxinada na ficción do científico americano Arthur C. Clarke (autor de *2001, Odisea no espazo*) e permítelles aos satélites permanecer aparentemente inmóviles con respecto á Terra, que xira canda eles, polo cal cada un destes satélites pódelle dar cobertura a unha parte do planeta.

Ing. *clarke orbit, geoestationary orbit* Fr. *orbite de Clarke, orbite géostationnaire* Cast. *cinturón de Clarke, órbita geostacionaria* Pt. *órbita de Clarke, órbita geoestacionária*

→satélite xeoestacionario

**orde** *s.f.* 1.- Organización, disposición organizada das cousas.

Ing. *1.- order* Fr. *1.- ordre [m.]* Cast. *1.- orden [m.]* Pt. *1.- ordem [f.]*

*s.f.* 2.- Mandado, obriga de facer unha tarefa imposta por alguén.

Ing. *2.- order* Fr. *2.- ordre [m.]* Cast. *2.- orden [f.]* Pt. *2.- ordem [f.]*

**orde provisional** *u.f.* Demanda de compra dun espazo publicitario en televisión, sen carácter definitivo xeralmente por falta de disponibilidade no momento da solicitude.

Ing. *abeyance order*

**ordenador** *s.m.* Equipamento de gran capacidade de memoria, deseñado para executar determinadas operacións con rapidez e fiabilidade, segundo un conxunto de instrucións (programas). SIN. **computadora**.

Ing. *computer* Fr. *ordinateur* Cast. *ordenador* Pt. *computador*

**orixinal** *adv.* 1.- Que provén directamente do autor, sen ser copia, versión nin tradución.

Ing. *1.- original* Fr. *1.- original* Cast. *1.- original* Pt. *1.- original*

*s.m.* 2.- Obra de calquera xénero elaborada directamente polo autor, da que se fan reproducións.

Ing. *2.- original* Fr. *2.- original* Cast. *2.- original* Pt. *2.- original*

→cinta orixinal, versión orixinal

**Orthicon** Tubo de cámara introducido no mercado americano nos anos corenta para substituír o iconoscopio, e que foi desprazado despois polo Plumbicon e o Saticon.

**ortocromático -a** *adv.* Sensible a todas as cores do espectro visible, agás ao vermello.

Ing. *orthochromatic* Fr. *orthochromatique* Cast. *ortocromático* Pt. *ortocromático*

→pancromático

**orzamento** *s.m.* Cálculo dos custos dunha obra ou dun servizo, ou cantidade de diñeiro que se destina a esa obra. SIN. **presupuesto**.

Ing. *budget* Fr. *budget* Cast. *presupuesto* Pt. *orçamento*

**orzar** *v.t.* Facer o cálculo dos custos dunha obra. SIN. **presupostar**.

Ing. *to budget for* Fr. *établir un budget* Cast. *presupuestar* Pt. *orçar, orçamentar*

**OTI** *Organización de Telecomunicaciones de Iberoamérica*. Organización iberoamericana de telecomunicacións, con sede en México, para o intercambio de programas e a colaboración en materia de contidos.

Web: <http://www.oti.tv>

**Ourense Televisión Benposta** Emisora local da Nación de Muchachos de Benposta (Ourense), de titularidade privada, creada en 1994. Na actualidade está integrada no grupo español Local Media-Cadena Local TV.

Web: <http://www.benposta.org>

**overlay** *s.ing.* > **superposición**.

## P

**padroádego** *s.m.* Patrocinio.

**pagamento** *s.m.* Acción e efecto de pagar.

SIN. **pago**.

Ing. *payment* Fr. *paiement* Cast. *pago* Pt. *pagamento*

**pagamento por consumo** *u.f.* Variante da televisión de pago codificada, na que o consumidor escolle o programa concreto e a hora na que desexa recibir ese servizo televisivo polo que ten que aboar unha cantidade. SIN. **pagamento por visión**.

Este sistema necesita, amais dun descodificador, unha canle de retorno que permita que a petición do consumidor chegue ao servidor de imaxes (aínda que tamén se pode facer telefónicamente). Ing. *pay-per-view* Fr. *paiement à la séance, paiement à la consommation* Cast. *pago por consumo, pago por unidad vista* Pt.

*pagamento por visualização, pagamento por sessão*

→ televisión de peaxe, televisión á carta

**PAL** *Phase Alternation Line*. Liña con alteración de fase. Patrón de televisión a cores desenvolvido por Walter Bruch (Alemaña) na década dos sesenta para mellorar o NTSC, que emprega 625 liñas entrelazadas a unha frecuencia de 25 imaxes por segundo.

→ NTSC, SECAM

**PAL plus** Versión mellorada do sistema PAL e compatible con este, tamén en 625 liñas pero con formato panorámico (16:9), que se concibiu como transición cara á televisión dixital.

→ DVB

**palabra** *s.f.* 1.- Son ou conxunto de sons (ou a súa correspondente representación gráfica) que constitúen unha unidade mínima de significado. SIN. **vocabuloxo**. Ing. *1.- word* Fr. *1.- mot* Cast. *1.- palabra* Pt. *1.- palavra*

*s.f.* 2.- Facultade de falar. SIN. **fala**.

Ing. *2.- speech* Fr. *2.- parole* Cast. *2.- palabra* Pt. *2.- palavra*

**palabra de valor** *u.f.* Vocábulo que achega maior contido ca os outros nunha frase e que, polo tanto, debe ser destacado na locución.

**palestra** *s.f.* Lugar ou medio empregado para a discusión pública dun asunto de interese.

→ saír á palestra

**paleta gráfica** *u.f.* Equipamento electrónico ou aplicación informática empregada na posproducción que ofrece unha alta precisión para o deseño de grafismos e retoque de imaxe dixital. Ing. *paint box* Fr. *palette graphique* Cast. *paleta gráfica* Pt. *paleta gráfica*

**PanAmSat** Acrónimo de *PANAmerican SATellite*. Compañía fornecedora de servizos de vídeo e de transmisión de datos vía satélite para todo o planeta.

Conta cunha flota de máis de 20 satélites xeoestacionarios para a distribución de programación televisiva.

Web: <http://www.panamsat.com>

**panca de mando** *u.f.* Dispositivo apuntador de control remoto que permite modificar os diferentes parámetros dun equipamento.

Ing. *joystick* Fr. *manche à balai* Cast. *palanca de mando* Pt. *controle*

**pancromático -a** *adx.* Sensible a todas as cores do espectro visible.

Ing. *panchromatic* Fr. *panchromatique* Cast. *pancromático* Pt. *pancromático*

→ortocromático

**panel anunciador** *u.f.* Soporte de cartón ou doutro material que fai publicidade dun produto.

Ing. *display*

**panel de conexións** *u.f.* Dispositivo que conecta o conxunto das entradas e saídas dos aparellos de audio ou de vídeo dunha instalación audiovisual.

Ing. *patch-panel*

**panorámica** *s.f.* Rotación horizontal ou vertical da cámara sobre o seu eixe, cun movemento lento e cun encadramento constante que, ao non haber desprazamento físico, produce a sensación de observación circular.

Ing. *panoramic*, *pan* Fr. *panoramique* Cast. *panorámica* Pt. *panorâmica*

**pantalla** *s.f.* 1.- Superficie do televisor na que aparecen os sinais convertidos en imaxes.

Ing. 1.- *screen* Fr. 1.- *écran*, *toile* Cast. 1.- *pantalla* Pt. 1.- *ecrã*, *tela*

*s.f.* 2.- Peza de calquera material empregada para absorber parte dun sinal luminoso ou sonoro, ou para dirixilo.

Ing. 2.- *screen* Fr. 2.- *écran* Cast. 2.- *pantalla* Pt. 2.- *ecrã*, *tela*

**pantalla, cota de** *u.f.* V. cota de pantalla.

**pantalla acústica** *u.f.* Caixa acústica.

Ing. *baffle*

**pantalla de cristal líquido (LCD)** *u.f.*

Tipo de pantalla de uso en monitores planos, composta de cristal en estado non sólido, no que as moléculas de forma alongada forman liñas paralelas a pesar da axitación.

Ing. *liquid crystal display* Fr. *écran à cristaux liquide* Cast. *pantalla de cristal líquido* Pt. *tela, ecrã de cristal líquido*

**pantalla de plasma** *u.f.* Pantalla formada por miles de celas de vidro seladas ao baleiro, que conteñen unha mestura gasosa que se ioniza ao paso dunha corrente eléctrica.

Ao ionizarse o xenon emite radiacións ultravioletas que estimulan o fósforo presente nas celas producíndose así luz visible.

Neste tipo de pantallas o contraste é correcto e a imaxe estable desde todos os ángulos de visión.

Ing. *plasma screen* Fr. *écran plasma* Cast. *pantalla de plasma* Pt. *ecrã de plasma*

**pantalla grande** *u.f.* 1.- Superficie plana para a exhibición cinematográfica.

*u.f.* 2.- Por extensión, cinematografía.

**pantalla múltiple** *u.f.* Partición da pantalla en sectores que permiten a visión simultánea de varias imaxes distintas.

**pantalla plana** *u.f.* Pantalla que elimina a concavidade das marxes, co que a distorsión na visión é menor.

Ing. *flat screen* Fr. *écran plat* Cast. *pantalla plana* Pt. *ecrã plano*

**pantasma** *s.f.* Illusión óptica de dobre imaxe provocada por un problema de recepción do sinal de televisión analóxico ou xerada voluntariamente desde un equipamento de efectos especiais.

SIN. **imaxe dobré, fantasma**.

Ing. *ghost, ghost image* Fr. *image double* Cast. *fantasma* Pt. *fantasma, imagem dupla*

**pantógrafo** *s.m.* Soporte de lámpada usado nos estudos de televisión para sostener os aparellos de luz e permitir a súa mobilidade en vertical ata unha altura duns 2 m.

Ing. *pantograph* Fr. *pantographe* Cast. *pantógrafo* Pt. *pantógrafo*

**paparazzo** *s.ital.* [pl. paparazzi] Fotógrafo especializado en descubrir os aspectos da vida privada dos personaxes de soña ou, por extensión, xornalista da prensa do corazón que conta os detalles da vida íntima dos personaxes públicos que persegue.

A palabra ten a súa orixe nun personaxe da película *La dolce vita* de Fellini (1960) creado polo escritor E. Flaiano sobre un nome dialectal alusivo ao abrir e pechar da cuncha da ameixa, tal como fai o fotógrafo co diafragma da cámara.

**papel** *s.m.* 1.- Folla feita de pasta vexetal.  
Ing. *1.- sheet of paper* Fr. *1.- feuille* Cast. *1.- papel* Pt. *1.- papel*

*s.m.* 2.- Personaxe que representa un actor.

Ing. *2.- role, part* Fr. *2.- rôle* Cast. *2.- papel* Pt. *2.- papel*

*s.m.* 3.- Labor, función dunha persoas.

Ing. *3.- role, part* Fr. *3.- rôle* Cast. *3.- papel* Pt. *3.- papel*

**paquete** *s.m.* Conxunto de produtos que constitúen unha unidade.

Ing. *package, pack* Fr. *bouquet* Cast. *paquete* Pt. *pacote*

→venda por paquetes

**paquete básico** *u.f.* Grupo de canles ofrecidas por un operador de televisión de pago a cambio de aboar a taxa máis económica.

**paquete premium** *u.f.* Conxunto de canles extras que o abonado a un operador de televisión pode recibir mediante pagamento de taxas adicionais á básica.

**PAR** *sigla Parabolic Aluminized Reflector.* Reflector parabólico aluminizado que actúa como un espello cóncavo, o que asegura unha alta capacidade de reflexión.

→lámpada PAR

**parabólica** *s.f.* Antena parabólica.

**parada** *s.f.* Acción de deter a acción que ata ese momento estaba a executar un equipamento.

Ing. *stop*

→pausa

**paradigma** *s.m.* Modelo que representa unha corrente.

Ing. *paradigm* Fr. *paradigme* Cast. *paradigma* Pt. *paradigma*

**paradoxo** *s.m.* Coexistencia ilóxica, contradición aparente.

Ing. *paradox* Fr. *paradoxe* [*m.*] Cast. *paradoxa* [*f.*] Pt. *paradoxo* [*m.*]

**parágrafo** *s.m.* Fragmento dun texto que, xeralmente, comprende ata o seguinte punto e á parte.

Ing. *paragraph* Fr. *paragraphe* Cast. *párrafo* Pt. *parágrafo*

**paréntese** *s.f.* 1.- Signo gráfico de forma curva ( ) que limita unha información adicional nun texto escrito.

Ing. *1.- brackets* Fr. *1.- parenthèse* [*f.*] Cast. *1.- paréntesis* [*m.*] Pt. *1.- paréntese* [*m.*]

*s.f.* 2.- Elemento accesorio que se insire nun texto para completar o seu sentido, interrompendo a construcción.

Ing. *2.- parenthesis* Fr. *2.- parenthèse* [*f.*] Cast. *2.- paréntesis* [*m.*] Pt. *2.- paréntese* [*m.*]

*s.f.* 3.- Breve interrupción do discurso oral para inserir unha aclaración ou outra idea.

**parladoiro** *s.m.* Faladoiro.

**parodia** *s.f.* Imitación burlesca dunha obra ou do estilo dunha persoas.

Ing. *parody* Fr. *parodie* Cast. *parodia* Pt. *paródia*

**parónimo** *s.m.* Palabra foneticamente parecida a outra.

Ing. *paronym* Fr. *paronyme* Cast. *parónimo* Pt. *parónimo*

**parroquia** *s.f.* Designación coloquial do público no estudio, que xeralmente procede dun mesmo lugar xeográfico desde o que se despraza para asistir ao desenvolvemento dun programa de televisión.

→público

**parte** *s.m.* 1.- Informe.

Ing. *1.- report, log* Fr. *1.- rapport, formulaire* Cast. *1.- parte* Pt. *1.- informe*

*s.m.* 2.- Servizo informativo.

OBS. É unha denominación que se identifica coas situacións de conflito bélico e que hoxe se considera anticuada.

Ing. 2.- *report, news* Fr. 2.- *bulletin* Cast. 2.- *parte* Pt. 2.- *informações*

**parte de avarías** *u.f.* Notificación diaria que realizan os técnicos cos problemas de funcionamento dos equipamentos producidos nesa xornada.

**parte de cámara** *u.f.* Relación escrita dos planos que toma unha cámara.

**patch-panel** *s.ing.* > **panel de conexións**.

**patear** *v.i.* Bater seguido cos pés no chan como mostra de desconformidade, por parte do público, con algúun comentario ou actuación nun espectáculo televisivo.  
Ing. *to stamp* Fr. *taper du pied* Cast. *patalear* Pt. *patear*

**patrocinador -ora** *s.* Entidade que sufraga os gastos dunha emisión con fins publicitarios.  
Ing. *sponsor* Fr. *sponsor* Cast. *patrocinador* Pt. *patrocinador*

**patrocinar** *v.t.* Apoiar economicamente unha emisión, xeralmente co fin de obter beneficios directos na imaxe da marca comercial.  
Ing. *to sponsor* Fr. *parrainer, sponsoriser* Cast. *patrocinar* Pt. *patrocinar*

**patrocinio** *s.m.* Apoio económico dunha entidade a unha emisión co fin de obter beneficios directos na imaxe da marca. Legalmente o patrocinio non debe impor criterios de carácter ideolóxico en relación ao programa que protexe.

Ing. *sponsoring* Fr. *parrainage* Cast. *patrocínio* Pt. *patrocínio*

**patrón** *s.m.* Modelo a partir do que se fan outras cousas semellantes.

Ing. *pattern* Fr. *modèle* Cast. *patrón* Pt. *padrão*

→ piloto, estándar

**pausa** *s.f.* 1.- Interrupción momentánea do desenvolvemento dun espazo televisivo, xeralmente para emitir publicidade ou un avance doutra emisión.

Ing. 1.- *pause, break* Fr. 1.- *pause* Cast. 1.- *pausa* Pt. 1.- *intervalo, pausa*

*s.f.* 2.- Posición de parada momentánea da acción executada por un equipamento.

Ing. 2.- *pause*

**pause** *s.ing.* > **pausa**.

**pay tv** *u.f.ing.* > **televisión de peaxe**.

**pay-per-view** *s.ing.* > **pagamento por consumo**.

**peak viewing time** *u.f.ing.* Momento da xornada de maior audiencia. > **pico de máxima audiencia**.

**pechar** *v.t.* 1.- Rematar un programa ou unha emisión.

Ing. 1.- *to end* Fr. 1.- *mettre fin* Cast. 1.- *cerrar* Pt. 1.- *fechar*

*v.t.* 2.- Reducir o campo da toma, mediante un achegamento físico da cámara ao obxecto da gravación ou mediante a focal variable.

Ing. 2.- *to close (shot)* Fr. 2.- *serrer, réduire* Cast. 2.- *cerrar* Pt. 2.- *fechar*

**peche** *s.m.* Parte final dunha noticia, dun informativo ou dun programa.

Ing. *end, tag* Fr. *fin* Cast. *cierre* Pt. *fecho, encerramento*

→ saída, fundido de peche

**peche analóxico** *u.f.* Finalización das transmisións de televisión analóxica prevista en España para o 2012, que supón o fin da convivencia co sistema dixital xa socialmente asentado.

Ing. *analogue switch off*

**peche da emisión** *u.f.* Fin da emisión dunha canle por ese día.

Actualmente, a maioría das grandes cadeas ofrecen unha programación continua as 24 horas.

Ing. *closing* Fr. *fermeture de l'antenne* Cast. *cierre de emisión* Pt. *encerramento da emisión*

**peche de sumario** *u.f.* Resumo, a modo de despedida, dos contidos tratados durante o programa.

**peiteador -ora** *s.* Profesional encargado de arranxarilles o pelo aos participantes (xornalistas, convidados, actores) nun programa ou en calquera producción de televisión.

Ing. *hairstylist, hairdresser* Fr. *coiffeur* Cast. *peluquero* Pt. *cabeleireiro*  
→ sala de peiteado

**PEL** Unidade móbil de intervención rápida dotada cos medios necesarios para a produción inmediata da noticia desde o lugar no que se produce (cámaras, equipamento de edición, micrófonos e grupo electróxeno propio).

→ENG

**pel** s.ing. Acrónimo de *Picture Element*. > **píxel**.

**película** s.f. 1.- Celuloide fino sensible á luz sobre o que se gravan as imaxes cinematográficas que despois se reproducen na pantalla. SIN. **filme**.

Ing. 1.- *film* Fr. 1.- *pellicule* Cast. 1.- *película* Pt. 1.- *película*

s.f. 2.- Obra cinematográfica. SIN. **filme**.

Ing. 2.- *film, movie* Fr. 2.- *film* Cast. 2.- *película* Pt. 2.- *filme*

**película de acción** u.f. V. acción.

**película de época** u.f. Filme ambientado no pasado, da época medieval ata principios do s. XX, na que os decorados e o vestiario xogan un papel estético fundamental.

**película de serie B** u.f. Película de baixo presuposto, que require unha rodaxe curta e con medios escasos, frecuentemente destinada á televisión e sen grandes pretensións artísticas.

**película de suspense** u.f. V. suspense.

**película de terror** u.f. Película que provoca no espectador a sensación de medo e de susto.

**película do oeste** u.f. Obra de ficción cinematográfica de temática relacionada coa conquista dese territorio americano. SIN. **película de vaqueiros**.

Ing. *western*

**película do oeste á europea** u.f. Película do oeste producida en Europa, xeralmente cun orzamento reducido, que arremeda as realizadas nos Estados Unidos.

Ing. *spaghetti western*

**peneirar** v.t. Seleccionar (o xornalista) os aspectos da actualidade que considera de interese. SIN. **filtrar**.

Ing. *to sieve* Fr. *filtrer, tamiser* Cast. *cribar* Pt. *joeirar, peneirar*

**penumbra** s.f. Escurecemento do espazo escénico que se produce cando a sombra dunha lámpada se dilúe coa luz dourada.

Ing. *shadows, half-light* Fr. *pénombre* Cast. *penumbra* Pt. *penumbra*

**pequena pantalla** u.f. Industria da televisión ou televisor, por oposición á pantalla grande que se refire ao cine.

**percha** s.f. 1.- Motivo da actualidade que xustifica a inclusión dun tema nos contidos dun programa televisivo (por exemplo, un acontecemento concreto ou o aniversario dun feito).

s.f. 2.- Pértega.

**perchista** s. Técnico encargado do manexo da percha ou pértega.

Ing. *boom operator* Fr. *perchiste* Cast. *perchista* Pt. *microfonista*

**perda** s.f. Diminución non intencionada da potencia nun dispositivo ou nun sistema de transmisión.

Ing. *loss* Fr. *perte* Cast. *pérdida* Pt. *perda*

**perfil** s.m. 1.- Liña que delimita a figura exterior dunha cousa con respecto ao fondo. SIN. **silueta**.

Ing. 1.- *outline* Fr. 1.- *profil* Cast. 1.- *perfil* Pt. 1.- *perfil*

s.m. 2.- Trazos característicos dunha persoa ou dun grupo social.

Ing. 2.- *profile* Fr. 2.- *profil* Cast. 2.- *perfil* Pt. 2.- *perfil*

→ reportaxe biográfica

**perfil, de** u.f. Punto de vista da cámara que só deixa ver un dos lados do suxeito da toma.

Ing. *in profile, from the side* Fr. *latéral, de profil* Cast. *de perfil* Pt. *de perfil*

**perfil de audiencia** u.f. Análise das características que definen cada un dos segmentos da audiencia.

- periférico** *s.m.* Compoñente dun sistema informático ligado a unha unidade central coa que interactúa, pero externo a esta.  
 Ing. *peripheral* Fr. *périphérique* Cast. *periférico* Pt. *periférico*
- periodicidade** *s.f.* Frecuencia de aparición dunha determinada emisión televisiva.  
 Ing. *periodicity* Fr. *péridicité* Cast. *periodicidad* Pt. *periodicidade*
- periodismo** *s.m.* Xornalismo.
- periodista** *s.* Xornalista.
- persistencia da imaxe** *u.f.* V. arrastre.
- persistencia da visión** *u.f.* Característica do ollo humano de reter por uns instantes a imaxe acabada de desaparecer.  
 Este efecto de memoria é o que permite que escenas mostradas de forma descontínua sexan percibidas como imaxes en movemento.  
 Ing. *persistence of vision* Fr. *pERSISTANCE rétinienne, rémanence* Cast. *persistencia de visión, persistencia retiniana* Pt. *pERSISTÊNCIA DA VISÃO*  
 →factor de kell
- persoeiro** *s.m.* Personaxe público e relevante.  
 SIN. **personalidade, personaxe**.  
 Ing. *celebrity, vip* Fr. *personnalité* Cast. *personalidad* Pt. *personagem*
- personaxe** *s.* 1.- Persoeiro.  
 Ing. *I.- celebrity* Fr. *I.- personnage* Cast. *I.- personaje* Pt. *I.- personagem*  
 s. 2.- Persoa imaxinaria que se interpreta nunha obra de ficción.  
 Ing. *2.- character* Fr. *2.- personnage* Cast. *2.- personaje* Pt. *2.- personagem*
- persuadir** *v.t.* Conseguir que alguén opte por unha opción ou que tome unha decisión determinada.  
 Ing. *to persuade* Fr. *persuader* Cast. *persuadir* Pt. *persuadir*
- pértega** *s.f.* Soporte manual de micrófono, composto dunha vara extensible (sostida directamente polo operador), que permite a recollida do son fóra do campo da cámara, normalmente desde arriba, sen interromper os movementos dos protagonistas da acción. SIN. **percha**.
- Ing. *pole, arm* Fr. *perche* Cast. *pértiga, percha* Pt. *perche*  
 →xirafa
- pesos lixeiros** *u.f.pl.* Equipos de pouco peso para a captación e edición de imaxes.  
 →ENG
- pestanexar** *v.i.* Oscilar a luminosidade da imaxe ou producirse un acendido e apagado constante dunha lámpada.  
 Ing. *to blink* Fr. *clignoter* Cast. *pestanear* Pt. *piscar*
- pestanexo** *s.m.* Escintilación.
- peteirada** *s.f.* Acción do espectador de cambiar de maneira aleatoria dunha cadea á outra, co mando a distancia, para eludir os bloques publicitarios.  
 Ing. *zapping* Fr. *pitonnage* Cast. *zapeco* Pt. *zapping*
- peza** *s.f.* Texto xornalístico rematado ou noticia editada que configura unha unidade.  
 OBS. É útil o uso deste termo para distinguilo do concepto más amplio de noticia, xa que ás veces unha nova pode ofrecerse en dúas pezas, tratando cada unha delas un aspecto diferente.  
 Ing. *item, news item* Fr. *nouvelle* Cast. *pieza*  
 Pt. *peça*  
 →corte
- peza cómica** *u.f.* Escena dramatizada de curta duración resolta con humor.  
 Ing. *sketch*
- peza de recheo** *u.f.* Gravación atemporal de reserva, que se emite cando se produce un desaxuste na grella.
- picado** *s.m.* Imaxe tomada en perspectiva vertical descendente que, nalgúns casos, transmite ao espectador a sensación de inferioridade do suxeito da toma. SIN. **vista de paxaro**.  
 No seu grao máximo chámase **plano supino**.  
 Ing. *high angle* Fr. *plongée* Cast. *picado* Pt. *plongée, picado*  
 →contrapicado
- picar** *v.t.* Transcribir un texto a través dun teclado.
- pico de máxima audiencia** *u.f.* Momento da xornada no que se rexistra un maior número de espectadores.

Prodúcese xeralmente entre as 13:30 e as 15:30h e entre as 20:30 e as 24:00h.

Ing. *peak viewing time*

→franxa quente

**pigmento** *s.m.* Substancia colorante.

Ing. *pigment* Fr. *pigment* Cast. *pigmento* Pt. *pigmento*

→cor

**pillado -a** *adv.* Defecto dunha gravación de audio ou de vídeo que comeza sen marxe abonda de silencio ou de imaxe, co cal a mensaxe non se entende ben ou chía no comezo.

**pillar** *v.t.* Coloquialmente, recibir o sinal dunha emisora.

**piloto** *s.m.* 1.- Indicador luminoso que, aceso, sinala o funcionamento dun aparello electrónico ou a posta en marcha dalgunha das súas funcións.

Ing. *1.- pilot lamp* Fr. *1.- lampe témoin* Cast. *1.- piloto* Pt. *1.- lâmpada*

*s.m.* 2.- Indicador luminoso, xeralmente encarnado, situado sobre as cámaras de televisión e nos monitores do control de realización, que ao acenderse indica que esa é a fonte seleccionada polo realizador (ou a que está no ar, se for un espazo en directo).

Ing. *2.- tally (light)* Fr. *2.- voyant rouge* Cast. *2.- piloto, chivato* Pt. *2.- tally, lâmpada*

*s.m.* 3.- Programa ou episodio dunha serie, que se entrega como modelo ou exemplo dos sucesivos.

É o equivalente audiovisual do número cero na prensa escrita.

Ing. *3.- pilot* Fr. *3.- pilote* Cast. *3.- piloto* Pt.

*3.- piloto*

**pinchar** *v.cast. > premer.*

**pirámide invertida** *u.f.* Modelo narrativo que consiste en dispoñer os feitos en orde decrecente segundo o seu interese. Esta regra de redacción naceu na Guerra de Secesión para garantir a chegada da información esencial antes de que a transmisión telegráfica se interrompese. Mantense na prensa para poder axustar os textos á estrutura da páxina cortando o

último parágrafo, pero non se considera axeitada á narración televisiva.

Ing. *inverted pyramid* Fr. *pyramide inversée* Cast. *pirámide invertida* Pt. *pirâmide invertida*

**piratear** *v.t.* Copiar ilegalmente emisións televisivas, gravacións sonoras, programas informáticos ou de calquera outro formato.

Ing. *to pirate* Fr. *pirater* Cast. *piratear* Pt. *piratear*

**pisón** *s.m.* Publicación dunha nova importante antes ca os outros medios. SIN.

**primicia, pisada.**

Ing. *scoop* Fr. *primeur [f.]* Cast. *pisotón [m.]* Pt. *cacha [f.]*

**pista** *s.f.* Zona da fita magnética na que se rexistra un sinal que pode ser de audio, de vídeo, de control ou de códigos de tempo.

Ing. *track* Fr. *piste* Cast. *pista* Pt. *pista*

**pistar** *v.t.* Gravar un sinal de sincronismo, xeralmente negro, sobre unha cinta para poder iniciar as edicións por inserción e evitar erros de montaxe.

Ing. *to black a tape* Fr. *pister* Cast. *pistar* Pt. *gravar base de sinc*

→negro, formatear

**pistola de arañeiras** *u.f.* Pistola de man, que funciona electricamente, empregada en efectos especiais para disparar arañeiras artificiais sobre o decorado.

**píxel** *s.m. [pl. píxeles]* Punto que representa a unidade mínima dunha imaxe dixital.

O número de píxeles representados nun monitor indican a resolución da imaxe.

OBS. Acrónimo do inglés *PIX* (forma coloquial de *pictures*) *EElement*, elemento de imaxe.

Ing. *pixel* Fr. *pixel* Cast. *píxel* Pt. *pixel*

→resolución

**planificación** *s.f.* Organización das tarefas para a execución dun proxecto. SIN.

**plan de traballo.**

Ing. *planning*

**planning** *s.ing. > planificación.*

**plano -a** *adv.* 1.- Sen curvas, sen ondulacións.

Ing. *1.- flat* Fr. *1.- plat* Cast. *1.- plano* Pt. *1.- plano*

→ pantalla plana

s.m. 2.- Mínima unidade de significación da narración audiovisual, configurada por un encadramento, un ángulo e unha distancia focal determinados.

Segundo o tamaño da realidade que abarca, distínguese plano xeral, plano conxunto, plano medio, primeiro plano, primeirísimo plano e plano detalle; e, segundo a perspectiva, plano supino, picado, contrapicado, frontal, de perfil ou en tres cuartos.

Ing. *2.- shot* Fr. *2.- plan* Cast. *2.- plano* Pt. *2.- plano*

→ toma, secuencia, contraplano

s.m. 3.- Cada unha das partes dunha imaxe perpendiculares á dirección da vista, definidas polo seu afastamento (real ou froito da perspectiva) do ollo que recibe esa imaxe.

Distínguese, así, primeiro plano e segundo plano.

Ing. *3.- ground* Fr. *3.- plan* Cast. *3.- plano* Pt. *3.- plano*

s.m. 4.- Cada un dos diferentes niveis de son que existen nun produto audiovisual. SIN. **plano sonoro**.

Ing. *4.- ground* Fr. *4.- plan* Cast. *4.- plano* Pt. *4.- plano*

**plano americano** u.f. Plano (de) tres cuartos.

OBS. Esta denominación é máis propia do ámbito cinematográfico, tamén cunha concepción de encadramento máis amplio (ata os xeonlllos).

Ing. *close-medium shot* Fr. *plan américain* Cast. *plano americano* Pt. *plano americano*

**plano de arquivo** u.f. V. imaxes de arquivo.

**plano (de) conxunto** u.f. Imaxe na que, tendo o contorno un papel predominante, comeza a se distinguir o suxeito da toma. SIN. **plano longo**.

Ing. *long shot* Fr. *plan d'ensemble* Cast. *plano (de) conjunto* Pt. *plano (de) conjunto*

**plano (de) detalle** u.f. Imaxe que mostra un pequeno elemento do suxeito que se

desexa resaltar. SIN. **gran primeiro plano**.

Ing. *big close-up* Fr. *très gros plan* Cast. *plano (de) detalle* Pt. *plano de detalhe, plano fechado*

**plano de perfil** u.f. V. perfil, de.

**plano (de) recurso** u.f. Imaxe complementaria que mostra o ambiente nunha narración audiovisual.

Ing. *cut-away, continuity shot* Fr. *image-prétexte, plan de liaison* Cast. *plano (de) recurso* Pt. *plano de recurso*

**plano (de) tres cuartos** u.f. Encadramento do personaxe que o mostra da cabeza ata as cadeiras. SIN. **plano americano**. OBS. No cine esta denominación refírese á toma que abrangue ata os xeonlllos.

Ing. *close-medium shot* Fr. *plan genou, plan américain* Cast. *plano (de) tres cuartos* Pt. *plano americano*

**plano desprazado** u.f. Plano que comporta un movemento da cámara e do seu soporte, sexa en vertical, horizontal, cara a diante ou cara a atrás.

Ing. *travelling*

**plano (en) tres cuartos** u.f. V. encadramento oblicuo.

**plano focal** u.f. Espazo do obxectivo da cámara, situado a seguir do centro óptico, no que se forma a imaxe captada pola cámara.

A distancia existente entre estes dous puntos (plano focal e centro óptico) determina a tipoloxía do obxectivo de focal fixa.

Ing. *focal plane* Fr. *plan focal* Cast. *plano focal* Pt. *plano focal*

**plano frontal** u.f. V. toma frontal.

**plano longo** u.f. 1.- Plano de conxunto.

u.f. 2.- Plano de longa duración.

Ing. *2.- long take* Fr. *2.- plan long* Cast. *2.- plano largo* Pt. *2.- plano longo*

→ plano secuencia

**plano medio** u.f. Encadramento do personaxe que abrangue desde a cabeza ata a cintura.

OBS. Na linguaxe cinematográfica pódese referir tamén a un plano medio-longo, que recolle varios personaxes.

Ing. *medium shot* Fr. *plan moyen* Cast. *plano medio* Pt. *plano médio*

**plano secuencia** *u.f.* Gravación dunha secuencia completa nunha única toma continua de longa duración.

Ing. *sequence shot* Fr. *plan-séquence* Cast. *plano secuencia* Pt. *plano sequência*

**plano supino** *u.f.* Grao máximo dunha toma en ángulo picado.

→ picado

**plano xeral** *u.f.* Encadramento do conxunto do escenario que non distingue elementos de atención particulares.

Ing. *extreme long shot* Fr. *plan général*, *plan de grand ensemble* Cast. *plano general* Pt. *plano geral*

→ plano de conxunto

**plano-contraplano, a** *u.f.* V. entrevista a plano-contraplano.

**plantel** *s.cast.* > **cadro de persoal**.

**plasma** *s.m.* Material gasoso altamente ionizado, constituído por ións positivos e por electróns.

Ing. *plasma* Fr. *plasma* Cast. *plasma* Pt. *plasma*

→ pantalla de plasma

**plataforma dixital** *u.f.* Agrupamento de cadeas de televisión e de servizos interactivos de calidade dixital que emiten unha programación temática á que só teñen acceso (parcial ou total) os seus abonados.

Ing. *digital platform* Fr. *bouquet numérique* Cast. *plataforma digital* Pt. *plataforma digital*

**plataforma móbil** *u.f.* Soporte de cámara composto dunha estrutura sólida con rodas e un sistema de raís, que permite a toma de imaxes en movemento horizontal sen perder a estabilidade. SIN. **plataforma rodante, carro de cámara**.

Ing. *dolly, travelling*

→ trípode

**plató** *s.m.* Adaptación do francés *plateau*. Local pechado, de tamaño variable, destinado

ao desenvolvemento de programas. > **estudio**.

OBS. Ás veces faise distinción entre *plató* e **estudio**, entendendo polo primeiro o espazo no que se sitúan os decorados nos que se desenvolve o programa, e por **estudio**, o conxunto dese espazo mais o control.

**plaxiar** *v.t.* Copiar unha obra allea, ou parte dela, e presentala como propia.

Ing. *to plagiarize* Fr. *plagier* Cast. *plagiar* Pt. *plagiar*

**plaxio** *s.m.* Copia dunha obra de autor, dándoa por propia.

Ing. *plagiarism* Fr. *plagiat* Cast. *plagio* Pt. *plágio*

**play** *s.ing.* Botón dun aparello reproducitor (magnetoscopio, DVD, etc.) que acciona o mecanismo de lectura do soporte gravado. > **reproducción**.

**playback** *s.ing.* > **pregravado**.

**pleonasio** *s.m.* Figura retórica que consiste en expresar unha idea con redundancias, empregando palabras innecesarias. Ing. *pleonasm* Fr. *pléonasme* Cast. *pleonasio* Pt. *pleonismo*

**Plumbicon** Tubo de cámara ao baleiro formado por óxido de chumbo, introducido no mercado nos anos sesenta como versión mellorada do Vidicon que tiña un maior arrastre. Ofrece unha imaxe de gran calidade e é estable ante os cambios de temperatura.

**pluralismo** *s.m.* Natureza do que é diverso.

O pluralismo constitúe unha condición básica da liberdade de información e de expresión, nas súas dúas vertentes: pluralismo da información externo (para garantir a diversidade das empresas de comunicación independentes unhas das outras) e pluralismo interno (respecto das diferentes opinións dentro dunha mesma empresa).

Ing. *pluralism* Fr. *pluralisme* Cast. *pluralismo* Pt. *pluralismo*

→ pseudopluralismo informativo

**PO** sigla *Power Output*. Potencia de saída.

**poder** *s.m.* Capacidade de control ou de influencia sobre unha actividade ou sobre unha persoa.

Ing. power Fr. puissance Cast. poder Pt. poder

**poder mediático** u.f. V. cuarto poder.

**polarización** s.f. 1.- Magnetización da fita que se produce simultaneamente á gravación ao engadir un sinal de alta frecuencia non audible (duns 100 kHz), co fin de favorecer a fixación dos sinais inducidos pola cabeza de gravación.

Ing. 1.- bias Fr. 1.- polarisation Cast. 1.- polarización Pt. 1.- polarização

s.f. 2.- Orientación do campo eléctrico e magnético dunha onda electromagnética.

As antenas deséñanse cunha determinada polarización para privilexiar a recepción do sinal deseñado.

Ing. 2.- polarization Fr. 2.- polarisation Cast. 2.- polarización Pt. 2.- polarização

**polémico -a** adj. 1.- Que provoca polémica.

Ing. 1.- controversial Fr. 1.- polémique Cast. 1.- polémico Pt. 1.- polémico

s.f. 2.- Debate vivo que suscita posturas opostas. SIN. **controversia**.

Ing. 2.- controversy Fr. 2.- polémique Cast. 2.- polémica Pt. 2.- polémica

**polgada** s.f. Medida de lonxitude equivalente a 2.54 cm, empregada para os formatos de pantalla dos televisores (correspondente á diagonal dos mesmos), e tamén para a largura das cintas de vídeo.

Ing. inch Fr. pouce [m.] Cast. pulgada [f.] Pt. polegada [f.]

**polgadas por segundo (IPS)** u.f.pl.

Unidade de medida da velocidade de avance da fita.

**polisemia** s.f. Propiedade da palabra ou da imaxe que ten varios significados distintos.

Ing. polysemy Fr. polysémie Cast. polisemía Pt. polissemia

**polistireno expandido** u.f. Escuma plástica lixeira empregada para a construcción de grandes accesorios como rochas ou estatuas para decorados de ficción.

Ing. polystyrene Fr. polystyrène Cast. poliestireno expandido Pt. polistireno

**política de comunicación** u.f. Conxunto de principios que rexen unha empresa nas relacións internas e nas estratexias de comunicación externas.

→ imaxe corporativa, liña editorial

**pool de medios** u.f. > **consorcio de medios**.

**Popular Tv A Coruña** Desconexión local da cadea de televisión española Popular Tv, de titularidade privada (Grupo Cope), con programación informativa e de entretenimento de carácter xeral, creada cunha intención evanxelizadora.

Web: <http://www.populartv.net>

**pór a foco** u.f. Enfocar.

Ing. to bring into focus Fr. faire le foyer

Cast. poner a foco Pt. pôr em foco

**pór en escena** u.f. 1.- Facer a representación dun guión de ficción.

Ing. 1.- to stage Fr. 1.- mettre en scène Cast. 1.- escenificar Pt. 1.- pôr en cena, encenar

u.f. 2.- Dar forma dramática ao relato duns feitos para mostralo ante as cámaras. SIN. **dramatizar**.

Ing. 2.- to make a stage version Fr. 2.- mettre en scène Cast. 2.- escenificar Pt. 2.- pôr em cena

**por riba da liña** u.f. Parte do orzamento dunha producción audiovisual que corresponde aos gastos de persoal, como o salario dos actores, produtores, realizadores ou os dereitos de autor.

Ing. above the line

**portal** s.m. Espazo web que actúa como porta de acceso de navegación por Internet e que concentra unha serie de contidos e servizos.

Ing. portal Fr. portail Cast. portal Pt. portal

→ Internet

**portátil** adj. Que se pode transportar con facilidade.

Ing. portable Fr. portatif Cast. portátil Pt. portátil

**portavoz** s. Voceiro.

**posproducción** *s.f.* 1.- Conxunto de operacións de control de montaxe, mestura, dobraxe e inclusión de elementos gráficos e de efectos dun produto audiovisual.  
Ing. *I.- post-production* Fr. *I.- postproduction* Cast. *I.- posproducción* Pt. *I.- pós-produção*

*s.f.* 2.- Departamento da emisora dedicado a esas tarefas.

**potencia** *s.f.* Cantidad de traballo realizado por unha corrente nunha unidade de tempo. A súa unidade de medida é o watt.

Ing. *power* Fr. *puissance* Cast. *potencia* Pt. *potência*

**potencia de saída (PO)** *u.f.* Potencia de corrente que subministra un amplificador ou un sistema á súa carga.

**potencia eléctrica** *u.f.* Cantidad de enerxía eléctrica por segundo que fornece un dispositivo.

**prácticas, en** *u.f.* Situación laboral do profesional (xornalista, cámara, produtor, etc.) contratado na modalidade de aprendizaxe, como complemento da súa formación académica e primeiro contacto co mundo laboral.

Ing. *trainee* Fr. *stagiaire* Cast. *en prácticas, de prácticas* Pt. *estagiário*

→bolseiro

**precisión** *s.f.* Exactitude, rigor.

Ing. *precision, accuracy* Fr. *précision* Cast. *precisión* Pt. *precisão*

→xornalismo de precisión

**precompra** *s.f.* Adquisición dos dereitos de emisión dun proxecto de obra audiovisual que realizará un produtor.

**predicar** *v.t.* Dar sermóns, publicar unha doutrina ou reprender de palabra.

Ing. *to preach* Fr. *précher* Cast. *predicar* Pt. *predicar*

→propaganda

**pregoar** *v.t.* Dicir en público algúna información coa intención de que sexa coñecida por todos.

Ing. *to make public, to proclaim* Fr. *publier*  
Cast. *pregonar* Pt. *apregoar*

**pregravado** *s.m.* Actuación na que se simula a interpretación en directo dun son rexistrado previamente.

Ing. *playback*

→enlatado

**pregunta** *s.f.* Cuestión que se lle propón a un entrevistado para que a responda.

Ing. *question* Fr. *question* Cast. *pregunta* Pt. *pergunta*

→cuestionario

**preguntar** *v.t.* Pedir unha resposta sobre algo que se desea saber.

Ing. *to ask* Fr. *demander, poser des questions* Cast. *preguntar* Pt. *perguntar*

**pre-máxima audiencia** *u.f.* Franxa horaria que precede á de maior audiencia e que en Galicia abrangue das 19:30 ás 20:30h, aproximadamente.

Ing. *access primetime*

→franxa horaria

**premer** *v.t.* Pulsar nun botón do control dun sistema para activar unha función (por exemplo, para conectar un determinado micrófono, para seleccionar unha das cámaras no estudio, para inserir un grafismo, etc.).

**prensa** *s.f.* 1.- Conxunto de publicacións diarias ou de calquera periodicidade, que se empregan como material de documentación nas televisións.

Ing. *I.- press* Fr. *I.- presse* Cast. *I.- prensa* Pt. *I.- imprensa*

→revista de prensa, recorte de prensa

*s.f.* 2.- En xeral, medios de comunicación escritos e audiovisuais.

Ing. *2.- press* Fr. *1.- presse* Cast. *2.- prensa* Pt. *2.- imprensa*

→carné de prensa, rolda de prensa

**preproducción** *s.f.* Conxunto de operacións previas á gravación ou emisión directa dun programa ou dunha película: avaliación dos custos, obxectivos, persoal necesario, selección, escolla de equipamento, etc.

- Ing. pre-production** Fr. préproduction Cast. *reproducción* Pt. *pre-produção*  
 → producción, produtor
- pre-roll** s.ing. Rebobinaxe duns segundos da fita de vídeo no proceso de edición que evita, na posta en marcha, que a velocidade de lectura desestabilice a imaxe no punto de entrada. > **rebobinaxe previa**.
- presentación** s.f. Anuncio ou exposición oral dos contidos dun programa.
- Ing. *presentation* Fr. *présentation* Cast. *presentación* Pt. *apresentação*
- presentador -ora** s. Profesional que presenta os contidos ou os convidados dunha emisión televisiva.
- Ing. *presenter* Fr. *présentateur* Cast. *presentador* Pt. *apresentador*  
 → condutor, animador
- presión** s.f. Influencia que se exerce sobre alguém para que actúe dunha determinada maneira.
- Ing. *pressure* Fr. *pression* Cast. *presión* Pt. *pressão*
- presupostar** v.t. Orzar.
- presupuesto** s.m. Orzamento.
- previdos!** interx. Advertencia do realizador segundos antes de saír ao ar, para que o presentador e os intervenientes na emisión estean preparados.
- Ing. *warm up!*
- previo** s.m. 1.- Modo do sistema de edición ou dunha mesa de mesturas que permite observar como pode resultar unha transición ou un efecto previamente á súa gravación ou emisión.
- Ing. *1.- preview* Fr. *1.- préalable* Cast. *1.- previo* Pt. *1.- prévia*  
 s.m. 2.- Monitor de previo.
- previsions** s.f.pl. Conxunto de actos programados para unha xornada, en función dos que se realiza unha primeira organización do traballo informativo.
- Ing. *forthcoming events, the futures* Fr. *prévisions* Cast. *previsiones* Pt. *previsão*
- previsións meteorolóxicas** u.f.pl. Conxunto de conjecturas sobre a situación do tempo atmosférico nun futuro próximo, baseadas no coñecemento da meteoroloxía.
- Trátase dunha información de alto interese para os telespectadores.
- Ing. *weather forecasts* Fr. *prévisions météorologiques* Cast. *previsiones meteorológicas* Pt. *previsões meteorológicas*
- prezo** s.m. Valor de mercado dun produto ou dun servizo.
- Ing. *price* Fr. *prix* Cast. *precio* Pt. *preço*
- primeira man, de** u.f. (Información, dato) obtido directamente da fonte protagonista, sen intermediarios.
- Ing. *first hand, from the horse's mouth* Fr. *de première source* Cast. *de primera mano* Pt. *em primeira mão*
- primeirísimo plano** u.f. Toma que recolle a cara do suxeito, desde metade da testa ata o comezo do queixo. SIN. **gran primeiro plano**.
- Ing. *big close-up* Fr. *gros plan, plan tête* Cast. *primerísimo plano* Pt. *primeiríssimo plano*
- primeiro plano** u.f. 1.- Encadramento en detalle dunha parte do obxecto que se quere destacar. No caso dun suxeito, adoita recoller a cabeza ata os ombreiros ou só o rostro.
- Ing. *1.- close-up* Fr. *1.- plan rapproché, plan poitrine* Cast. *1.- primer plano* Pt. *1.- primeiro plano*
- u.f. 2.- O que está máis próximo: no caso da imaxe, a parte da escena que se percibe máis preto dentro do campo visual, en relación á profundidade da toma; no caso do son, o sinal sonoro de maior nivel, en relación a outros sons da escena.
- Ing. *2.- foreground* Fr. *2.- premier plan, avant-plan* Cast. *2.- primer plano* Pt. *2.- primeiro plano*
- primetime** s.ing. > **franxa de máxima audiencia.**

**primicia** *s.f.* Información ou imaxes ofrecidas como novedade, normalmente en exclusiva. SIN. **pisón, pisada**.

Ing. *scoop* Fr. *scoop, primeur* Cast. *primicia* Pt. *cacha, furo*

**principios editoriais** *u.f.pl.* V. liña editorial.

**privacidad** *s.f.* Adaptación do termo inglés *privacy*. > **intimidade**.

**proba** *s.f.pl.* Gravación non definitiva, realizada co fin de corrixir e avaliar as súas posibilidades.

Ing. *test, rehearsal* Fr. *essai* Cast. *prueba* Pt. *prova*

**proba de cámara** *u.f.* Exame de telexenia ao que se somete un aspirante a un posto no que deba prestar a súa imaxe (presentador, axudante de programa, actor, etc.).

**proba de selección** *u.f.* V. selección.

**probas** *s.f.pl.* Primeira copia dunha obra audiovisual, previa á montaxe definitiva.

Ing. *rushes* Fr. *épreuves* Cast. *pruebas* Pt. *provas*

**procesamento** *s.m.* Tratamento de datos.

Ing. *processing* Fr. *traitement* Cast. *procesado, procesamiento* Pt. *processamento*

**producción** *s.f.* 1.- Conxunto de actividades e procedementos técnicos e administrativos necesarios para poder realizar un proxecto audiovisual: consecución de material, de persoal, dos locais, etc.

Ing. *1.- production* Fr. *1.- production* Cast. *1.- producción* Pt. *1.- produção*

→ preproducción, posproducción

*s.f.* 2.- Local da emisora no que se desenvolve esta actividade.

→ centro de producción de programas

*s.f.* 3.- Asunción dos custos financeiros de realización dunha obra audiovisual.

Ing. *3.- production* Fr. *3.- production* Cast. *3.- producción* Pt. *3.- produção*

→ superproducción

**producción allea** *u.f.* Compra dos dereitos de emisión dun traballo rematado a

unha produtora, ou de imaxes en bruto a unha axencia ou a outra empresa de comunicación.

**producción asociada** *u.f.* Produción e financiamento conxunto dun proxecto televisivo entre varios socios nacionais.

**producción en coproducción** *u.f.* V. coprodución.

**producción externa** *u.f.* Produción desenvolvida pola propia emisora de televisión e outra empresa ou empresas que lle ceden os dereitos de emisión ou comercialización, con supervisión do medio que fai o encargo en todas as fases do desenvolvemento do proxecto. A producción externa é, en certa maneira, un modo de producción propia, aínda que parte dela se realiza fóra do ámbito interno. Distínguese varios tipos de producción externa: a coprodución, a producción financiada e a producción asociada ou delegada.

**producción financiada** *u.f.* Modo de producción no que unha produtora desenvolve un proxecto financiado na súa totalidade pola emisora de televisión a cambio dos beneficios que obteña a obra. SIN. **producción externa contratada**.

**producción propia** *u.f.* Producción asumida na súa totalidade, tanto no aspecto económico coma no creativo, pola propia canle.

A lei establece unhas porcentaxes mínimas obligatorias de producción propia que deben asumir os operadores de televisión.

**product endorsement** *u.f.ing.* Apoyo do produto. > **rostro para un producto**.

**product placement** *u.f.ing.* > **colocación do producto**.

**produtor -ora** *s.* 1.- Profesional encargado do proceso de preproducción e desenvolvemento material dunha emisión.

Ing. *1.- producer* Fr. *1.- producteur* Cast. *1.- productor* Pt. *1.- produtor*

s. 2.- Persoa ou organismo que asume a produción e financiamento dunha obra audiovisual.

Ing. 2.- *producer* Fr. 2.- *producteur* Cast. 2.- *productor* Pt. 2.- *produtor*

s.f. 3.- Empresa que idea e realiza, total ou parcialmente, programas ou obras televisivas.

Ing. 3.- *production company, producer* Fr. 3.- *productrice* Cast. 3.- *productora* Pt. 3.- *produtora*

**produtor delegado** u.f. Profesional dunha emisora que actúa como responsable da realización dunha obra encargada a outra empresa que a produce baixo condicións pactadas.

**produtor executivo** u.f. Profesional que dirixe durante a gravación o conxunto de creadores da obra.

**profundidade de campo** u.f. Zona delimitada da imaxe na que os obxectos aparecen nítidos. SIN. **profundidade de foco**.

Ing. *depth of field* Fr. *profondeur de champ* Cast. *profundidad de campo* Pt. *profundidade de campo*

**programa** s.m. 1.- Producción transmitida por unha canle de televisión que constitúe unha unidade identificable por un título. SIN. **emisión**.

Ing. 1.- *programme* Fr. 1.- *programme* Cast. 1.- *programa* Pt. 1.- *programa*

s.m.pl. 2.- Conxunto de instrucións e de datos que permite xerar e desenvolver aplicacións informáticas: táboas e bases de datos, tratamento de textos e de imaxes, navegadores, etc.

Ing. 2.- *software* Fr. 2.- *logiciel, programmes* Cast. 2.- *programas* Pt. 2.- *programas*

**programa de arrastre** u.f. Programa locomotora.

**programa de recheo** u.f. V. **recheo**, de.

**programa de segundo mercado** u.f. V. programa sindicado.

**programa de telerrealidade** u.f. V. **tele-realidade**.

**programa de testemuños** u.f. Tipoloxía de programa baseada na entrevista múltiple no estudo, que busca as declaracóns directas das persoas anónimas afectadas por un asunto.

Cando no tratamento dos temas se exalta o aspecto emocional como elemento de interese principal, fállase de programa de vidas exhibidas (*reality show*).

Ing. *talk-show* Fr. *émission de témoignages* Cast. *programa de diálogo, programa de testimonios* Pt. *programa de entrevistas*

**programa de variedades** u.f. Espazo televisivo de entretemento e información que combina diferentes xéneros (actuacóns, concursos, entrevistas, etc.), dirixido ao gran público. SIN. **revista**.

Ing. *magazine show* Fr. *magazine, variétés* Cast. *magacín, revista* Pt. *variedades, magazine*

**programa de vida en directo** u.f. 1.- Subxénero de telerrealidade que consiste en converter en contido da emisión o desenvolvemento do día a día de un ou de varios personaxes que conviven sometidos a certos mandatos da audiencia.

Ing. 1.- *docushow*

u.f. 2.- Emisión dese subxénero.

**programa de vidas exhibidas** u.f. 1.- Subxénero de telerrealidade que converte os aspectos íntimos de personaxes anónimos en obxecto do interese da emisión, destacando os aspectos máis emotivos (sexan estes positivos ou dramáticos).

Ing. 1.- *reality show*

→telerrealidade

u.f. 2.- Emisión dese subxénero.

**programa informativo** u.f. Espazo dedicado á información.

**programa locomotora** u.f. Espazo de grande audiencia que beneficia o seguinte cedéndolle boa parte dos seus espectadores. SIN. **programa de arrastre**.

→adxacencia

**programa piloto** *u.f.* Piloto.

**programa sindicado** *u.f.* Produción audiovisual adquirida por varias canles de televisión de distinto ámbito que se unen para esa acción de compra, xeralmente despois da súa estrea noutra canle de maior difusión.

**programación** *s.f.* 1.- Conxunto de programas emitidos por unha cadea.

Ing. 1.- *programme planning, scheduling* Fr. 1.- *programmation* Cast. 1.- *programación* Pt. 1.- *programação*

s.f. 2.- Actividade de ordenar e decidir os contidos e os formatos dunha cadea. Coa multiplicidade de canles que permite a televisión dixital (televisión á carta) o concepto de programación varía, xa que pasa a ser o espectador quen elabora a súa programación particular, elixindo libremente o horario das emisións que lle interesan.

Ing. 2.- *scheduling* Fr. 2.- *programmation* Cast. 2.- *programación* Pt. 2.- *programação*  
→contraprogramación, continuidade de programación

s.f. 3.- Esquema horario que reflicte a selección e ordenación dos programas dunha cadea de televisión, que se fai público aos espectadores a través de distintos medios. SIN. **grella de programación**.

Desde que é anunciada aos usuarios (cunha antelación de once días á súa emisión) non pode ser alterada sen xustificación.

Ing. 3.- *programme guide, viewing guide* Fr. 3.- *programmation, guide de programmes* Cast. 3.- *programación, parrilla de programación* Pt. 3.- *programação, guia de programação*

**programación horizontal** *u.f.* Deseño da grella de programas de maneira horizontal, ofrecendo de luns a venres os mesmos programas á mesma hora.

**programación vertical** *u.f.* Estruturación da grella con programas de periodicidade variable (semanal, mensual) ou con alternancia horaria.

**programador -ora** *s.* 1.- Profesional encargado de elaborar a grella dunha cadea.

Ing. 1.- *programme planner, programmer* Fr. 1.- *programmateur* Cast. 1.- *programador* Pt. 1.- *programador*

s. 2.- Técnico que elabora programas informáticos.

Ing. 2.- *programmer* Fr. 2.- *programmeur* Cast. 2.- *programador* Pt. 2.- *programador*

**prolepsé** *s.f.* Figura expresiva que anticipa o futuro no relato cinematográfico ou televisivo. SIN. **anticipación, salto adiante**.

Ing. *flashforward* Fr. *saut en avant, anticipation* Cast. *prolepsis* Pt. *prolepse*  
→analepsé

**prolongarse** *v.p.* Durar un programa ou unha intervención máis tempo do previsto. SIN. **alongarse**.

Ing. *to extend* Fr. *se prolonger* Cast. *prolongarse* Pt. *prolongar-se, alongar-se*

**promo** *s.f.* Apócope de promocional. Breve vídeo anunciador dun programa da cadea antes da súa emisión.

Ing. *promo clip* Fr. *bande-annonce* Cast. *promo* Pt. *promo [m.]*

→avance

**promoción** *s.f.* Conxunto de técnicas empregadas para lanzar un produto ao mercado, aumentar as súas vendas ou popularizalo.

Ing. *promotion* Fr. *promotion* Cast. *promoción* Pt. *promoção*

→publicidade

**prompter** *s.ing.* Dispositivo que permite visualizar un texto sobre unha pantalla situada no eixe dunha cámara de televisión, para que o locutor faga a lectura sen desviar a vista da cámara. > **apuntador electrónico**.

**pronunciar** *v.t.* 1.- Articular os sons dunha determinada maneira.

Ing. 1.- *to pronounce* Fr. 1.- *prononcer* Cast. 1.- *pronunciar* Pt. 1.- *pronunciar*

v.p. 2.- Manifestar a opinión propia.

Ing. 2.- *to declare oneself* Fr. 2.- *se prononcer* Cast. 2.- *pronunciarse* Pt. 2.- *pronunciar-se*

**propaganda** *s.f.* Conxunto de actividades e técnicas empregadas para convencer a opinión pública do valor ou das calidades dunha idea, dun produto ou mesmo dunha persoa.

Ing. *propaganda, advertising* Fr. *propagande* Cast. *propaganda* Pt. *propaganda*

**propiedade intelectual** *u.f.* Dereito legal do autor sobre a súa creación, sexa literaria, artística ou científica.

Ing. *intellectual property (right)* Fr. *propriété intellectuelle* Cast. *propiedad intelectual* Pt. *propriedade intelectual*

→dereitos de autor, WIPO

**protagonista** *s. e adv.* 1.- Personaxe principal dunha obra de ficción.

Ing. 1.- *main character* Fr. 1.- *protagoniste, héros* Cast. 1.- *protagonista* Pt. 1.- *protagonista*

*s. e adv.* 2.- Actor que desenvolve o papel principal.

Ing. 2.- *star, lead* Fr. 2.- *acteur principal* Cast. 2.- *protagonista* Pt. 2.- *protagonista*

*s. e adv.* 3.- Persoa que nun acontecemento representa a parte principal.

Ing. 3.- *main figure* Fr. 3.- *protagoniste* Cast. 3.- *protagonista* Pt. 3.- *protagonista*

**protocolo** *s.m.* Conxunto de regras que determinan un sistema de comunicación.

Ing. *protocol* Fr. *protocole* Cast. *protocolo* Pt. *protocolo*

**proxector** *s.m.* Aparello que concentra e dirixe os raios dunha fonte luminosa artificial na dirección desexada.

Ing. *spotlight* Fr. *projecteur* Cast. *proyector* Pt. *projector*

**proxector de luz concentrada** *u.f.*

Proxección de luz con lente fresnel que consta dun sistema de enfoque que permite regular a amplitude do feixe luminoso e dirixilo a un detalle da escena.

Ing. *spotlight*

**proxector fresnel** *u.f.* Foco universal con lente fresnel que vai pendurado da grella de iluminación ou sobre soportes no chan, de uso frecuente nos estudos de televisión.

Ing. *fresnel spot* Fr. *projecteur de fresnel* Cast. *proyector fresnel* Pt. *projector fresnel*

→lente fresnel

**pseudónimo** *s.m.* Nome ficticio co que un autor asina os seus traballos para agachar a súa identidade.

Ing. *pseudonym, pen name* Fr. *pseudonyme* Cast. *seudónimo* Pt. *pseudônimo*

→sinatura

**pseudopluralismo informativo** *u.f.*

Falso pluralismo que refire a incapacidade do medio televisivo de ofrecer réplicas inmediatas doutras voces que contrasten unha información e ofrezan distintas perspectivas da mesma, xa que, áinda sendo emitidas nunha seguinte edición informativa, os espectadores non serán os mesmos.

→réplica

**publicidade** *s.f.* 1.- Conxunto de técnicas e accións de influencia na psicoloxía das persoas con fins comerciais.

Ing. 1.- *advertising* Fr. 1.- *publicité* Cast. 1.- *publicidad* Pt. 1.- *publicidade*

→anuncio

*s.f.* 2.- Bloque de anuncios que emiten periodicamente as televisións e que supón a principal fonte de ingresos da maior parte das cadeas.

Para evitar abusos, a publicidade está regulada legalmente, cunha normativa común europea. Por exemplo, por cada hora de emisión, non se pode transmitir máis de 12 minutos de publicidade, que debe ir identificada como tal e, preferentemente, agrupada. Restrínxese tamén a publicidade de determinados produtos considerados danios (tabaco, alcohol) e rexítanse algunas prácticas de publicidade pouco respectuosas cos consumidores (a publicidade enganosa, por exemplo).

**publicidade comparativa** *u.f.*  
Publicidade que contrapón dous produtos de distintas marcas, en favor dun deles.  
Ing. *comparative advertising* Fr. *publicité comparative* Cast. *publicidad comparativa* Pt. *publicidade comparativa*

**publicidade encuberta** *u.f.* Forma publicitaria que consiste en introducir visual ou oralmente unha marca a cambio dunha remuneración, sen que haxa unha advertencia de que é publicidade.  
Ing. *veiled advertising* Fr. *publicité dissimulée, publicité camouflée* Cast. *publicidad encubierta* Pt. *publicidade encapotada*  
→ subliminar

**publicidade enganosa** *u.f.* Técnica que consiste en presentar indicacións falsas sobre un produto.  
Ing. *misleading advertising* Fr. *publicité mensongère, publicité trompeuse* Cast. *publicidad engañosa* Pt. *publicidade enganosa*

**publicista** *s.* Profesional da publicidade.  
SIN. **publicitario**.  
Ing. *advertising executive, publicist* Fr. *publicitaire* Cast. *publicista, publicitario* Pt. *publicitário*

**publicitario -a** *advx.* 1.- Relativo á publicidade.  
Ing. *1.- advertising, publicity* Fr. *1.- publicitaire* Cast. *1.- publicitario* Pt. *1.- publicitário*  
s. 2.- Profesional da publicidade. SIN. **publicista**.  
Ing. *2.- advertising executive* Fr. *2.- publicitaire* Cast. *2.- publicitario* Pt. *2.- publicitário*

**público -a** *advx.* 1.- De ou para todos os cidadáns.  
Ing. *1.- public* Fr. *1.- public* Cast. *1.- público* Pt. *1.- público*  
→ servizo público, opinión pública, interese público

*s.m.* 2.- Conxunto de persoas que seguen unha emisión televisiva. SIN. **audiencia, espectadores**.  
Ing. *2.- audience* Fr. *2.- public* Cast. *2.- público* Pt. *2.- público*  
→ gran público  
*s.m.* 3.- Xenericamente, audiencia dun medio, potencial ou efectiva.  
Ing. *3.- audience* Fr. *3.- public, audience* Cast. *3.- público* Pt. *3.- público*

**público no estudio** *u.f.* Conxunto de persoas que presencian o desenvolvemento dun programa no propio local no que se realiza.

**público obxectivo** *u.f.* Segmento da poboación definido ao que se dirixe un programa ou unha campaña publicitaria. SIN. **audiencia útil**.  
Ing. *target (audience)* Fr. *cible* Cast. *público objetivo* Pt. *público-alvo*

**publirreportaxe** *s.f.* Anuncio publicitario de duración superior á habitual e con contido informativo, que se presenta baixo a forma dunha reportaxe.  
Existe a obriga legal de indicar que se trata de publicidade, mediante un texto superposto ás imaxes de maneira permanente.  
Ing. *advertorial, advertising feature, infomercial* Fr. *infomerciale, publipartage* Cast. *publirreportaje* Pt. *publireportagem*

**pulsos de control** *u.f.pl.* Impulsos de control.

**punto** *s.m.* Elemento gráfico de forma redonda (.) empregado para estruturar os enunciados independentes e que representa unha pausa máis longa ca a da coma na lectura.  
Ing. *full stop* Fr. *point* Cast. *punto* Pt. *ponto*

**punto de inicio** *u.f.* V. sinal de entrada.

**punto de saída** *u.f.* V. sinal de saída.

***q***

**quecer** *u.f.* Conectar unha cámara, un proxector ou calquera dispositivo para que adopte o nivel necesario de temperatura para comezar a traballar.  
Ing. *to warm up* Fr. *chauffer* Cast. *calentar* Pt. *aquecer*

**quedar a velas vir** *u.f.* No desenvolvemento ou preparación dun programa, verse nun baleiro inesperado de contidos ao fallar (caer) un material ou un convidado previsto.

**quedar en branco** *u.f.* Sufrir unha incapacidade momentánea de reacción ou un lapso de memoria.

**quedar escaso -a** *u.f.* Non cubrir o tempo previsto de duración dun programa ou dunha sección.

**queimado -a** *adv.* Que foi tomado co diafragma da cámara excesivamente aberto en relación coa cantidade de luz da escena. SIN. **sobreexposto**.  
Ing. *overexposed, burning up* Fr. *sureposé* Cast. *quemado* Pt. *queimado*

**quenda** *s.f.* 1.- Horario de traballo (de mañá, de tarde, de noite, de fin de semana).

SIN. **xeira**.

Ing. *1.- shift* Fr. *1.- poste* Cast. *1.- turno* Pt. *1.- turno*

*s.f.* 2.- Conxunto de traballadores que comparten un mesmo horario laboral.

SIN. **xeira**.

Ing. *2.- shift* Fr. *2.- équipe, poste* Cast. *2.- turno* Pt. *2.- turma, turno*

**quente** *adv.* Calidade do asunto ou da información xornalística que pertence á actualidade máis inmediata.

Ing. *hot* Fr. *chaud* Cast. *caliente* Pt. *quente*  
→ medios quentes, franxa quente

**quilowatt (kW)** *s.m.* Unidade de potencia equivalente a mil watts.

Ing. *kilowatt* Fr. *kilowatt* Cast. *kilovatio* Pt. *quilowatt*

***r***

**raccord** *s.ing.* Correspondencia e correlación dos movementos, dos espazos e dos elementos dun plano en relación cos planos precedentes e consecutivos.  
→ **continuidade**.

**radio** *s.f.* 1.- Método de transmisión de información que se serve da radiación electromagnética.

A información transmítese a través da modulación da onda portadora, que desde unha antena é transmitida a través da atmosfera ata outra antena receptor. Ao demodular o sinal no circuito receptor recupérase a información orixinal.

Ing. *1.- radio* Fr. *1.- radio* Cast. *1.- radio* Pt. *1.- rádio*

*s.f.* 2.- Abreviatura de radiodifusión. Sistema de telecomunicación que transporta información sonora a través das ondas.

A actual tecnoloxía dixital permite ademais difundir simultaneamente información gráfica e datos, co cal a radio transfrmase nun medio máis complexo e máis próximo ao televisivo.

Ing. *2.- radio* Fr. *2.- radio* Cast. *2.- radio* Pt. *2.- rádio*

*s.f.* 3.- Industria e actividade relacionada con ese medio.

Ing. *3.- radio* Fr. *3.- radio* Cast. *3.- radio* Pt. *3.- rádio*

*s.* 4.- Aparello receptor de radio.

Ing. *4.- radio* Fr. *4.- radio* Cast. *4.- radio* Pt. *4.- rádio*

**radiodifusión** *s.f.* Radio.

**radioenlace** *s.m.* Sistema de comunicación entre dous puntos, sexan estes terrestres ou satelitais.

Dentro dunha rede de transporte de sinais audiovisuais, os radioenlaces poden empregarse para a difusión desde o centro de producción de programas ata un transmisor que os difunda aos telespectadores, ou para facer chegar o sinal desde espazos alleos ao edificio da emisora a ese centro de producción de programas para a súa posterior difusión.

Ing. *radio link*

→ estación de enlace

**radiofrecuencia** s.f. Rango de frecuencias entre 3 kHz e 3000 GHz, no que está comprendida a radiación electromagnética nunha transmisión de radio.

Ing. *radio frequency* Fr. *radiofréquence*  
Cast. *radiofrecuencia* Pt. *radiofrequência*  
→ frecuencia

**radiovisión** s.f. Estética radiofónica aplicada á programación en televisión, característica dos comezos do medio televisivo.

**ráfaga** s.cast. > indicativo.

**RAI** *RAdiotelevisione Italiana*. Cadea de televisión pública italiana, que agrupa varias canles nacionais con programación diferenciada (RAIuno, RAIdue e RAItre) e outra de emisións internacionais.

Web: <http://www.rai.it>

**raís** s.m.pl. Barras paralelas que permiten desprazar a cámara asentada sobre unha plataforma con rodas, de maneira rápida sen que perda estabilidade. SIN. **carrís**.  
Ing. (*guide*) *track* Fr. *rails* Cast. *raíles* Pt. *calhas, carrís*  
→ desprazamento

**ralentí** s.m. Proxección de imaxes a cámara lenta.

Ing. *slow motion* Fr. *ralenti* Cast. *ralentí* Pt. *câmera lenta, ralenti*

**RAM** sigla *Random Access Memory*. Memoria de acceso aleatorio dun sistema informático, na que se almacenan os datos en uso para permitir un procesamento rápido mentres o ordenador está en funcionamento, xa que precisa unha alimentación constante.

**ranking** s.ing. > **clasificación**.

**rating** s.ing. Porcentaxe de aparellos de televisión conectados a un programa, medida fronte á totalidade de aparellos accesos ou apagados nese territorio concreto. > **índice de audiencia**.

**rato** s.m. Periférico de entrada dun ordenador que permite a interacción coa máquina premendo nos seus diferentes botóns.

Ing. *mouse* Fr. *souris* [f.] Cast. *ratón* Pt. *rato*  
**razón** s.f. Facultade de pensar e xular.

Ing. *reason* Fr. *raison* Cast. *razón* Pt. *razão*

**RDSI** sigla *Rede Dixital de Servizos Integrados*. Sistema de telecomunicación por telefonía que permite a transmisión de vídeo, voz e datos, conformando taxas de transferencia conxunta de ata 128 Kbps nun acceso básico (de banda estreita), a través dunha interface única.

A información audiovisual transferida por este sistema ten calidade de videoconferencia, inferior á que poden ofrecer outras tecnoloxías.

Ing. *ISDN* Fr. *RNIS* Cast. *RDSI* Pt. *RDIS*  
→ xDSL

**realidade virtual** u.f. Recreación da realidade elaborada con sistemas informáticos de tratamiento de imaxe.

**realimentación** s.f. Retroalimentación.

**reality show** u.f.ing. 1.- Xénero de programa que converte a realidade cotiá de personaxes anónimos en espectáculo. > **telerrealidade**.

u.f. ing. 2.- Subxénero de programa centrado na realidade cotiá e íntima de personaxes anónimos, xeralmente en forma de entrevistas, esaxerando os aspectos emotivos. > **programa de vidas exhibidas**.

u.f.ing. 3.- Programa dese xénero ou subxénero. > **telerrealidade**.

**realización** s.f. 1.- Conxunto de operacións técnicas e artísticas para a execución e emisión dun programa de televisión. Engloba as tarefas do deseño da configuración da estética dun programa, a supervisión da iluminación, das caretas, da montaxe, da posproducción, etc. e, durante a emisión, a mestura dos sinais de vídeo, control da rotulación e mais

a coordinación do desenvolvemento do directo no estudo coa introdución de material gravado.  
Ing. 1.- *production* Fr. 1.- *réalisation* Cast.  
1.- *realización* Pt. 1.- *realização*  
s.f. 2.- Control de realización.  
Ing. 2.- *production control* Fr. 2.- *régie* Cast.  
2.- *realización* Pt. 2.- *régie*

**realizador -ora** s. Profesional responsable de que o guión dun programa de televisión se materialice en imaxe e son. Dispón dun equipo de axudantes no control, que colaboran no seguimento dos tempos dos contidos e na continuidade do programa, valéndose da escada; e tamén doutro no estudio, formado por un ou varios rexedores, encargados de lle transmitir ao resto do equipo as súas ordes e mais de garantir o desenvolvemento correcto do programa no estudio.  
Ing. *producer* Fr. *réalisateur* Cast.  
*realizador* Pt. *realizador*

**rebobinar** v.t. Correr cara a atrás unha fita. Coas técnicas de edición dixital non lineal elimínase este proceso, xa que o acceso á imaxe pode ser directo.  
Ing. *rewind* Fr. *rembobiner, rebobiner* Cast.  
*rebobinar* Pt. *voltar, rebobinar*

**rebobinaxe** s.f. Acción e efecto de rebobinar.  
Ing. *rewind* Fr. *rebobinage, rembobinage* Cast. *rebobinado* Pt. *rebobinamento, rebobinagem*

**rebobinaxe previa** u.f. Rebobinaxe duns segundos da fita de vídeo que evita, na posterior posta en marcha, que a velocidade de lectura produza inestabilidade cando a fita chegue ao punto de entrada na edición.  
Ing. *pre-roll*

**rebobinaxe rápida** u.f. Acción de pasar a cinta cara a atrás velozmente.

**recapitular** v.t. Facer un sumario das informacións tratadas nun programa informativo, coa intención de recordar os aspectos más importantes e de ofrecer información básica a quen se incorporou coa emisión comezada.

Ing. *to sum up* Fr. *récapituler* Cast.  
*recapitular* Pt. *recapitular*

→peche de sumario

**recensión** s.f. Exame crítico e detallado dunha obra.

Ing. *review* Fr. *recension* Cast. *reseña, recensión* Pt. *recensão*

**recepción** s.f. 1.- Feito de recibir un sinal ou unha mensaxe emitida desde outro punto.

Ing. 1.- *reception* Fr. 1.- *réception* Cast. 1.- *recepção* Pt. 1.- *recepção*

s.f. 2.- Parte da emisora na que se acollen e orientan os visitantes.

Ing. 2.- *reception* Fr. 2.- *accueil, réception* Cast. 2.- *recepção* Pt. 2.- *recepção*

**receptor -ora** adj. 1.- Que recibe.

Ing. 1.- *receiving* Fr. 1.- *récepteur* Cast. 1.- *receptor* Pt. 1.- *receptor*

s. 2.- Persoa que recibe unha mensaxe.

Ing. 2.- *receiver* Fr. 2.- *récepteur* Cast. 2.- *receptor* Pt. 2.- *receptor*

s. 3.- Aparello que recibe un sinal.

Ing. 3.- *receiver* Fr. 3.- *récepteur* Cast. 3.- *receptor* Pt. 3.- *receptor*

**recheo, de** u.f. Palabras ou imaxes pouco importantes e innecesarias, que alongan unha noticia ou un programa para adaptarse ao tempo asignado.

Ing. *padding* Fr. *délavage* Cast. *de relleno* Pt. *tapa-buracos*

→peza de recheo

**recibir** v.t. 1.- Ser o destinatario dun sinal ou dunha mensaxe.

Ing. 1.- *to receive* Fr. 1.- *recevoir* Cast. 1.- *recibir* Pt. 1.- *receber*

v.t. 2.- Captar un sinal.

Ing. 2.- *to receive* Fr. 2.- *recevoir* Cast. 2.- *recibir* Pt. 2.- *receber*

**record (rec)** s.ing. Opción dun aparello que acciona o mecanismo de gravación. > **gravar**.

**recortar** v.t. Abreviar, reducir un texto.

Ing. *to cut off* Fr. *sabrer, couper* Cast.  
*recortar* Pt. *recortar*

**recorte de prensa** u.f. Artigo subtraído dunha publicación coa intención de

reproducilo nunha emisión ou de conservalo.

Ing. *press clipping* Fr. *coupure de presse* Cast. *recorte de prensa* Pt. *recorte de jornal*

**recursos humanos** *u.f.pl.* 1.- Conxunto de traballadores dunha empresa. SIN. **cadro de persoal**.

Ing. *1.- human resources* Fr. *1.- ressources humaines* Cast. *1.- recursos humanos, plantilla* Pt. *1.- pessoal, recursos humanos u.f.pl.* 2.- Despacho no que se tratan os asuntos de contratación laboral. SIN. **departamento de persoal**.

**redacción** *s.f.* 1.- Feito ou forma de redactar un texto.

Ing. *1.- writing, wording* Fr. *1.- rédaction* Cast. *1.- redacción* Pt. *1.- redacção*

*s.f.* 2.- Conxunto de xornalistas dun medio.

Ing. *2.- editorial staff* Fr. *2.- rédaction* Cast. *2.- redacción* Pt. *2.- redacção*

→ consello de redacción

*s.f.* 3.- Local onde elaboran as noticias os xornalistas dun medio.

Ing. *3.- news room, editorial department* Fr. *3.- rédaction* Cast. *3.- redacción* Pt. *3.- redacção*

**redacción dixital** *u.f.* Redacción composta por sistemas dixitais de tratamiento da noticia. SIN. **redacción integrada**.

Responde a unha nova concepción da redacción con equipamentos dixitais que modifican a tradicional estrutura de traballo, ao unificar o equipo humano e técnico e centrar no xornalista o proceso completo de producción das pezas informativas: desde a selección e edición dos planos ata a rotulación, asumindo así funcións que anteriormente lles correspondían ao montador e ao realizador, grazas á facilidade de uso que ofrecen os programas informáticos.

**redactar** *v.t.* Escribir un texto conforme ás normas da linguaxe televisiva.

Ing. *to write, to edit* Fr. *rédiger* Cast. *redactar* Pt. *redigir*

**redactor -ora** *s.* Profesional que redacta textos xornalísticos nun medio de comunicación.

Ing. *editor* Fr. *rédacteur* Cast. *redactor* Pt. *redactor*

**redactor -ora xefe -a** *u.f.* Xornalista coordinador e responsable dos redactores dun departamento.

Ing. *editor in chief* Fr. *rédacteur en chef* Cast. *redactor jefe* Pt. *chefe de redacção*

→ editor

**rede** *s.f.* 1.- Conxunto de emisoras asociadas.

Ing. *1.- network* Fr. *1.- réseau* Cast. *1.- red Pt. 1.- rede*

*s.f.* 2.- Conxunto de interconexións de distintos sistemas de comunicación.

Ing. *2.- network* Fr. *2.- réseau* Cast. *2.- red Pt. 2.- rede*

→ Internet, RDSI

**redifusión** *s.f.* Nova emisión dun programa ou dunhas imaxes. SIN. **repetición, reposición**.

**reducción** *s.f.* 1.- Diminución da extensión dun texto, dunha imaxe, dun programa, etc.

Ing. *1.- reduction* Fr. *1.- réduction* Cast. *1.- reducción* Pt. *1.- redução*

*s.f.* 2.- Atenuación das altas frecuencias dun sinal de audio ou, en xeral, de ruído.

Ing. *2.- reduction* Fr. *2.- réduction* Cast. *2.- reducción* Pt. *2.- redução*

→ Dolby

**redundancia** *s.f.* 1.- Pleonasio.

*s.f.* 2.- Introdución de información sobrante no sinal de televisión, por ser superior á que o ollo humano precisa para captar a imaxe correctamente, como marxe de seguridade que asegure unha axeitada interpretación.

Empregada no sistema analóxico para evitar errores na transmisión ou no seu tratamento, a redundancia é explotada polas técnicas de compresión dixital para reducir a cantidade de información xerada na dixitalización ata permitir o seu transporte con economía de recursos e alta calidad.

Ing. *2.- redundancy* Fr. *2.- redondance* Cast. *2.- redundancia* Pt. *2.- redundância*

**reemisor** *s.m.* Instalación repetidora de sinais procedentes dun centro emisor de

maior potencia, que amplifica a potencia destes ao chegaren debilitados. A súa función é salvar a falta de visibilidade imposta pola orografía e permitir, así, enlaces superiores ao horizonte óptico garantindo a execución da traxectoria da transmisión.

Ing. *relay station, booster station* Fr. *réémetteur* Cast. *reemisor* Pt. *re-emissor*  
→enlace, emisor

**reflector** *s.m.* Superficie puída que reflicte a luz cara a zonas de baixa intensidade luminosa.

Situado detrás da lámpada, recupera os feixes de luz que a fonte emite cara a atrás e permite enderezalos.

Ing. *reflector* Fr. *réflecteur* Cast. *reflector* Pt. *reflector*

**reflexión** *s.f.* Regreso de parte dun feixe de partículas ou ondas cara ao emisor ao topar cunha fronteira entre dous medios.

Ing. *reflection* Fr. *réflexion* Cast. *reflexión* Pt. *reflexão*

**refracción** *s.f.* Desviación que experimenta un raio luminoso ou unha onda electromagnética ao pasar oblicuamente dun medio a outro no que a velocidade de propagación é diferente. Ing. *refraction* Fr. *réfraction* Cast. *refracción* Pt. *refracção*

**refrán** *s.m.* 1.- Frase fixa coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia.

Ing. *1.- proverb, saying* Fr. *1.- proverbe* Cast. *1.- refrán* Pt. *1.- refrão*

*s.m.* 2.- Conxunto de versos que se repiten ao final de cada estrofa dun poema ou dunha canción.

Ing. *2.- refrain, chorus* Fr. *2.- refrain* Cast. *2.- estribillo* Pt. *2.- refrão*

**refrito** *s.m.* Recuperación de noticias vellas ou imaxes xa tratadas nos días anteriores para devolverlas á actualidade cunha forma nova, xeralmente como recurso ante a escaseza de noticias. SIN. **roupa vella, xa-te-vin.**

Ing. *remake, patchwork, rehash* Fr. *nouvelle version* Cast. *refrito* Pt. *nova versão, refundição*

**regulador** *s.m.* Dispositivo destinado a manter constante un parámetro de saída. Ing. *dimmer* Fr. *régulateur, variateur* Cast. *regulador* Pt. *regulador*

**reiniciar** *v.t.* Restablecer un sistema electrónico sen necesidade de cumplir as secuencias habituais para apagar e prender de novo o sistema.

Ing. *to reset* Fr. *réinitialiser* Cast. *reiniciar* Pt. *reiniciar*

**reixa** *s.f.* Eléctrodo de malla metálica situado entre o cátodo e o ánodo no tubo de raios catódicos, para controlar o fluxo de electróns que se dirixen á pantalla. SIN. **grade, grella, reixa de control.**

Ing. *grid* Fr. *grille* Cast. *rejilla* Pt. *grade*  
→tubo de raios catódicos

**reixa de foco** *u.f.* Eléctrodo de enfoque nun tubo de imaxe.

**relación de aspecto** *u.f.* Proporción entre a altura e a largura da imaxe de televisión, que no formato habitual é 4:3 e na alta definición 16:9.

Ing. *aspect ratio* Fr. *rapport hauteur/largueur, format d'image* Cast. *relación de aspecto* Pt. *relação de aspecto, relação de aparência*

**relación sinal/ruído** *u.f.* Valor numérico que expresa a calidade dun sinal pola proporción entre a potencia do sinal e a do ruído que se superpón. Adoita medirse en dB.

Ing. *signal/noise ratio* Fr. *rapport signal/bruit* Cast. *relación señal/ruido* Pt. *relação sinal/ruído*

**relaciones públicas** *u.f.pl.* 1.- Conxunto de técnicas e medios empregados para relacionarse co público e mellorar a imaxe da empresa.

Ing. *1.- public relations* Fr. *1.- relations publiques* Cast. *1.- relaciones públicas* Pt. *1.- relações públicas*

*u.f.* 2.- Profesional responsable desa actividade.

Ing. 2.- *public relations officer* Fr. 2.- *professionnel des relations publiques* Cast. 2.- *relaciones públicas* Pt. 2.- *relações públicas*

**relato** s.m. Descripción detallada dun feito.

Ing. *report* Fr. *rapport* Cast. *relato* Pt. *relato*

**relato cronolóxico** u.f. V. cronolóxico.

**relay** s.ing. > **repetidor**.

**relevante** *adj.* De importancia, que destaca.

Ing. *significant, relevant* Fr. *remarquable*

Cast. *relevante* Pt. *relevante*

**remake** s.ing. > **nova versión**.

**remate** s.m. Peche.

Ing. *end* Fr. *fermeture, fin* Cast. *cierre* Pt. *fecho, encerramento*

**remuneración** n.f. Cantidad de diñeiro esixida por un artista como retribución por cada unha das súas actuacións.

Ing. *fee* Fr. *cachet* Cast. *caché* Pt. *cachet, remuneração*

**renderización** s.f. Adaptación do inglés *rendering*. Tratamento dun sinal de vídeo durante o proceso de edición dixital que permite visualizar o resultado en imaxes. > **tradución**.

**rendibilidade** s.f. Calidade do que produce beneficios.

Ing. *profitability* Fr. *rentabilité* Cast. *rentabilidad* Pt. *rendibilidade*

**renome** s.m. Consideración da que goza unha persoa entre os máis. SIN. **sona**.

Ing. *renown, fame* Fr. *renom* Cast. *renombre* Pt. *renome*

**reparto** s.cast. 1.- > **elenco de actores**.

s.cast. 2.- > **distribución de papeis**.

**reparto, actor de** u.f.cast. > **actor secundario**.

**repercusións** s.f.pl. Consecuencias, efectos causados por un determinado feito.

Ing. *repercussions* Fr. *répercussions* Cast. *repercusiones* Pt. *repercussões*

**repeticIÓN** s.f. Feito de volver a realizar unha acción que xa se fixo antes.

→ reposición, ensaio

**repetidor** s.m. Entidade constitutiva das redes de telecomunicacións que recibe, a través de cable ou por radio, un sinal debilitado e que o amplifica para

garantir a súa chegada a un destino máis afastado.

Nos casos en que o sinal de entrada chega vía radio (terreal ou satélite), tamén se emprega **reemisor**.

Ing. *repeater, relay* Fr. *tour de relais, répéteur* Cast. *repetidor* Pt. *repetidora*

**repicado** s.m. Acción e efecto de repicar.

SIN. **copia**.

Ing. *re-recording* Fr. *repiquage* Cast. *repicado* Pt. *cópia*

**repicar** v.t. Copiar unha gravación audiovisual dunha fita orixinal (ou outro soporte) a outra de formato semellante ou distinto. SIN. **copiar, tirar copias**.

Ing. *to re-record, to copy* Fr. *repiquer* Cast. *repicar* Pt. *copiar*

**réplica** s.f. Resposta argumentada en oposición ao que alguén manifestou antes. SIN. **retruque**.

Ing. *reply, answer* Fr. *réplique* Cast. *réplica* Pt. *réplica*

→ dar a réplica, dereito de resposta

**reportaxe** s.f. 1.- Xénero informativo que trata os temas da actualidade en profundidade, con antecedentes, circunstancias e posibles consecuencias.

Ing. *I.- report* Fr. *I.- reportage [m.]* Cast. *I.- reportaje [m.]* Pt. *I.- reportagem [f.]*

→ gran reportaxe, minirreportaxe, documental

s.f. 2.- Traballo xornalístico dese xénero.

Ing. *2.- report* Fr. *2.- reportage [m.]* Cast. *2.- reportaje [m.]* Pt. *2.- reportagem [f.]*

**reportaxe biográfica** u.f. Reportaxe centrada nunha figura pública, que mostra facetas da súa traxectoria vital ou da súa personalidade, xeralmente de actualidade pola súa vinculación a unha noticia recente. SIN. **reportaxe de perfil**.

**reportaxe de denuncia** u.f. Reportaxe que pon de manifesto un problema de carácter social pertencente á actualidade.

**reportaxe de interese humano** *u.f.*

Reportaxe que fai o seguimento do conflito dunha persoa ou dun colectivo dun xeito personalizado.

**reportaxe de programas** *u.f.* Reportaxe

de entre 3 e 15 minutos de duración, que afonda nun tema relacionado coa actualidade inmediata, producido para ser incluído nun programa de variedades.

**reportaxe educativa** *u.f.* Peza de carácter

didáctico que procura explicar o funcionamento dun servizo ou dunha novidade tecnolóxica.

**reportaxe publicitaria** *u.f.* V. publirreportaxe.**reportero -a** *s.* 1.- Xornalista especializado no xénero da reportaxe.

Ing. *1.- reporter* Fr. *1.- reporter* Cast. *1.- reportero* Pt. *1.- repórter*

→ correspondente, enviado especial  
s. 2.- En sentido amplo, xornalista que traballa fóra dos locais da emisora.

Ing. *2.- reporter* Fr. *2.- reporter* Cast. *2.- reportero* Pt. *2.- repórter*

**reportero -a autónomo -a** *u.f.*

Videoxornalista que traballa por libre e ofrece as súas obras a unha cadea.

Esta situación é o privilexio dalgúns xornalistas moi recoñecidos, pero tamén a condición dalgúns principiantes que as empresas acollen nesa modalidade para evitar os cargos de pagamento e os deberes laborais que suporía un traballador contratado.

Ing. *freelance journalist* Fr. *pigiste* Cast. *reportero autónomo* Pt. *reportero autónomo*

**reportero -a de guerra** *u.f.* Xornalista

especializado na crónica dos conflitos bélicos desde o propio lugar da acción.

SIN. **correspondente de guerra**.

**Reporteiros sen Fronteras** Organiza-

ción internacional para a defensa da liberdade de prensa, con sede central en París (Francia).

Web: <http://www.rsf.org>

**reposición** *s.f.* Redifusión dunha obra audiovisual ou dun programa que xa fora emitido. SIN. **repetición, redifusión**.

Ing. *re-run* Fr. *rediffusion, répétition* Cast. *reposición* Pt. *reposição*

**representante** *s.* V. axente artístico.**reproducción** *s.f.* Acción de reproducir.

Ing. *play* Fr. *reproduction* Cast. *reproducción* Pt. *reprodução*

**reproducir** *v.t.* Facer visible e audible o que está gravado nunha cinta.

Ing. *to play* Fr. *reproduire* Cast. *reproducir* Pt. *reproducir*

**rescisión** *s.f.* Acción e efecto de invalidar un contrato ou un acordo.

Ing. *rescission, cancellation* Fr. *rescission, annulation* Cast. *rescisión* Pt. *rescisão*

**reseña** *s.cast.* > **recensión**.**reserva, de** *u.f.* Imaxes, pezas ou programas disponibles no control para, no caso de se producir algún desaxuste horario, emitillas e respectar así os tempos de programación.

Ing. *in reserve* Fr. *en réserve, frigo* Cast. *de reserva* Pt. *em reserva*

→ peza de recheo

**receso -a** *adv.* Que xa non está de actualidade.**resetear** *v.t.* Adaptación do inglés *to reset*. > **reiniciar**.**resolución** *s.f.* Definición da imaxe ou fidelidade do son.

En vídeo convencional valórase en función do número de liñas e, nos sistemas dixitais, segundo os píxeles.

Ing. *resolution* Fr. *résolution* Cast. *resolución* Pt. *resolução*

**resonancia** *s.f.* 1.- Aumento da amplitud dun sinal (particularmente, un son) ou prolongación do mesmo.

Ing. *1.- resonance* Fr. *1.- résonance* Cast. *1.- resonancia* Pt. *1.- ressonânciia*

*s.f.* 2.- Feito de chegar ao coñecemento dun gran número de persoas.

Ing. *2.- impact, repercussions* Fr. *2.- retentissement* Cast. *2.- resonancia* Pt. *2.- repercussão*

**responder** *v.t.* Contestar unha pregunta ou reaccionar ante un estímulo.

Ing. *to answer* Fr. *répondre* Cast. *responder*  
Pt. *responder*

**responsabilidade xornalística** *s.f.* V. sistema de responsabilidade en fervenza.

**responsable de medios** *u.f.* Técnico encargado de organizar, nunha redacción dixital, o servidor global que almacena as imaxes dixitais e de trasladar ao arquivo só aquelas que interesa conservar.

É unha figura recentemente integrada no organigrama das televisións, pola necesidade de solucionar o problema da limitada capacidade de almacenamento dos sistemas dixitais.

Ing. *media manager*

→ administrador do sistema

**respuesta** *s.f.* Contestación a unha pregunta ou reacción ante un estímulo.

Ing. *answer, reply* Fr. *réponse* Cast. *respuesta* Pt. *resposta*  
→ derecho de resposta

**resto** *s.m.* Montaxe de imaxes sobrantes, sen locución, ao final dunha peza informativa para seguridade na transición á seguinte noticia ou para axustar tempos.

SIN. *colas*.

**resumo informativo** *u.f.* Síntese das noticias máis importantes da xornada, das xa emitidas ou das que se van emitir no seguinte telexornal a modo de avance.

Ing. *news summary* Fr. *résumé informatif* Cast. *resumen informativo* Pt. *resumo informativo*  
→ titular, peche de sumario

**retake** *s.ing.* Repetición dunha toma. > **toma nova**.

**retardo** *s.m.* Desfasamento entre a produción dun sinal e a súa retransmisión.

Ás veces, o retardo é provocado para forzar a sincronización con outros sinais.

Ing. *delay* Fr. *retard* Cast. *retardo* Pt. *atraso*

**retardo, circuito de** *u.f.* V. circuito de retardo.

**RETEGAL** *REdes de TELEcomunicación GALegas.* Sociedade dependente da Xunta de Galicia encargada da xestión pública das infraestruturas e servizos de telecomunicacións en Galicia.

Web: <http://www.retegal.es>

**retoque** *s.m.* Modificación parcial dun texto ou dunha obra coa intención de mellorala.

Ing. *retouching* Fr. *retouche* [f.] Cast. *retoque* [m.] Pt. *retoque* [m.]

**retorno do sinal** *u.f.* V. sinal de retorno.

**retranca** *s.f.* Habilidade de expresarse de maneira indirecta, buscando outra intención e certa graza no que se di.

→ ironía

**retransmisión** *s.f.* Acción e efecto de retransmitir.

Ing. *broadcast* Fr. *retransmission* Cast. *retransmisión* Pt. *retransmissão*

**retransmitir** *v.t.* 1.- Volver a transmitir.

v.t. 2.- Transmitir desde unha emisora o sinal que chega desde fóra das instalacións, en directo ou diferido.

Ing. 2.- *to broadcast* Fr. 2.- *retransmettre* Cast. 2.- *retransmitir* Pt. 2.- *retransmitir*

**retrasar** *v.cast.* > **atrasar**.

**retroacción** *s.f.* 1.- Efecto ou consecuencia dun fenómeno que actúa sobre este que o produciu.

Ing. 1.- *feedback* Fr. 1.- *rétroaction* Cast. 1.- *retroacción* Pt. 1.- *retroalimentação*

s.f. 2.- Acto de resposta ou de reacción do receptor dunha mensaxe cara ao seu emisor, converténdose así o receptor en emisor.

Ing. 2.- *feedback* Fr. 2.- *rétroaction* Cast. 2.- *retroacción* Pt. 2.- *retroalimentação*

**retroalimentación** *s.f.* Retorno dun sinal producido por un amplificador ou por un transdutor cara á súa propia entrada, co cal resulta reamplificado ou transformado provocando un ruído.

SIN. *realimentación*.

A retroalimentación é particularmente perceptible no caso do son que, proxectado por un altofalante, é recollido polo propio micrófono que o orixinou e de novo reproducido polo mesmo altofalante, converténdose nunha distorsión continua e desagradable ao oído.

Ing. *feedback* Fr. *rétroalimentation* Cast. *retroalimentación* Pt. *retroalimentação, realimentação*

→acoplaxe

**retrouso** *s.m.* Palabra ou expresión empregado frecuentemente como apoio lingüístico adquirido por hábito vicioso. Ing. *pet word, tag* Fr. *cheville, tic* Cast. *muletilha* Pt. *muleta, tique da linguagem*

**retrucar** *v.t.* Responder cun argumento en contra a unha pregunta ou a un comentario.

Ing. *to reply* Fr. *répliquer* Cast. *replicar* Pt. *retrucar*

→réplica

**reunión** *s.f.* Agrupación de persoas que se xuntan coa intención de falaren sobre algún asunto. SIN. **xuntanza**.

Ing. *meeting* Fr. *réunion* Cast. *reunión* Pt. *reunião*

→consello de redacción

**Reuters** Axencia de noticias *multimedia*, de ámbito internacional, creada en Londres en 1851, que leva o nome do seu fundador, P.J. Reuter. Distínguese polos seus servizos de información sobre cotizacións financeiras e bolsistas, así como polo seu material fotográfico.

Web: <http://www.reuters.com>

**reverberación** *s.f.* Reforzo e prolongamento continuo dun son nun espazo, como consecuencia da reflexión da onda nun obstáculo.

Ing. *reverberation* Fr. *réverbération* Cast. *reverberación* Pt. *reverberação*

→eco

**revisar** *v.t.* Releer con atención e corrixir o material antes de emitilo.

Ing. *to revise, to look over* Fr. *réviser* Cast. *revisar* Pt. *revisar*

**revista** *s.f.* Programa de variedades.

**revista de prensa** *u.f.* Breve presentación das noticias destacadas nas publicacións do día, que pode ir acompañada dun comentario sobre o tratamento que cada cabeceira lles dá mais as opinións que incorporan ao respecto.

Ing. *press review* Fr. *revue de presse* Cast. *revista de prensa* Pt. *revista de imprensa*

**rexedor -ora** *s.* Profesional responsable da organización no estudio durante o transcurso dun programa, que transmite aos profesionais as instrucións que lle chegan do realizador no control.

Ing. *floor manager* Fr. *régisseur* Cast. *regidor* Pt. *chefe de estudio*

**RGB** sigla *Red, Green, Blue*, en inglés, vermello, verde, azul. Sistema básico de representación das cores en televisión, definido a partir da combinación destas tres cores básicas que constitúen o triplo sinal de vídeo a cores.

→cor, sistema Munsell, CIE

**Ribeira Sacra TV** Cadea local da Ribeira Sacra (Ourense), de propiedade privada, que comezou as súas emisións en 1997.

**rigor** *s.m.* Calidade de quen actúa sen concesións e buscando a exactitude.

Ing. *rigour, precision* Fr. *rigueur [f.]* Cast. *rigor* Pt. *rigor*

**rigoroso -a** *adv.* 1.- Feito con exactitude e perfección.

Ing. *1.- rigorous, exact* Fr. *1.- rigoureux* Cast. *1.- riguroso* Pt. *1.- rigoroso*

*adv.* 2.- Que obra de maneira severa, sen concesións nin excepcións.

Ing. *2.- strict* Fr. *2.- rigoureux* Cast. *2.- riguroso* Pt. *2.- rigoroso*

**RIP** sigla *Raster Image Processor*.

Procesador de varredura de imaxe. Dispositivo ou programa informático para a manipulación de ficheiros gráficos, que permite recompoñer a imaxe almacenada.

**ritmo** *s.m.* 1.- Velocidade coa que se realiza unha actividade.

Ing. *1.- rhythm* Fr. *1.- rythme* Cast. *1.- ritmo*  
Pt. *1.- ritmo*

*s.m.* 2.- Disposición dos acentos e pausas nun enunciado.

Ing. *2.- rhythm* Fr. *2.- rythme* Cast. *2.- ritmo*  
Pt. *2.- ritmo*

*s.m.* 3.- Disposición harmónica dos elementos que se suceden nun relato ou no desenvolvemento dunha obra.

Ing. *3.- rhythm* Fr. *3.- rythme* Cast. *3.- ritmo*  
Pt. *3.- ritmo*

**rodar** *v.t.* Gravar unha película ou un programa con formato cinematográfico.

SIN. **filmar**.

Ing. *to film, to shoot* Fr. *tourner* Cast. *rodar*  
Pt. *filmar*

→ gravar

**rodaxe** *s.f.* 1.- Acción e efecto de filmar un produto audiovisual por medio dunha cámara. SIN. **filmación**.

OBS. É un termo propio da cinematografía; en vídeo emprégase **gravación**.

Ing. *1.- filming, shooting* Fr. *1.- tournage*  
Cast. *1.- rodaje* Pt. *1.- filmagem*

*s.f.* 2.- Período de formación dun principiante na profesión ou, no caso dun aparello, período de posta en marcha da máquina para asegurar o seu correcto funcionamento no traballo posterior.

Ing. *2.- initial phase, running-in* Fr. *2.- rodage* Cast. *2.- rodaje* Pt. *2.- rodagem*

**rolda** *s.f.* 1.- Tempo ou ocasión en que a alguén lle corresponde realizar unha actividade. SIN. **quenda, xeira**.

Ing. *1.- tun, shift* Fr. *1.- tour* Cast. *1.- turno*  
Pt. *1.- turno, vez*

*s.f.* 2.- Percorrido informativo.

**rolda de correspondentes** *u.f.* Conxunto de crónicas sucesivas dos correspondentes da canle.

**rolda de prensa** *u.f.* Encontro cos medios convocado por unha persoa ou por un organismo para ofrecer declaracions sobre algúñ feito ou facer pública unha información.

Adóitase complementar cunha documentación de prensa que se lles entrega aos xornalistas asistentes para ampliar os datos.

Ing. *press conference* Fr. *conférence de presse* Cast. *rueda de prensa* Pt. *conferência de imprensa*

→ convocatoria de prensa

**roll title** *u.f.ing.* Efecto na inserción de textos na pantalla cun movemento vertical. > **títulos en corrido vertical**.

**rolo** *s.m.* Película cinematográfica enrolada en forma cilíndrica.

Ing. *roll* Fr. *pellicule* Cast. *rollo* Pt. *rolo, filme*

**rompibles** *s.m.pl.* Conxunto de accesorios que se esnaquizan nunha gravación de ficción: teitos, varandas, mobles, etc.

**rostro para un produto** *u.f.* Acción publicitaria consistente na utilización dun personaxe de sona para anunciar un producto coa intención de que este obteña beneficio da imaxe e do poder social do famoso.

Ing. *product endorsement*

**rotulista** *s.* Técnico encargado de introducir nas imaxes os rótulos que van saír en pantalla.

**rótulo** *s.m.* Indicación escrita que se insire na imaxe. SIN. **título**.

Ing. *lettering* Fr. *titre* Cast. *rótulo* Pt. *legenda, rodapé*

→ xerador de caracteres

**rótulos de crédito** *u.f.pl.* Relación de profesionais que interveñen nunha obra audiovisual, que aparece ao principio ou ao final desta. SIN. **títulos de crédito, créditos**.

Ing. *cast* Fr. *générique* Cast. *rótulos de crédito* Pt. *créditos*

**roubar cámara** *u.f.* Destacar unha persoa sobre outras que aparecen na imaxe grazas á súa especial telexenia ou habilidade de manter a atención dos cámaras.

**roupa vella** *u.f.* Refrito.

**rouquén** *s.f.* Alteración ou falta temporal da voz producida por unha doença da ggorxa.

Ing. *hoarseness* Fr. *enrouement* Cast. *ronquera* Pt. *rouquidão*

**royalties** *s.ing.* Remuneración en concepto de dereitos de autoría sobre unha obra.  
→ **dereitos de autor**.

**RS-422** V. interface RS-422.

**RTL** *Radio Télévision Luxembourg.* Conxunto de emisoras de radio e de televisión, con sede en Luxemburgo, convertido en grupo de comunicación que congrega na actualidade numerosas canles de diferentes países de Europa.  
Web: <http://www.rtl.lu>

**RTP** *RadioTelevisão Portuguesa.* Operador público portugués que comezou a súa actividade televisiva en 1957. Conta con dúas emisoras de carácter xeneralista (RTP1 e RTP2) e outra de ámbito internacional (RTP internacional), amais das territoriais RTP África, RTP Acores, RTP Madeira e NTV (Porto).  
Web: <http://www.rtp.pt>

**RTVE** *Radiotelevisión Española.* Compañía pública de radio e televisión en España. V. TVE.

**ruído** *s.m.* Perturbación sonora que impide unha boa recepción da mensaxe.  
Na Teoría da Comunicación, este concepto introducido por Shannon aplícase a calquera distorsión que afecte á mensaxe enviada: un problema técnico, uso de palabras que dificultan a comprensión, actitudes do emisor ou do receptor no acto da comunicación, coñecemento compartido, etc.

Ing. *noise* Fr. *bruit* Cast. *ruido* Pt. *ruído*  
→ relación sinal/ruído

**ruído, facer** *u.f.* V. facer ruído.

**ruído de fondo** *u.f.* Balbordo sonoro en segundo plano, desagradable para o oínte e que dificulta a comprensión.  
Ing. *ground noise* Fr. *bruit de fond* Cast. *ruido de fondo* Pt. *ruído de fundo*

**ruído parasito** *u.f.* Calquera interferencia que perturba unha transmisión.

Ing. *leaking noise* Fr. *bruit parasite* Cast. *ruido parásito* Pt. *ruído parasita*

**rumor** *s.m.* Información conseguida a través de fontes informais, que non foi contrastada nin contén datos abondos para se considerar certa.

Ing. *rumour* Fr. *rumeur* Cast. *rumor* Pt. *boato, rumor*

**rushes** *s.ing.* Conxunto de tomas non definitivas, previas á montaxe. → **probas**.

**rutina** *s.f.* Costume repetitivo que se fai mecanicamente, sen matinar nos motivos que o orixinan.

Ing. *routine* Fr. *routine* Cast. *rutina* Pt. *rotina*

**rutineiro -a** *adv.* Que segue a rutina ou que actúa con rutina.

Ing. *routine* Fr. *routinier* Cast. *rutinario* Pt. *rotineiro*

**ruxerruxe** *s.m.* Rumor, murmurio.

## S

**s** Símbolo de segundo (unidade de tempo).

**saída** *s.f.* Plano final do reporteiro no lugar dos feitos que pecha a noticia cos últimos datos e, ás veces, pon a firma á información elaborada.

Algunhas canles empregan este recurso como elemento de continuidade dentro dos informativos e para resaltar a elaboración propia das noticias.

→ entrada

**sair** *v.i.* Aparecer en pantalla unha persoa, un produto, unha información, unha imaxe, etc.

Ing. *to appear, to be* Fr. *sortir* Cast. *salir* Pt. *sair*

**sair á palestra** *u.f.* Participar activamente nunha discusión ou nunha polémica.

**sair ao ar** *u.f.* Comezar unha emisión.

Ing. *go on air* Fr. *entrer en onde* Cast. *salir al aire* Pt. *colocar no ar*

**sala de control** *u.f.* Lugar dos estudos dun medio onde se reciben e mesturan as imaxes e mais os sons. SIN. **control**.

**sala de famosos** *u.f.* Cuarto luxoso dunha emisora de televisión destinado a recibir cunhas atencións especiais os convidados considerados importantes.

Ing. *vip's room*

**sala de peiteado** *s.f.* Cuarto no que o peiteador desenvolve o seu labor.

Ing. *hairdresser's* Fr. *salle de coiffure* Cast. *peluquería* Pt. *cabeleireiro*

**sala de tremoia** *u.f.* Espazo pechado no que se almacenan os decorados dos programas.

**salto** *s.m.* Cambio brusco de plano de imaxes ou do son nunha narración televisiva.

Ing. *jump-cut* Fr. *saut, bond* Cast. *salto* Pt. *salto*

**salto adiante** *u.f.* Paso dunha situación presente a outra futura, nunha narración. SIN. **prolepsie, anticipación**.

Ing. *flashforward*

**salto atrás** *u.f.* Paso dunha situación presente a outra transcorrida con anterioridade no tempo, nunha narración. SIN. **salto retrospectivo, analepsie**.

Ing. *flashback*

**salto de eixe** *u.f.* Cambio de lado do eixe da toma, que provoca que o espectador quede desorientado ao perder a referencia inicial de perspectiva.

Na retransmisión dun partido de fútbol, por exemplo, un cambio de posición da cámara ao lado contrario do inicial provoca que o espectador teña a impresión de que os xogadores mudaron de campo.

Ing. *crossing the line* Fr. *saut d'axe, changement d'axe* Cast. *salto de eje* Pt. *quebra de eixo*

—eixe

**salto de enlace** *u.f.* Distancia que existe entre dous reemisores contiguos no percorrido dun sinal. SIN. **van**.

Ing. *hop, repetition distance* Fr. *bond, espacement entre répéteurs* Cast. *vano, salto entre repetidores* Pt. *espaçamento entre repetidores*

→estación de enlace

**salto dos anuncios** *u.f.* Acción do espectador que consiste en evitar os bloques publicitarios dun programa gravado nunha casete de vídeo, mediante o paso rápido da cinta.

Algunhas emisións incorporan no momento da publicidade un sinal que percibe o magnetoscopio, para eludir ese tramo xa durante a gravación.

Ing. *zipping*

→mando a distancia

**salva de cor** *u.f.* Conxunto de pulsos da portadora de cor que manteñen a sincronía dos sinais de cromatismo.

Ing. *burst, color burst* Fr. *salve* Cast. *ráfaga, salva de color* Pt. *rajada*

**satélite de comunicacóns** *u.f.* Obxecto espacial situado en órbita ao redor da Terra, como sistema repetidor (receptor e transmisor) de sinais radioeléctricos que permite a comunicación entre distintos puntos dese planeta.

Dístinguense os de potencia baixa (por baixo dos 30W), potencia media (30 a 100W) e potencia alta (por riba dos 100W).

Ing. *communication satellite* Fr. *satellite de communications* Cast. *satélite de comunicaciones* Pt. *satélite de comunicações*

→órbita de Clarke

**satélite de difusión directa (DBS)** *u.f.*

Satélite de alta potencia destinado á transmisión de sinais directamente para os abonados, sen pasar pola emisora, por medio dunha antena parabólica de tamaño medio ou pequeno.

Ing. *direct broadcast satellite* Fr. *satellite de diffusion directe* Cast. *satélite de difusión directa* Pt. *satélite de difusão directa*

**satélite de distribución** *u.f.* Satélite de potencia media deseñado para a comunicación entre dúas estacións terrestres (non para os usuarios).

Ing. *distribution satellite* Fr. *satellite de distribution* Cast. *satélite de distribución* Pt. *satélite de distribuição*

**satélite de punto a punto** *u.f.* Satélite de distribución de baixa potencia. SIN.  
**satélite de distribución punto a punto.**

**satélite directo ás casas (DTH)** *u.f.* Satélite semellante ao de difusión directa (DBS), pero de potencia media.

**satélite xeostacionario** *u.f.* Satélite que completa unha revolución ao redor da Terra cada 24 horas, de maneira que permanece na vertical dun mesmo punto fixo dela, sendo visible para case a metade da súa superficie.

Ing. *geostationary satellite* Fr. *satellite géostationnaire* Cast. *satélite geoestacionario* Pt. *satélite geoestacionário*

**Saticon** Acrónimo de *Selenium, Arsenic and Tellurium - ICONoscope*. Tubo de cámara de tipo fotocondutor composto de tres materiais sensibles: selenio, arsénico e telurio. Foi creado no mercado xaponés nos anos setenta.

→Plumbicon, CCD

**saturación** *s.f.* 1.- Propiedade que define a pureza (ausencia de mestura de branco) dunha cor no sistema de televisión a cores, sendo de saturación cero as cores acromáticas (branco, negro e grises).

Ing. *1.- saturation* Fr. *1.- saturation* Cast. *1.- saturación* Pt. *1.- saturação*

→sistema Munsell

*s.f.* 2.- Efecto que se produce cando o nivel dun sinal é superior ao nivel máximo admitido pola banda ou polo procesador, causando unha distorsión nese sinal.

Ing. *2.- saturation* Fr. *2.- saturation* Cast. *2.- saturación* Pt. *2.- saturação*

**scanner** *s.ing.* > escáner.

**scoop** *s.ing.* 1.- Información exclusiva. > exclusiva.

*s.ing.* 2.- Proxección de iluminación suave que, ao non levar lentes, ofrece un feixe de luz limitado, axeitado como

luz de ambiente ou de recheo nos estudos de televisión.

**script** *s.ing.* 1.- Guión técnico no que se recollen os detalles e as incidencias do rodado: planos válidos, material empregado, etc. >**guión de gravación**.  
*s.ing.* 2.- Secretario de rodaxe, encargado de controlar a continuidade dos planos e de cubrir os formularios dos partes técnicos. >**anotador**.

**SECAM** *SÉquentiel Couleur À Mémoire*.

Sistema de televisión a cores desenvolvido en Francia (alternativo ao PAL) que emprega 625 liñas e 50 campos.

Ademais de en Francia, úsase na Europa do Leste, en Oriente Medio, nalgúns países de África e, nunha versión distinta, nos países árabes.

→NTSC, PAL

**sección** *s.f.* Espazo dedicado a unha temática fixa que forma parte da estrutura dun programa.

Ing. *section* Fr. *section* Cast. *sección* Pt. *rubrica*

**secretario -a de rodaxe** *u.f.* Anotador.

**secreto -a** *adv.* Que só é coñecido por un grupo reducido de persoas.

Ing. *secret* Fr. *secret* Cast. *secreto* Pt. *segredo*  
→segredo

**secuencia** *s.f.* Frase audiovisual composta de varios planos que conforman unha unidade.

Ing. *sequence* Fr. *séquence* Cast. *secuencia* Pt. *sequência*

→plano secuencia

**secuestro** *s.m.* Confiscación dunha obra por decisión xudicial como consecuencia dun delito.

Na actualidade é ilegal o secuestro administrativo previo á difusión da obra por consideralo censura previa, o cal non impide que, conforme á Constitución, o secuestro correctamente executado poida ser xustificado como un xeito de evitar ou frear un dano.

- Ing.** *seizure* Fr. *saisie* Cast. *secuestro* Pt. *sequestro*  
 →censura
- sede** s.f. Lugar onde ten o seu domicilio unha entidade.  
 Ing. *head office, central office* Fr. *siège* Cast. *sede* Pt. *sede*
- SEG** sigla *Special Effects Generator.*  
 Xerador de efectos especiais.
- segmento** s.m. 1.- Anaco dunha obra.  
 Ing. *1.- segment* Fr. *1.- segment* Cast. *1.- segmento* Pt. *1.- segmento*  
 s.m. 2.- Subconxunto homoxéneo da audiencia, que pode clasificarse en función de factores diversos: idade, costumes, educación, etc.  
 Ing. *2.- segment* Fr. *2.- segment* Cast. *2.- segmento* Pt. *2.- segmento*
- segmento obxectivo** u.f. V. público obxectivo.
- segredo** s.m. Aquilo que permanece oculto, sen se dar a coñecer aos outros.  
 Ing. *secret* Fr. *secret* Cast. *secreto* Pt. *segredo*
- segredo de Estado** u.f. V. materia reservada.  
 Ing. *state secrets* Fr. *secret d' Etat* Cast. *secreto de Estado* Pt. *segredo de Estado*
- segredo profesional** u.f. Principio para a protección das fontes informativas que exime o xornalista da obriga de desvelarllas ás autoridades xudiciais a fonte da que obtivo información en casos determinados de interese público.  
 Ing. *professional secrecy* Fr. *secret professionnel* Cast. *secreto profesional* Pt. *sigilo profissional, segredo profissional*  
 →confidencial
- seguimento** s.m. Análise día a día dunha cuestión da actualidade.  
 Ing. *follow-up* Fr. *suivi* Cast. *seguimiento* Pt. *seguimento*
- seguimento a dúas bandas** u.f. Comportamento do telespectador que segue simultaneamente dous programas, mediante rápidos cambios de cadea a través do mando.  
 Ing. *switch-hitting*
- seguimento múltiple** u.f. Comportamento do espectador que cambia desordenadamente dunha cadea a outra, prestándolle unha atención desigual aos programas.  
 Estas análises do comportamento da audiencia co mando son fundamentais para o labor dos publicistas e programadores que actúan e buscan novas fórmulas en función dos modos de ver televisión.
- Ing. *grazing*  
 →mando a distancia
- segundo (s)** s.m. Unidade de medida do tempo equivalente a un sesentavo dun minuto.  
 Ing. *second* Fr. *seconde* [f.] Cast. *segundo* [m.] Pt. *segundo* [m.]
- segundo mercado** u.f. V. venda en segundo mercado.
- segundo plano** u.f. O que está máis afastado; no caso da imaxe, a parte que se percibe máis lonxe dos obxectos en primeiro plano; no caso do son, o sinal sonoro de nivel inferior ao que se percibe con maior intensidade.  
 Ing. *background* Fr. *arrière-plan* Cast. *segundo plano* Pt. *segundo plano*
- selección** s.f. 1.- Acción e efecto de elixir os planos ou as noticias que se van emitir, para desbotar os que non interesen. SIN. **escolla, escolma**.  
 Ing. *1.- selection, choosing* Fr. *1.- sélection* Cast. *1.- selección* Pt. *1.- selección*  
 s.f. 2.- Conxunto de probas ás que se somete os candidatos a un posto de traballo para demostrarren a súa valía.  
 Ing. *2.- casting* Fr. *2.- sélection* Cast. *2.- selección* Pt. *2.- selección*  
 →audición
- selo** s.m. Fiestra.
- semanal** adv. Que se difunde unha vez á semana.  
 Ing. *weekly* Fr. *hebdomadaire* Cast. *semanal* Pt. *semanal*
- semioloxía** s.f. Ciencia que estuda os diferentes sistemas de signos.

O termo, cuñado por Ferdinand de Saussure (1857-1913) convive co de <b>semiótica</b> , proposto por Roland Barthes (1915-1980).	<b>sensibilización</b> <i>s.f.</i> Proceso de lograr, baixo a influencia dos medios de comunicación, que a poboación sinta preocupación ou tome conciencia ante unha idea ou un feito.
Ing. <i>semiotics, semiology</i> Fr. <i>sémiologie</i> , <i>sémiootique</i> Cast. <i>semiología, semiótica</i> Pt. <i>semiologia, semiótica</i>	Xeralmente as estratexias de sensibilización empregan distintas frontes de actuación: personaxes públicos (que, ao tempo, constrúen a súa propia imaxe), mensaxes en forma de slogans, noticias sobre o tema, publicidade directa, etc.
<b>sen cinta</b> <i>u.f.</i> Equipamentos que almacenan producións audiovisuais en formatos carentes de fita magnética.	Ing. <i>tapeless</i>
Ing. <i>tapeless</i>	Ing. <i>consciousness raising</i> Fr. <i>sensibilisation</i> Cast. <i>sensibilización</i> Pt. <i>sensibilização</i>
<b>sen fin</b> <i>u.f.</i> Disposición dunha gravación en forma de bucle para que a reproducción sexa continua.	<b>serie</b> <i>s.f.</i> 1.- Conxunto de emisións organizadas por capítulos que gardan algunha relación entre si e que se difunden cunha periodicidade concreta. Pode ser de ficción, de debuxos animados, de reportaxes, etc.
Ing. <i>endless</i> Fr. <i>sans fin</i> Cast. <i>sin fin</i> Pt. <i>sem fim</i>	Ing. <i>1.- serial, series</i> Fr. <i>1.- série</i> Cast. <i>1.- serie</i> Pt. <i>1.- série</i>
<b>sen fíos</b> <i>u.f.</i> Sistema que permite, xeralmente mediante radiofrecuencia, comunicar distintos dispositivos electrónicos sen empregar o cable.	s.f. 2.- En xeral, sucesión limitada dun conxunto de produtos homoxéneos.
Ing. <i>wireless</i> Fr. <i>sans fil</i> Cast. <i>inalámbrico, sin hilos</i> Pt. <i>sem fio, sem fios</i>	Ing. <i>2.- series</i> Fr. <i>2.- série</i> Cast. <i>2.- serie</i> Pt. <i>2.- série</i>
<b>sensacionalismo</b> <i>s.m.</i> Práctica do xornalismo consistente en buscar os aspectos morbosos ou esaxerados da actualidade que provoquen a emoción gratuita do espectador. SIN. <b>xornalismo amarelo</b> .	<b>serie B</b> <i>u.f.</i> V. película de serie B.
Ing. <i>sensationalism</i> Fr. <i>sensationnalisme</i> Cast. <i>sensacionalismo</i> Pt. <i>sensacionalismo</i>	<b>serie derivada</b> <i>u.f.</i> Serie de ficción elaborada a partir doutra de éxito coa que comparte protagonista pero noutra situación, ou que converte en personaxe protagonista algún dos secundarios daquela.
<b>sensacionalista</b> <i>adv.</i> Que pertence ou responde ao sensacionalismo.	Ing. <i>spin-off</i>
Ing. <i>sensational, gutter press</i> Fr. <i>sensationnaliste</i> Cast. <i>sensacionalista</i> Pt. <i>sensacionalista</i>	<b>servidor</b> <i>s.m.</i> Entidade informática que fornece datos, aplicacións ou servizos a outras entidades (clientes) que acceden a el a través dunha rede de comunicacións.
<b>sensibilidad</b> <i>s.f.</i> 1.- Calidade de reaccionar emocionalmente ante un estímulo externo.	Ing. <i>server</i> Fr. <i>serveur</i> Cast. <i>servidor</i> Pt. <i>servidor</i>
Previamente á emisión de imaxes de grande impacto adoita introducirse, verbal ou graficamente, a advertencia de que poden ferir a sensibilidade dos espectadores.	<b>servidor de vídeo</b> <i>u.f.</i> Servidor de contidos audiovisuais para o seu tratamento dixital.
Ing. <i>1.- sensibilities [pl.]</i> Fr. <i>1.- sensibilité</i> Cast. <i>1.- sensibilidad</i> Pt. <i>1.- sensibilidade</i>	Ing. <i>video server</i> Fr. <i>serveur vidéo</i> Cast. <i>servidor de vídeo</i> Pt. <i>servidor de vídeo</i>
<i>s.f.</i> 2.- Capacidade de recollida dun sinal.	
Ing. <i>2.- sensitivity</i> Fr. <i>2.- sensibilité</i> Cast. <i>2.- sensibilidad</i> Pt. <i>2.- sensibilidade</i>	

**servizo** *s.m.* Área xeográfica que recibe o sinal por cable dunha cadea de televisión.

→ cobertura

**servizo de documentación** *u.f.* V. documentación.

**servizo de limpeza** *u.f.* Conxunto de traballadores encargados de limpar as instalacións dun centro de televisión e outros locais empregados nunha gravación ou emisión.

Ing. *cleaners* Fr. *service de nettoyage* Cast. *servicio de limpieza* Pt. *serviço de limpeza*

**servizo de mensaxes curtas (SMS)** *u.f.* Sistema de participación da audiencia nas emisións televisivas a través dunha mensaxe de texto enviada por telefonía móvil.

É unha tendencia actual a creación de novas canles televisivas baseadas neste servizo, que ofrecen ás audiencias a posibilidade de influiren na grella de programación, nos cuestionarios das entrevistas, así como de emitir opinións sobre as emisións en curso e participar en concursos, a través do seu terminal telefónico.

**servizo público** *u.f.* Utilidade que por lei deben ofrecer todas as televisións, públicas ou privadas, a todos os cidadáns do territorio no que emiten.

Ao contrario que nos Estados Unidos, en Europa reservouse aos Estados o coidado de crear organismos que aseguren a difusión por radio e televisión.

Na lexislación actual, para evitar confusións segundo a titularidade da entidade que ofrece o servizo público, optouse pola designación **operadores de televisión** no canto de servizo público de televisión.

Ing. *public utility* Fr. *service public* Cast. *servicio público* Pt. *serviço público*

**servizos informativos** *u.f.pl.* 1.- Espazo televisivo de información. SIN. **informativo**.

*u.f.pl.* 2.- Conxunto de profesionais que elaboran os telexornais.

**sesión** *s.f.* 1.- Xornada de gravación dun programa ou dunha obra audiovisual. Ing. *1.- session* Fr. *1.- séance* Cast. *1.- sesión* Pt. *1.- sessão*

*s.f.* 2.- Cada unha das entregas dunha mesma emisión, de horario e duración determinadas.

Ing. *2.- session* Fr. *2.- séance* Cast. *2.- sesión* Pt. *2.- sessão*

**set** *s.ing.* Espazo dun estudio de televisión no que se desenvolve un bloque dun programa. > **decorado**.

**SGAE** *Sociedad General de Autores de España.* Sociedade xeral de autores (España), que xestiona os dereitos de autor de obras dramáticas, musicais, audiovisuais e literarias.

Web: <http://www.sgae.es>

→ ALMA, WIPO

**share** *s.ing.* > **cota de pantalla**.

**SHF** *sigla Super High Frequency.* Frecuencia súper alta.

**show** *s.ing.* 1.- > **espectáculo**.

*s.ing.* 2.- > **exhibición**.

**showman** *s.ing.* Home espectáculo. > **animador**.

**SIC** Operador de televisión portugués, de titularidade privada, que comezou as súas emisións en 1992 cunha programación xeneralista.

Web: <http://www.sic.pt>

**sigla** *s.f.* Serie de iniciais que componen unha formación léxica.

Ing. *abbreviation* Fr. *sigle [m.]* Cast. *sigla [f.]* Pt. *sigla [f.]*

→ anagrama

**significado** *s.m.* Aquilo que quere dicir unha palabra ou unha acción.

Ing. *meaning* Fr. *signification* Cast. *significado* Pt. *significação, significado*

**signo** *s.m.* Sinal que representa, por relación natural ou por convención, outra cousa.

Ing. *sign* Fr. *signe* Cast. *signo* Pt. *signo*

**silenciador** *s.m.* 1.- Dispositivo que se acopla ao motor dunha máquina para amortecer o ruído.

Ing. *I.- silencer* Fr. *I.- silencieux* Cast. *I.- silenciador* Pt. *I.- silenciador*

s.m. 2.- Modo silencioso do televisor. V. visión sen voz.

**silenciar** *v.t.* Ocultar, non facer pública unha información deliberadamente.

Ing. *to hush up* Fr. *taire, étouffer* Cast. *silenciar* Pt. *sonegar*

**silencio** *s.m.* Ausencia de son.

Ing. *silence* Fr. *silence* Cast. *silencio* Pt. *silêncio*

**silencio!** *interx.* Voz que indica que vai comezar a gravación e que, polo tanto, non se debe escoitar ningún son alleo ás esixencias do guión.

Ing. *silence!* Fr. *silence!* Cast. *¡silencio!* Pt. *silêncio!*

**silueta** *s.f.* 1.- Liña que limita unha figura.

Ing. *I.- outline, silhouette* Fr. *I.- silhouette* Cast. *I.- silueta* Pt. *I.- silhueta*

s.f. 2.- Contorno dun obxecto na sombra por efecto da contraluz.

Ing. *2.- figure* Fr. *2.- silhouette* Cast. *2.- silueta* Pt. *2.- silhueta*

**símplex** *s.m.* Sistema de telecomunicación entre dous puntos no que un dos extremos actúa únicamente como transmisor e o outro como receptor.

OBS. Adaptación do latín *simplex*, simple.

Ing. *simplex* Fr. *simplex* Cast. *simplex* Pt. *símplex*

→múltiplex, dúplex

**simulacro** *s.m.* Recreación artificial dunha escena que acontecera na realidade e que non recolleran as cámaras.

Ing. *shamming* Fr. *simulation* Cast. *simulacro* Pt. *simulacro*

→docudrama

**simulador de bomba** *u.f.* Artificio pirotécnico empregado en efectos especiais, que estoupa con fume e golpes de fogo.

**simulcast** *s.ing.* Acrónimo de *SIMULTaneous CASTing*. Transmisión simultánea por radio e televisión, ou dun mesmo programa televisivo en varios formatos ou patróns ao mesmo tempo, co fin de permitir a recepción por parte dun

maior número de equipamentos.

> difusión simultánea.

**Simulcrypt** Modelo de descodificador de televisión de acceso condicional alternativo ao Multicrypt, que posibilita que os fornecedores de servizos difundan, cun acordo comercial, a través dun operador principal.

→Multicrypt

**sinal** *s.m.* 1.- Impulso de enerxía que serve para transmitir información a través dunha canle.

Ing. *I.- signal* Fr. *I.- signal [m.]* Cast. *I.- señal [f.]* Pt. *I.- sinal [m.]*

s.m. 2.- Aceno de advertencia.

Ing. *2.- sign* Fr. *2.- signal [m.]* Cast. *2.- señal [f.]* Pt. *2.- sinal [m.]*

**sinal de entrada** *u.f.* 1.- Sinal presente na entrada dun sistema (por exemplo, dun amplificador).

u.f. 2.- Marcaxe do punto exacto de inicio da secuencia que vai ser editada.

Ing. *2.- cue in* Fr. *2.- top de départ* Cast. *2.- señal de entrada* Pt. *2.- ponto de entrada*

**sinal de retorno** *u.f.* Sinal que recibe un monitor no control de realización e que ofrece a imaxe e o son tal como o recibe o telespectador.

Ing. *return* Fr. *signal de retour* Cast. *señal de retorno* Pt. *sinal de retorno*

**sinal de ruído** *u.f.* V. relación sinal/ruído.

**sinal de saída** *u.f.* 1.- Sinal presente na saída dun sistema.

→compensador

u.f. 2.- Marcaxe do punto exacto do final da secuencia que vai ser editada.

Ing. *2.- cue out* Fr. *2.- marque de sortie* Cast. *2.- señal de salida* Pt. *2.- ponto de saída*

**sinal de sincronismo** *u.f.* Sinal que controla a sincronía, en particular, na exploración da imaxe.

→pistar

**sinal de televisión** *u.f.* Sinal completo que contén a información de imaxe e mais os sinais de sincronismo.

- sinal de vídeo** *u.f.* Sinal que contén a información referida á imaxe, separada da portadora de vídeo.
- sinal de vídeo composto** *u.f.* Sinal de televisión.
- sinatura** *s.f.* Rúbrica, nome que acompaña un documento ou un texto, como indicación de compromiso ou de responsabilidade sobre o contido. SIN.
- firma.**  
Ing. *signature* Fr. *signature* Cast. *firma* Pt. *assinatura*
- sincronía** *s.f.* V. sincronismo.
- Ing. *synchrony* Fr. *synchronisme* Cast. *sincronía* Pt. *sincronia*
- sincronismo** *s.m.* Simultaneidade perfecta entre dous sinais, entre dúas pistas ou entre dous procesos.
- Ing. *synchronism* Fr. *synchronisme* Cast. *sincronismo* Pt. *sincronismo*  
→ sinal de sincronismo
- sincronización** *s.f.* Acción de facer coincidir no tempo a banda de son coa de imaxe ou, en xeral, varios elementos ou funcións.
- Ing. *synchronization* Fr. *synchronisation* Cast. *sincronización* Pt. *sincronização*
- sincronización labial** *u.f.* Acción de adaptar os diálogos dobrados ao movemento dos labios dos actores.
- Ing. *lip-sync* Fr. *synchronisation des lèvres* Cast. *sincronización labial* Pt. *sincronização labial*  
→ dobraxe
- sincronización xestual** *u.f.* Movementos expresivos que fai un artista (xeralmente un cantante que non interpreta en directo) para se adaptar a unha banda de son pregravada.
- sincronizar** *v.t.* Axustar a coincidencia temporal de dous elementos.
- Ing. *to synchronize* Fr. *synchroniser* Cast. *sincronizar* Pt. *sincronizar*
- sindicación** *s.f.* Sistema de comercialización en segundo mercado de programas xa emitidos ou que se produciron especialmente para seren

vendidos a varias canles simultaneamente, estean afiliadas ou non as emisoras que os adquieren (xeralmente de ámbito local).

Ing. *syndication*

- sindicación en metálico** *u.f.* Acordo de pago dunha cota en metálico polos dereitos de emisión dun programa por un período de tempo.

Ing. *cash syndication*

- sindicación por troco** *u.f.* Variante de sindicación na que a emisora que adquire o produto paga en forma de cesión gratuíta de espazos publicitarios na franxa horaria de emisión do programa.

Ing. *barter*

- sindicado, programa** *u.f.* V. programa sindicado.

- sine die** *u.f.* Sen data determinada.

OBS. Locución latina, de uso culto.

- sinécdoque** *s.f.* Figura retórica que designa unha parte polo todo, a materia polo obxecto ou o continente polo contido.
- Ing. *synecdoche* Fr. *synecdoque* Cast. *sinédoque* Pt. *sinédoque*

- sinopse** *s.f.* Resumo do argumento dunha obra audiovisual que pretende presentar a idea global previamente á elaboración dun guión detallado.

Ing. *synopsis* Fr. *synopsis* Cast. *sinopsis* Pt. *sinopse*

- síntese** *s.f.* 1.- Elaboración dun composto a partir de elementos constituíntes.

Ing. *1.- synthesis* Fr. *1.- synthèse* Cast. *1.- síntesis* Pt. *1.- síntese*

→ imaxe de síntese

*s.f.* 2.- Exposición clara e breve dun asunto.

Ing. *2.- synthesis* Fr. *2.- synthèse* Cast. *2.- síntesis* Pt. *2.- síntese*

*s.f.* 3.- Breve resumo do argumento principal dunha obra de ficción audiovisual, expresado nunhas cinco liñas.

Ing. *3.- storyline*

**síntese de cores** *u.f.* Proceso de formación das cores por unión (adición) ou por subtracción das tres cores básicas.

→cor

**sintonía** *s.f.* 1.- Tema musical identificador dun programa.

Cando se trata dunha sintonía moi breve que non chega a configurar un tema musical, para separar espazos da programación, chámasele **indicativo**. Ing. *I.- jingle* Fr. *I.- sonal* Cast. *I.- sintonía* Pt. *I.- jingle*

→cabeceira

*s.f.* 2.- Sintonización.

Ing. *2.- tuning* Fr. *2.- syntonisation* Cast. *2.- sintonía* Pt. *2.- sintonia*

**sintonización** *s.f.* Acción e efecto de sintonizar.

Ing. *tuning* Fr. *syntonisation* Cast. *sintonización* Pt. *sintonizaçao*

**sintonizar** *v.t.* Axustar a frecuencia do aparello receptor á do emisor.

Ing. *to tune to* Fr. *syntoniser* Cast. *sintonizar* Pt. *sintonizar*

**sinxeleza** *s.f.* Característica do que se pode comprender sen dificultade. SIN. **simplicidade**.

Ing. *simplicity* Fr. *simplicité* Cast. *sencillez* Pt. *singeza, simplicidade*

**sistema de abono** *u.f.* Modo de subscrición aos servizos dunha televisión de pago mediante unha cota fixa e periódica, xeralmente mensual.

→televisión de peaxe

**sistema de acceso múltiple** *u.f.* V. multiacceso.

**sistema de responsabilidade en fervenza**

*u.f.* Principio legal que establece a responsabilidade penal nunha empresa xornalística de forma gradual, como matiz da responsabilidade persoal.

O primeiro que responde sobre unha noticia é o seu autor (o redactor); cando este é descoñecido, a responsabilidade é de quen a induciu (o director); se non o houber, responde subsidiariamente o director da empresa.

Ing. *chain of responsibility, liability* Fr. *responsabilité en cascade, principe de la*

*cascade* Cast. *responsabilidad en cascada*  
Pt. *responsabilidade sucessiva, em cascata*

**sistema Munsell** *u.f.* Estándar de clasificación de matices para os diversos graos das cores, que se expresa mediante escalas numéricas que representan as tres dimensións da cor. Frente á clasificación convencional que denomina as tres calidades da cor como ton, saturación e brillo, o sistema Munsell emprega os termos ton (T), croma (C) e valor (V). A secuencia que define cada cor neses termos é T V/C (en inglés, H V/C).

→RGB, CIE

**sitcom** *s.ing.* Acrónimo de *SITUation COMedy*. > **comedia de situación**.

**situar** *v.t.* Orientar o telespectador no contexto ou no espazo xeográfico no que se desenvolve a noticia.

Ing. *to place* Fr. *situer* Cast. *ubicar, situar* Pt. *situar*

→contexto

**sketch** *s.m.* Escena curta dramatizada, xeralmente de carácter cómico, que constitúe unha unidade en si mesma. SIN. **peza cómica**.

OBS. Trátase dun termo inglés xa incorporado á nosa lingua.

**sky pan** *u.f.ing.* Tipo de proxector de luz difusa que se emprega na iluminación de fondos para dar homoxeneidade e suavidade nunha área ampla.

**slogan** *s.m.* Frase breve coa que se pretende influír nas persoas, adoito empregada nas mensaxes publicitarias. SIN. **lema**. OBS. Termo adoptado do inglés, xa asentado na lingua común.

Ing. *slogan* Fr. *slogan* Cast. *eslogan* Pt. *slogan*

**SMATV** sigla *Satellite Master Antenna Television*. Sistema patrón de antenas colectivas de televisión con capacidade de recepción de sinais distribuídos vía satélite e por medios terrestres.

→MATV

**SMPTE** *Society of Motion Picture and Television Engineers.* Sociedade de técnicos do cine e da televisión. Entidade técnica norteamericana que establece recomendacións para a industria cinematográfica e televisiva. Web: <http://www.smpte.org>

**SMS** *sigla Short Message Service.* 1.- Servizo de comunicación escrita a través do teléfono móvil. > **servizo de mensaxes curtas.**

*sigla* 2.- Escrito breve enviado a través dese servizo telefónico. > **mensaxe de texto.**

**soap opera** *u.f.ing.* Novela televisiva de longa duración. > **telenovela.**  
O termo, de orixe americana, creouse nos anos corenta, como unha fusión irónica de *opera* (obra) e *soap* (xabón), por seren producións financiadas polas grandes empresas de dexterentes dirixidas ás amas de casa.

**soar** *v.i.* Producir son.

Ing. *to sound* Fr. *sonner* Cast. *sonar* Pt. *soar*

**sobrecarga** *s.f.* Exceso de potencia na alimentación dun sistema electrónico en relación á admitida por esa instalación ou circuíto.

Ing. *overload* Fr. *surcharge, survoltage* Cast. *sobrecarga* Pt. *sobrecarga*

**sobreexposto -a** *adv.* Queimado.

**sobre impresión** *s.f.* Superposición.

Ing. *overlaying* Fr. *surimpression* Cast. *sobreimpresión* Pt. *superposição*

**sobre mesa, de** *u.f.* Que se emite no período de tempo inmediatamente posterior ao xantar.

— franxa horaria

**sociedade** *s.f.* 1.- Agrupación de persoas que establecen unha serie de relacións pactadas.

Ing. *1.- society* Fr. *1.- société* Cast. *1.- sociedad* Pt. *1.- sociedade*

*s.f.* 2.- Xénero xornalístico especializado en temas relacionados co modo de vida das clases altas e, en xeral, das tendencias humanas. Tamén, sección desa temática.

Ing. *2.- society* Fr. *2.- société* Cast. *2.- sociedad* Pt. *2.- sociedade*

→ audiencia

**sociedade da información** *u.f.* Sociedade que se desenvolve ao redor da información, na que os coñecementos, a súa creación e difusión son o elemento definitorio das relacións entre os individuos e entre os países.

Trátase dunha expresión creada na década dos noventa que destaca o lugar preponderante da información na sociedade actual, que noutrora tivera a industria ou a agricultura. Algunhas autores prefieren denominala **sociedade do saber** ou **sociedade do coñecemento**.

→ autoestradas da información, TIC

**software** *s.ing.* 1.- Programación informática para o desenvolvemento de aplicacións ou a xeración de información, por oposición ao soporte material (en inglés, *hardware*). > **programas.**

*s.ing* 2.- Conxunto da producción inmaterial dun medio de comunicación.  
→ **contidos.**

**solapamento** *s.m.* Superposición de espectro.

**soliloquio** *s.m.* Reflexión en voz alta dunha persoa que fala consigo mesma, sen a presenza dun interlocutor.

Ing. *soliloquy* Fr. *soliloque* Cast. *soliloquio* Pt. *solilóquio*

→ monólogo

**sombra** *s.f.* Zona de escuridade que se forma cando un corpo impide o paso da luz.

As sombras involuntarias nun estudio de televisión son consideradas antiestéticas e froito dunha iluminación incorrecta, que se soluciona con luces de recheo estrateticamente situadas.

Ing. *shadow* Fr. *ombre* Cast. *sombra* Pt. *sombra*

**sombra, na** *u.f.* Sen recepción do sinal.

→ zona de sombra

**sobremar** *v.t.* Suprimir voluntariamente a emisión de certas canles de televisión

nunha zona xeográfica para eliminar a competencia con outras durante un tempo determinado. SIN. **escurecer**.

**son** *s.m.* 1.- Sensación producida no oído pola vibración dun corpo.

Ing. *1.- sound* Fr. *1.- son* Cast. *1.- sonido* Pt. *1.- som*

*s.m.* 2.- Calquera impresión auditiva que acompaña unha imaxe.

Ing. *2.- sound* Fr. *2.- son* Cast. *2.- sonido* Pt. *2.- som*

**son ambiental** *u.f.* Conxunto de sons que envolven unha escena, recreados ou recollidos nun espazo físico determinado. SIN. **son ambiente**.

**son de referencia** *u.f.* Banda de son gravada durante unha rodaxe que serve de referencia para a posterior dobraxe e sincronización.

**son directo** *u.f.* Son que se transmite sen gravación previa, ao mesmo tempo que se produce.

Ing. *live sound* Fr. *son direct* Cast. *sonido directo* Pt. *som directo*

**son envolvente** *u.f.* Sistema de son que produce un campo sonoro frontal, posterior e lateral a través de caixas acústicas así dispostas con respecto á situación do oínte, co fin de que este se sinte no centro da acción sonora.

Ing. *surround*

**son estereofónico** *u.f.* V. estereofónico.

**son monofónico** *u.f.* V. monofónico.

**son pregravado** *u.f.* V. pregravado.

**son vivo** *u.f.* Son recollido no momento mesmo no que se produce, independentemente de que se emita en directo ou en diferido.

→en vivo

**sona** *s.f.* 1.- Feito de ser moi coñecido. SIN. **fama, renome**.

Ing. *1.- reputation* Fr. *1.- renom* Cast. *1.- fama* Pt. *1.- fama, renome*

→famoso

*s.f.* 2.- Opinión que ten a xente sobre un tema ou sobre unha persoa. SIN. **reputación**.

Ing. *2.- reputation* Fr. *2.- réputation* Cast. *2.- fama* Pt. *2.- reputação*

**sondaxe** *s.f.* Método estatístico que permite observar e coñecer cuantitativamente as tendencias globais de comportamento ou de opinión, que se xulgan representativas dunha poboación.

Ing. *poll* Fr. *sondage* Cast. *sondeo* Pt. *sondagem*

→enquisa, estatística

**sonorización** *s.f.* Etapa da posproducción na que se introducen novos efectos de son e se mesturan e axustan todos os elementos sonoros rexistrados.

Ing. *sound track recording* Fr. *sonorisation, bruitage* Cast. *sonorización* Pt. *sonorização*

**sonoro -a** *adj.* 1.- Que produce son.

Ing. *1.- sound* Fr. *1.- sonore* Cast. *1.- sonoro* Pt. *1.- sonoro*

→cine sonoro

*adj.* 2.- Que produce un son intenso e agradable.

Ing. *2.- loud* Fr. *2.- sonore* Cast. *2.- sonoro* Pt. *2.- sonoroso, sonoro*

→acústico

**soporte** *s.m.* 1.- Medio físico no que se almacena información (cinta, disco, etc.).

Ing. *1.- support* Fr. *1.- support* Cast. *1.- soporte* Pt. *1.- suporte*

*s.m.* 2.- Base ou apoio que sustenta un aparato (unha cámara, un micrófono, etc.).

Ing. *2.- stand* Fr. *2.- support* Cast. *2.- soporte* Pt. *2.- suporte*

→trípode, xirafa, pértega

*s.m.* 3.- Medio de comunicación a través do que se transmite unha mensaxe.

Ing. *3.- medium* Fr. *3.- support* Cast. *3.- soporte* Pt. *3.- suporte*

**sopro** *s.m.* Revelación dunha información secreta a un xornalista por parte de alguén coñecedor do asunto.

Ing. *tip-off* Fr. *tuyau* Cast. *soplo* Pt. *vazamento*

→confidente, filtrar

**SOT** *sigla Sound On Tape.* Cinta con son. Indicación no guión televisivo que

advirte de que as imaxes levan o seu propio son real, non fondos sonoros editados.

**sound track** *u.f.ing.* > **banda de son.**

**spaghetti western** *u.f.ing.* Película do oeste de orzamento baixo, rodada xeralmente en España ou en Italia, arremedando as dese xénero producidas nos Estados Unidos con altos presupostos. > **película do oeste á europea.**

**spin-off** *u.f.ing.* Derivado. > **serie derivada.**

**split frame** *u.f.ing.* > **imaxe fraccionada.**

**sponsor** *s.ing.* > **patrocinador.**

**spot** *s.ing.* Espazo. > **anuncio.**

**spotlight** *s.ing.* Proxeitor de luz con lente fresnel que consta dun sistema de enfoque que permite regular a amplitude do feixe luminoso. > **proxector de luz concentrada.**

**staff** *s.ing.* > **cadro de persoal.**

**stand by** *u.f.ing.* > **espera, á.**

**star** *s.ing.* Figura cinematográfica ou televisiva. > **estrela.**

**star-system** *u.f.* Estrutura comercial que rodea os actores, que favorece o lanzamento das súas películas e que os converte en figuras de sona internacional. > **negocio das estrelas.**

**start** *s.ing.* 1.- > **arranque.**

*s.ing.* 2.- Comezo impresionado sobre un negativo ou unha fita para asegurar o sincronismo entre son e imaxe. > **colas.**

**steady-cam** *s.ing.* > **cámara estable.**

**stop** *s.ing.* Botón dun equipamento que detén a acción que ata ese momento estaba a executar. > **parada.**

**storyboard** *s.ing.* > **guión gráfico.**

**storyline** *s.ing.* > **síntese.**

**stress** *s.ing.* Figura expresiva que consiste en proxectar durante un período de tempo prolongado a mesma imaxe que crea a sensación de desespero. > **tensión.**

**stringer** *s.ing.* > **colaborador.**

**subdirector -ora** *s.* Categoría laboral inmediatamente inferior ao director.

Ing. *assistant manager* Fr. *sous-directeur*  
Cast. *subdirector* Pt. *subdiretor*

**subliminar** *adv.* Que está fóra dos límites da capacidade humana de percepción visual ou sonora.

Por imperativo legal, a publicidade e mais a televenda non poden empregar técnicas subliminares.

Ing. *subliminal* Fr. *subliminal* Cast. *subliminal* Pt. *subliminar*

→mensaxe subliminar

**submostraxe do sinal** *u.f. V.* superposición de espectro.

**subornar** *v.t.* Lograr que, a cambio dun beneficio económico ou dunha acción favorable, alguén actúe segundo se lle ordena, nas marxes da ética ou da legalidade.

Na ética xornalística non está permitida a práctica de subornar as fontes para obter información, nin tampouco que o medio sexa subornado para que publique ou silencie unha noticia.

Ing. *to bribe* Fr. *soudoyer* Cast. *sobornar*  
Pt. *subornar*

**subtítulo** *s.m.* Rótulo de texto sobreimpresionado na parte inferior da imaxe, para ofrecer a tradución dos diálogos.

Ing. *subtitle* Fr. *sous-titre* Cast. *subtítulo* Pt. *subtítulo, legenda*

→versión orixinal subtitulada

**subtítulos opcionais** *u.f.pl.* Cadros de texto no mesmo idioma da emisión, localizados na pantalla pero só visibles ao accionar esa opción no menú do televisor, que lles facilitan ás persoas con deficiencia auditiva o seguimento da programación.

Fronte aos subtítulos convencionais, ofrecen tamén información dos efectos especiais, do son ambiente, etc.

Ing. *closed caption*

**subtracción de cores** *u.f.* Proceso de consecución da cor por eliminación dalgunhas compoñentes de luz branca.

→adición de cores

**subvención** *s.f.* Axuda económica que unha institución oficial ou privada lle concede a unha entidade.

Sen afectaren a liberdade de expresión, as diferentes modalidades de subvención que unha institución lle poida conceder a un medio deben, ademais, responder a un criterio xusto con respecto ao resto dos concorrentes, sen atender a orientacións ideolóxicas.

Ing. *grant* Fr. *subvention* Cast. *subvención* Pt. *subvenção, subsídio*

→ patrocinio

**subxectividade** *s.f.* Calidade do que é conforme á maneira persoal de ver e de entender as cousas un individuo.

Ing. *subjectivity* Fr. *subjectivité* Cast. *subjetividad* Pt. *subjectividade*

→ obxectividade

**subxectivo -a** *adv.* Que é conforme á visión persoal das cousas.

Ing. *subjective* Fr. *subjectif* Cast. *subjetivo* Pt. *subjectivo*

→ cámara subxectiva

**suceso** *s.m.* 1.- Acontecemento puntual, xeralmente de carácter violento ou catastrófico.

Ing. *1.- incident* Fr. *1.- fait, sinistre* Cast. *1.- suceso* Pt. *1.- sucesso*

*s.m.pl.* 2.- Subxénero xornalístico que trata esa caste de noticias.

Ing. *2.- accident and crime reports, events* Fr. *2.- faits divers* Cast. *2.- sucesos* Pt. *2.- faits-divers*

**suco** *s.m.* Fenda onde vai rexistrado o son dos discos fonográficos.

Ing. *groove* Fr. *sillon* Cast. *surco* Pt. *sulco*

**sumario** *s.m.* Resumo breve dos aspectos máis relevantes que se trattaron ou que se van tratar nun programa.

É o equivalente á primeira dun xornal.

Ing. *summary* Fr.  *sommaire* Cast. *sumario* Pt. *sumário*

→ titular

**sumario final** *u.f.* V. peche de sumario.

**Sunlight** Nome comercial, empregado adoito como nome común, dun proxector luminoso de alta potencia.

**Super VHS (S-VHS)** Formato de vídeo semiprofesional baseado no VHS pero cunha maior calidade de imaxe.

→ VHS

**superposición** *s.f.* Sobreimpresión electrónica de varias imaxes.

Ing. *overlay* Fr. *surimpression, superposition* Cast. *superposición* Pt. *superposição*

→ chave de croma

**superposición de espectro** *u.f.*

Imperfección ou perda de calidade do sinal (de audio, de vídeo) cando se dixitaliza cunha frecuencia de mostraxe baixa, isto é, menor ca a frecuencia de Nyquist. SIN. **solapamento**.

Ing. *aliasing* Fr. *crènelage* Cast. *solapamiento* Pt. *superposición, aliasing*

→ frecuencia de mostraxe

**superproducción** *s.f.* Obra audiovisual, xeralmente unha película, de custo extraordinario, que prevé un éxito semellante ante o público.

Ing. *blockbuster* Fr. *superproduction, film à gros budget* Cast. *superproducción* Pt. *superprodução*

→ producción

**supervisar** *v.t.* Vixiar o proceso de construcción dun programa, dun texto, dunha noticia, etc.

Ing. *to supervise* Fr. *superviser* Cast. *supervisar* Pt. *supervisar*

**supervisor -ora de son** *u.f.* Responsable da creación artística e técnica do espazo sonoro dunha película.

É o equivalente no son ao director de fotografía na imaxe.

Ing. *supervising sound editor, sound supervisor* Fr. *superviseur du son* Cast. *supervisor de sonido* Pt. *supervisor de som*

**suspense** *s.m.* 1.- Técnica de narración cinematográfica que procura a tensión no espectador retardando o desenlace da trama ou combinando accións paralelas en momentos de emoción.

Ing. *1.- suspense* Fr. *1.- suspense* Cast. *1.- suspense* Pt. *1.- suspense*

*s.m.* 2.- Xénero cinematográfico de intriga.  
Ing. 2.- *suspense, thriller* Fr. 2.- *suspense*  
Cast. 2.- *suspense* Pt. 2.- *suspense*

**S-VHS** Super VHS.

**switch-hitting** *s.ing.* Comportamento do telespectador que fai un seguimento simultáneo de dous programas, mediante rápidos cambios de cadea a través do mando. > **seguimento a dúas bandas**.

## t

**take** *s.ing.* > **toma**.

**talk-back** *s.ing.* > **interfono**.

**talk-show** *s.ing.* Tipoloxía de programa baseada na entrevista múltiple de carácter informal que busca o testemuño directo das persoas anónimas afectadas por un asunto. > **programa de testemuños**.

**tally** *s.ing.* > **piloto**.

**tape** *s.ing.* > **cinta**.

**tapeless** *s.ing.* Equipamento que almacena producións audiovisuais sen necesidade de fita magnética. > **sen cinta**.

**tapetimer** *s.ing.* > **contador do tempo da fita**.

**taquitoscopio** *s.f.* Aparello que permite pasar, na proxección dun produto audiovisual, certas imaxes a unha velocidade moi superior á habitual, que o ollo do espectador só capta de modo subconsciente, pero que poden quedar almacenadas no seu cerebro.

Tense empregado na avaliación publicitaria para a análise da percepción e o impacto de imaxes subliminares. Na actualidade substitúese por simuladores informáticos que actúan de modo semellante.

Ing. *tachitoscope* Fr. *tachitoscope* Cast. *taquitoscopio* Pt. *taquitoscópio*

**target** *s.ing.* 1.- Elemento do tubo de cámara que transforma as variacións de carga eléctrica formando a imaxe electrónica.  
> **mosaico**.

*s.ing.* 2.- Grupo de persoas que constitúen o obxectivo dunha emisión televisiva. > **público obxectivo**.

**taxa binaria** *u.f.* Indicación da velocidade á que se transmite a información dixital, que se expresa xeralmente en unidades de bits por segundo.

Ing. *bit rate* Fr. *débit binaire* Cast. *tasa binaria* Pt. *taxa binária*

**taxa de erro nos bits (BER)** *u.f.* Valor que indica a probabilidade media de erro dun sistema dixital ao transmitir a información. SIN. **taxa de erro de bits**.  
Ing. *bit error rate* Fr. *taux d'erreur binaire*  
Cast. *índice de error binario* Pt. *taxa de erro nos bits*

**TBC** sigla *Time Base Corrector*. Corrector da base de tempo.

**TCR** sigla *Time Code Recording*. Código de tempo da gravación.

**tecear** *v.t.* Fixar os códigos de tempo no material gravado. > **inserir os códigos**.  
OBS. Trátase dunha forma verbal creada a partir da lexicalización da sigla inglesa TC (*time code*).

**teclado** *s.m.* Periférico de entrada que se compón dun cadro de teclas que permite seleccionar caracteres para introducilos nun ordenador ou nun equipo de montaxe de vídeo.

Ing. *keyboard* Fr. *clavier* Cast. *teclado* Pt. *teclado*

**tecnicismo** *s.m.* Termo ou expresión de carácter técnico.

Ing. *technical term* Fr. *terme technique* Cast. *tecnicismo* Pt. *tecnicismo*

**técnico -a** *adv.* 1.- Relativo á técnica.

Ing. 1.- *technical* Fr. 1.- *technique* Cast. 1.- *técnico* Pt. 1.- *técnico*

s. 2.- Nome xenérico que recibe o profesional que manexa aparellos técnicos.

Ing. 2.- *technician* Fr. 2.- *technicien* Cast. 2.- *técnico* Pt. 2.- *técnico*

s.f. 3.- Conxunto dos procedementos empregados na producción dunha obra.  
Ing. 3.- *technique, technology* Fr. 3.- *technique* Cast. 3.- *técnica* Pt. 3.- *técnica*

**técnico -a de mesturas** *u.f.* Encargado de operar coa mesa de mesturas. SIN. **mesturador**.

**tecnoloxía** *s.f.* Conxunto de procedementos, coñecementos e instrumentos técnicos.  
Ing. *technology* Fr. *technologie* Cast. *tecnología* Pt. *tecnologia*

**tecnoloxía da información** *u.f.* V. TIC.

**tele** *s.f.* Abreviatura de televisión ou televíSOR.

Ing. *tv* Fr. *télé* Cast. *tele* Pt. *tv*

**tele-** Prefixo que significa a distancia ou transmitido por televisión.

Ing. *tele* Fr. *télé* Cast. *tele* Pt. *tele*

**Tele 5** Cadea privada de televisión (España), que realiza as súas desconexións informativas no noso territorio a través de Atlas Galicia.

Web: <http://www.telecinco.es>

**Tele Coruña** Televisión local da Coruña, de titularidade privada, que cobre praticamente toda a provincia. Comezou as súas emisións en 1994 e actualmente está integrada no grupo Local Media- Cadena Local TV.

Web: <http://www.telecoruna.com>

**Tele Miño** Televisión local da cidade de Ourense, de titularidade privada (Grupo La Región), que comezou a emitir en 1999.

**Tele Salnés-Barbanza** Cadea local de titularidade privada, con sede en Ribadumia (Pontevedra) e tamén na Pobra (A Coruña), que dá cobertura ao Salnés, ao Barbanza, a Caldas e a Osar. Comezou as súas emisións no ano 1994.

Web: <http://www.tvsalnes.com>

**Tele Teo** Canle de televisión local do concello de Teo (A Coruña), de explotación privada.

**Tele Tui** Cadea local de Tui (Pontevedra) de titularidade municipal, que comezou a emitir en 1992.

**Tele Vigo** Televisión local da cidade da oliveira, de titularidade privada, que ofrece a súa imaxe a través de La 7 de Tele Vigo, con informativos diarios da actualidade local e programas semanais de producción propia. Comezou as súas emisións no ano 1995.

Web: <http://www.televigo.com>

**Tele Voz** Cadea de televisión privada de ámbito galego, integrada no grupo Voz, que funciona como produtora, sen emitir programación.

**teleapuntador** *s.m.* Apuntador electrónico.

**telecámara** *s.f.* Cámara de televisión.

**teleclub** *s.m.* Local de reunión social para compartir a visión dun programa.

En España na década dos setenta, co pulo do Ministerio de Educación, creouse unha rede de teleclubs destinados especialmente ao mundo rural onde as familias non dispuñan dun televíSOR de seu, con pretensións de difusión cultural e tamén cunha función propagandística exercida por mediadores locais que interpretaban a programación.

**telecomedia** *s.f.* 1.- Xénero de ficción para televisión que desenvolve, cunha serie de personaxes, situacións da vida cotiá cun carácter cómico e final feliz.

Ing. 1.- *tv comedy* Fr. 1.- *télé-comédie* Cast.

1.- *telecomedia* Pt. 1.- *telecomédia*

*s.f.* 2.- Produto que responde a ese xénero.

Ing. 2.- *tv comedy show* Fr. 2.- *télé-comédie*

Cast. 2.- *telecomedia* Pt. 2.- *telecomédia*

→ *comedia de situación*

**telecomunicación** *s.f.* Conxunto de procedementos de emisión, de transmisión e mais de recepción de información de natureza diversa a distancia e en distintos soportes.

Ing. *telecommunication* Fr. *télécommunication* Cast. *telecomunicación* Pt. *telecomunicação*

**teleconferencia** *s.f.* Videoconferencia.

Ing. *teleconference* Fr. *téléconférence* Cast. *teleconferencia* Pt. *teleconferência*

**teledifusión** *s.m.* Difusión a distancia.

Ing. *broadcasting* Fr. *télédiffusion* Cast. *teledifusión* Pt. *teledifusão*

**teledirixido** *-a* *adx.* Controlado desde a distancia.

Ing. *remote-controlled* Fr. *télécommandé* Cast. *teledirigido* Pt. *telecomandado*  
—panca de mando

**telefacsimile** *s.m.* Fax.

**telefilme** *s.m.* Película realizada para televisión.

Aínda que o seu formato é equivalente ao do cine (ao redor dos 90 minutos), as decisións estéticas e narrativas enfócanse á especificidade do medio. Incluso na estrutura se adoitan ter en conta os cortes publicitarios, para que non afecten o seguimento da acción por parte do espectador.

Ing. *tv movie* Fr. *téléfilm* Cast. *telefilme* Pt. *telefilme*

**teléfono** *s.m.* Sistema de telecomunicación de voz en dobre ou múltiple dirección.

Ing. *telephone, phone* Fr. *téléphone* Cast. *teléfono* Pt. *telefone*

**telelixo** *s.m.* V. lixo.

**telemando** *s.m.* Mando a distancia.

**telemática** *s.f.* Conxunto de sistemas técnicos nos que converxen a telecomunicación e a informática.

Neoloxismo creado en 1978 por Simon Nora e Alain Minc no informe *L'informatisation de la société*.

Ing. *telematics* Fr. *télématique* Cast. *telemática* Pt. *telemática*

**telenovela** *s.f.* Serie televisiva estruturada en numerosos capítulos difundidos periodicamente, nos que a acción discorre con moita lentitude desenvolvendo temas melodramáticos a través de personaxes que reflicten tipos sociais facilmente identificables. SIN. **folletín.**

Co fin de adaptar aos gustos da audiencia o desenvolvemento das telenovelas, é unha práctica frecuente entre os produtores buscar a

intervención dos espectadores no deseño da trama, a través de medios de interacción que permitan coñecer os seus desexos.

Ing. *soap opera* Fr. *feuilleton* Cast. *culebrón, telenovela* Pt. *telenovela*

**telensino** *s.f.* Sistema de educación que se serve da televisión para transmitir os coñecementos ou, en xeral, educación a distancia a través das novas tecnoloxías.

Ing. *distance learning* Fr. *téléenseignement* Cast. *telenseñanza* Pt. *tele-ensino, telescola*

**teleobxectivo** *s.m.* Obxectivo de longa distancia focal que crea a sensación de aproximación de obxectos moi afastados no espazo.

Ing. *telelens* Fr. *téléobjectif* Cast. *teleobjetivo* Pt. *teleobjectiva*

**teleprinter** *s.ing.* Xerador de grafismos de sobreimpresión na imaxe. > **tituladora**.

**teleprompter** *s.ing.* Sistema visual colocado ao pé do obxectivo da cámara, que permite que o locutor lea os textos dando a impresión de que os improvisa ao dirixir a mirada á audiencia. > **apuntador electrónico**.

**telerrealidade** *s.f.* 1.- Xénero de programa que converte a realidade cotiá (ou pactada) da xente do común en espectáculo.

Segundo análises diferenciadoras, distínguese na telerrealidade: dunha parte, programas de testemuños nos que o convidado conta nun pequeno período de tempo parte da súa biografía (vidas-exhibidas), e doutra banda, aqueles que realizan un seguimento do personaxe durante longos períodos, mesmo as 24 horas, na súa actividade cotiá ou pactada (vida en directo).

Ing. *1.- reality show* Fr. *1.- téléréalité* Cast. *1.- telerrealidad* Pt. *1.- tele-realidade*  
*s.m.* 2.- Programa dese xénero.

**teleserie** *s.f.* Conxunto de capítulos de ficción para televisión realizados cuns personaxes ou cunha historia comúns.

Ing. *serial* Fr. *télé série* Cast. *teleserie* Pt. *série*

→serie derivada

**telespectador -ora** s. Persoa que segue unha emisión a través do televisor.  
Ing. *tv viewer* Fr. *téléspectateur* Cast. *telespectador, televidente* Pt. *telespectador*  
→ audiencia

**teletenda** s.f. Sistema de venda a través da televisión que consiste en presentar un produto que os espectadores poden adquirir inmediatamente a través dun mando interactivo ou do teléfono. Os espazos de teletenda, tamén chamados de **telecompra** ou **televenda**, están regulados pola lei en canto á súa forma e emisión, e reciben un tratamento á parte da publicidade.  
Ing. *teleshopping, telesales* Fr. *téléachat* Cast. *teletienda* Pt. *televendas*

**teletexto** s.m. Sistema de transmisión de información que emprega as liñas do intervalo vertical sen uso na emisión televisiva.  
Permite que o usuario acceda, a través dun terminal de televisión, a unha serie de mensaxes escritas, sexa no lugar das imaxes normais de televisión ou sobreimpresas a estas. Este acceso prodúcese dun modo secuencial, xa que a transmisión das páxinas é cíclica, cun tempo de espera ata que se recibe a información asociada, se descodifica e se presenta na pantalla. Coa chegada da televisión dixital as funcións interactivas do teletexto amplíanse.  
Ing. *teletext* Fr. *télétexte* Cast. *teletexto* Pt. *teletexto*

**teletipo** s.m. 1.- Aparello telegráfico que permite mecanografiar un texto a distancia.  
Ing. 1.- *telex, teletype* Fr. 1.- *téléimprimeur, télex* Cast. 1.- *teletipo* Pt. 1.- *telex, teletipo*  
s.m. 2.- Texto que é transmitido por ese sistema e, en xeral, calquera texto transmitido por unha axencia de noticias aos medios de comunicación abonados.  
Ing. 2.- *teletype, piece (of news)* Fr. 2.- *télétype, dépêche* Cast. 2.- *teletipo* Pt. 2.- *telex*  
→ despacho

**Televinte** Emisora local de Chantada (Pontevedra), que cubre tamén os concellos limítrofes, de titularidade privada. Comezou as súas emisións no ano 1998 e na actualidade ofrece programación de luns a venres na franxa de noite.

**Televisa** *Televisión Sociedad Anónima*. Compañía privada creada en México en 1950, que emite en español programas de carácter xeneralista e que agrupa varias cadeas de televisión.  
Web: <http://www.televisa.com>

**televisar** v.t. Transmitir por televisión.  
Ing. *to televise* Fr. *téléviser* Cast. *televisar* Pt. *televisoriar*

**Televisió Valenciana** Televisión pública da comunidade de Valencia. Emite a súa programación a través de dúas canles: Canal 9 e Punt 2.  
Web: <http://www.rtvv.es>

**televisión (TV)** s.f. 1.- Sistema de telecomunicación que permite transmitir e recibir son e imaxes en movemento por medio de ondas de radio ou por cable.  
A imaxe en televisión confórmase a partir de sinais eléctricos que se transmiten sucesivamente a unha velocidade que permite que o ollo humano a perciba como continua e semellante á que fora captada pola cámara.

Ing. 1.- *television* Fr. 1.- *télévision* Cast. 1.- *televisión* Pt. 1.- *televisão*  
s.f. 2.- Industria e conxunto de actividades relacionadas coa técnica, os contidos, a forma e o uso deste medio.  
Ing. 2.- *television* Fr. 2.- *télévision* Cast. 2.- *televisión* Pt. 2.- *televisão*

s.f. 3.- Aparello receptor de televisión.  
**SIN. televisor.**  
Ing. 3.- *television* Fr. 3.- *télévision, téléviseur* Cast. 3.- *televisión, televisor* Pt. 3.- *televisão, televisão*

**televisión á carta** *u.f.* Sistema de televisión de peaxe no que os abonados elixen as unidades de programación que desexan ver, pagando a cambio unha cantidade proporcional ao consumo.

Ing. *pay-per-view tv* Fr. *télévision à la carte* Cast. *televisión a la carta* Pt. *televisão de pagamento por sessão*

**televisión a cores** *u.f.* V. cores, a.

**Televisión Autonómica de Castilla-La Mancha** Canle de televisión pública da comunidade autónoma de Castilla-La Mancha, que comezou as súas emisións en decembro de 2001.

Web: <http://www.rtvc.es>

**televisión comarcal** *u.f.* Emisora que difunde a súa programación á área xeográfica dunha comarca.

Esta superación das lindes dun concello supón unha excepción á televisión local, que precisa a previa autorización da comunidade autónoma así como a aprobación dos plenos dos concellos afectados na comarca.

**televisión de alta definición (HDTV)**

*u.f.* Sistema de televisión de alta calidad e nitidez da imaxe, xeralmente asociado á televisión dixital.

**Televisión de Andalucía** Emisora de televisión pública da comunidade andaluza, que xestiona as canles CanalSur Televisión, de carácter xeneralista, Canal2 Andalucía, que comezou a emitir en 1998 dirixida a un público xuvenil, e Andalucía Televisión, para o ámbito internacional.

Web: <http://www.canalsur.es>

**Televisión de Boqueixón** V. Tele Teo.

**televisión de peaxe** *u.f.* Sistema de televisión de acceso mediante pagamento previo, sexa este segundo unha periodicidade fixa (sistema de abono) ou por consumo (*pay-per-view*).  
SIN. **televisión de pago, de portaxe, de acceso condicional**.

Ing. *pay tv*

**Televisión de Quiroga** Cadea pública de ámbito local do concello de Quiroga (Lugo), de titularidade pública.

**televisión dixital** *u.f.* Sistema de televisión de alta definición que mellora, con respecto á televisión analóxica, a calidade da imaxe e do son e amplía as posibilidades de interactividade, escolla de contidos, mobilidade, etc.

Existen actualmente tres estándares básicos de difusión de televisión dixital terrestre: o americano ATSC, o xaponés ISDB-T e o europeo DVB-T.

→dixital

**Televisión do Morrazo** Cadea local da península de Cangas do Morrazo (Pontevedra), de propiedade privada, que comezou a emitir en 2001.

**televisión en branco e negro** *u.f.* V. branco e negro, en.

**televisión interactiva** *u.f.* Sistema televisivo que lle permite ao espectador actuar sobre os contidos.

**televisión local** *u.f.* Cadea que emite para un público limitado xeograficamente pola área dun concello, coa fin de ofrecer unha programación de interese específico para esa poboación.

Existe unha regulamentación referida aos límites de distribución do sinal das televisións locais, que nuns casos regulan as comunidades autónomas e noutras o goberno central, que ten provocado polémica en Galicia, dadas as características de dispersión e redución dos núcleos de poboación.

**Televisión Madrid** Canle autonómica da comunidade de Madrid, que emite a través de TeleMadrid e que no 2001 incorporou unha segunda canle dixital, LaOtra.

Web: <http://www.telemadrid.es>

**Televisión Municipal As Pontes - TV6**

Televisión local das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), de titularidade municipal. Emite desde 1995, vía terrestre e mais por cable.

## **Televisión Municipal de Ponteareas**

Canle local de Ponteareas (Pontevedra), de carácter público, que dá cobertura á zona do Condado- Paradanta. Comezou as súas emisións no ano 1987.

**televisión por cable** *u.f.* Sistema de transmisión de televisión a través do cable.

Pode constituír unha alternativa ás emisións terrestres ou por satélite nas zonas de sombra, malia os seus altos custos de explotación.

Ing. *cable television* Fr. *télévision par câble* Cast. *televisión por cable* Pt. *televisão por cabo, televisão a cabo*

**televisión por satélite** *u.f.* Sistema de transmisión de televisión que se serve dos satélites de comunicación para constituir a súa rede de transporte de sinais.

Ing. *satellite television* Fr. *télévision par satellite* Cast. *televisión por satélite* Pt. *televisão por satélite*

**televisión privada** *u.f.* Modalidade de explotación do servizo televisivo mediante unha concesión administrativa a unha entidade particular, no canto de xestionárena directamente as administracións públicas.

→servizo público

**Televisión Terras de Lemos** Cadea local de Monforte de Lemos (Lugo), de propiedade privada, que comezou as súas emisións en 1995 e na actualidade cubre Monforte, Chantada e mais Sarria.

**televisivo -a** *adv.* 1.- Relativo á televisión.  
Ing. *1.- television* Fr. *1.- télévisuel* Cast. *1.- televisivo* Pt. *1.- televisivo*

*adv.* 2.- Que ten calidades para saír na televisión.

Ing. *2.- good on television* Fr. *2.- télévisuel* Cast. *2.- televisivo* Pt. *2.- televisivo*

**televisor** *s.m.* Aparello receptor de televisión que reproduce as imaxes e os sons. SIN. **televisión**.

Cos sistemas dixitais *multimedia* o televisor deixa de ser o terminal exclusivo para recibir o sinal de

televisión, e a pantalla do móvil ou a do ordenador pasan a cumplir funcións semellantes. Os televisores actuais de funcionamento analóxico non permiten a recepción do sinal dixital para obter unha imaxe visible, polo que deberán incorporar un descodificador que converta o sinal dixital en analóxico, cunha alta calidade de imaxe. Ing. *television* Fr. *téléviseur* Cast. *televisor* Pt. *televisor*

**télex** *s.m.* Teletipo.

OBS. Termo adaptado do acrónimo inglés *TELegraph EXchange*, intercambio telegráfico.

**telexenia** *s.f.* Calidade da persoa que mellora o seu aspecto físico na imaxe captada polo sistema de televisión ou de quen ten unha cara que resulta agradable na pantalla.

Ing. *telegenics* Fr. *télégénie* Cast. *telegenia* Pt. *telegénica*

**telexénico -a** *adv.* Que posúe a calidade da telexenia.

Ing. *telegenic* Fr. *télégénique* Cast. *telegendenico* Pt. *telegénico*

**texornal (TX)** *s.m.* Programa informativo estruturado en varias seccións que responden a criterios xeográficos e temáticos (Internacional, Economía, Cultura, etc.) e que ten diferentes edicións ao longo da xornada. SIN. **informativo, noticiario**.

Ing. *tv news* Fr. *journal télévisé (JT)* Cast. *telediario (TD)* Pt. *telejornal (TJ)*

**tema** *s.m.* Asunto, argumento.

Ing. *topic, subject* Fr. *sujet, thème* Cast. *tema* Pt. *assunto, tema*

**temático -a** *adv.* Relativo a un tema.

Ing. *thematic* Fr. *thématique* Cast. *temático* Pt. *temático*

→cadea temática

**tempada** *s.f.* 1.- Período de tempo sen determinar. SIN. **temporada**.

Ing. *1.- period* Fr. *1.- période* Cast. *1.- temporada* Pt. *1.- temporada*

*s.f.* 2.- Período de tempo no que se establece unha programación distinta e que coincide co ano académico (setembro a xuño- xuño a setembro). SIN. **temporada**.

Ing. 2.- *season* Fr. 2.- *saison* Cast. 2.- *temporada* Pt. 2.- *temporada*

**temperatura de cor** *u.f.* Parámetro que mide a composición cromática dunha fonte luminosa. Adoita expresarse en graos Kelvin.

Cunha temperatura de cor baixa, entre 3000 e 4000 K, a fonte emite unha luz dominada polo vermello. Nunha temperatura de cor alta, de máis de 5000 K, a dominante é o azul.

Ing. *colour temperature* Fr. *température de couleur* Cast. *temperatura de color* Pt. *temperatura de cor*

**tempo de antena** *u.f.* Dereito de antena.

**tempo de quecemento** *u.f.* Período preciso para que os equipos acaden o nivel óptimo de temperatura.

Ing. *heating time* Fr. *temps de chauffage* Cast. *tiempo de calentamiento* Pt. *tempo de aquecimento*

**tempo real, en** *u.f.* Que reacciona con tempos de resposta case inmediatos en relación co proceso ou co impulso de entrada, nun sistema interactivo.

Ing. *real-time* Fr. *en temps réel* Cast. *en tiempo real* Pt. *em tempo real*

**tempo, o** *s.m.* Espazo televisivo que ofrece a información e mais as previsións sobre o estado da atmosfera.

Ing. *weather* Fr. *la météo* Cast. *el tiempo* Pt. *o tempo*

→ home do tempo, previsións meteorolóxicas

**temporal** *adv.* 1.- Relativo ao tempo.

→ dilatación temporal

*adv.* 2.- Que só dura un tempo determinado.

Ing. 2.- *temporary* Fr. 2.- *temporaire* Cast. 2.- *temporal* Pt. 2.- *temporário*

**tenaz** *adv.* Que non renuncia facilmente aos seus propósitos. SIN. **persistente, ferreño.**

Ing. *tenacious, persistent* Fr. *tenace* Cast. *tenaz* Pt. *tenaz*

**tendencioso -a** *adv.* Falto de obxectividade, que reflicte algo de maneira parcial favorecendo unha idea ou tendencia.

Ing. *tendentious* Fr. *tendancieux* Cast. *tendencioso* Pt. *tendencioso*

**tensión** *s.f.* 1.- Diferenza de potencial eléctrico entre dous puntos dun circuito. Ing. 1.- *tension* Fr. 1.- *tension* Cast. 1.- *tensión* Pt. 1.- *tensão*

*s.f.* 2.- Estado de nervios que produce a situación de enfrentarse á cámara a unha persoa pouco afeita a saír pola televisión.

Adoita manifestarse no movemento xestual incontrolado ou, pola contra, nun agarrotamento corporal, e mesmo na incapacidade de dominar o discurso.

É labor dos encargados da acollida de convidados e do propio xornalista fomentar a distensión previamente ao comezo da emisión.

Ing. 2.- *stress* Fr. 2.- *tension* Cast. 2.- *tensión* Pt. 2.- *tensão*

*s.f.* 3.- Figura expresiva que consiste na proxección durante un período de tempo prolongado da mesma imaxe, que adoita crear un cansazo visual.

A finalidade é centrar a atención do espectador no son, non na imaxe.

Ing. 3.- *stress*

**terminal** *s.m.* Aparello ligado a unha rede de telecomunicacións da que é un dos seus extremos receptores.

Ing. *terminal* Fr. *terminal* Cast. *terminal* Pt. *terminal*

**tertulia** *s.cast. > faladoiro.*

**terxiversar** *v.t.* Deformar a realidade ou dar unha interpretación errónea dos feitos ou das palabras.

Ing. *to twist* Fr. *déformer* Cast. *tergiversar* Pt. *manipular*

**tesitura** *s.f.* Nivel de altura da voz.

Ing. *level* Fr. *tessiture* Cast. *tesitura* Pt. *tessitura*

**tesoirada** *s.f.* Acción de cortar un texto para facelo máis breve.

Ing. *snip* Fr. *coup de ciseaux* Cast. *tijeretazo, tijeretada* Pt. *tesourada*

**testemuña** *s.f.* Persoa que presenciou un determinado feito e pode dar fe de que ocorreu.

- testemunha** s.m. Declaración que fai unha persoa acerca dun feito.  
→fonte
- testemuño** s.m. Declaración que fai unha persoa acerca dun feito.  
Ing. *testimony* Fr. *témoignage* Cast. *testimonio* Pt. *testemunho*  
→programa de testemuños, total
- tetrafonía** s.f. Sistema de gravación, transmisión ou recepción do son por catro canles simultaneamente.  
Ing. *tetraphony* Fr. *tétraphonie* Cast. *cuadrafonía, tetrafonía* Pt. *tetrafonía*  
→estereofonía
- texto** s.m. Documento escrito.  
Ing. *text* Fr. *texte* Cast. *texto* Pt. *texto*
- TF1** *TéléFrance 1.* Canle francesa de televisión, privatizada en 1987, que lanzou en 1996 a plataforma dixital francesa TPS.  
Web: <http://www.tf1.fr>
- thriller** s.ing. > **película de suspense**.
- TIC** sigla *Tecnoloxías da Información e da Comunicación*. Conxunto de tecnoloxías que se aplican nos procesos de xeración, procesamento, almacenaxe e difusión de información nunha comunicación a distancia de calquera natureza.  
→sociedade da información
- time code (TC)** u.f.ing. > **código de tempo**.
- time-line** s.ing. > **líña de tempo**.
- timing** s.ing. > **minutado**.
- tipografía** s.f. Forma visual dun texto: clase de caracteres, tamaño, espazo interlineal, etc.  
Ing. *typography* Fr. *typographie* Cast. *tipografía* Pt. *tipografia*
- tirar ar** u.f. Reducir o espazo que rodea o personaxe no encadramento, polos laterais ou pola marxe superior ou inferior. SIN. **tirar aire**.  
→ar
- tiraxe** s.f. Número de copias tiradas dunha vez.  
Ing. *copies* Fr. *tirage [m.]* Cast. *tirada [f.]*  
Pt. *tiragem [f.]*
- tituladora** s.f. V. xerador de caracteres.
- titular** s.m. 1.- Frase ou texto moi breve que condensa o contido dunha información.  
Ing. 1.- *headline* Fr. 1.- *titre* Cast. 1.- *titular*  
Pt. 1.- *título*  
s.m.pl. 2.- Resumo breve das principais novas da xornada, que serve para anticipar os contidos que se van tratar no informativo ou, situado ao final do espazo, para recordar os temas que se trattaron.
- título** s.m. 1.- Nome orixinal e distintivo que identifica unha película, un libro, un programa, etc.  
Ing. 1.- *title* Fr. 1.- *titre* Cast. 1.- *título* Pt. 1.- *título*  
s.m. 2.- Calquera liña de texto que se incorpora a unha imaxe. SIN. **lenda, rótulo**.  
Ing. 2.- *print, caption* Fr. 2.- *titre* Cast. 2.- *título* Pt. 2.- *título, legenda*  
→arrastre de títulos, subtítulo
- títulos de crédito** u.f.pl. Rótulos que nomean os participantes na realización dunha obra audiovisual e mais as súas correspondentes funcións. SIN. **créditos, rótulos de crédito**.  
Ing. *credit titles* Fr. *générique* Cast. *títulos de crédito* Pt. *créditos*
- títulos en corrido vertical** u.f.pl. Efecto na inserción de textos na pantalla cun desprazamento progresivo, ascendente ou descendente.  
Ing. *roll title*  
→arrastre de títulos
- tocadiscos** s.m. Aparello reprodutor de discos de vinilo, hoxe en desuso.  
Ing. *record player* Fr. *tourne-disque* Cast. *tocadiscos* Pt. *gira-discos*
- todoterreo** s. e adv. Xornalista que dispersa a súa actividade en multitud de temáticas ou de soportes mediáticos, sen conseguir coñecementos profundos en ningún deles, fronte ao xornalista especializado.
- toma** s.f. 1.- Cada unha das unidades de gravación de imaxe ou de son.

**Ing.** 1.- *take* **Fr.** 1.- *prise* **Cast.** 1.- *toma* **Pt.** 1.- *tomada*

**s.f.** 2.- Ángulo ou punto de vista desde o que se recolle a imaxe.

**Ing.** 2.- *angle* **Fr.** 2.- *angle* **Cast.** 2.- *toma* **Pt.** 2.- *angulação*

**toma de dous** *u.f.* Toma na que se recollen dous personaxes no mesmo plano.

Nas escenas nas que aparecen tres ou máis personaxes, non deben montarse xuntas dúas tomas de dous nas que un dos personaxes coincida, xa que provocará un salto estranxo para o espectador.

**Ing.** *two shot*

**toma de perfil** *u.f.* V. perfil, de.

**toma en contrapicado** *u.f.* V. contrapicado.

**toma en picado** *u.f.* V. picado.

**toma (en) tres cuartos** *u.f.* Encadramento oblicuo.

**toma frontal** *u.f.* Plano no que o personaxe ou a súa mirada se sitúa mesmo cara á cámara que o capta.

**toma nova** *u.f.* Cada unha das tomas dunha mesma secuencia que se realizan no desenvolvemento dunha gravación.

**Ing.** *retake* **Fr.** *nouvelle prise* **Cast.** *nueva toma* **Pt.** *nova tomada*

**tomar notas** *u.f.* Apuntar por escrito o xornalista aquilo que ve ou escoita, ou, no caso do secretario de rodaxe, os detalles e as incidencias da gravación.

**SIN. anotar, tomar apuntamentos.**

**Ing.** *to take notes* **Fr.** *prendre des notes* **Cast.** *tomar notas, tomar apuntes* **Pt.** *tomar notas, tirar notas*

**ton** *s.m.* 1.- Altura dun son pola que se diferencian agudos e graves.

**Ing.** 1.- *tone* **Fr.** 1.- *ton* **Cast.** 1.- *tono* **Pt.** 1.- *tom*

**s.m.** 2.- Sinal acústico.

**Ing.** 2.- *tone* **Fr.** 2.- *ton* **Cast.** 2.- *tono* **Pt.** 2.- *tom*

**s.m.** 3.- Intensidade dunha cor.

**Ing.** 3.- *shade, tone* **Fr.** 3.- *ton* **Cast.** 3.- *tono* **Pt.** 3.- *tom*

→matiz

**s.m.** 4.- Maneira característica de expresarse.

**Ing.** 4.- *tone* **Fr.** 4.- *ton* **Cast.** 4.- *tono* **Pt.** 4.- *tom*

**tópico** *s.m.* Idea excesivamente recorrida.

**Ing.** *commonplace* **Fr.** *topique, cliché* **Cast.** *tópico* **Pt.** *lugar-comum*

**topoi** *s.m.pl.* Conxunto de datos básicos que debe conter unha noticia: o que, o quen, o cando, o onde e o porqué. **SIN.** **os 5W**.

**OBS.** Préstamo do grego *topoi*, lugares.

**Ing.** 5W **Fr.** *questions de référence*, 5W **Cast.** 5W, *topoi* **Pt.** *perguntas de referencia*, *QQOCP*

**total** *s.m.* Abreviatura de vídeo total, é dicir, que inclúe imaxe e son (son ambiente, declaracóns) sen comentarios do presentador no estudio; no uso, adoita restrinxirse ao vídeo de declaracóns dun personaxe.

Nalgúns emisoras tamén se denomina **inserto**.

O seu equivalente radiofónico é o corte, e a cita na prensa escrita.

→declaracóns, C+T, VTR

**TPS** Grupo de cadeas de televisión de peaxe de orixe francesa difundidas vía satélite.

Web: <http://www.tps.fr>

**track** *s.ing.* 1.- > **raís**.

*s.ing.* 2.- > **pista**.

**track-listing** *u.f.* > **compilación**.

**tradución** *s.f.* 1.- Acción e resultado de expresar nunha lingua aquilo que foi dito ou escrito noutra.

**Ing.** 1.- *translation* **Fr.** 1.- *traduction* **Cast.** 1.- *traducción* **Pt.** 1.- *tradução, versão*

→dobraxe, subtítulo

**s.f.** 2.- Tratamento dun sinal de vídeo durante o proceso de edición dixital que permite visualizar o resultado en imaxes.

Tamén se emprega a adaptación do inglés **renderización**.

**Ing.** 2.- *rendering*

**tradutor -ora** *s.* Persoa que fai traducións.

Ing. *translator* Fr. *traducteur* Cast. *traductor* Pt. *tradutor*  
→ dobrador

**tráiler** s.m. Adaptación do inglés *trailer*. Montaxe dunha selección de planos tirados dunha obra cinematográfica para presentala ao público. > **avance**.  
Ing. *trailer* Fr. *bande-annonce* Cast. *tráiler*, *avance* Pt. *trailer*

**trama** s.f. 1.- Disposición interna dos acontecementos que conforman o argumento dunha producción audiovisual. O esquema clásico do seu desenvolvimento é: presentación, nó e desenlace.

Ing. *1.- plot* Fr. *1.- intrigue, trame* Cast. *1.- trama* Pt. *1.- intriga, trama*

s.f. 2.- Conxunto de liñas de varredura que componen unha imaxe de televisión.

Ing. *2.- raster* Fr. *2.- trame* Cast. *2.- trama* Pt. *2.- trama*

**trampantollo** s.m. Engano óptico que sitúa unha imaxe sobre un fondo distinto ao seu orixinal.

OBS. Adaptación do termo fotográfico francés *trompe l'oeil*, engana o ollo, que se refire aos fondos pintados para a fotografía de estudio.

Ing. *trompe l'oeil* Fr. *trompe-l'oeil* Cast. *trampantojo* Pt. *trompe l'oeil, engana-olho*  
→ chave de croma

**transcripción** s.f. Copia literal.

Ing. *transcription* Fr. *transcription* Cast. *transcripción* Pt. *transcrição*

**transdutor** adv. e s.m. Dispositivo que converte unha forma de enerxía noutra diferente, por exemplo, un sinal non eléctrico nun sinal eléctrico.

Ing. *transducer* Fr. *transducteur* Cast. *transductor* Pt. *transdutor*

**transformador** s.m. Dispositivo que transfire enerxía eléctrica dun circuito de corrente alterna a outro, cun cambio de voltaxe, de corrente, de fase ou de impedancia.

Ing. *transformer* Fr. *transformateur* Cast. *transformador* Pt. *transformador*

**transición** s.f. Paso dun plano, dunha escena, dunha noticia, dun programa, etc. a outro.

Ing. *transition* Fr. *transition* Cast. *transición* Pt. *transição*

**transición de audio** u.f. V. encabalgamento.

**transición por corte** u.f. V. corte.

**transición por cortina** u.f. V. cortina.

**transición por encadeado** u.f. V. encadeado.

**transición por fundido** u.f. V. fundido.

**transistor** s.m. 1.- Dispositivo amplificador ou rectificador das correntes eléctricas, que constitúe unha das unidades básicas do circuito de televisión.

Ing. *1.- transistor* Fr. *1.- transistor* Cast. *1.- transistor* Pt. *1.- transístor*

s.m. 2.- Por extensión, aparello receptor de radio con este sistema. SIN. **radio portátil**.

OBS. Acrónimo dos termos ingleses *transfer* (transferencia) e *resistor* (resistencia).

Ing. *2.- transistor* Fr. *2.- transistor* Cast. *2.- transistor* Pt. *2.- transístor*

**tránsito** s.m. Acción de pasar dun lugar a outro persoas, informacóns ou sinais. SIN. **tráfico**.

Ing. *traffic, transit* Fr. *transit, circulation* Cast. *tráfico, tránsito* Pt. *trânsito*

**transmisión** s.f. Acción e efecto de transmitir.

Ing. *transmission, broadcast* Fr. *transmission* Cast. *transmisión* Pt. *transmissão*

**transmitir** v.t. Facer chegar unha información, difundir un acontecemento a través do medio televisivo.

Ing. *to broadcast* Fr. *transmettre* Cast. *transmitir* Pt. *transmitir*

**trasacordo** s.m. Volta a atrás nunha decisión, cambio de opinión.  
→ acordo

**tratamento** s.m. 1.- Documento previo ao guión, que expón o desenvolvemento xeral da trama dunha obra audiovisual xa estruturado en secuencias.

Ing. *1.- treatment, pre-script* Fr. *1.- traitement* Cast. *1.- tratamiento* Pt. *1.- pré-roteiro, tratamento*

→ estrutura

s.m. 2.- Maneira de abordar a exposición dun tema ou dunha información.

Ing. *2.- treatment* Fr. *2.- traitement* Cast. *2.- tratamiento* Pt. *2.- tratamento*

**travelling** s.ing. 1.- Desprazamento físico da cámara co seu soporte dun punto a outro. > **desprazamento**.

s.ing. 2.- Plano que resulta desa toma. > **plano desprazado**.

s.ing. 3.- Instalación mecánica rodante para a captación de planos desprazados sobre un sistema de raís ou de guindastre, empregada en producións audiovisuais. > **plataforma móbil**.

**travelling de avance** u.f. > **desprazamento cara a diante**.

**travelling óptico** u.f. Toma realizada coa focal variable da cámara, sen desprazamento real da cámara, e que produce o mesmo efecto de achegamento ou afastamiento pero sen variar o eixe. > **desprazamento óptico**.

**travelling retro** u.f. > **desprazamento cara a atrás**.

**travelling vertical** u.f. > **desprazamento vertical**.

**traxedia** s.f. 1.- Obra dramática de carácter serio cun desenlace fatal.

Ing. *1.- tragedy* Fr. *1.- tragédie* Cast. *1.- tragedia* Pt. *1.- tragédia*

s.f. 2.- Acontecemento real de consecuencias terribles.

Ing. *2.- tragedy* Fr. *2.- tragédie* Cast. *2.- tragedia* Pt. *2.- tragédia*

**TRC** sigla *Tubo de Raios Catódicos*.

**tremida, imaxe** u.f. Defecto da imaxe que sofre unha pequena vibración. V. escintilación.

**tremoia** s.f. Conxunto de mecanismos e de decorados que componen unha escenografía.

Ing. *stage machinery* Fr. *décors, machinerie* Cast. *tramoya* Pt. *maquinismos*

**tremoista** s. Persoa encargada da construcción e manexo dos decorados e da tremoia.

Ing. *stagehand, sceneshifter* Fr. *machiniste, ouvrier de plateau* Cast. *tramoyista* Pt. *maquinista*

**tres dimensións (3D)** u.f.pl. Imaxe lograda con procedementos informáticos que permite ver o obxecto con volume, grazas á gravación previa do mesmo desde distintos ángulos.

Ing. *three dimensions* Fr. *trois dimensions* Cast. *tres dimensiones* Pt. *três dimensões*

**trespés** s.m. Coloquialmente, trípode.

Ing. *tripod* Fr. *trépied* Cast. *trípode* Pt. *tripé*

**tríade** s.f. Conxunto de tres substancias fosforescentes que conforman a superficie reproductora da cor nun tubo de televisión.

Ing. *triad* Fr. *triade* Cast. *tríada, tríade* Pt. *tríade*

**tribuna** s.f. 1.- Plataforma elevada que serve para se dirixir ao público.

Ing. *1.- platform* Fr. *1.- tribune* Cast. *1.- tribuna* Pt. *1.- tribuna*

s.f. 2.- Comentario de opinión elaborado por unha persoa allea á empresa de comunicación.

Ing. *2.- opinion column, personality column* Fr. *2.- tribune libre* Cast. *2.- tribuna* Pt. *2.- tribuna (livre)*

**tricromía** s.f. Selección e combinación das tres cores básicas da televisión.

Ing. *three-colour process* Fr. *trichromie* Cast. *tricromía* Pt. *tricromia*

**Trinitron** Tubo electrónico patentado por Sony que ofrece unha alta calidade de imaxe.

Aínda que é unha tecnoloxía que naceu hai máis de tres décadas, este modelo foi incorporando variacións e na actualidade mesmo existen versións para pantalla plana cun único canón electrónico de alto enfoque.

**trinque, do** *u.f.* Acabado de estrear, novo de todo.

**tríodo** *s.m.* Dispositivo composto de tres electrodos (ánodo, cátodo e reixa) que regula o fluxo de electróns que o atravessa.

Ing. *triode* Fr. *triode* [f.] Cast. *triodo* Pt. *tríodo*

**trípode** *s.m.* Soporte de tres pés axustables no que se sustenta unha cámara, un micrófono ou un aparello de iluminación. SIN. **trespés** (menos culto).

No caso do trípode de cámara, componse, ademais dos brazos de apoio, dunha serie de pezas de axuste e mais dunha burbulla de nivelación.

Ing. *tripod* Fr. *trépied* Cast. *trípode* Pt. *tripé*  
→ plataforma móbil, arnés

**trípode de rodas** *u.f.* Soporte para a gravación en estudio, que integra unhas rodíñas na parte inferior que permiten desprazalo sen que a cámara perda estabilidade.

**troco** *s.m.* Forma de patrocinio dun programa por parte dun anunciante que o produce ou que ofrece os seus servizos, a cambio da cesión gratuita de espazos publicitarios na franxa de emisión do programa.

Ing. *barter* Fr. *troc* Cast. *intercambio* Pt. *troca*

→ sindicación por troco

**truca** *s.f.* 1.- Aparello empregado nos laboratorios cinematográficos para realizar efectos audiovisuais sobre as imaxes.

Ing. *1.- animation stand* Fr. *1.- banc d'animation* Cast. *1.- truca* Pt. *1.- truca*

*s.f.* 2.- Cámara empregada na rodaxe de películas de debuxos animados. SIN. **cámara de animación**.

Ing. *2.- animation camera* Fr. *2.- caméra d'animation* Cast. *2.- truca* Pt. *2.- truca*

**trucale** *s.f.* Efecto visual e/ou sonoro que recrea a realidade. SIN. **efecto especial**.

Ing. *trick, special effects* Fr. *truquage* [m.] Cast. *truco, truaje* [m.] Pt. *trucagem* [f.]

**trucale óptica** *u.f.* Efecto visual que crea unha ilusión visual.

**trucale sonora** *u.f.* Efecto de son creado por procedementos artificiais.

**tubo de cámara** *u.f.* Tubo electrónico que converte as impresións ópticas en sinais eléctricos mediante un proceso de exploración.

O primeiro tubo de cámara foi o iconoscopio.

Ing. *camera tube* Fr. *tube de caméra, tube électronique* Cast. *tubo de cámara* Pt. *tubo de câmara*

**tubo de raios catódicos (TRC)** *u.f.* Dispositivo formado por un cátodo que produce e proxecta un ou varios feixes de electróns, que provocan unha descarga de corrente que varre a pantalla creando a imaxe óptica tras incidir nos fósforos.

Ing. *cathode-ray tube* Fr. *tube cathodique* Cast. *tubo de rayos catódicos* Pt. *tubo, válvula de raios catódicos*

→ plasma, cristal líquido

**tubo de televisión** *u.f.* Tipo de tubo de raios catódicos empregado nos receptores de televisión, no que o feixe de electróns varre a pantalla 625 veces (no estándar implantado en España) para formar unha imaxe, producindo cada segundo 25 imaxes. SIN. **tubo de imaxe**.

Ing. *television tube* Fr. *tube de télévision* Cast. *tubo de televisión* Pt. *tubo de televisão*

**TV** Símbolo de televisión, empregado internacionalmente.

**TV Arnoia** Cadea local de carácter público do concello de Arnoia (Ourense), que dá cobertura a toda a comarca. Comezou as súas emisións en 1993.

**TV Canaria** Televisión pública das Illas Canarias, que conta tamén cunha canle internacional.

Web: <http://www.tvcanaria.tv>

**TV Cerceda** Televisión local de Cerceda (A Coruña), de titularidade pública.

**TV Ferrol-Canal 31** Canle local da comarca de Ferrolterra (A Coruña), de titularidade privada, que comezou as súas emisións en 1999.

Web: <http://www.tvferrol.es>

*tv movie u.f.ing. > telefilme.*

**TV5** Televisión xeneralista francófona de proxección internacional que emite vía satélite e ofrece servizos á carta.

Web: <http://www.tv5.org>

**TV7 Monforte** Canle de televisión local de Monforte de Lemos (Lugo), de titularidade privada. Comezou a emitir en 1995 para dar cobertura a toda a comarca.

**TVC** *Televisió de Catalunya.* Cadea catalá de televisión pública, creada en 1983, que emite a través das canles TV3, de carácter xeneralista, K3, dirixida a un público infantil e xuvenil, e 33, inaugurada no 2001, para as novas tendencias televisivas.

Web: <http://www.tvcatalunya.com>

**TVE** *Televisión Española.* Empresa pública de televisión en España, que consta de dúas canles de emisión: TVE1 e La2. Ata o ano 89 tivo o monopólio do servizo público en España. Conta con centros territoriais de producción propia nas comunidades autónomas e cunha canle que emite ao exterior vía satélite. Web: <http://www.rtve.es>

**TVE- Galicia** Centro de desconexión territorial de TVE en Galicia, inaugurado no 1971 e que comezou a emitir en galego programación informativa en 1974. Conta con correspondentes en Santiago, na Coruña, en Vigo, en Lugo, en Ourense e en Pontevedra.

Web: <http://www.rtve.es/tve/cctprod/galicia>

**TVG** *Televisión de Galicia.* Cadea de televisión pública de Galicia, que comezou as súas emisións en 1985, e

que integra tamén unha canle internacional, Galicia TV, con programación continua as 24 horas a través do satélite Hispasat aos países de América e de Europa, para manter os vínculos cos emigrantes galegos.

Web: <http://www.crtvg.es>

→CRTVG

**TVI** Emisora privada de televisión portuguesa, de ámbito nacional e de carácter xeneralista.

Web: <http://www.tvi.pt>

*tweeter s.ing. > altofalante de agudos.*

*two-step flow of communication u.f.ing. > sobre fluxo da comunicación.*

**TX** sigla *Telexornal.*

## U

**UER** *Unión Europea de Radiotelevisión.* V. EBU.

**UHF** sigla *Ultra High Frequency.* Frecuencia ultra alta.

**última hora, de** u.f. V. noticia de última hora.

**U-Matic** Formato de vídeo profesional comercializado por Sony na década dos setenta, previamente ao Betacam, que incorporou como novedade a introdución da fita de 3/4 de polgada nunha casete (ata daquela empregábanse sistemas de bobina aberta).

**underground** *adv.* Marxinal, clandestino, que está fóra dos circuitos de comercialización establecidos. SIN.

**alternativo.**

OBS. Termo procedente do inglés que se incorporou á lingua galega.

**unidad** *s.f.* 1.- Equipo técnico.

Ing. *1.- unit* Fr. *1.- unité* Cast. *1.- unidad* Pt. *1.- unidade*

*s.f.* 2.- Coherencia, conxunto que conforma unha harmonía.

Ing. *2.- unit* Fr. *2.- unité* Cast. *2.- unidad* Pt. *2.- unidade*

s.f. 3.- Referencia de medida dunha magnitud.

Ing. 3.- *unit* Fr. 3.- *unité* Cast. 3.- *unidad* Pt. 3.- *unidad*

### **unidad de control de cámara (CCU)**

u.f. Dispositivo que fornece a alimentación a unha cámara e que permite axustar desde un único posto algúns parámetros que deben ser comúns a todas as cámaras do estudio (abertura do diafragma, balance da cor, nivel de branco, etc.).

Ing. *camera control unit*

### **unidad de disco u.f.**

Dispositivo do ordenador no que se introduce o disco para a súa lectura ou gravación.

→disqueteira

### **unidad móvil u.f.**

Vehículo dotado do equipamento técnico necesario para a gravación ou para a transmisión dun material audiovisual desde o lugar dos feitos onde se recolle.

A unidade móbil con capacidade emisora pode ser de enlace (envía o sinal ata un lugar no que é rebotado) ou de realización (contén todos os equipamentos dun control de realización).

Ing. *mobile unit* Fr. *unité mobile* Cast. *unidad móvil* Pt. *unidad móvil*

→PEL

### **unidireccional** *adv.*

Que emite nunha única dirección ou que só capta con eficacia o sinal procedente dunha dirección.

Ing. *unidirectional* Fr. *unidirectionnel* Cast. *unidireccional* Pt. *unidireccional*

### **universo estatístico u.f.**

Poboación de interese para o estudo dalgún aspecto que a caracteriza.

Dado que os estudos poucas veces se poden realizar sobre a totalidade dese conxunto, escóllense de entre os individuos que o integran un grupo que sexa representativo del (mostra).

Ing. *target population* Fr. *population statistique* Cast. *universo estadístico* Pt. *universo estatístico*

→estatística

### **UPI** *United Press International.* Axencia internacional de prensa nacida en 1907

nos Estados Unidos, que ten a súa sede principal en Washington.

Web: <http://www.upi.com>

### **urxente** *adv.*

Que, polo seu contido, debe ser difundido inmediatamente, sen demora.

Ing. *urgent* Fr. *urgent* Cast. *urgente* Pt. *urgente*

→crónica de alcance

### **usuario -a** *s.*

Consumidor dun servizo.

Ing. *user* Fr. *usager* Cast. *usuario* Pt. *utente*

### **útil** *adv.*

Que satisfai unha necesidade.

Ing. *useful* Fr. *utile* Cast. *útil* Pt. *útil*

→audiencia útil

## **V**

### **V** Símbolo de volt.

**V2000** Estándar de magnetoscopio doméstico de Philips con cinta reversible, de uso pouco frecuente.

### **vacilar** *v.i.*

Amosarse indeciso sobre que dicir. SIN. **titubear, dubidar**.

Ing. *to hesitate* Fr. *hésiter* Cast. *vacilar* Pt. *vacilar, hesitar*

### **valedor -ora do espectador** *s.*

Persoa encargada de atender as queixas e suxestións que os espectadores achegan ao medio, de investigar os procedementos de elaboración da información e de facer públicas as súas reflexións sobre a deontoloxía que atinxe o medio.

Ing. *ombudsman* Fr. *médiateur; ombudsman* Cast. *defensor del espectador* Pt. *provedor dos telespectadores*

### **valoración** *s.f.*

Acción e efecto de valorar.

Ing. *assessment* Fr. *évaluation* Cast. *valoración* Pt. *valoração*

### **valorar** *v.t.*

Avaliar, emitir un xuízo de valor sobre un asunto.

Ing. *to value* Fr. *estimer, evaluer* Cast. *valorar* Pt. *valorar*

### **van** *s.m.*

Distancia existente entre os extremos dun radioenlace. SIN. **salto de enlace**.

Ing. *hop* Fr. *distance entre répéteurs, bond*  
Cast. *vano* Pt. *espaçamento entre repetidores*

→ reemisor, radioenlace

**variedades** *s.f.* V. programa de variedades.  
**varredura** *s.f.* 1.- Toma panorámica rápida

na que as imaxes intermedias quedan borrosas polo efecto da velocidade.  
**SIN. varrido.**

Ing. *1.- swish pan, zip pan* Fr. *1.- balayage, filage* Cast. *1.- barrido* Pt. *1.- panorâmica rápida*

*s.f.* 2.- Exploración continua da imaxe, horizontal ou vertical, que permite que o ollo humano a perciba como completa. **SIN. varrido.**

Ing. *2.- scanning* Fr. *2.- balayage* Cast. *2.- barrido* Pt. *2.- varredura, varrimento*

**varredura entrelazada** *u.f.* Exploración da imaxe en dous campos sucesivos (liñas impares e, a seguir, liñas pares).

**varredura progresiva** *u.f.* Exploración das liñas de imaxe na súa orde numérica crecente, de resolución semellante á entrelazada.

**varrido** *s.m.* Varredura.

**VCR** *sigla* *Video Cassette Recorder.*  
Magnetoscopio.

**velenososo -a** *adv.* Con mala intención.

Ing. *spiteful, venomous* Fr. *venimeux* Cast. *venenososo* Pt. *venenoso*

**venda** *s.f.* Acción ou efecto de ofrecer un producto ou un servizo a cambio dunha cantidade de diñeiro.

Ing. *sale* Fr. *vente* Cast. *venta* Pt. *venda*

**venda en segundo mercado** *u.f.* Sistema de comercialización de programas xa emitidos ou producidos especialmente para seren vendidos a varias canles simultaneamente, estean afiliadas ou non as emisoras que os adquieren. **SIN. sindicación.**

Esta forma de comercio permite unha maior amortización da producción e fornece de contidos de alto custo os difusores, como as televisións locais, que contan cun orzamento menor. Existen diversas fórmulas de venda en segundo mercado:

en metálico (acordo de pago dunha cota polos dereitos de emisión durante un período de tempo) ou por troco (na que o comprador ofrece a cesión gratuíta de espazos publicitarios).

Ing. *syndication*

**venda por paquetes** *u.f.* Modalidade de venda de produtos audiovisuais por lotes a unha cadea, que lles permite ás produtoras introducir nunha canle produtos de baixo custo e escasa calidade onda outros de interese.

**ventrílocuo -a** *adv. e s.* Que ten a capacidade de falar con distintas voces sen mover apenas os beizos, coma se falase co ventre.

Ing. *ventriloquist* Fr. *ventriloque* Cast. *ventrílocuo* Pt. *ventríloquo*

**ver** *v.t.* Recibir as imaxes da realidade a través do sentido da vista. Referido á televisión, abrangue tamén a escoita.

Ing. *watch* Fr. *regarder* Cast. *ver* Pt. *ver*

**veracidad** *s.f.* Característica do que responde á realidade con exactitude.

Ing. *veracity* Fr. *veracité* Cast. *veracidad* Pt. *veracidade*

→ imparcialidade, obxectividade

**verba** *s.f.* Habilidade para convencer e agradar con palabras.

Ing. *loquacity* Fr. *bagout* Cast. *labia, verba*  
Pt. *verbosidade*

**verborrea** *s.f.* Exceso de palabras inútiles.

Ing. *verbosity* Fr. *verbosité* Cast. *verborrea*  
Pt. *verborreia*

**verde** *s.m.* Cor primaria do sistema de televisión a cores.

Ing. *green* Fr. *vert* Cast. *verde* Pt. *verde*

→ cor

**verificación** *s.f.* Comprobación da veracidad dunha información.

Ing. *verification* Fr. *vérification* Cast. *verificación* Pt. *verificação*

**vermello** *s.m.* Cor primaria do sistema de televisión. **SIN. encarnado, rubio.**

Ing. *red* Fr. *rouge* Cast. *rojo* Pt. *vermelho, encarnado*

→ cor

- verosímil** *adv.* Que pode ser crido por ter apariencia de verdade.  
 Ing. *credible* Fr. *vraisemblable* Cast. *verosímil* Pt. *verosímil*
- versátil** *adv.* Que pode exercer diversas funcións.  
 Ing. *versatile* Fr. *souple, polyvalent* Cast. *versátil* Pt. *versátil*  
 →todoterro
- versión** *s.f.* 1.- Cada unha das maneiras en que é contado un feito por distintas persoas.  
 Ing. *1.- version* Fr. *1.- version* Cast. *1.- versión* Pt. *1.- versão*  
 s.f. 2.- Tradución.  
 Ing. *2.- translation* Fr. *2.- version* Cast. *2.- versión* Pt. *2.- versão*  
 s.f. 3.- Adaptación dunha obra ou dun asunto á linguaxe televisiva.  
 Ing. *3.- version* Fr. *3.- version* Cast. *3.- versión* Pt. *3.- versão*  
 →adaptación
- versión orixinal (VO)** *u.f.* Obra audiovisual coa banda sonora na súa lingua de orixe, sen dobrar.
- versión orixinal subtitulada (VOS)** *u.f.* Obra coa banda sonora de orixe que se acompaña da transcripción dos diálogos traducidos a outra lingua sobre a parte inferior da imaxe.  
 →subtítulo
- verter** *v.t.* Pasar unha gravación dun formato a outro (por exemplo, pasar para unha fita o material audiovisual editado dixitalmente, co fin de trasladala ao control central para a súa emisión). SIN. **transferir, pasar, converter.**  
 OBS. Cando se refire ao material rexistrado en soporte informático que pasa dun programa ou arquivo a outro, empégase frecuentemente **exportar**.  
 Ing. *to print to* Fr. *passer (sur), transférer (sur)* Cast. *volcar (en, a), pasar (a)* Pt. *copiar, passar, transferir (para)*
- vestiario** *s.m.* 1.- Conxunto de pezas de vestir usadas por un presentador, un artista, etc.
- Ing. *1.- wardrobe, costumes* Fr. *1.- habillement* Cast. *1.- vestuario* Pt. *1.- vestuário, roupas*  
 →xastre, aderezo  
 s.m. 2.- Local no que se almacenan as roupas propiedade da emisora.  
 Ing. *2.- dressing room* Fr. *2.- vestiaire* Cast. *2.- vestuario* Pt. *2.- vestiário*  
 s.m. 3.- Cuarto onde os profesionais mudan a roupa común pola de traballo.  
 Ing. *3.- dressing room* Fr. *3.- salle d'habillement* Cast. *3.- vestuario* Pt. *3.- vestiário*  
 →camerino
- vestimenta** *s.f.* Conxunto de pezas de vestir.  
 Ing. *clothes* Fr. *habillement, vêtements* Cast. *vestimenta* Pt. *vestimenta*
- VHF** sigla *Very High Frequency*. Frecuencia moi alta.
- VHS** *Video Home System.* Sistema de vídeo doméstico. Formato de gravación e reproducción de vídeo en banda magnética, lanzado en 1976 por JVC, que se converteu no sistema triunfador no mercado do vídeo doméstico e que hoxe se atopa en proceso de substitución polo DVD gravador.
- vida en directo** *u.f.* V. programa de vida en directo.
- vidas-exhibidas** *s.f.* V. programa de vidas exhibidas.
- vídeo** *s. e adv.* 1.- Relativo á imaxe en movemento.  
 Ing. *1.- vidéo* Fr. *1.- vidéo* Cast. *1.- vídeo* Pt. *1.- vídeo*  
 s.m. 2.- Técnica de gravación de imaxe sobre un soporte magnético para a súa posterior reprodución.  
 Ing. *2.- video* Fr. *2.- vidéo* Cast. *2.- vídeo* Pt. *2.- vídeo*  
 s.m. 3.- Producción audiovisual gravada cun proceso televisivo.  
 Ing. *3.- video* Fr. *2.- vidéo* Cast. *3.- vídeo* Pt. *3.- vídeo*  
 s.m. 4.- Aparello que reproduce e rexistra imaxes e son de televisión. SIN. **magnetoscopio**.

**vídeo á carta** *u.f.* Sistema que permite o acceso, por petición, a unha producción audiovisual previamente seleccionada, para vela e mesmo manipula-la (detela, pasala a cámara lenta, etc.). SIN. **vídeo por demanda**.

Ing. *video on demand* Fr. *vidéo à la demande* Cast. *vídeo a la carta, vídeo bajo demanda* Pt. *vídeo a pedido, video on demand*

**vídeo completo** *u.f.* Vídeo puro.

**vídeo de continuidade** *u.f.* Produto audiovisual de breve duración que se emite como transición entre distintos contidos da cadea, normalmente separando a publicidade da programación. SIN. **cortina de continuidade**.

**vídeo musical** *u.f.* Curtametraxe gravada en vídeo destinada a promover a peza musical que constitúe a súa banda sonora.

Ing. *videoclip* Fr. *vidéoclip* Cast. *vídeo musical* Pt. *video musical*

**vídeo puro** *u.f.* Gravación informativa que só consta de imaxe e son ambiente, sen comentario de fondo xornalístico, dado o interese que posúe de seu ou a súa forza visual. SIN. **vídeo completo**.

**vídeo total** *u.f.* Gravación que incorpora imaxe e son (ambiente, declaracóns, etc.) e que se emite sen comentarios do presentador no estudio.  
Tamén se emprega a forma abreviada **total**.

**videoaficionado -a** *s.* Camarógrafo non profesional.

Ing. *video amateur* Fr. *vidéo amateur* Cast. *videoaficionado* Pt. *vídeo amador*

**videocámara** *s.f.* Cámara de gravación que utiliza un sistema de vídeo, non de rolo cinematográfico.

Ing. *video camera* Fr. *caméra vidéo* Cast. *videocâmera* Pt. *videocâmara*

**videocasete** *s.f.* Cinta de vídeo.

Ing. *videotape* Fr. *vidéocassette* Cast. *videocasete* Pt. *videocassete*

**videoclip** *s.ing.* > **vídeo musical**.

**videoconferencia** *s.f.* Sistema de telecomunicación que permite a comunicación multidireccional de voz e imaxes por vía telefónica. SIN. **teleconferencia**.

Ing. *videoconference* Fr. *vidéoconférence* Cast. *videoconferencia* Pt. *videoconferência*

**videodatos** *s.m.* Sistema de transmisión de información videográfica que lle permite ao espectador solicitar información dun banco de datos (servidor), xeralmente a través da liña telefónica.

Trátase dun sistema de forte presenza en Francia (co nome comercial de Minitel), pero de escasa implantación no noso país.

Ing. *viewdata*

→ teletexto

**videodisco (CDV)** *s.m.* Soporte óptico que permite almacenar imaxes en movimiento ou fixas e sons dixitais que se len por láser.

Ing. *videodisc* Fr. *vidéodisque* Cast. *videodisco* Pt. *videodisco*

**videogravadora** *s.f.* Magnetoscopio.

**videotape** *s.ing.* > **cinta de vídeo**.

**videoteca** *s.f.* 1.- Colección organizada de documentos audiovisuais.

Ing. 1.- *videotape collection* Fr. 1.- *vidéothèque* Cast. 1.- *videoteca* Pt. 1.- *videoteca*

*s.f.* 2.- Lugar onde se almacenan as cintas.

Ing. 2.- *videotape library* Fr. 2.- *vidéothèque* Cast. 2.- *videoteca* Pt. 2.- *videoteca*

→ *mediateca*

**teletexto** *s.m.* Sistema de comunicación nacido nos anos setenta que permite transmitir textos a través dun sinal de televisión ou telefónico. Deste sistema naceron dúas modalidades: o teletexto e o videodatos.

Ing. *videotext* Fr. *vidéotexte* Cast. *videotexto* Pt. *videotexto*

**videoxornalista** *s.* Profesional da información que, nunha redacción integrada, asume ademais o labor de operador de

cámara e mesmo de montador, grazas á facilidade de uso dos equipos, se ben con frecuencia en detrimento da calidade do produto final. SIN. **videoperiodista**.

Ing. *videojournalist* Fr. *vidéojournaliste*  
Cast. *videoperiodista* Pt. *videojornalista*

**Vidicon** Acrónimo de **VIDeO-ICONoscope**. Pequeno tubo de cámara fotocondutor, para a televisión a cores, comercializado nos Estados Unidos nos anos cincuenta, que emprega como material estándar o trisulfito de antimonio.

**viewdata** s.ing. > **videodatos**.

**viñeta** s.f. Cada un dos cadros debuxados que componen un guión gráfico ou *storyboard*, elaborados como referencia visual para a futura gravación dunha película, dunha serie ou dun anuncio publicitario.

Ing. *cartoon* Fr. *dessin* Cast. *viñeta* Pt. *quadro, vinheta*  
→guión gráfico

**VIP** sigla Sigla lexicalizada de *Very Important Person*. Persoa moi importante. > **famoso**.

**vírgula** s.f. Coma.

Ing. *comma* Fr. *virgule* Cast. *coma* Pt. *vírgula*

**virtual** adv. Que, sen ser real, simula a realidade.

Na televisión refírese ás imaxes xeradas artificialmente con sistemas informáticos de tratamiento de vídeo, que parecen tomadas da realidade.

Ing. *virtual* Fr. *virtuel* Cast. *virtual* Pt. *virtual*  
→imaxe de síntese

**virtual, escenografía** u.f. V. escenografía virtual.

**virxe** adv. Referente a todo soporte que non foi gravado.

Ing. *blank* Fr. *vierge* Cast. *virgen* Pt. *virgem*

**viseira** s.f. Accesorio metálico composto de varias pestanas móbiles de metal negro

que permiten axustar o feixe de luz dun proxector.

Ing. *lighshield, hood* Fr. *volet* Cast. *visera*  
Pt. *pala negra*  
→bandeira

**visible** adv. Que pode apreciarse con claridade.

Ing. *visible* Fr. *visible* Cast. *visible* Pt. *visível*  
→espectro visible

**visión sen voz** u.f. Seguimento dunha emisión televisiva coa banda de son muda.

Ing. *muting, mute* Fr. *mode silence* Cast. *modo silencio* Pt. *modo silencioso*

**visionamento** s.m. Exame dunha obra audiovisual por unha ou varias persoas cunha finalidade concreta: elección dos planos, avaliación da calidade da gravación, indexación dos contidos, etc.  
Ing. *viewing* Fr. *visionnage* Cast. *visionado* Pt. *visionamento*

**visionamento previo** u.f. Exame dun documento audiovisual antes da súa emisión para tomar decisións en canto á calidade técnica e aos contidos. SIN. **control de calidade**.

Ing. *previewing*

**visionar** v.t. Analizar unhas imaxes ou unha obra audiovisual desde o punto de vista técnico e/ou dos contidos para realizar futuras edicións ou cunha intención crítica.

Ing. *to view* Fr. *visionner* Cast. *visionar* Pt. *visionar*

**visor** s.m. Minipantalla situada na cámara que lle permite ao técnico ver a imaxe que está a ser captada.

Ing. *viewfinder* Fr. *viseur* Cast. *visor* Pt. *visor*

**vista** s.f. 1.- Sentido polo que se perciben os obxectos mediante a acción da luz.

Ing. *1.- sight* Fr. *1.- vue* Cast. *1.- vista* Pt. *1.- vista*

s.f. 2.- Perspectiva captada desde o lugar onde se recolle o obxecto da toma.

Ing. *2.- view* Fr. *2.- vue* Cast. *2.- vista* Pt. *2.- vista*

- vista de paxaro** *u.f.* Picado.
- vista de verme** *u.f.* Contrapicado.
- visual** *adv.* Relativo á vista ou á imaxe.
- Ing. *visual* Fr. *visuel* Cast. *visual* Pt. *visual*
- visualizar** *v.t.* 1.- Facer visible en imaxes nun monitor.  
Ing. *1.- to display* Fr. *1.- afficher* Cast. *1.- visualizar* Pt. *1.- visualizar*  
v.t. 2.- Formar na mente unha imaxe visual dun concepto abstracto ou dalgunha cousa que non se ten diante dos ollos.  
Ing. *2.- to visualize* Fr. *2.- visualiser* Cast. *2.- visualizar* Pt. *2.- visualizar*
